



# CÁTEDRA

*Revista eumesa de estudios*  
Pontedeume Nº 14



## PRESENTACIÓN

*No ano 1994 tiven a satisfacción de presentar o primeiro número de “Cátedra. Revista eumesa de estudos”, foi un gran reto, pois aínda que nacía cunha solida vontade de perennidade, eran moitos os escépticos que opinaban que era un luxo para unha vila tan pequena, e pensaban que iba dirixida a unha minoría, polo que predecían unha vida moi limitada para a revista.*

*Grazas ao empeño dos diferentes concelleiros de cultura –Xesús López Piñeiro, Ramón Yáñez, Antonio Freijomil, Agustín Vilariño e un servidor– e sobre todo os Consellos de Redacción da revista, o balance sen temor a equivocarme pode calificarse de éxito rotundo, evidenciando o grao de madurez alcanzado pola nosa comunidade.*

*Decenas de traballos de investigación viron a luz neste fructífero período. Cátedra, convértese nun referente obrigado da nosa cultura, non podendo prescindir dela a hora de escribir a historia da nosa Vila.*

*Meu agradecemento a todos os colaboradores, investigadores e patrocinadores, pola súa capacidade de investigación e de divulgación dos seus coñecementos facendo que Cátedra chegue a todos os públicos. Reitero un ano máis a invitación a todos aqueles investigadores que teñan algo novo que contar das nosas raíces e da nosa memoria histórica.*

*Capítulo aparte merecen os membros dos Consellos de Redacción da revista: Alexandre Cainzos, Carlos de Castro, Andrés López Calvo, Francisco Correa, Sindo Vilariño, Rocio Pena. A débeda dos eumeses polo seu traballo e dedicación e impagable, penso que a futura corporación municipal, valore os seus esforzos a prol da cultura, e lles conceda a Medalla de Ouro da Cultura do noso Concello. A proposta queda feita.*

*Pola miña parte como alcalde e como eumés, estou moi satisfeito e agradeido por todo o que estes vinte anos se fixo no eido da cultura eumesa.*

Belarmino Freire Bujía  
Alcalde de Pontedeume

# **APUNTAMENTOS DUNHA EUMESA CANTANTE DE ÓPERA. ROSARIO SALGADO LÓPEZ DE PEREYRA**

**Xosé X. Paz Fernández**

Cando comezamos a redactar e enfiar o noso segundo traballo de recompilación Nas beiras do Eume non tiñamos moitas esperanzas de que fôsemos lograr ampliar os datos sobre da cantante e veciña eumesa Rosario Salgado López. Pero a día de hoxe vemos que nos enganamos e, debido a iso, imos intentar reconstruír algúns dos datos da súa vida familiar e artística nesta pequena incursión histórica.

Rosario Salgado López, máis tarde “de Pereira”, foi unha eumesa que segundo informacións que temos recollidas chegou a destacar no mundo do “bell canto”, acadando diversas distincións nos seus anos mozos.

O que foron pequenos datos, no decurso do tempo, fómolos ampliando e arestora dámoslos a coñecer na crenza de que poñemos a disposición dos lectores unha pequeniña parte da historia musical dun personaxe eumés que como veremos desenvolveu o seu traballo fóra da súa terra, alcanzando unha sobria notoriedade no mundo da música, chámese ensinanza musical e preparación profesional.

## **HISTORIA**

Na vila eumesa achamos empadroadado no ano 1863 o veciño Sebastián Salgado Souto, que co paso dos anos sería coñecido como “o vello Botainas”. Nese Padrón figura con 42 anos e está casado con Xoana López Fonte, coa que ten varios fillos: Perfecta, de 19 anos; Cándida, de 18 anos; Rosario, de 16 anos (ten a data corrixida); e Carme de 14 anos. Toda a familia vive na rúa de Santiago no nº 29.

Sebastián ten a profesión de mestre albanel. E entrando no ano 1867 outórganlle ou adxudican o traballo da derruba da capela dos Agostiños, na praza do Convento. Uns meses máis tarde debido a unhas denuncias élle instruída unha causa criminal pola que é metido na prisión local, sendo declarado culpábel do roubo de pedras e madeiras de dita capela.

O reo, ante o mal estado de saúde no que se encontra, e sentindo nas súas carnes as condicións pouco salubres, de humidade e cheirentas do cárcere da vila, que chega a carecer de cristais nas fiestras, pide ser trasladado á capital da provincia. A súa petición é aceptada polo gobernador civil e dispónse o seu traslado, realizando aos poucos días a súa viaxe na compañía obrigada dos señores D. Andrés Álvarez e D. Xesús Pastor, segundo datos do Arquivo Municipal de Puentedeume (en diante A.M.P.)



Cárcere de Puentedeume

Unha das fillas de Sebastián Salgado, Rosario, realiza nesas datas estudos e cursos de música na Coruña, e acaba a carreira de mestra cando conta xa con 20 anos.

Por referencias dun xornal da época, casa xa entradiña en anos, con 55, no 1902. E outros datos recollidos nas liñas dese xornal din:

Dña. Rosario Salgado de Pereira, nacida en Puentedeume se revelou como cantante en la iglesia parroquial de Puentedeume como miembro del coro de las Hijas de María.

Cursó estudios de música en La Coruña, al mismo tiempo que la carrera de maestra en aquella Escuela Normal.

En compañía de su madre fue a reunirse a Buenos Aires con los suyos, y allí revalidó su título

lo de Maestra Normal Superior, habiendo sido designada por el presidente del Consejo Nacional de Educación, doctor Zorrilla, para desempeñar tres cátedras de Literatura y Estética en la Escuela Superior “Sarmiento”.

Por el reputado maestro italiano, Sr. J. Strigelli, fueron descubiertas sus excepcionales dotes para el canto y por su consejo, cultivó y perfeccionó su arte en el Real Conservatorio de la Scala de Milán bajo la dirección del Maestro Carignani, obteniendo grandes éxitos en su carrera en los principales coliseos europeos.

Solicitada nuevamente para ocupar distintas cátedras de música y canto en las Escuelas Superiores Normales de Argentina, fijó allí su residencia, contrayendo matrimonio en el año 1902 con el prestigioso comerciante vigués Sr. D. Ricardo Pereyra Silva, sin que el matrimonio fuera obstáculo para su brillante carrera artística, ejerciendo las cátedras de Música y Canto en las Escuelas números 4,6 y 9 de Buenos Aires y Lilló Nacional de Señoritas.

Durante su actuación docente desarrolló una gran labor educativa y obtuvo altas distinciones como la Medalla de Oro en el concurso del año 1910 con motivo del Centenario de la Independencia Argentina, cuyo acto fue presidido por S. A. R. la Infanta Dña Isabel de Borbón.

Obtuvo también un gran triunfo con los coros a cuatro voces en las fiestas celebradas en el Teatro Coliseo de Buenos Aires en 1922 al conmemorarse el Centenario de la Independencia del Brasil.

Le fue otorgada mención especial por el Ministro de Justicia e Instrucción Pública en el Certamen de Coros del Teatro Colón en 1927.

Ata aquí esta liñas que xa coñeciamos e, como dixemos antes, xa publicadas.

E foi no A.M.P., na nosa última incursión de lectura, onde fomos achar a confirmación, redactada case que igual, do que acabamos de contar nas liñas anteriores, que di:

22 de agosto de 1931.

Sesión ordinaria. (...) Acto seguido, el Sr. Presidente expuso a la Asamblea: que varios naturales de esta villa residentes en La Coruña, le han formulado el ruego de proponer a esta Corporación municipal adoptar el acuerdo de nombrar hija predilecta de este pueblo a Doña Rosario Salgado de Pereira cuyos relevantes méritos como Profesora le han llevado a desempeñar en la República Argentina tres cátedras de Literatura y Estética en la Escuela Superior “Sarmiento” al poco tiempo de fijar allí su residencia, y luego de conocerse por el maestro italiano S. J. Strigelli sus excepcionales condiciones para el concierto en los que se perfeccionó en el Real Conservatorio de Milán bajo la dirección del Maestro Carignani, obteniendo grandes éxitos en su carrera en los principales Coliseos Europeos, fue solicitada nuevamente para ocupar distintas Cátedras de Música y Canto en las Escuelas Superiores



La Scala de Milán a mediados del siglo XIX. Cuadro de Angelo Inganni

Normales de Buenos Aires, desarrollando una gran labor educativa en la que correspondió el Gobierno argentino concediéndole, entre otras distinciones y honores la Medalla de Oro en el Concurso de 1910 con motivo del Centenario de la Independencia argentina, acto que fue presidido por S. A. R. la Infanta Doña Isabel de Borbón. Mención especial por el Ministro de Justicia e Instrucción Pública en el Certamen de coros del Teatro Colón en 1927. Menciones honoríficas y felicitaciones especiales del Presidente de la República (arg.) Sr. Albear, Ministro de Instrucción Pública, Presidente el Consejo Nacional de Educación, Rector del Colegio Nacional y Directores de todas las escuelas en que ejerció. Recientemente el Gobierno argentino y como prueba inequívoca de la estima y en su aprecio profesado a la mencionada Sra. Salgado de Pereira, celebró el acto de su jubilación no solo concediéndole esta con su máximo sueldo y abonándole cinco años de servicio como premio a su brillante actuación y méritos en la enseñanza de la Nación Argentina, sino que el referido acto lo ha sido de pública manifestación y entusiasmo en el que juntas se izaron la bandera española y la argentina y se le han hecho entrega por el Ministro de Instrucción Pública, el de Hacienda, un representante del Consejo Nacional de Educación, el Cónsul Español y altas personalidades docentes e intelectuales, compañeros, alumnas y ex alumnas desde el año 1906, de valiosos regalos y pergaminos como homenaje a su fructífera labor; todos estos méritos, dice la presidencia, los considera más que suficientes para apoyar ante la Corporación, el ferviente deseo exteriorizando, de que accediéndose a la proposición formulada, se acuerda nombrar hija predilecta de esta villa a la que lo es por naturaleza Doña Rosario Salgado de Pereir”.

Polo que acabamos ler, a veciña eumesa Rosario Salgado López de Pereyra nesas datas quedou nomeada como Filla Predilecta de Pontedeume. Pero na mesma sesión esta decisión conta coa oposición dalgún compoñente da Corporación Municipal. E así deseguido lemos:

El Concejal Sr. Montero, previa la reunión de la Presidencia hizo presente que aún cuando no participaba del criterio de prodigar los títulos que se interesaron a favor de la Sra. Salgado, tampoco se opondrá a que se acceda a la proposición transcrita, pero cree llegado el momento de hacer público que, sin duda por olvido no se ha rendido el merecido homenaje al también ilustre hijo de esta villa, notable publicista y pundonoroso militar, General D. Valeriano Villanueva Rodríguez, y también a la filántropa Doña Filomena López Fonte y D. Manuel Paadín Pardo no obstante haber hecho estos señores del positivo beneficio de haber dotado a este pueblo del edificio en que se halla instalado el Asilo de Ancianos Desamparados, legando toda su cuantiosa fortuna para cooperar al sostenimiento de la meritoria institución. Ruega por tanto, el Sr. Montero, que se tenga en cuenta su proposición para cuando la Corporación crea que viene obligada a tributar los justos homenajes a que se han hecho acreedores los señores mencionados y a que son deudores los pueblos que les han visto nacer y se benefician con sus positivas liberalidades.

Y la Corporación, despues de haber hecho uso de la palabra el Concejal Sr. Porto manifestando que se abstendrá por no considerar méritos suficientes los enseñados para declarar hija predilecta a Dña. Rosario Salgado, acordó por mayoría declarar Hija Predilecta de esta villa a la mencionada Sra. Dña. Rosario Salgado de Pereira.

Asinado:

Alcalde, Ramón Ares Lopez.

Concejales: Nicolás Villar Martínez, Vicente Porto Gómez, José Viñas Brage, Miguel Montero Leira, Eusebio Martínez de Eguía y Roel, Manuel Feal Freijomil, Jesús Paz Espada, Santiago Filgueiras Filgueiras, Manuel Vázquez Pereira, Jose María Varela Veiga, Jose Antonio Criado Suarez y Manuel Blanco Pérer”.

Aos poucos días, en concreto unha semana máis tarde, é publicado no xornal coruñés *El Radical* o seguinte:

*30 de agosto.*

*Puentedeume.  
Tópicos locales*

En la sesión del día 22, nuestro Concejo tomó el acuerdo de nombrar hija predilecta a una señora completamente desconocida en la localidad, a excepción de aquellas que fueron compañeras de la interesada en su infancia. Ya el año pasado se intentó, con el anterior concejo, dicho nombramiento, en el que juegan todo el papel de iniciadores un vecino residente en La Coruña y un señor extraño a este pueblo y que desempeña cargo de importancia en el Ayuntamiento coruñés, y si no estamos mal informados emparentado con la ya predilecta.

En aquel entonces se les contestó, según se dice, no encontrar méritos en la aludida señora para una distinción de esta índole que debe estar reservada, únicamente, para quienes hacen algo útil por el pueblo, o que por el renombre que hayan adquirido, ser orgullo del pueblo natal. En la interesada no concurre ninguna de estas cualidades: ni ha hecho nada en absoluto por Puertedeume, ni que sepamos, tenga más títulos que haber sido una de tantas artistas dedicadas al canto, sin que su nombre haya salido de un círculo pequeño. Otra cosa sería si hubiese llegado a una popularidad como la de la Barrientos, Gayarre o Fleta, por no nombrar más que artistas españoles. De seguir el concejo por este camino de prodigar distinciones a quienes la amistad de unos señores, se lo recomienda, nos estamos viendo abrumados por un número de señores desconocidos o vulgares, ocupando unos puestos que por mal aplicados no serán ambicionados, y el pueblo dentro del mayor ridículo, porque, como será al no poder hacer el historial del hijo predilecto, con el que pretendemos sentirnos orgullosos. (...)

Sifrido.”

Pero teñen que transcorrer algúns meses para podernos achegar a unhas penúltimas liñas do capítulo musical desta eumesa á que nos levamos referindo. Así nunha sesión do 1º mes de novembro, supletoria da do 29 de outubro, achamos o seguinte:

“(…) Con el voto en contra de D. Miguel Montero Leira se acordó hacer constar en acta el sentimiento de la Corporación por el fallecimiento de Doña Rosario Salgado de Pereira, declarada por esta Corporación municipal, hija predilecta de esta villa, y que atentamente se le participa así a sus familiares”.

E por último, nunha sesión do día 21, supletoria da do día 19 do mesmo mes de novembro, chegamos xa ao final. E dese acto no concello lemos o seguinte:

“(…) También se dio lectura a otra carta de D. Ricardo Pereira, agradeciendo el pésame que se hizo constar en acta, por el fallecimiento de su esposa Dña. Rosario Salgado”.



# PODER E PARENTESCO EN PONTEDEUME (1877-1936). O MÉTODO DA XENEALOXÍA ENTRELAZADA

David Castro Pérez

Antigamente os lazos familiares tiñan unha enorme importancia. Posibelmente moitos lembren a antiga sociedade eumesa co seu trafego patriarcal, os seus abundantes fillos formados en cuadrillas de nenos que xogaban nos xardíns de Lombardero, as nais faladeiras vixiantes á saída da escola, ou os homes no casino falando das súas cousas... A familia era un “todo” que encadraba os seus membros en función da idade e do sexo, nun proxecto económica e sentimentalmente común.

Lembremos tamén a gran rivalidade familiar que existía antes, traducida nos frecuentes alcumes que se lles daban ás persoas para identificalas a unha casta, os chismes da vida social, e esa estratificación social que se derivaba no xeito de vestir e de falar. Daquela había que estar ben arroupado familiarmente para sobrevivir socialmente, o que obrigaba a empregar disciplinas que hoxe nos parecen duras, especialmente significativas para a muller, cuxo tabú sexual se tornaba fundamental para a consanguinidade da crianza e a transmisión do patrimonio hereditario.

Era indispensable adquirir unha mentalidade viril e maternal xa dende nenos, nun reforzamento da disciplina patriarcal que incluía, por que non recordalo, aquelas historias que hoxe nos parecen simpáticas, mais enormemente cargadas de simboloxía e de cohesión para o grupo, a mari-manta, as meigas, etc.


Igualmente os nenos aprendían a manexarse no status e condicións sociais herdados pola familia. ¿Acaso non era diferente a vida dun neno que vivía na rúa ou unha praza Real, fillo de comerciantes e clases profesionais, e dun neno que vivía no Picho, fillo de mariñeiros, labradores, obreiros?<sup>1</sup>. Pensemos nesa diferenciación social, nese particular “apartheid” social infantil testemuñado a través do paso pola escola: Os nenos do centro da vila, castelán-falantes, (tal vez) cursando estudos no colexio Luís Vives, e rematando o bacharelato superior para estudar Maxisterio

1. A miña experiencia persoal de seguro que é imperfecta. Mais recordo que non tan lonxe no tempo, na miña nenez, a finais dos 70 e principios dos 80, aínda existía un gran corporativismo entre os nenos de cada barrio, cuxos xogos, cuxa forma de vestir e de falar eran un tanto especiais para cada caso. Existían zonas de influencia, con códigos especiais para cada caso. Daquela as relacións sociais co “exterior” facíanse a través de partidos de fútbol entre os diferentes barrios, a rúa Real, o Picho, Boa Vista, Villanueva, a Estación, etc.; auténticos retos tribais e de catalogación social. Todo isto se modificaba tras o paso “liberalizador” e homoxeneizados da escola, onde se transmitía a sensación medio real e medio falsa da “igualdade de oportunidades”.

ou unha carreira. Por contra os nenos do Picho realizando tarefas artesanais, agrícolas, pecuarias, dificilmente rematando os estudos primarios na escola nacional ou na confraría de pescadores.

Pois ben. Esta visión particular sobre o pasado en clave “familia” e “desigualdade escolar” serviunos para desenvolver un método de investigación histórica, baseado na procedencia social e no parentesco dos nenos. Un método fundamentado nos cursos académicos e as notas escolares, como reflexo das esixencias e necesidades da familia, nun sentido económico e cultural; para ter éxito non só eran fundamental ter cartos senon tamén inculcar determinadas formas de falar, de expresarse, xestos, roles, etc.<sup>2</sup>. De feito estamos a comprobar que detrás das notas que sacaban os nenos influía decisivamente a actuación dos pais, cos seus cartos investidos, pero tamén o exemplo carismático das súas profesións, os lugares de residencia, etc.


A nosa investigación comeza nos expedientes de bacharelato que o franquismo comezou a centralizar tras o 1939. O noso cometido é des-centralizar a súa pegada académica, facéndoa familiar, reconstruíndo as árbores de parentesco de toda A Coruña, e relacionándoos co patrimonio familiar recollido nos documentos censuais da época: matrícula industrial, contribución rústica e urbana especialmente. Mais neste estudo unicamente puidemos atender os estudantes de boa familia, porque foron os únicos que deixaron pegada en documentos académicos<sup>3</sup>. Fillos da burguesía, comerciantes, labradores enriquecidos, médicos, militares, mestres, farmacéuticos, catedráticos, avogados, segundo a seguinte proporción<sup>4</sup>.



Profesión dos pais dos estudantes de reválida e irmáns universitarios (1939-1956)

- En 1978 Willis analizou o comportamento dos nenos dunha escola masculina de clase obreira, nos últimos anos académicos e de cara á inserción no mercado laboral, chegando á conclusión de que determinados grupos de estudantes “obreiros” manifestaban un rexeitamento do mundo escolar, evidenciando a falta de identificación familiar cos contidos e prácticas desenvolvidos na escola, diferentes ás perspectivas profesionais dos rapaces. Paul WILLIS (1978) *Aprendiendo a trabajar. Cómo los chicos de la clase obrera consiguen trabajos de la clase obrera* (Ediciones Akal, Madrid, 1988).
- Non se poden recuperar expedientes de ensino primario, dada a cantidade heteroxénea de colexios públicos e privados, coa súa disparidade de criterios, sen boletín homoxéneo, polo menos até os anos 60. Non obstante si é posíbel recuperar os expedientes de secundaria, en concreto os de reválida universitaria, posto que foron centralizados a partir de 1939.
- Comerciante*=comerciantes, industriais. *Labrador*=labradores e propietarios. *Abogado*=avogados, secretarios municipais, notarios, procuradores, etc. *Militar*=militares, mariños e maquinistas. *Catedrático*=catedráticos e profesores de bacharelato. *Oficial*=carpinteiro, xastre, músico, etc. Fonte: expedientes académicos de bacharelato e universidade 1939-1956, AHUS (Arquivo Histórico Universitario), padróns de poboación, etc.

De feito entre 1939 e 1956 tan só fixeron a reválida uns 5000 alumnos, polos institutos oficiais da Coruña, Ferrol e Santiago (institutos que ademais delegaban noutros colexios, academias ou licenciados privados, como o Luís Vives). Facendo o cálculo, fixeron reválida 300 alumnos por ano, englobando ese territorio marcado polo mapa, correspondente á provincia da Coruña, norte de Pontevedra e parte de Lugo, que englobaba máis dun millón de habitantes en 1940.



Alumnos que fixeron reválida polos institutos da Coruña (1939-1956)


En Pontedeume, 3 ou 4 alumnos por ano, case todos fillos de profesionais e comerciantes da rúa Real, mais algún rico propietario dos arredores. Xa que logo, cuestión de minorías: nenos emparentados xenealoxicamente, procedente na súa meirande parte do ambiente comercial castelán-falante dos centros históricos das vilas e intimamente ligada ao crecemento do Estado e da administración local: crecemento das obras públicas, demanda sanitaria, exército, produtos químicos, leis, escolarización, etc., cunha demanda de oficios liberais cuberta por parentelas cun certo capital económico e de relacións persoais<sup>5</sup>.

5. Na nosa base de datos contamos con apelidos ilustres do Franquismo, a Transición e a Democracia, cuxo éxito débese en boa medida á estratexia familiar: Fraga Iribarne, Fernández Albor, Beiras Torrado, Romay Beccaría, Meilán Gil, Abel Caballero, etc, tamén figuras da sanidade galega, os Bescansa, os Casares, os Cobián, Villanueva, etc., ou tamén herdeiros das grandes fortunas galegas, Fundación Barrié da Maza - Banco Pastor, Herdeiros de Simeón García, Cobelo, Herdeiros de Olimpio Pérez, etc. etc.

## 1. TEORÍA E MÉTODO

Esta interpretación da historia segue a lóxica dialéctica de Marx: a historia é froito da desigualdade económica, consecuencia última da explotación do mundo material. Que no fondo é parecido ao que xa dixeran Adam Smith, respecto á natureza competitiva dos grupos humanos; ninguén quere ser inferior ao seu veciño, e ninguén quere que os seus fillos sexan peores que os do veciño. Mais non facemos uso da “clase social” como concepto dialéctico de análise, polo menos para a realidade galega de 1940. Parécenos máis axeitado empregar grupos de enfrontamento máis pequenos, 10, 15, 20 persoas, que subordinen as identidades políticas a intereses máis sinceros e fondos. Velaí o arquetipo do campesiño galego, que ten enfrontamentos cos seus “iguais” labradores, e non tanto enfrontamentos “de clase” cos habitantes da vila. Pois nós mesmos temos analizado ese arquetipo de campesiño que acumula terra, a vende, e se traslada ao pobo para educar aos seus fillos en castelán. Entón aquilo que guía a vida do campesiño, como tamén a do habitante da vila, é **familia** e *as normas que a rexen*, pero non a clase social.

Falamos de familia como unidade mínima de produción e de crianza, cuxo mecanismo baséase en normas que traspasan as barreiras dos imperios e das “clases sociais”, conceptos de pai, nai, irmán, herdanza... Falamos de familia como motor das accións individuais das persoas, cando estas fan cálculos de integración social e de acumulación económica, na procura do benestar dos seres queridos. Adoptamos daquela a proposta de Carlos Allones, que relaciona dende unha metodoloxía propia e orixinal as teorías de Darwin, Saussure, Lèvi-Strauss, Freud, Marx, Hobbes<sup>6</sup>.



Relación de poder na sociedade patriarcal. Á dereita a lenda que imos empregar

Comenta Allones que a familia xorde da *necesidade social* e do *desexo privado* de conservar a propiedade privada, organizando a produción e a crianza en unidades triangulares [home-muller-primoxénito] baixo o dominio colectivo dos varóns. A familia nace demandada nesas

6. ALLONES, Carlos: *Familia y capitalismo*, USC, Santiago, 1999.

sociedades agrícolas do neolítico, Exipto-Mesopotamia, posuídoras de excedentes, e por tanto burocratizadas en actividades máis aló da simple supervivencia; escribáns, transportistas, comerciantes, sacerdotes .... novos ricos que precisaban dunha estrutura de parentesco que fixera posíbel conservar esas riquezas que se estaban a crear, campos, artesanías, rabaños, xefaturas, etc.

Daquela naceu o patriarcado, baseado (como calquera sociedade de parentesco), no tabú do incesto, e na súa extensión progresiva a todo aquel que tiña unha prohibición sexual cun mesmo, do que naceu o irmán, a irmá, o curmán, o tío, o avó, etc. Non obstante o varón proxenitor, na súa ansia de conservar máis aló da morte as riquezas acumuladas, converteuse el mesmo en titor e representante político da familia, cousa que en ningunha outra sociedade de parentesco sucede, ao separar categoricamente o sexo da convivencia, sendo o titor un compoñente “casto” de dentro do grupo, por exemplo un irmán da nai, un grupo de mulleres, etc.

Mais no patriarcado o pai biolóxico converteuse en pai político, convertendo á súa vez á femia reprodutora na *súa* muller, coidadora dos *seus* fillos, e todo isto co *seu* apelido, e na *súa* casa. O cal sostívose cunha enorme disciplina, e cunha moral especialmente interesada na figura do pai-proxenitor e no tabú sexual das mulleres, responsábeis dos seus embarazos e xa que logo da lexitimidade dos herdeiros. Que fixo que *“estas sociedades patriarcales penalizaran abusivamente con mucha mayor dureza que cualesquiera otras parentales, las relaciones sexuales pre-matrimoniales y extra-matrimoniales o adúlteras de la hembra”*<sup>7</sup>.

O invento pariu a civilización. Resultou de tal potencialidade que se estendeu case universalmente, dando lugar ás sociedades campesiñas europeas, á burocracia eclesiástica, ao dereito romano, ás leis de transmisión de propiedade, ou finalmente ao propio capitalismo. Partindo dunhas premisas claras e sinxelas, adquiridas a través da maduración lingüística: qué é un home/ qué é unha muller. Mentalidade feita *inconsciente*, é dicir, non pensada, senón vivida. Tal e como nos amosou no seu día o sociólogo Carlos Moya, cando estudou ás clases directoras da economía española do século XX:

“Con poco más de treinta años el Conde de T ocupa uno de los puestos directivos del banco X y está casado con la hija de la duquesa de H, hermana a su vez del Duque de L- Sus padres fueron el Marqués de X, miembro del Consejo privado de don Juan de Borbón, y una hermana del Duque de Y, cuya familia tradicionalmente está vinculada al Banco M”<sup>8</sup>.

Moya investigou o comportamento sociolóxico das principais figuras da economía do século XX (deseñadores do INI, tecnócratas do Opus Dei, empresarios do sector eléctrico, comerciantes do téxtil, banqueiros, etc.). E descubriu que todos eles debían ao parentesco o seu alto nivel social

7. ALLONES, Carlos, op. cit. p.96. As grandes relixións monoteístas sosteñen ideoloxicamente as rixidas normas de convivencia triangular (marido-muller-primoxénito). Nese sentido aconsellamos o estudo clásico de Freud sobre Moisés, o *nobel expicio*, relacionando á figura bíblica coa relixión monoteísta dos altos funcionarios expicios, cuxas figuras psicolóxicas, así como as dos grandes mitos de occidente (Grecia, Roma) corréspóndense coas neuroses que el atopou na Viena do seu tempo. FREUD, Sigmund: *Moisés y la religión monoteísta*, Biblioteca Freud, Alianza Editorial, Madrid, 2006.

8. MOYA, Carlos: *Señas de Leviatán. Estado y sociedad industrial: España 1936-1980*, Alianza, Madrid, 1994. pp.92-95

e económico; ao cálculo hereditario de pais e avós, aos intercambios matrimoniais, á especial educación da muller, aos negocios colaterais dos tíos e curmáns, etc. En conclusión, as pretendidas regras sociolóxicas que buscaba Moya en pouco se diferenciaban ás dos campesiños minifundistas, e incluso máis, en pouco se diferenciaban ás das míticas personaxes da Biblia.

Mais á altura do século XX os mandatos tribais complicábanse con novas servidumes, con substanciais ao sistema capitalista. Novas leis que, por exemplo, obrigaban ás castas refinadas e nobiliarias a acomodarse ao Estado e á Empresa, no senso de lexitimar os seus grandes *postos herdados* a traveso de *títulos académicos*.


“el conde de T, con sus estudios de Derecho en Madrid y Economía en Cambridge, dispone de una formación académica ideal para legitimar objetivamente su posición en el Banco, que por lo demás está perfectamente legitimada en términos tradicionales por su específico espectro de relaciones familiares”

No noso particular sistema –os institutos coruñeses, os puntiños do mapa-, observamos que até o mellor farmacéutico da Coruña cos mellores materiais e o mellor laboratorio precisa que cando menos un fillo aprobe o bacharelato e a carreira universitaria, para poder transmitirle o oficio e mais a empresa familiar. Ou “presentarlle” un estudante de Farmacia algunha filla, para que el reproduza o capital simbólico e económico da saga, como veremos para o caso de Santiago Botas Blanco, para a “Farmacia de Arriba”, en Pontedeume.

De aí a demanda familiar de colexios privados, academias, pensións en Santiago, burocracia universitaria, etc. etc., do cal se favoreceron igualmente os varóns segundoxénitos, que cobran a súa *herdanza educativa*, con vistas a obter un título legal e uns coñecementos lexitimos para curar, receitar apócemas, falar en público, permitir o acceso ás leis, etc. O que leva o pícaro servilismo da palabra “DON” coa que os paisanos antecedían nobiliariamente o nome do avogado, do notario, médico, farmacéutico, profesor, e incluso do mestre.

Mais a estratexia familiar estivo detrás disto. Nas alianzas ininterrompidas entre comerciantes, banqueiros, propietarios, indianos, militares, mariños, avogados, secretarios, notarios, profesores, catedráticos, farmacéuticos, arquitectos, médicos, etc., configurando as *500 familias galegas* que se disputaban absolutamente todos os ámbitos da vida liberal, grazas á súa especial visión do parentesco e das restricións matrimoniais. Non se trataba dun dominio efectivo de clase, senón dun **dominio familiar**, de casta, que só a posteriori obrigaba a *adoptar* comportamentos de clase, por exemplo, seguindo as restricións matrimoniais propias da burguesía<sup>9</sup>. E sabémolo porque os estudantes universitarios da posguerra eran precisamente iso, o resultado filial de alianzas matrimoniais producidas simultaneamente por toda a xeografía galega, como se ve no mapa para os institutos coruñeses: Ribeira, Padrón, Outes, Santiago, Noia, Muros, Ordes, Carballo, Coruña, Betanzos, Pontedeume, Ares, Fene, Ferrol, Ortigueira... Un encabalgamento de parentesco ininter-

9. Alianzas matrimoniais, e por tanto patrimoniais, sucesivamente entre castas A? B? C? D? E. Pero dicimos que é un dominio familiar, e non de clase, porque a casta C coñece a B e a D, pero non así a A e a E, *das cales pode ser incluso rival*, como se aprecia nalgúns episodios de enfrontamento e represión da II República maila Guerra Civil.




Árbore 1. Abaixo os alumnos, arriba o seu parentesco entrelazado, un castelo de naipes, unha cúpula de parentesco. A estratexia matrimonio-patrimonio fai que algunhas familias establezan cruzamentos enormemente complexos, como este que aparece en primeira fila, de 3 irmáns con 3 irmáns, no caso dos Bescansa e dos Casares, cun total de 30 carreiras de Farmacia, e polo tanto con centos de herdeiros que espallaron farmacias e outros negocios por Galicia. Elaboración propia a partir dunha consulta na matriz de datos do proxecto de investigación.

rompido, onde casar dentro da propia rede de amizade e parentesco era todo. En palabras de Valle Inclán, un “espectáculo oligárquico”<sup>10</sup>.

A ideoloxía liberal dinos que a historia é froito do esforzo individual (“*fixenme a min mesmo*”, “*partín de cero*” ...). Mais non é certo, nin tan sequera hoxe. Razón pola cal nós propoñemos este esforzo entre o individualismo dos persoeiros e a abstracción das grandes estruturas socioeconómicas. Nós propoñemos examinar con microscopio a estes grupos parentais relevantes, a traveso dunha *xenealoxía entrelazada* baseada nunha matriz de apelidos familiares ligadas ao seu patrimonio, un método que pode ser exportábel a outras ramas das humanidades, e por suposto ser aplicábel aos estudos históricos. De tal forma que unha soa matriz de datos ten a potencialidade de explicar as relacións campo-cidade, a mentalidade da muller, a empresa familiar, o poder local, a universidade, a represión, os lobbys económicos, o nepotismo, o caciquismo, ou refacer este mesmo artigo escollendo as árbores familiares de Camariñas, poñendo o caso.

Os vellos non eran nada parvos cando preguntaban: “*e ti de quen es?*”

10. La Voz de Galicia, 14-07-1931, p.1: “Cómo juzga Valle Inclán el momento actual” Valle-Inclán refírese ás eleccións a cortes, acusando o dominio electoral de oligárquico. E así era, efectivamente, quen controlaba a rede clientelar gañaba as eleccións. Mais non se decataba de que el mesmo era un produto desa rede oligárquica, posto que o seu parentesco viña de casta nobiliaria e de pazo, de clases reinvestidoras en carreiras liberais, por parte de nai, por parte de pai, por parte da muller, e por parte de fillos, familias con secretarios, licenciados en dereito, medicina, etc.



A familia non se define por un oficio, un lugar, unha ideoloxía, un lugar concreto, senón pola instrumentalización deses accidentes nun proxecto de parentesco, rexido pola norma patriarcal, isto é, as categorías de idade e de sexo: o home na reprodución económica do dominio (xa que logo, titular das propiedades e os oficios), mentres que a muller na responsabilidade da crianza.

## CACIQUISMO

En 1940 o xogo patriarcal da vila e da cidade estaba plenamente capitalizado, tralos efectos liberalizadores do século XIX na anquilosada economía feudal. Aquilo foi o punto de arranque para **novas estratexias para a cohesión familiar**, orbitando cada vez máis en torno aos cartos, e xa non tanto en torno á produtividade da agricultura e gandeiría, alí onde nacera o patriarcado. Daquela xurdía a necesidade oligárquica de prover os homes das redes de parentesco dunha educación universitaria, de empregos, profesións potentes, cargos institucionais, etc.

Pero esa relación oligárquica -entre iguais, entre as familias co máis alto poder adquisitivo- obrigaba a profundar nas redes de parentesco veciñais -cara abaixo -, pero non a través de matrimonios desiguais, que podían ser deshonrosos especialmente para as fillas, senón a través de relacións sociais de entendemento coas castas dos pequenos comerciantes e propietarios de vilas e cidades. Entón a familia oligárquica exercía unha presenza constante no *poder municipal*, dada a súa ampla demografía e reparto de bens entre fillos: cargos de inspector médico, farmacéutico municipal, secretario municipal, deputado do distrito, catedrático no caso da universidade, etc.. Precisaban acceder ás alcaldías, ás presidencias, deixando, a medida que pasaba o tempo, este papel a terceiros, a familias que manexaban electoralmente, a cambio de prebendas administrativas, postos municipais, licencias de obra, arranxo de rúas e camiños, etc. De tal xeito que nun pobo como Pontedeume a rede de noivados e amizades estratéxicas podía abarcar a toda a poboación. E o mesmo pasaría cos fillos: o fillo do alcalde sería amigo, do fillo da gran tenda de ultramarinos, que iría a clases de guitarra co fillo do farmacéutico, que sería mozo da filla do médico, etc.

De aí a sociabilidade característica destas xentes, protagonistas da vida social ... ¿oficial? do pobo: conxuntos de música, bandas, saídas de picnic, reunións en centros sociais, comidas de



homenaxe, romarías, “match” de fútbol, casino, etc.. En Pontedeume temos o terreo labrado grazas aos traballos de Xosé Paz Fernández acerca da música e da poesía populares, o carnaval, as actividades folclóricas representadas habitualmente nas principais rúas ... e na praza Real. Espazos sociais moi simbólicos, ao tratarse dunha sociabilidade que tiña tradución na organización e composición do poder municipal.

Para entender esta dinámica hai que retrotraerse á lei municipal de 1877, vixente ata a ditadura de Primo de Rivera, que organizou a composición do poder municipal dun xeito case definitivo: alcalde, tenente alcalde, concelleiros, e secretario non electo (funcionario opositor a partir de 1924). Que, unha vez incorporado o sufraxio universal masculino en 1890, non fixo máis que institucionalizar as formas de poder tradicional, e implicar a toda a poboación nas redes de clientelismo relacionadas coas eleccións, sendo frecuentes en toda España as corporacións municipais con apelidos combinatorios: ABCD, BCAD, DACB ... Entón o caciquismo era iso, un propietario, un comerciante que chegaba a un determinado nivel económico e social, e daquela “tiña que estar” na cousa pública, porque pagaba moitos máis impostos que os demais, e porque a súa familia (xeralmente numerosa) precisaba deses contactos políticos para poder labrar o seu futuro socioeconómico. Aquilo desenvolvía o acordeón clientelar, e coma se un dominó se tratase facía caer as restantes familias, en diferentes escalas económicas, partindo dende os centros de negocios, no caso de Pontedeume, a rúa Real<sup>11</sup>.

Tratábase dun sistema de reciprocidades. De feito os máis ricos facían a mesma función benfeitora que facían, por poñer un caso da mesma época, os “capos” de familias sicilianas de



**Calle Real: totalmente soportada.** En torno ao concello se instalaban as principais familias vinculadas ao capitalismo, profesionais das letras e das ciencias, propietarios, e en especial comerciantes cuxos negocios precisaban deses soportais para acoller aos clientes contra a chuvia (un concepto de Socioloxía Urbana de Carlos Allones)

11. Rúa Real, eixe da vida económica da vila. 43 das 47 familias censadas en 1924 tiveron relación co poder municipal: Calvo Patiño, González-Villamil, López Lence, López Rodríguez, López Torre, Prego Punín, García Novoa, Salvadores Alonso, Salvadores Casal, Lamas Rey, Lamas Ríos, Barro Barra, Allegue del Río, Cuiña Placer, Portal Portal, Allegue Salgado, Allegue Santos, Prado Rivas, Díaz Rosado, Pena Ferro, Lage Roberes, Fonte Fernández, Corral Meirás, Rosado Punín, Pardo Tenreiro, Saavedra Paadín, Sierito Iglesias, Viñas Brage, etc. sen contar cos apelidos das rúas accesorias, Inmaculada, Praza do Conde, etc. (Padrón de habitantes de 1924).

EE.UU, salvando as distancias, no sentido de que suplián funcións que non podía ou quería exercer o Estado. Daquela adoitaban ser persoas picaramente respectadas, e picaramente dadas á filantropía, con exemplos en Pontedeume na “restauración” do mosteiro de Caaveiro por parte de avogado Pío García Espinosa, (inda que para o seu uso privado), a escola fundada polo empresario de curtidos Agustín Tenreiro, ou a santificación de médicos e farmacéuticos municipais como benfeitores das clases populares, caso do propietario de botica Leonardo Díaz Rosado<sup>12</sup>. etc.

Con todo habería que diferenciar entre os primeiros anos da Restauración, nos que unicamente estes caciques e máximos contribuíntes formaban parte das corporacións, e os inicios do século XX, nos que o abanico da representatividade estaba moito máis aberto. De feito co transcorrer dos anos formáronse bandos políticos que discrepaban das estratexias caciquís, inda que eles mesmos tiñan a súa razón de ser nas redes de amizade e parentesco. E coa chegada da II República complicouse aínda máis o crebacabezas clientelar existente. Porque partindo dunhas premisas individuais de participación política (listas abertas, organizacións políticas, sindicais, dereito á folga, etc.), a militancia foi sistematicamente familiar, cando menos en Pontedeume, onde a esquerda empregou as mesmas trampas electorais que empregou a dereita<sup>13</sup>.

En Pontedeume a militancia mesturou os sentimentos familiares coa *identidade* política, porque existía un enquistamento da estrutura familiar tradicional, ademais dunha baixa instrución escolar (a educación sempre foi o primeiro obxectivo dos gobernos republicanos) que facía que o “*ti de quen es*” se convertese en “*ti de que cor es*”, destapándose a violencia das normas patriarcais. Certo que detrás de todo se achaba o contexto político internacional, mais a crise económica xurdida do crack do 29. Non obstante nós pensamos que algo tiveron que ver as cuestións familiares ligadas ao económico, o reparto da propiedade privada feito no século XIX, as desamortizacións e as relacións sociais e familiares que saíron delas, o clientelismo coma sistema político-social e a violencia entendida como un feito natural. Lóxico é que as identidades totalitarias prenderan tan forte, inda que como escudos combate para o enfrontamento. Caso do “fascismo”!?, para nós unha simple máscara para competir e restaurar as relacións de poder tradicionais; a orde, a propiedade, a relixión, ante a revolución socialista ... De tal xeito que a burocracia “moderna” da

12. A filantropía é consubstancial á estratexia patriarcal, porque non existe aínda unha “sociedade de benestar” supervisada polo Estado máis a empresa. Daquela as familias máis ricas fan doazóns á colectividade en beneficio do equilibrio do sistema, por conta propia e tamén pola presión familiar asociada. En Pontedeume temos testemuños dende a súa propia fundación, a partir das “doazóns” dos Andrade (convento dos Agostiños, etc.), ou xa no século XIX os grandes negociantes da fábrica de curtidos Pardo-Tenreiro, a principios do XX os García Novoa, etc.

13. Clientelismo na dereita, o caso dos “Montero Leira”, pescadores reconvertidos en armadores, exemplo da simbiose e mutualismo existente entre familias “de clase popular” e caciques. Ramón foi concelleiro durante a ditadura de Primo de Rivera, mentres que Miguel foi concelleiro do Partido Radical de Pío García Novoa durante a II República, e fervente portavoz dos intereses clientelares dos García Novoa e Prego Punín. En medio de corporacións esquerdistas el defendeu unha construción “ilegal” de Gonzalo Prego Punín (AMP, actas 27-5-1933 / 12-6-1933 / 5-1-1935), presionou para a xubilación do médico socialista Antonio Corral Meirás (AMP, 20-2-1932), e loitou pola a concesión de farmacia municipal para Santiago Botas Blanco (AMP, 22-5-1932 e 4-6-1941). Porém, a esquerda tamén fixo uso masivo das redes clientelares, como se observa na depuración de funcionarios eumeses tras as eleccións de 1936, ou de cara a esa propia vitoria electoral, fundamentada na loita caciquil e nos “pucherazos” masivos en decenas de vilas coruñesas, entre elas Pontedeume (roubo de urnas, falsificación de firmas, suborno, substitucións, chantaxe clientelar)...GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Años de guerra, Vía Láctea*, A Coruña, 2000.


Falanxe resultaba ridícula ante a estrutura organizativa das “vellas” institucións de poder, o exército, a Igrexa, os poderes económicos bancarios, a hidroeléctrica, etc. etc.

## CASTA “A”. PÍO GARCÍA ESPINOSA. A “DEREITA”

Pío García Espinosa era o típico “personaxe importante” chegado a un pobo, como tantos e tantos profesionais liberais e universitarios espallados por toda España e toda Galicia, ano tras ano, na construción do Estado Liberal<sup>14</sup>. Sendo avogado en 1877 instalouse en Pontedeume, non tardando en casar cunha rapaza de boa familia, mergullándose de cheo nas tramas clientelares que daban acceso ao poder municipal. A familia da dona era posuidora de enormes propiedades, como corresponde aos inversores desas desamortizacións das propiedades da Igrexa, auténticos “pelotazos” económicos do século XIX. De feito el mesmo remataría por comprar os bens xa desamortizados do mosteiro de Caaveiro para reconstruílo –con capela e panteón familiar–, conseguindo as pertinentes licenzas canónicas para exercer misas privadas nel<sup>15</sup>.


Pío foi o iniciador dunha saga de caciques<sup>16</sup>. Pois xa a fins do século XIX temos constancia (grazas ao xornal *El Eume*, financiado polas elites económicas do pobo) de que pola súa casa pasaban a noite importantes personaxes da vida política coruñesa, que viaxaban á Coruña e a Ferrol. Un costume típico da época. Que daquela introducía os fillos no bo sendeiro profesional.

De feito os herdeiros varóns de Pío fixeron todos carreira, Román foi deputado e gobernador civil de diferentes provincias, Pío foi presidente do Colexio Provincial de Farmacéuticos, e



Recortes de El Eume. Fins do século XIX

14. Como foron, de feito os seus irmáns: José (Dereito 1866-1874) Jesús (Dereito 1869, 1873), Benito (Farmacia, 1872-1877), mais o propio Pío (Dereito, 1863-1873)
15. O arcebispo de Santiago concedeu-lles o padroado a el e os seus sucesores. Ao morrer, Pío sería enterrado no mosteiro. LUGILDE, Carmen, e CORREA, José F.: *Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro*, Cátedra, nº 3, Concello de Pontedeume, 1993, p. 201-212.
16. A partir dun momento dado o termo cacique empezou a ser empregado como arma arreboladiza. Nós prescindimos dese carácter despectivo, do mesmo xeito que os paisanos buscaban no médico, avogado, empresario, etc. a esa persoa con influencias que podían regalar unha medicina, colocar a un fillo ou que podía acoller a algunha filla como serventa. Dito doutro modo, a propia condición social dunha persoa rica e con vida social obrigábo a vestirse de cacique e exercer como tal. [Cacique: 2. fig. Persoa que, amparándose nunha situación social, profesional, etc., de privilexio, exerce ou controla o poder político para concederlles favores aos seus protexidos ou a quen se somete á súa autoridade e actuar por vinganza contra quen non o fai. *Na aldea non se facía nada sen o consentimento do cacique.* (Dicionario en rede da Xunta de Galicia)]



Árbore 2. "A Dereita". Os Pregos e outros.

Luis exerceu de empresario local na xestión de propiedades e negocios. Pola súa banda as fillas de Pío casaron con importantes personaxes da zona, Teresa emparentou coa casta dos *Fernández Murias* de Cabanas, e Cristina, con Gonzalo *Prego Punín*, máximo contribuínte de Pontedeume, e máximo contribuínte da cidade da Coruña en 1940. Un enlace de campañas que remarcou a boa relación existente entre as dúas liñaxes, fundamentada na crianza dunha casta moi forte, defensora da propiedade privada e dos negocios propios<sup>17</sup>.

Fagamos notar que os *Prego Punín* eran outra casta cacique, como recordaba un mestre entrevistado en 1989:

“Había los famosos Pregos, el notario, que era un hombre que tenía gran aditamento sobre la comarca, era el cacique el que movía un poco los hilos (...) sin tener cargos políticos, ni eran alcaldes ni concejales, ni nada, ahora influían en que fuera alcalde o que fuera concejal fulano o mengano, movían los votantes a favor de uno o de otro y aquí como caciques de derechas estaban pues Ramiro Prego y su hermano don Gonzalo, que se dedicaban a, pues hacían, hacían muchos favores y como hacían favores al paisanito iba a ellos, acudía a ellos y ellos los buscaban, quien les prestase dinero, buscaban recomendaciones, y a la hora de las elecciones votaban por quien decía don Ramiro”<sup>18</sup>.

Os *García Novoa* e *Prego Punín* mantiñan á súa vez unha relación especial cuns veciños comerciantes da rúa Real, os *Salvadores Casal*, compañeiros de partido na Unión Rexional de Dereitas da II República, cuxas contas levaba en Pontedeume Antonio Salvadores Alonso<sup>19</sup>.

En 1932 a farmacia que tiña a casta, (a de Pío, a “farmacia de arriba”), quedara sen herdeiros directos, nin tampouco farmacéuticos na saga aos que traspasar a herdanza. Aquela farmacia recibíuna por circunstancias *familiares* Cristina Prego García, como dote e traspaso, ao casar simultaneamente cun *farmacéutico* emparentado cos Salvadores, o ferrolán Santiago Botas Blanco. Daquela este home recolleu a responsabilidade da reprodución económica e simbólica da casta dos García Novoa, na “farmacia de arriba”, suceso transcendental, como veremos posteriormente. E non parou aquí a cousa; anos máis tarde o empresario Enrique *Botas Blanco*, establecería unha relación económica cos descendentes de Luis *García Novoa*, na xestión do cine teatro “Coliseo”, e así sucesivamente, mesturándose continuamente os intereses económicos co parentesco.

17. Vémosto no apoio notarial de Ramiro *Prego Punín* a Pío *García Novoa*, con vistas a que este fora o farmacéutico municipal de Pontedeume, como así sucedeu, efectivamente, no ano 1924 (PAZ FERNÁNDEZ, Xosé: *Apuntamentos da sanidade eumesa*, Cátedra, nº11, Concello de Pontedeume, 1993, p. 209-234). Vémosto tamén na exitosa defensa patrimonial que en 1934 fixo o propio Ramiro Prego Punín sobre unhas importantes herdanzas de Cristina Novoa Vázquez, viúva de Pío García Espinosa, que foron denunciadas por terceiros, (ARG, Audiencia Territorial, 328-34), etc.

18. Entrevista nº 90, ano 1989, fondo HISTORGA

19. Así aparece como testigo da boda da sobriña do empresario eléctrico Agustín Ríos Carreiras (*La voz de Galicia*, 21-11-1934). Bodas como arquetipo das reunións sociais estratégicas. Por exemplo, sabemos que estas castas teñen relación cos Varela Paz, (Gumersindo, teniente coronel da guardia civil, fillo predilecto da vila tralo alzamento de 1936), porque o seu irmán Fernando Varela Paz, médico municipal e xefe da Falange en Neda, aparece como testigo da boda de Román Prego García (*La voz de Galicia*, 15-12-1936), etc.

Precisamente os Botas e Salvadores eran especialistas en mesturar o parentesco cos negocios, manexando en beneficio da propia casta as diferencias de sexo e idade<sup>20</sup>. Falamos de maragatos e comerciantes leoneses, dos que viaxaban a Asturias e Galicia no século XVIII e XIX, fundando compañías comerciais. Procedentes case todos da vila de arrieiros Castrillo de Polvazares, deixaron na súa diáspora capitalista centos de descendentes na Coruña e en Ferrol, e secundariamente pequenos comerciantes en Pontedeume. Emerxentes empresarios e industriais, con decenas de negocios de viño, coloniais, ultramarinos, transporte, médicos, avogados, hospital, inmobles urbanos<sup>21</sup>.

Pois de toda esta maraña, os García Novoa, os Prego Punín, os Botas e Salvadores, etc., saíron sistematicamente sagas de estudantes con títulos liberais: Bacharelato, Maxisterio, Dereito, Medicina, Farmacia, Ciencias ... (non en van grazas aos seus fillos –estudantes– temos desenredado este parentesco). E froito desa necesidade de establecer xogos de reciprocidades cos de abaixo e relacións oligárquicas cos iguais, militaron homoxeneamente en partidos de Dereita, dende o partido conservador de Cánovas, até a Falange de 1936, no caso dos Botas e Salvadores.

- Manuel Punín Paz: Alcalde 1881.
- Román García novoa: Concelleiro, alcalde e deputado conservador, gobernador civil en Burgos, Oviedo, Valladolid e San Sebastián nos anos 20.
- Pío García Novoa: Presidente da Unión Republicana 1931.
- Luis García Novoa: Empresario, organizador de funcións a beneficio da “Cruzada nacional”.
- Gonzalo Prego Punín: Alcalde en 1912, concelleiro nos anos 10, 20 e 30, membro da comisión xestora franquista en Pontedeume e na Coruña en 1936.
- Ramiro Prego Punín: Notario en Pontedeume, e concelleiro na corporación franquista en 1936. Notario da Coruña nos anos 40.
- Gaspar Prego García: Xuíz instructor nomeado en decembro de 1936.
- Román Prego García: Voluntario FET-JONS, Centuria López Cortizas, Aragón (recrutamento 1940)
- Nicolás Barro Barra: Concelleiro conservador (anos 10 e Ditadura de Primo de Rivera).
- Ramiro Barro Lage: Corporación franquista de 1941.
- Jerónimo Barro Lage: Xefe local da FET-JONS en 1941.
- Antonio Salvadores Alonso: Tenente alcalde 1926, banqueiro da Unión Rexional de Dereitas 1931.
- José Salvadores Casal: Voluntario das FET-JONS (1939).
- Antonio Salvadores Casal: Concelleiro franquista nos anos 60.
- Tomás Salvadores Casal: Concelleiro franquista nos anos 50.
- Santiago Botas Blanco: FET-JONS.

20. Para atender ás estratexias parentais dos Botas e Salvadores, a miúdo endogámicas (irmáns con irmáns, etc.): RUBIO PÉREZ, Laureano: *Botas y Salvadores. Una casta, un linaje, una familia de arrieros maragatos entre los siglos XV y XIX*, Gráficas Gama, León, 1995.

21. Francisco Botas Salvadores, propietario en Ferrol de vivendas en: rúa Villamil (números 1, 2, 3, 4 e 6), rúa San Pedro (números 39 e 51), rúa Frutos Saavedra (números 89 e 165), rúa General Aranda 72, rúa Pardo Bajo 7 e lugar de Joane (Serantes) pagando unha contribución de 41000 pesetas (ano 1940). Gregorio González Botas, propietario de almacenes, transporte e artigos de limpeza; 20000 pesetas de contribución industrial. Andrés González Botas, médico cunha clínica con 30 camas, o edificio da rúa Galiano 1 e unha vivenda na rúa Calvo Sotelo 1, 85000 pesetas. Tomás Blanco del Río, vinos generosos mais carros de transporte, etc., etc.

O carácter corporativo dos Botas e Salvadores perdura pasados os anos. Investigando a traveso da rede descubrimos que Enrique Botas Blanco, empresario e industrial ferrolán, irmán de Santiago, foi nomeado en 1990 patriarca dos Botas na xuntaza “La tribu de lo Botas” que reúne cada 5 anos a centos de descendentes Botas e Salvadores en Castrillo de Polvazares.

<http://personal.telefonica.terra.es/web/com-las-pergolas/tribubotas/concentraciones.htm>



Publicidade do programa das festas. Os negocios da casta, un clásico da publicidade dos anos 40. Situated a 4 ou 5 metros do concello, ao igual que as súas residencias.

## CASTA “B”. ANTONIO DÍAZ “ZAMORANO” BURGOS. A “ESQUERDA”

Outro caso de “personaxe importante” chegado a un pobo foi o de Antonio Díaz Burgos, “Zamorano”, procedente dunha familia liberal de Ortigueira, que se instalou en Pontedeume para montar unha farmacia en 1873. O que máis tarde se chamaría a “Farmacia de abaixo”.

Pois Antonio, ao igual que Pío García Espinosa, foi *inevitabelmente* cacique. Emparentou cunha casta local de ricos propietarios, exerceu de alcalde do bando liberal e concelleiro, membro da comisión de beneficencia, e participante destacado das festas patronais, corais e demais acontecementos lúdicos. E, ao igual que Pío, deixou decenas descendentes, en especial farmacéuticos, que mantiveron unha estreita relación coas sagas de médicos eumeses, da beneficencia, e da universidade compostelá.

Pero de novo xurdiu o mesmo problema, as limitacións demográficas do poder e do liderado, que fixo que estes descendentes foran quedando fora de xogo, adquirindo unha *mentalidade de grupo*, ante o dominio oligárquico dos García Novoa e Prego Punín. Motivo polo cal estableceron alianzas con outras castas liberais, adoptando as ideoloxías e identidades rexeneracionistas, tan de moda a principios do século XX, como o Rexionalismo, ou o Agrarismo, representado politicamente por Solidaridad Gallega. E as instrumentalizaron por cuestións domésticas, fundamentalmente porque eran as opostas ás dos García Novoa, aos que pretendían botar, en condicións políticas favorables, por exemplo no goberno liberal reformista de Canalejas (1910-1912), cuxa convocatoria electoral dera bos resultados aos agraristas doutros lares<sup>22</sup>.

A fronte de combate tiña o seu fito no xornal *Ecos del Eume*, xurdido a principios de século: azote do caciquismo, como se definía a si mesmo e defensor “liberación” do campesiño galego, inda que obxectivamente non menos elitista que *El Eume*, ao cumprir boa conta do apartheid social da vida social eumesa, os bautizos e matrimonios relevantes e as reunións sociais de etiqueta. Para nós representaba máis ben unha alternativa familiar á hexemonía dos García Novoa e da súa clien-



*Ecos del Eume* (anos 1912-1918). Crítica sistemática dos “caciques” conservadores, Román García Novoa e Gonzalo Prego Punín, e defensa dos candidatos da parentela propia, coma Carlos Pardo Rodríguez, un avogado herdeiro dos Pardo da industria de curtidos. Obsérvase neste collage o financiamento do xornal, recadado a través de círculos de amizade e parentesco, incluso cunha muller dos Pardo capitalizando un negocio.

22. Non obstante só temos constancia da presenza destas xentes en 1890, con Antonio Díaz Burgos “Zamorano”, Juan Sardiña Silvar, Rodrigo Pardo González ou médico Antonio Corral Meirás, algúns dos cales aparecerían na II República, ou senón os seus fillos.





tela política. Razón pola cal elaboraban artigos realmente dirixido ás clientelas políticas castelán-lectoras do centro do pobo, de novo veciños e amigos, *homes* ante todo, e de novo con tendencia a emparentarse. Aí figura a seguinte xeración, Leonardo Díaz Rosado “Zamorano” anunciando o seu laboratorio farmacéutico, o seu futuro xenro, o avogado Rodrigo Álvarez Pardo -optando ao secretariado do concello eumés-, o curmán deste Carlos Pardo Rodríguez -facendo carreira no Partido Liberal- o parente Antonio Corral Meirás, *médico municipal*, o fillo deste Joaquín Corral Francesch - *médico* cirurxián en Ferrol- e mais o irmán deste -e futuro *médico municipal*- Antonio Corral Francesch, e mais o compañeiro de facultade deste -e futuro *médico municipal*- José Allegue del Río, etc.<sup>23</sup>.

Este grupo contaba con 16 médicos, 4 dos cales foron inspectores municipais de Pontedeume e por tanto cunha clara influencia social entre as familias populares, dependentes da beneficencia municipal tanto como da *filantropía* innata á sociedade caciquil. Mais os médicos que fixeron carreira de profesor na universidade de Santiago, os Villanueva Díaz, Villanueva Corral, Goyanes Álvarez. E a carismática farmacia dos Zamorano.

E de novo, unha militancia política homoxénea, máis ou menos confusa a finais do século XIX, inda que definida pouco a pouco en corpúsculos parentais situados na sanidade eumesa, en partidos de esquerda.

- Antonio Díaz Burgos, “Zamorano”, alcalde liberal, 1880.
- José Francesch Carrillo, concelleiro principios de século.
- (...)
- Leonardo Díaz Rosado, “Zamorano”, socialista, presidente da UGT.
- Rodrigo Álvarez Pardo. Secretario de Ares, Esquerda Republicana.
- Carlos Pardo Rodríguez. Concelleiro anos 10 e 20, influente de esquerdas.
- José Allegue del Río. Comité Republicano Socialista.
- Antonio Corral Meirás. Comité Republicano Socialista, etc.
- José Goyanes Cedrón. Presidente Deputación Provincial da Coruña, 1934.

Chama a atención que xa en 1881 existira certo conato de enfrontamento político e económico, entre o farmacéutico e ex-alcalde Antonio Díaz Burgos “Zamorano” e o farmacéutico e novo alcalde Manuel Punín Paz (árbore 3)<sup>24</sup>.

Trinta anos despois o enfrontamento consérvase, como vemos reflectido no xornal *Ecos del Eume*.

Finalmente na II República se incrementa dramaticamente, como imos comentar de cara á rivalidade entre a farmacia de Leonardo Díaz Rosado “Zamorano” e a farmacia do Botas, a farmacia de arriba mais a farmacia de abaixo, 50 anos de “rifi-rafe”. En absoluto cousa excepcional,

23. Tamén podemos atopar ao funcionario xurídico Valeriano Villanueva, realmente o único que deixou por escrito un pensamento político orixinal e elaborado, relacionado co catolicismo social, centrado nos cambios dende abaixo na produtividade agraria. Pois aquí escribiu algúns dos seus artigos de “Un labrador a la moderna”. Os seus descendentes farían vida en Santiago, sen facerse notar na vida política eumesa.


24. En 1881 o delegado de gobernación botou ao alcalde Antonio Díaz Burgos “Zamorano” e outros dous, tras o que saíu elixido alcalde Manuel Punín Paz, ante as protestas dos sancionados nas sesións seguintes. PAZ FERNÁNDEZ, Xosé: op. cit., 1993, p. 209-234.

posto que o mesmo ocorria noutros concellos e mesmo nas institucións, caso da universidade com-postelá<sup>25</sup>. As ideoloxías, os cargos, as alianzas, os negocios, cambian, pero non así a estratexia de cohesión patriarcal, que é a mesma para todos.

## ENFRONTAMENTO E COMPETENCIA ENTRE AMBAS CASTAS. REPRESIÓN

En 1932 morreu Pío García Novoa e quedou vacante a praza de farmacéutico municipal. Recordemos que o seu negocio fora traspasado a Santiago Botas, pero non así a municipalidade do mesmo, que tiña que ser gañada por concurso público. Daquela os concelleiros republicanos de esquerdas votaron un concurso público para a praza de farmacéutico municipal, ante a oposición sistemática dos concelleiros de dereita, da Alianza Republicana do falecido Pío García Novoa. Abriuse entón unha rivalidade feroz entre ambas as dúas farmacias por acumular o maior número de receitas, para logo ir ao concello a cobralas, e levar certa vantaxe diante do competidor<sup>26</sup>.

A “farmacia de abaixo” de Leonardo Díaz Rosado converteuse entón nun centro social afín ás esquerdas, de tertulia e de bulicio social, típico da II República. Sendo o seu propietario moi popular dentro do pobo, especialmente pola súa fama de “boticario dos pobres”, liderado e *filantropía* xa estudados por Juan Sobrino, Manuel Domínguez e Xosé Paz. Pola contra a “farma-



Centro da vila.

25. Observamos o caso dos catedráticos de universidade Varela de la Iglesia, da Institución Libre da Ensinanza, sancionados en 1875 por non cumprir as disposicións de lei sobre ensino. Sesenta anos despois algúns dos seus descendentes seguirían sendo catedráticos vinculados á Institución libre da Ensinanza, e algún sancionado en 1936, caso de Vicente Varela Radio. De novo unha casta con matrimonios cruzados, múltiples combinacións parentais, importantísimos negocios, unha proximidade ao poder político na universidade e nas institucións do Estado. Nese sentido temos constancia dun permiso concedido polo concello de Pontedeume en 1920, para que o médico municipal José Allegue del Río puidera acudir a Madrid a escoitar unha conferencia, na compañía do doutor Varela Radio, inda que non consta cal dos Varela Radio era. (AMP, Acta 2 de febreiro de 1920)

26. Dende 1932 e en interinidade ambas farmacias funcionaron como municipais, tendo lixeira vantaxe na acumulación de receitas a farmacia de Leonardo Díaz Rosado. As actas municipais falan dun concurso público sempre atrasado, e dunha división do concello en torno ás dúas candidaturas. Os concelleiros de esquerda sistematicamente a prol de Leonardo, e os de dereitas a prol de Santiago Botas.

## ELECCIONES A PUNETAZOS

Ayer se celebraron por tercera vez elecciones municipales en el segundo distrito de Puentedeume. En la primera elección había sido rota la urna, y la segunda fué anulada por la superioridad.

La elección de ayer ha sido muy reñida, no faltando algunos puñetazos entre los electores más exaltados.

“Elecciones a puñetazos” La Voz de Galicia, 24-6-1931. Durante a II República non se convocaron eleccións municipais. O que si houbo foron repetición das eleccións que convocara Alfonso XIII, nos distritos onde houbera irregularidades. Caso de Puentedeume, onde organizouse unha nova liorta na primeira repetición do segundo distrito, no momento de entregar a documentación no Xulgado (Causa criminal, ARG 234-21) Na segunda repetición membros dos dous bandos políticos (daquela ORGA e Unión Republicana) encirraronse nunca pelexa, ante o cal o presidente da mesa se negou a firmar a acta. Finalmente o poder municipal quedou moi equilibrado, con lixeira vantaxe para as esquerdas, desactivada en momentos excepcionais como outubro de 1934 (cesamento de concelleiros de esquerdas) e reactivada en momentos excepcionais como Febreiro de 1936 (cesamento de concelleiros de dereitas).

cía de arriba” significouse como símbolo do poder dos Prego. E posto que fora adquirira *como dote* do matrimonio con Cristina Prego García, o seu dono, Santiago Botas Blanco, quedou obrigado a perpetuar ese símbolo e esas relacións de forza e de parentesco *vestido de cacique*, inmiscíndose na “política” de 1936. Aquilo non supuña máis que a fricción aberta e declarada entre dúas sagas que historicamente levaban rifado polo liderado social e económico no pobo, á beira das cales se aliñaron outras familias relativamente importantes.

O problema destas rivalidades familiares, máis propias de “Rancho O.K. Corral” ou “Bonanza” (empregados de farmacia que saen a espiar entre os soportais, para ver quen entra e quen sae da farmacia do veciño, etc.<sup>27</sup>), foron as circunstancias políticas nas que se viron envoltas, que as superaban amplamente. Falamos dos problemas de orde público da II República, os acontecementos de outubro de 1934, as eleccións de 1936 e finalmente o levantamento militar.

Daquela vivíase moita tensión no pobo. Tanto que en 1936, antes de que se derramara unha soa gota de sangue, os montes de Monfero e a Capela xa se converteran en refuxios ante as posibles represalias, seguindo as tradicionais rutas dos escapados en quintas. Alí fuxiron os dereitistas ante as normas radicais que estaba a adoptar o goberno da Fronte Popular (cesamentos, expropiacións tras a sublevación en África) e alí fuxirían os esquerdistas ao entrar as tropas sublevadas, o 23 de xullo de 1936<sup>28</sup>. Unha situación que se repetiu noutros pobos galegos e outras rexións ocupadas rapidamente polos militares, caso de Estremadura. O 18 de xullo escapaban os dereitistas, mentres que a chegada das tropas significaba a fuxida e represión dos esquerdistas<sup>29</sup>.

27. Declaracións en 1937 dun falanxista de Puentedeume, auxiliar na farmacia Botas: “desde la casa de sus suegros veía las entradas y salidas, y todo lo que sucedía en el Ayuntamiento y en la botica de Leonardo Díaz”. SOBRINO CEBALLOS, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M., *Apuntes para un estudio da represión franquista en Puentedeume: a execución do boticario Leonardo Díaz Rosado*, Cadernos do Ateneo Eumés, nº 3, Puentedeume, 2005.

28. GRANDÍO, Emilio: “Ecos de violencia”, CÁTEDRA, *Monografía, Puentedeume na II República* 2, Concello de Puentedeume, 2006, pp.8-12. No tocante á xestión do goberno da Fronte Popular, chama a atención a ambición nos proxectos municipais: sanción e despedida de funcionarios da anterior corporación, incautación de 3 cemiterios, proxecto de 2 portos embarcadoiros en Boebre e Centroña, proxecto de mercado municipal, arranxo de diferentes rúas, biblioteca, libros, novas escolas, material de oficina, etc.

29. Estamos a insistir que a estratexia familiar non ten cor, nin ideoloxía, nin negocio, nin bando, e o mesmo pasa nas súas formas máis virulentas. A represión adquire un sentido o 18 de xullo de 1936, e o oposto o 25 de xullo. Do mesmo xeito, adquire un sentido na Barcelona 1936 e o oposto na Barcelona de 1939. A mesma impunidade acontece4 na España “nacional” como na “roja”, sendo os “paseos” cotidianos e indiscriminados.

Durante a República temos constancia igualmente de denuncias por lesións, presentadas neste caso por destacados elementos da dereita e das súas clientelas<sup>30</sup>. Ademais dunha casuística criminal moi relacionada cos delitos de orde pública e liortas familiares. Supoñemos entón que as fuxidas aos montes eumeses tiveron unha connotación de medo ante a oportunidade que se presentaba de airear os rancores de identidade ideolóxica mesturados con eses rancores “de casta” acumulados durante anos. De feito a represión estivo vernizada de denuncias a terceiros, intereses patrimoniais, e castigo dos líderes carismáticos. Caso do propietario da “botica de abaixo” Leonardo Díaz Rosado así como seu cuñado e co-tertuliano Rodrigo Álvarez Pardo, ambos encarcerados e asasinados polo procedemento do “paseo”. Á parte das consabidas sancións e castigos impostos aos colaboradores de Fronte Popular<sup>31</sup>. Fora de Pontedeume, Vicente Goyanes Álvarez sería inhabilitado polo Colexio de Médicos de Madrid, o seu irmán José Sería separado momentaneamente da Universidade, ó igual que Ulpiano Villanueva Castro, xa nos anos 40.

Nese sentido parécenos interesante dar conta dunha entrevista que atopamos a última hora no fondo HISTORGA da Universidade de Santiago. Que parece confirmar na práctica os resultados “de sangue”, “de parentela” que nós esbozamos un pouco como hipótese. As declaracións refírense a feitos acontecidos o día de Santiago Apóstolo, 25 de xullo de 1936, dous días despois da entrada das tropas nacionais. A anécdota refírese a unha borracheira protagonizada polos (fuxidos?) dereitistas, desafogando as tensións vividas nos últimos días, mentres na rúa comezaban os fusilamentos.

(Contrastar coa Árbore 2, os Prego e outros)

30. Lesións a José Prego Meirás, fillo do notario Ramiro Prego Punín, 12 Marzo 1934 (ARG, 2432-31), sabotaxe con dinamita a unha embarcación do ex concelleiro e armador Ramón Montero Leira, 18 agosto 1931, (ARG, 2384-27), agresións físicas ao concelleiro de dereitas Miguel Montero Leira, 10 de Marzo de 1936 (ARG, 3361-21).

31. Tamén nos consta, a traveso das sesións municipais, das dificultades económicas e presións sociais que atravesou a familia dos “Zamorano”, da que formaba parte a cuñada de Leonardo, Erundina Díaz Brage, que vivía na mesma casa. En Novembro de 1936 pediu axuda ao concello para ingresar ao seu marido no manicomio de Conxo, institución supervisada medicamente por un parente, José Goyanes Cedrón, da dereita compostelá. (AMP, Acta do 28 de novembro de 1936, expediente de Beneficencia Municipal por demencia e pobreza). Incluso, e segundo recollen Sobrino e Domínguez a “farmacia de abaixo” sufriu unha tentativa de incendio ante a insistencia do farmacéutico Eugenio Naviera Quintiá por seguir competindo á praza de farmacéutico municipal, que dende 1937 se lle adxudicou en interinidade a Santiago Botas Blanco, e definitivamente a partir dos anos 40. SOBRINO CEBALLO, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M., “Apuntes para un estudio da represión franquista en Pontedeume: a execución do boticario Leonardo Díaz Rosado”, *Cadernos do Ateneo Eumés*, nº 3, Pontedeume, 2005.

Pero hai casos estraños. O médico municipal Antonio Corral Meirás tiña precedentes de enfrontamento con diferentes corporacións e concelleiros “conservadores”. En 1926 abriuselle un expediente disciplinario por cobro ilegal. En 1932 tivo un durísimo enfrontamento verbal co dereitista Miguel Montero Leira, polas presións recibidas para se xubilar, ante o cal el acusou a Montero Leira de conspirar contra a República (AMP, 20 de Febreiro de 1932). Mais non nos consta que estes médicos republicano-socialistas pasaran tantos problemas coma outros militantes da Fronte Popular, que perderon a vida ou andaron escondidos en zulos e fragas. Posibelmente foron multados, ou presionados dalgún xeito, posto que pediron excedencias en 1937, mais non temos investigado este tema. O que si sabemos é que tanto Antonio Corral Francesch (fillo) como José Allegue del Río elaboraron os certificados que libraban de ir á fronte de guerra a dous fillos de Gonzalo Prego Punín, en colaboración co médico Constantino Amado Cagiao. Falamos de Gaspar, con epilepsia, e Gonzalo Prego García, con anquilose de cóbado dereito. É moi posíbel que non haxa nada “raro” neses certificados médicos, pois moitos fillos de dereitistas destacados si que foron á fronte de Guerra. Mais chámamos a atención que na universidade compostelá teñamos un certificado médico totalmente limpo feito por José Allegue del Río en favor de Gonzalo Prego García.

Ao caso, Antonio Corral Meirás xubilouse pouco antes de morrer, a principios dos anos 40, sendo nomeado médico municipal o seu fillo Antonio Corral Francesch. Mentres que José Allegue del Río morreu en 1960, sendo o seu fillo Antonio Allegue Díaz tenente alcalde da corporación de 1970.



“Yo a Santiago Botas lo iba arreglar todos los días a casa, que teníamos trato de arreglarlo a tal hora ... si pasaban diez minutos él tenía que pagarme igual, aunque nunca pasó tal. Pues al día siguiente tuve el gusto de arreglarlo, y me quiso pagar la camisa (...) Me dijo, ‘tienes que perdonar que yo estaba ayer’ ... ‘sí, ya sé que tenías una borrachera de espanto, y los que venían contigo no te digo nada’. Luego hubo poco comentario, además en la rúa estaban fusilando...”<sup>32</sup>

## CONCLUSIÓN, UNHA LECTURA SOCIOLÓXICA

Con este artigo pretendemos deixar claras as premisas do comportamento de parentesco, que instrumentaliza as ideoloxías, os cargos ou o que sexa no seu propio beneficio e perpetuación. Grazas ao método da *xenealoxía entrelazada* podemos explicar sutilezas difíciles de cuantificar, como son as redes clientelares, o caciquismo nos concellos, o nepotismo na universidade e na sanidade, ou mesmo a conxuntura bélica como oportunidade política para dar saída ás pulsións patriarcais: incluso a represión tivo que contar coas redes clientelares do pobo.

Mais o noso verdadeiro obxectivo é que o lector se de conta de que estes comportamentos orgánicos son en definitiva os mesmos que mobilizaron á súa propia familia para sobrevivir e progresar noutras épocas, noutro contexto, con outros motivos, pero sempre con regras de competitividade e reparto de roles en función de idade e sexo. Quen máis quen menos meteu a cabeza no seminario e logo se saíu para ser profesor, que máis quen menos colaborou nas prebendas administrativas do concello, ou se beneficiou de influencias familiares para progresar na Garda Civil ou na Armada, ou enchufou a algún parente en institucións públicas, aplicando as estratexias de parentesco que din que o primeiro é a familia. Queremos dar a entender que o perfil individualizado é accidental. A sociedade en abstracto demanda esas implicacións políticas e profesionais: ser médico, ser avogado, ser alcalde, ser de esquerdas, ser dereitas, pero á altura de 1940, ... ¿non acabamos de demostrar que todo esto estaba sometido á disciplina familiar?,

**Pregunta:** “tras la Guerra, ¿se metieron muchos en la Falange?

**Resposta:** “uff, los mismos, todos franquistas, y antes de eso éramos todos republicanos, y ahora somos todos monárquicos”<sup>33</sup>.

Daquela o posto asalariado, como tamén a identidade política asociada a unha posición social ou clientelar, son simples *accidentes* que esconden unha obriga familiar “comunitaria” que diría Tönnies. E alí é onde reside a verdadeira esixencia, por exemplo dun varón dos García Novoa, que ten que facerse á forza avogado, notario, secretario, etc. tan só para *cumprir o mandato familiar*. E ten que establecer relacións de liderado caciquil inda que non queira, relacións que perpetuarán os seus sucesores nos cargos municipais, o que os levará ao enfrontamento con aqueles que

32. Entrevista nº 150, 1990, Fondo HISTORGA, USC.

33. Atrévemonos a dicir que o interese familiar explica bastantes actitudes de subordinación pública. Dende a Restauración da Pepa en 1820, a entrada de Espartero en 1851, a proclamación da I e II República, e por que non dicilo, determinados actos franquismo, os balcóns sempre engalanados, as autoridades recibidas, toda unha montaxe e exhibición da rede clientelar local.

pretenden acceder ao poder, establecer o mesmo tipo de relacións, e mesmo coquetear coa desestruturación da sociedade tradicional.

Igualmente seralles necesario criarse nunha relación de superioridade e respecto simbólico, por parte dos paisanos galego-falantes<sup>34</sup> que (por exemplo) acoden a pedir un medicamento, con estudada humildade, ou os paisanos que se acompañaban da muller para facerse notar na vida social do cine Coliseo, ou os clientes se poñen o traxe novo para pedirlle uns documentos ao avogado, ou que van xunto ao notario para pedirlle un favor familiar, etc.

A casta precisa igualmente dun control simbólico do espazo, dun edificio central onde poidan mirar cara abaixo e sobre todo ser vistos dende abaixo. O que se verifica no edificio que hoxe en día é sede de Caixa Galicia, construción *encostada* ao Concello, que ten enfronte (ou detrás, segundo se mire) o centro social por excelencia, o Teatro Coliseo García Novoa, e embaixo a “Farmacia de arriba”, negocios ambos da numerosa casta<sup>35</sup>. Dende os balcóns se divisa igualmente o tráfico da praza Real, a vida social *dos demais*, verificada especialmente polas mulleres, observadoras mutuas e transmisoras da ideoloxía patriarcal a traveso dos chismes. Pois de feito a rapaza que é elixida e dotada para encabezar a Farmacia *no seu marido*, Cristina Prego García, ten que reproducir bioloxicamente unha nova xeración de Pregos, pero tamén tenlles que inculcar aos seus fillos o respecto simbólico que ela mesma aprendera cando nena, especialmente a distinción e respecto con que os varóns adultos eran tratados polos demais. Poñamos de exemplo as palabras de Couceiro Freijomil de cara Pío García Espinosa:

“El señor García Espinosa, al decir de un escritor, ‘convirtió esta obra en el poema de su vida’. Fue un temperamento artístico, un alma delicadamente soñadora ...”<sup>36</sup>

Estas actitudes de respecto e distinción públicas teñen que ser transmitidas cara adiante. Cristina ten que facerlles ver aos seus fillos as condutas do seu marido e dos seus irmáns homes, recordándolles a memoria dos seus devanceiros, as actitudes de honra, superioridade, amabilidade, carisma, (as que sexan). Pois nunca será suficientemente valorado o papel ideolóxico da muller na sociedade patriarcal e na mentalidade burguesa en particular. A muller cría nenos, lles ensina a lingua “nai”, lles fai madurar a identidade de xénero, pero tamén domina o parentesco, os chismes dos demais, a moral relixiosa, etc. De non ter sido así nunca houbera existido a herdanza, a propiedade privada, a escolarización, os negocios, e en definitiva, o progreso material a moitas

34. É necesario que exista un “aparheid” no idioma, tal e como sucede na diferenza idiomática entre os señoritos terratenentes do latifundio estremeño e andaluz e os xornaleiros que traballan para as súas terras. Alí tamén hai boticarios, médicos, avogados, etc. que viven na praza do pobo e falan diferente. O cal non impide que o cacique empregue a mesma lingua co campesiño, á hora de venderlle unha medicina ou facerlle algún favor. Tamén pode ser “campechano”.

35. Gonzalo Prego Punín, sogro de Santiago Botas Blanco, vive cos seus 12 fillos na rúa Real, número 6. Os seus socios, os comerciantes Salvadores Alonso e os 7 fillos Salvadores Casal viven enfronte, no número 7. De feito case todas as familias comentadas nos árbore familiares viven a escasos metros de distancia, Antonio Lamas Rey no número 8 Nicolás Barro Barra no número 10, Ramiro Barro Lage no número 11, a viúva de Leopoldo Díaz Rosado “Zamorano” no número 12, José Allegue del Río no número 13, Leonardo Díaz Rosado “Zamorano” no número 18, Luís García Novoa no número 21, Antonio Corral Meirás no número 26, os Rosado Fajardo no número 32, etc.

36. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Historia de Pontedeume*, 1971, p.70. O extraordinario é que esa distinción se siga recordando hoxe en día, 100 anos vista: “Don” Pío García Espinosa, no artigo de LUGILDE e CORREA antes citado.




xeracións vista. Os médicos, avogados, políticos, catedráticos, grandes comerciantes, resultan impensábeis sen a competitividade da muller respecto ás demais familias, algo que lles fai incluso sobrepoñerse ás circunstancias da guerra e da represión<sup>37</sup>.

Pero temos que recoñecer que nunha familia patriarcal é preferíbel ter fillos homes, tan só por unha cuestión de números. Nos padróns antigos sempre hai exceso de mulleres: solteironas, avoas, tías, serventas, etc., *en cada unidade familiar*. Cuestión moi lóxica, posto que a proporción natural de nacementos home-muller 1:1 non ten por que pregarse a unha construción cultural, como é o patriarcado<sup>38</sup>.

| Homes | Mulleres          |
|-------|-------------------|
|       | XO                |
|       | XXOO              |
|       | XXXOOO            |
|       | XXXXOOOO          |
|       | XXXXXXOOOOO       |
|       | XXXXXXXXOOOOOO    |
|       | XXXXXXXXXXOOOOOOO |

No patriarcado o mantemento económico da familia é competencia do home que, antes de casar, aprende un medio de vida, se prepara a través da educación, etc. Daquela, casa máis tarde<sup>39</sup>.




37. No noso banco de datos contabilizamos máis de 200 rapaces de fillos de represaliados, case todos eles fillos de mestres sancionados, e algúns deles fillos de fusilados e paseados. Cuxas familia lograron compensar as perdas, en novas unidades nucleares, tíos, parentes en segundo grao, etc., e recuperar o privilexio para o que naceran os seus fillos. O caso extremo é o dos fillos de Enrique Mazariegos, sindicalista empregado do Banco Pastor (paseado) e Mercedes Romero Abella, mestra (violada, mutilada e asasinada), que fixeron carreira en Santiago, ao ser adoptados por tíos de boa posición económica e social. En Pontedeume o consabido caso de Celestino Sardiña, con 3 parentes directos "paseados" (pai, tío e tío) que estudou en Barcelona e mesmo chegou a ser alcalde. Os fillos de Leonardo Díaz Rosado, que estudaron farmacia en Santiago, sacando Leopoldo adiante a farmacia e conservando o apelativo "heredeiros de Zamorano". Ou mesmo os fillos do malogrado Rodrigo Álvarez Pardo, que fixeron a reválida nos anos 50, etc.. A reestruturación familiar é imposible sen o convencemento das mulleres no proxecto patriarcal.

38. "En poblaciones crecientes en que los hombres se casan más tarde que las mujeres, el número de mujeres solteras puede exceder el número de hombres solteros, independientemente de la mortalidad". KNOLLE, Helmut: *Un modelo demográfico y su interpretación sociológica*, Boletín de Matemáticas, Nueva Serie, Volumen XII, Nº 2, 1995, pp 145-154.)

39. "Los Botas siempre tuvieron muy en cuenta que los hijos debían casarse a partir de los 25 años, mientras que a la mujer la casaban a edad más temprana. La razón era que el varón estaba al servicio de la economía familiar" Laureano Rubio. La saga Botas, Diario de León, 6 de maio de 1995. A cultura cristiá resitúa ás solteiras "improdutivas" dunha forma moito máis conciliadora que as culturas asiáticas ou precolombinas, que practicaban (e practican) a poligamia ou o infanticidio feminino (México, China, India).

Mais as castas liberais suficientemente capitalizadas incorporaron unha **novidade** a esa evacuación do excedente: o currículo feminino<sup>40</sup>. E velaquí o aparente paradoxo, (non tal), de ver como familias colaboradoras na instauración do poder franquista prepararon ás súas fillas para que rematasen sendo mestras ou farmacéuticas. Dadas unhas condicións económicas determinadas; anos 20-40, propagación da sanidade, médicos farmacias, instalación de redes de sumidoiros, escola nacional, etc.. condicións que gozaron as familias “oligárquicas”, as primeiras en ter auga corrente, cuarto de baño, bañeira, luz, etc. O que lles fixo concibir que non tiñan por que seguir mantendo a 2 ou 3 mulleres amas de casa (tías solteiras, avoas viúvas... para o caso xa tiñan serventas), sendo mellor para eles “educar” tamén ás mulleres, para aforrar cartos á familia, como dote e como seguro no caso de solteiría. E así sucedeu, incrementándose dende inicios de século o número de profesoras e sobre todo o número de farmacéuticas, a partires dos anos 20. Antes da II República.

Ollo, trátase dunha educación respectuosa coa orde idade-sexo, e cos valores relixiosos e morais. Falamos duns mínimos estudos de maxisterio (con 19-20 anos xa se era mestra), e carreiras curtas en comparanza cos maiores desembolsos dos fillos homes, en carreiras longas como Medicina ou Dereito, optando a bolsas de estudo e estancias no estranxeiro, como por exemplo esas grandes dinastías ligadas á universidade (Baltar, Carreró, Bescansa, Casares, Cobián, etc.), que facían o doutorado en Madrid e integraban na burocracia intelectual e na vida política das principais cidades galegas...



**Arbore 5.** Familias ferrolás da Mariña. Os Franco pertencían a unha importante casta de mariños instalada nas principais rúas ferrolás. Pilar casara co enxeñeiro cacereno Alfonso Jaráiz Pérez-Fariña, e ambos decidiron pasar as tempadas estivais en Pontevedra, na compañía dos seus fillos. De feito Pilar converteuse nunha icona para a dereita local, sendo homenaxeada en repetidas ocasións, tralos sucesos de 1936. Os seus fillos estudarían en importantes colexios (Santiago Apóstolo, por exemplo), especialmente as fillas, a primeira xeración de mulleres que estudaría en serio

40. Un indicador apropiado para a igualación da muller é o das notas académicas, o rendemento escolar. Até ben entrada a reforma Villar Palasí (Colexio Público Arzobispo Rajoy, logo Couceiro Freijomil) as rapazas mantiveron sempre un atraso histórico cos homes, en cursos de repetición. Non obstante nos anos 50 xa existía un pequeno colectivo de rapazas que igualaban en notas aos varóns, debido a esa estratexia patriarcal do currículo feminino, en grupos que progresaban economicamente, estratexia que se ía mimetizando conforme o desenvolvemento socioeconómico dos anos 60 en adiante.

E así sucedeu en Pontedeume. As mulleres de familia liberal tiveron este símbolo de subordinación inalterábel até ben entrado o século XX.



Momento tras o cal a xeración nacida nos anos 20 comezou a financiar estudos ás mulleres, por exemplo na casta dos González Botas, dos Bellas Lamas, Díaz Rosado, Díaz Espada, e significativamente na casta dos ... Franco Baamonde, ¡as sobriñas de Franco!

### Árbore 6: Os Sardiña

[illegible]


Figure 1: Schematic representation of the genetic architecture of the 1000 Genomes Project. The diagram shows three populations: European, African, and East Asian. Each population has a 'Genetic Ancestry' box and a 'Genetic Ancestry' box. The European population is represented by a tree with a root at the top and branches leading to 'European' and 'African' populations. The African population is represented by a tree with a root at the top and branches leading to 'African' and 'East Asian' populations. The East Asian population is represented by a tree with a root at the top and branches leading to 'East Asian' and 'African' populations. The diagram illustrates the genetic relationships and the flow of genetic information across these populations.

Miguel Regueira Fernández foi alcalde como republicano independente dende 1931 até novembro de 1934, momento no que foi detido por presunta posesión de armas, sendo deposto do seu cargo, xunto con outros 3 concelleiros. En 1936, coa vitoria da Fronte Popular volveu ao seu posto, ao que renunciou por motivos nada claros<sup>41</sup>.

41. *“espero que esta corporación tenga la gracia de admitirme la renuncia por considerarme desairado y hallarme en mal ...”*  
Non sabemos se este home supuña o equilibrio entre ambas as redes ideolóxico-clientelares –algo así como un Portela Valladares á eumesa, posto que inmediatamente se designou a clásica corporación monacor de esquerdas. (AMP, Acta Municipal 29 Febreiro 1936)

Daquela temos por un lado o parentesco do seu malogrado primo José cos Díaz Rosado, e por outro lado unha relación política excepcional, proclive como escudo fronte posibles represalias.

### Árbore 8. Labregos. Os Amado e os Rodeiro.



Se existe un apartheid e un sistema caciquil, este é iniciado polos propios labregos cando buscan o progreso da propia familia e a diferenciación do seu contorno campesiño. Xa que logo a orixe de todas as familia reside no campo - do mesmo xeito que do campo xurdirá o exército de traballadores que contratará ASTANO.

Mais no campo existen fondas diferencias sociais, con centos de labregos que se enriquecen herdando terras a través das melloras, reconverténdose en propietarios e negociantes. Daquela os labregos ricos pasan a educar aos seus fillos en colexios privados, mentres casan ás fillas con extraordinarias dotacións. Sucede así dende o século XVI, e a cachón dende a Revolución Liberal. Non hai saga de músicos, médicos, avogados, etc., que non comece cun campesiño enriquecido, un muiñeiro, un panadeiro, un carpinteiro beneficiado pola estratexia de parentesco patriarcal, combinada coa inversión de capital.

Ese ao o caso do médico municipal Constantino Amado Cagiao, alcalde con Primo de Rivera, do sindicato agrícola católico, e en xeral un influente de dereitas relacionado cos García Novoa e Prego Punín. Constantino foi fillo de ricos labregos emparentados nas parroquias Monfero, Queixeiro, Taboada e Vilarmaior. Xa que logo, diferenciado do seu contorno campesiño, e ingresado no parentesco e na dinámica social daqueles que ían á universidade.

## FONTES

### Arquivo Histórico Universitario (AHUS)

- Expedientes de Bacharelato (1939-1956)
- Expedientes de Universidade (1900-1956).

### Arquivos municipais: Santiago, A Coruña, Ferrol.

- Padrón de Poboación 1940.
- Padrón de contribución territorial 1950.
- Padrón de contribución rústica 1950.
- Matrícula industrial 1940.

### Hemeroteca:

- La Voz de Galicia. (Eleccións 1931, sancións, depuracións 1936-1938).

### Arquivo municipal de Pontedeume (AMP)

- Padrón de poboación. Contribución territorial. Matrícula industrial. (1924, 1940).
- Actas do concello (1880-1950).
- Expedientes de recrutamento a quintas (1930-1940).
- El Eume (1890).
- Ecos del Eume (1906-1918).
- Programa das festas de Pontedeume (1920-1950).

### Arquivo do Reino de Galicia (ARG)

- Causas criminais. Pontedeume (1930-1940).
- Audiencia Territorial. Pontedeume (1930-1940).

## BIBLIOGRAFÍA

- ALLONES, Carlos: *Familia y capitalismo*, USC, Santiago, 1999.
- GRANDÍO, Emilio: *Ecos de violencia*, Cátedra, Monografía 2, Concello de Pontedeume, 2006, pp.8-12
- GRANDÍO, Emilio: *Años de guerra*, Vía Láctea, A Coruña, 2000.
- KNOLLE, Helmut: *Un modelo demográfico y su interpretación sociológica*, Boletín de Matemáticas, Nueva Serie, Volumen XII, Nº 2, 1995, pp 145-154.)
- LUGILDE, Carmen, e CORREA, José F.: *Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro*, Cátedra, nº 3, Concello de Pontedeume, 1993, p. 201-212.
- MARTÍNEZ, Lupe: *Asociacións políticas e sindicais durante a II República en Pontedeume*, Cátedra, Monografía 2, Concello de Pontedeume, 2006, pp.33-52.
- MOYA, Carlos: *Señas de Leviatán. Estado y sociedad industrial: España 1936-1980*, Alianza, Madrid, 1994.
- PAZ FERNÁNDEZ, Xosé: *Apuntamentos da sanidade eumesa*, Cátedra, nº11, Concello de Pontedeume, 1993, p. 209-234.

RUBIO, Laureano: “La saga Botas”, *Diario de León*, 6 de Maio de 1995.

RUBIO PÉREZ, Laureano: *Botas y Salvadores. Una casta, un linaje, una familia de arrieros maragatos entre los siglos XV y XIX*, Gráficas Gama, León, 1995.

OBRINO CEBALLO, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M.: *Apuntes para un estudio da represión franquista en Pontedeume: a execución do boticario Leonardo Díaz Rosado*, Cadernos do Ateneo Eumés.

# **A CAPELA DE SANTA MARGARIDA DO VAL. UN CONXUNTO DE INTERESE ETNOGRÁFICO E ARTÍSTICO EN NARÓN**

**Juan J. Burgoa**

## **ESPAZOS SAGRADOS. SANTUARIOS, FONTES E CRUCEIROS**

Nos tempos actuais o estudo da relixiosidade popular, das crenzas, costumes e tradicións asociadas á mesma, deixou atrás unha etapa na que a súa orixe se atribuíu á ignorancia e á superstición do pobo, aínda que semella perdurar esta consideración en certos estratos presuntamente progresistas da sociedade actual, confundindo deste xeito o que constitúe un concepto único e elitista da cultura co que realmente se trata dun variado abano de manifestacións dos modos de vida tradicionais dos diferentes pobos, por outra banda hoxe en transo de desaparición.

Galicia é unha boa mostra de como as culturas non só se diversifican nos diferentes ámbitos espaciais, se non tamén como teñen variado co paso do tempo. Na súa especial e espallada ordenación do territorio e ao longo da súa particular historia, pasada a época na que os señores galegos dominaran aos rebeldes campesiños e á incipiente burguesía, e despois de que os Reis Católicos someteran á posterior nobreza dominante, deuse un proceso no que as cidades e vilas importantes foron converténdose nos eixes da modernidade, do comercio e da industria, mentres persistía no amplo eido rural un xeito de vida baseado normalmente nunha sociedade de usos e costumes tradicionais.

Un percorrido pola nosa xeografía amosa que a localización dos santuarios rurais de Galicia nunca foi elixida ao chou. Desde tempos inmemoriais, as alturas, e os montes en particular, foron sinalados como lugares sacros, estando marcados pola previa presenza de vellos cultos e sendo considerados particularmente propicios para a manifestación do poder divino. Por iso acometeuse a construción de capelas, ermidas e santuarios, nun intento de cristianización dos cumios como lugares onde acudían os antigos poboadores a adorar os seus deuses. Este é, por exemplo, o caso do monte de Chamorro no que se levanta a ermida de Nosa Señora do Nordés, na aba sur do cume, desde onde se contempla unha fermosa panorámica do val de Serantes, a cidade de Ferrol e a súa vizosa ría.

Pero tamén, normalmente fóra dos núcleos urbanizados, tanto na beira da costa como nas chairas e os vales, son numerosas as construcións relixiosas que a espallada poboación galega foi



erixindo na honra das súas particulares advocacións, moitas veces herdeiras de antigas deidades e santos pagáns. Débese ter en conta que, na sociedade tradicional do mundo rural, a relixión foi sempre un elemento artellador que se mestura coa vida cotiá, chegándose a unha confusión entre o sagrado e o profano, e dando orixe a uns dos elementos claves da vida destas sociedades: a lenda e o mito.

Nestes lugares, o espazo sagrado non só o constitúen o propio edificio relixioso e as construcións adxacentes incluídas no adro eclesial, senón tamén o ámbito circundante que pode abranguer un torreiro ou campo da festa e un souto arborado, formando todo iso unha unidade no seu conxunto. En moitas ocasións, a sacralidade deste espazo pode quedar reforzada por un ou varios elementos; a sabermos, un cruceiro -ás veces coas súas estacións de Vía Crucis no camiño penitencial ou de romaría-, un peto de ánimas, unha fonte de augas con propiedades curativas, unha cova onde tivo lugar una aparición milagrosa e incluso algunha pedra de vellos cultos, sexa abaladoira, de carácter funerario ou fertilizante.

Unha constante practicamente observada en todos os casos de existencia dun santuario é a confluencia de datos históricos, máis ou menos documentados, xunto cunha serie de elementos baseados na lenda e a tradición. Iso reflítese nun conxunto de prácticas como son as romarías, a medio camiño entre o pagán e o sagrado, uníndose a un variado mostrario onde as prácticas devotas como a misa solemne, a procesión e os variados ritos relixiosos que marca a tradición como o de bicar o santo, a ofrenda de exvotos, a bendición do ramo ou a poxa de andas continúanse máis tarde coa festa laica e popular que se acompaña do baile, a música, os estralos dos foguetes e o xantar comunitario. Tamén moitas veces a orixe do santuario acostuma a levar asociada algunha lenda relativa a unha aparición da Virxe, a presenza da tumba dalgún santo ou o achado casual e non explicado dalgunha imaxe relixiosa.

## A PARROQUIA DE SANTA MARÍA DO VAL

A histórica parroquia de Santa María a Maior do Val, que foi matriz de San Xoán de Baltar, pertence hoxe en día ao concello de Narón e ten un gran interese etnográfico, conservando un notábel folclore derivado do seu vello acervo histórico. Dentro da comarca funcional de Ferrolterra e da histórica Terra de Trasancos, segundo a autorizada opinión do arqueólogo Andrés Pena, probablemente toma o seu nome da igrexa de “Sancta María Maior ad términos de Vallemalo” (para algúns Vallemalo pode aludir ao terreo arxiloso no que se asentaba a igrexa), templo mencionado por vez primeira nas coleccións diplomáticas dos mosteiros de Xuvia e Pedroso nun documento de doazón do ano 1121. Así e todo, para o filólogo Álvaro Porto o nome do Val é “un topónimo absolutamente transparente”, aludindo ás propias características xeográficas do terreo que abrangue a parroquia, considerando improbable que Vallemalo se refira a este lugar.

O certo é que o amplo territorio desta freguesía abrangue un profundo val protexido polos montes da Lagoa das rexas nordesías e temporais da fragosa costa atlántica. Nun apracíbel rueiro interior da parroquia atópase a fermosa capela de Santa Margarida, preto dun conxunto de casas de

pedra, algunhas delas rehabilitadas e ben conservadas. Na encrucillada que está fronte á capela levántase un secular cruceiro e na súa proximidade, ás costas do templo, sitúase unha tradicional fonte de augas curativas. A conformación destas tríades (capela, cruceiro e fonte), de grande interese histórico e etnográfico, é habitual en moitos lugares sacros de Galicia, algúns deles de gran sona como é o caso das ermidas e santuarios da Virxe de Pastoriza en Arteixo, de Nosa Señora do Faro en Chantada, de Nosa Señora dos Milagres do monte Medo, de Santa Tecla na Garda ou de Santiaguíño do Monte en Padrón, só por poñer algúns exemplos.

A parroquia de Santa María do Val, co seu maior núcleo de poboación establecido no lugar de Santa Margarida, ten un grande acervo etnográfico e unha historia de seu que lle confire un grande interese. Dun xeito abreviado pódese lembrar o período que vai do Neolítico á Idade do Ferro, cun interesante legado de construcións materiais, mámoas e castros, ademais dos expresivos topónimos e as fermosas lendas, como as da Pena Molexa e da Pena Lapesa; o seu paso pola época medieval que deixou a notábel testemuña material das herdades e vilas de Pradeedo, Quintá e Vilacornelle; a presenza na Idade Moderna de até cinco coutos xurisdicionais na freguesía, coa interacción de diferentes liñaxes e señoríos no seu territorio onde moraban 724 almas, como testemuña o catastro do Marqués da Ensenada do ano 1752; a presenza de diversas confrarías e a pertenza ao histórico camiño de peregrinación a San Andrés de Teixido cun albergue e hospital para romeiros e pobres itinerantes, asentados en dúas casas do propio lugar de Santa Margarida; a fundación e evolución histórica de interesantes e artísticas construcións como son o pazo e convento de Baltar, a igrexa parroquial de Santa María a Maior e a mesma capela de Santa Margarida.

Esta longa historia deixou na freguesía do Val un abondoso patrimonio material, un notábel folclore e unha pegada inmaterial -o que os nosos devanceiros chamaron cultura espiritual e que hoxe se coñece como patrimonio intanxibel - que persiste na memoria da tradición oral dos seus veciños; en resumo, un interesante patrimonio cultural que foi pescudado de xeito completo por Andrés Pena en varias publicacións que se citan na bibliografía -especialmente nunha coidada monografía que dedicou á parroquia de “Sancta María Maior” do Val-, polo que non se considera necesario abondar niso ao longo deste traballo.

## A CAPELA DE SANTA MARGARIDA

A sinxela e fermosa capela de Santa Margarida, ergueita nun despexado escenario que amosa o que puido significar a ampla extensión que tivo o seu antigo adro, posúe medianas dimensións e dispón dunha planta basilical, con tres corpos rectangulares que forman sucesivamente a nave principal, o presbiterio e maila sancristía, todos eles co seu piso lousado. O edificio cóbrese dunhas ringleiras altas de tella curva con abondosa presenza do pouco nobre material de uralita, con caída a dúas augas na nave e

Vista xeral da capela



na sancristía, e a catro augas no presbiterio central. Os muros de carga son de perpiaños de pedra de granito de diferente corte e tamaño, cunha zona de pedra calcaria moi luída no seu frontis, complementados nalgúñas partes do templo co emprego de cachotería, en especial na cabeceira.

Esta diferente estereometría reflítese nunha mestura de amplos perpiaños de época barroca e outros máis pequenos que parecen dunha época anterior. Tamén, en zonas arredor da porta lateral dereita pódese ver que o aparello empregado é do tipo de sogá e tizón. Estas diversas calidades e características da pedra usada na fábrica do templo, incluídas as zonas de cachotería, fan que o escritor Souto Vizoso nun traballo que fixo o ano 1984 sobre a fonte e a capela de Santa Margarida queira ver até tres diferentes épocas ou etapas na súa construción, incluso aventurando a súa orixe arredor do ano 950, “bastante despois de que fora destruída a cidade ártabra de Libunca, feito que tivo lugar no 820”, aínda que non achega apoio documental verbo desta relación e desas precisas datas.

A fachada do templo coróase cunha espadana de formas achaparradas e dobre vano, aloxando unha única campá e constituíndo practicamente o seu único remate dous pináculos laterais de forma cónica. A porta principal leva encima unha pequena ventá e está enmarcada por un arco conopial con catro finas arquivoltas boceladas que nacen de dúas estreitas columniñas entregas rematadas con pequenos capiteis de adobíos florais, rematándose a arcada nun florón en medio relevo, todo iso de pedra calcaria moi erosionada. Nos laterais altos do seu lintel rectilíneo leva incrustadas dúas pedras de armas: unha que representa un xabaril (ou mellor, un porco bravo), animal totémico do brasón dos Andrade, e outra un escudo cunha banda engolada que leva a inscrición de “Ave María Gratia Plena”, lenda tamén da mesma liñaxe que tivo o señorío da zona. Aparecen tamén diferentes tipos de cruces, unhas en relevo e outras gravadas, en varios lugares da fachada e dos muros do templo, que semellan ser marcas gremiais de canteiros.



Portada da capela



Escudo coa banda engolada dos Andrade

No medio do muro lateral dereito da nave principal leva outra porta, tamén de arco conopial, dunha sinxela e única moldura. A aparente rudeza que amosa o traballo dos elementos de ambas as dúas portas pódese deber á dureza do material empregado máis que á propia impericia do autor, segundo a opinión do profesor Valle Pérez que data a portada a comezos do século XVI, coa

difficultade derivada dun xuízo emitido á vista tan só dunhas fotografías. Na parede lateral esquerda da mesma nave ábrese unha sinxela seteira.

O interior da capela está recuberto de madeira que oculta a bóveda rebaixada da nave principal, presentando á entrada unha pequena pia bautismal e un pequeno coro de madeira cunha escada lateral de acceso. Achegados a ambas as dúas paredes laterais da nave central colócanse senllas mesas pétreas de altar de aparente antigüidade, hoxe fóra de uso. A sancristía da cabeceira comunícase interiormente co presbiterio mediante dúas portas situadas nos extremos do retablo mentres abren ao exterior unha porta e unha fiestra de moi simple feitío.

O presbiterio cóbrese cunha sinxela bóveda de crucería de catro nervios diagonais, que tamén está recuberta de madeira, mentres que o arco faixón apuntado que dá paso ao presbiterio é de granito revocado, estando apoiado en dous fermosos capiteis ou modillóns, hoxe pintados en ton azul claro. Estes capiteis están colocados sobre unhas pilastras formadas por columniñas de triplo lóbulo, amosando as devanditas pilastras unha lixeira inclinación cara aos muros laterais.

A decoración dos capiteis é de gran interese e marcado simbolismo, e quizais agache moitas claves da antigüidade deste templo. O capitel dereito, mirando cara ao altar, leva uns adobios entrelazados de trezado simple con posíbel proxenie celta que enmarcan unha serie de figuras simbólicas en baixorrelievo. Segundo unha discutíbel interpretación persoal que fai Fernán Gómez nun recente traballo na revista Cátedra, inicialmente dedicado á capela de Santa Comba da veciña freguesía ferrolá de Covas, as citadas figuras poderían ser unha osa, unha pomba, unha pluma de pavo real e unha cuncha de vieira. Para o devandito autor, as tres primeiras figuras son símbolos procedentes dos primitivos tempos de cristianismo e corresponden aos atributos iconográficos de



Capitel dereito



Capitel esquerdo

Santa Comba de Sens -tamén coñecida como Columba ou Coloma noutros lugares da península- unha das santas máis antigas no culto hispánico e que, desde a súa inclusión no santoral visigodo, en moitos lugares de Galicia ten sona de meiga conversa.

Non obstante, parece máis verosímil que a figura do cuadrúpede citado en primeiro lugar sexa precisamente o dentado porco bravo dos Andrade ou que se poda tratar da representación dun dragón -símbolo que acompaña a Santa Margarida de Antioquía-, segundo a interpretación que fai o historiador Andrés Pena. Tampouco parece tan clara a diferenciación da considerada pluma dun pavo real do que podería ser unha palma, símbolo do martirio de moitos santos, incluída a santa de Antioquía. Respecto á pomba débese ter en conta que non só é atributo específico de Santa Comba senón que tamén é unha representación constante e diacrónica do Espírito Santo e un antigo símbolo da pureza e a inocencia.

Tampouco semella clara a presenza dunha vieira xunto cos outros tres símbolos, dentro da tese sostida por Fernán Gómez no devandito traballo. Esta cuncha tivo unha diversa simboloxía ao longo dos tempos: é o atributo de Venus nacida do mar, o símbolo da fertilidade e un antigo motivo funerario ligado á resurrección do ser humano no Xuízo Final (aparecendo colocada en moitas tumbas no mundo occidental), representando tamén o amor e a atracción sexual no mundo occidental e, desde os séculos XI e XII en adiante, foi o símbolo dos peregrinos a Santiago.

No que atinxe ao capitel esquerdo, adobiábase con baixorrelevos que Fernán Gómez considera como dous pavos reais enfrontados que representan a resurrección e a gloria eterna, lembrando que ese motivo de orixe oriental se remonta ao século IV e que se utilizou con frecuencia na época altomedieval, aínda que cremos que tamén poderían ser dúas pombas peteirando un acio de uvas ou algún outro elemento vexetal, nunha simbólica alusión á eucaristía da arte medieval e renacentista. En todo caso, este derradeiro motivo non é ben visíbel por mor dunha fenda vertical intermedia que presenta hoxe o capitel, feito que esta vez Fernán Gómez adxudica á presenza dunha vella reixa de ferro que illaba a ábsida dos fieis na época medieval.

En todo caso, parece que estamos ante uns capiteis interesantes e arcaicos que, segundo a autorizada opinión do profesor Valle Pérez -sempre á vista das fotografías remitidas-, semellan amosar máis a pouca pericia do seu autor que unha contrastada antigüidade. Sen descartar plenamente a súa procedencia do primitivo e veciño templo de Santa Comba, como apunta Rosa Méndez nun recente artigo sobre arquitecturas medievais de Ferrol, están dotados de certa rudeza primaria, pero en absoluto carentes de sentimento, reflectindo un programa alegórico e iconográfico, talvez da arte cristiá primitiva ou simplemente de época medieval, mais de gran interese e nos que se debería afondar no seu estudo.

Noutra orde de cousas, segundo unha alambicada, novidosa e cremos que arriscada teoría que apunta Fernán Gómez no mesmo traballo, a inclinación das citadas pilastras débese ao empuxe causado pola deformación que sufriu o arco triunfal de ferradura orixinal -que arrinca claramente retraído da superficie de apoio dos capiteis-, até adquirir as actuais características oxivais de arco apuntado, por mor do replanteo feito no templo ao desaparecer os dous coros laterais propios dun cenobio altomedieval como puidera selo este templo. Polas devanditas razóns e a presunta presenza dun arco de ferradura, o citado autor adxudica a esta capela unha antigüidade anterior ao século IX, que é incluso superior á que lle concedeu Souto Vizoso no seu citado traballo sobre a fonte e a capela de Santa Margarida.



Interior da capela co arco triunfal en primeiro termo

guesía ferrolá de Covas. Non obstante, cómpre dicir que o autor se move no terreo das hipóteses, xa que non achega proba documental ningunha sobre o particular e que, por maior abastanza, non resta lembranza ningunha desta teoría na memoria dos veciños de Santa Margarida.

O altar central da capela leva un sinxelo retablo de fondo sabor popular rematado dun frontón curvilíneo, policromado en cor salmón combinada con tons verdes e brancos, levando un fornelo central entre columnas cunha dinámica imaxe de Santa Lucía ollando cara ao ceo, na súa tradicional representación de moza nova, vestida de patricia romana cunha túnica de movidos pregos, unha palma na man dereita e un prato amosando os seus ollos arrincados na esquerda. Nun pequeno altar lateral, atópase unha recente imaxe de escaiola da titular da ermida, Santa Margarida de Antioquía (a orixinal, segundo os veciños, feita de madeira e moi sinxela, perdeuse nun incendio), en actitude serena e coas súas elegantes roupaxes de xeométricos pregos vermellos e verdes escuros, amosando como atributos a palma do martirio e o dragón aos seus pés. A santa está colocada sobre andas, disposta para ser levada en procesión.



Imaxe actual de Santa Margarida

Tendo en conta as características construtivas que amosa a portada principal, practicamente toda ela feita de pedra calcaria moi erosionada, Andrés Pena adxudica a construción da capela -ou reconstrución, caso de se confirmar, como algúns autores apuntan, a existencia dun templo anterior- ao segundo terzo do século XVI (arredor dos anos 1530-1540), apoiándose na traza hispano-flamenga do alfiz renacentista que inscribe a portada, escribindo que foi “seguramente construída por orde de Fernando de Andrade e da súa dona Inés de Castro e Lanzós”. Esta

cronoloxía semella axeitada xa que ambos foron os primeiros señores de San Sadurniño desde principios do século XVI.

Segundo a non moi abundosa información que nos foi fornecida polos freires claretianos do convento de Baltar -encargados hoxe en día do culto na parroquial de Santa María a Maior do Val e na propia capela de Santa Margarida-, as únicas referencias escritas das que dispoñen deste último templo son do ano 1614, data na que indican que tivo lugar unha visita pastoral á capela; e do ano 1664, data na que se iniciou o primeiro libro de fábrica de Santa María a Maior, información que non chega ningún dato de interese, nin engade ningunha data concluínte que se refira á antigüidade da dita capela.

## O CRUCEIRO

Os cruceiros, sobranceira recreación galega que é o froito da unión simbiótica da cruz, a pedra e o camiño, constitúen fitos santificadores dos rueiros, encrucilladas, adros parroquiais, torreiros e campos de romarías, engadindo cos seus ritos e costumes asociados unha nova compoñente etnográfica e devota ás manifestacións da relixiosidade popular. Souberon velo así os nosos poetas, como Lamas Carvajal: *“Sempre gardan cen memorias/ d’amantes tenras historias/ os cruceiros de lugar”*, Amado Carballo: *“A agonía do solpor/ conmove o pranto da terra/ e o paisaxe persínase/ con santas cruces de pedra”*, María Mariño: *“Somos terra de cruceiro/ somos coroa esquecida/ somos bágoa d’outro tempo”* ou Avelino Gómez Ledo: *“Alí onde se xuntan/ en cruce algúns sendeiros/ os sencillos cruceiros/ alí sempre se ven”*.

No caso de Santa Margarida, o seu cruceiro, enfeitado por abundosos e verdecentes liques, serve tanto de elemento sacralizador do ámbito relixioso arredor da capela como de icona relixiosa que sinala a capela e acolle os fieis que se achegan ao templo. Trátase dunha obra de certo interese, dentro das formas arcaicas, populares e pouco requintadas que amosa, semellando ser un traballo da segunda metade do século XVIII, confirmado pola devandita información obtida no convento de Baltar que data o cruceiro no ano 1744. Por outra banda, esta obra presenta características formais parecidas aos cruceiros das capelas de San Xiao dos Osos en Moeche e de San Antón de Corveiro en Cedeira, e ao chamado Cristo de Rebordelo da vila cedeirense, sendo posiblemente todos eles se non da mesma man polo menos da mesma escola ou obradoiro familiar. De gran interese e cunha feitura semellante era tamén o cruceiro ergueito no próximo e histórico lugar de Pena de Embade, en pleno camiño a Teixido, hoxe restaurado dunha forma pouco axeitada.



Cruceiro de Santa Margarida.  
Acuarela de Rodríguez Soto



Cruceiro de Santa Margarida.  
Detalle da cruz

O cruceiro de Santa Margarida está elaborado de serpentina ou pedra de Moeche, excepto o pedestal prismático e os catro chanzos da plataforma que son de pedra de gra lúida polo paso dos anos, o que podería indicar a presenza dun cruceiro máis antigo nese mesmo lugar, quizais da época da fundación da capela no século XVI, o que non debe descartarse pola antigüidade da construción relixiosa á que serve de referencia sacra, sendo un feito que xa apuntou atinadamente Andrés Pena. A serpentina ou pedra de toelo, empregada no resto do cruceiro actual, é un material autóctono, de abundante presenza nas comarcas de Ferrolterra e Ortegal, sendo un mineral máis brando e obediente ao traballo do cicel que a pedra do granito, polo que foi utilizado de xeito usual polos canteiros de ambas as dúas comarcas. O

seu brillo craso, a súa cor e tonalidade, entre verdosa, griseira e rosa, e o seu particular xaspeado confírenlle unha atractiva tonalidade que varía coa luminosidade ambiental, pero que lle causa un maior desgaste e erosión co paso do tempo.

A columna ou varal do cruceiro, bastante grossa e de sección marcadamente oitavada, con remates de landra na súa parte alta, é máis curta do normal. O capitel é de forma cuadrangular cunhas molduras pouco traballadas de caveto e bocel. A cruz de coroamento é grossa e de gran peso, cunha sección cadrada que remata nos seus extremos con adobios de semiesferas. A imaxe frontal é a de Cristo de tres cravos, pegado ao madeiro baixo un gran pergamiño de INRI, a testa ladeada á dereita e coroada de espiñas, as mans apertadas como sinal da misericordia de Deus, o torso de marcada anatomía e o perizoma ou pano de pureza amarrado cun avultado e rechamante bucle, amosando as súas pernas seccionadas por unha posíbel agresión.

Ao dorso do cruceiro aparece unha efixie da Virxe da Soidade ou das Dores, de feitura tipicamente galega, esculpida con certo detalle dentro do seu pouco relevo, coas súas máis colocadas sobre o seu peito nunha recollida actitude, vestida cun amplo manto desde a cabeza e unha longa túnica de simétricos pregos lixeiramente marcados. Por razóns de culto e presentación aos fieis, a Virxe amósase situada nunha clásica postura frontal e hierática sobre unha peaña en forma de copa moldurada.

## A FONTE

Galicia é terra de abondosas fontes e augas correntes. No imaxinario popular persiste a crenza de que a auga é o elemento fundamental máis forte que os restantes: o lume, a pedra e o ar; é un ser que garda e outorga a vida, incluso agachando nas fontes, lagoas e ríos a presenza de xanas, encantos e meigas. As lendas, cantigas e romances de pobo amosan a carga simbólica das fontes, translocen as manifestacións dos vellos cultos hídricos e gardan a idea dunhas augas case sempre beneficiosas e profilácticas, moitas veces sandadoras e, en ocasións, fecundantes. Xa no século XVI



escribía o Licenciado Molina: “*Todo en Galicia se es agua e frescura*”; e máis tarde, no XVIII, apuntaba o pai Sarmiento: “*Las aguas en Galicia son como las romerías, cada día hay una nueva*”.

Dentro do proceso de fomento da devoción aos santos e á Virxe que de sempre promoveu a Igrexa, as peregrinacións e as romarías ocupan un lugar destacado, perpetuando dun xeito sincrético antigas crenzas e tradicións. Incorporadas dentro dos propios camiños ou colocadas ao final do traxecto, as “fontes santas”, onde desde vedraños tempos acudía a poboación rural en procura da saúde perdida, foron cristianizadas baixo o padroado dos santos milagreiros ou a Virxe. Como no resto de Galicia, nas comarcas de Ferrol, Ortegal e Eume non é infrecuente a presenza destas fontes, e así temos en lugares próximos as da Nosa Señora do Nordés en Chamorro, A Virxe da Mercé de Chanteiro en Ares, Santa Eulalia de Valdoviño, San Roque do Camiño nas Somozas, San Ramón de Sillobre en Fene, San Andrés de Teixido en Cedeira, Santa María de Monfero ou San Xoán de Caaveiro na Capela.

Non debe, polo tanto, estrañar neste caso a presenza dunha fonte milagreira. A fermosa e suxestiva fonte de Santa Margarida atópase agachada e de costas ao visitante, a pouca distancia da parte traseira da capela e non lonxe do próximo leito do rego Vespasante ou Freixeiro. Non obstante, a localización actual no é o orixinal, posto que o ano 1802, dado o mal estado da fonte, se rehabilitou e trasladou até un lugar un pouco máis abaixo de onde estaba inicialmente. Arrodea a fonte un muro de cachotería dotado de antepeito e que ao inicio da baixada serve de pasamáns, dado que a fonte está a case tres metros de profundidade. Báixase cara a ela por unha longa escaleira de pedra de dezaioito banzos e ao seu fronte leva un pequeno e sinxelo alpendre de feito de madeira recuberto de tella do país para acubillo e descanso dos visitantes e romeiros.

No muro oeste de alpendre atópase incrustada dun xeito rústico unha imaxe pétrea antropomorfa que os veciños adxudican a Santa Margarida, obra de indubidábel antigüidade, cunhas formas moi sinxelas e bastas, totalmente erosionada e decapitada. Polas súas características semella máis críbel que a citada efíxie, que se apoia nun esteo cuadrangular co que forma unha



Baixada á Fonte de Santa Margarida

Fonte de Santa Margarida.  
Detalle do frontispicio



única peza e que puidese ser parte do pao vertical dunha cruz, fose realmente unha Virxe en actitude orante de mans xuntas, pertencente ao remate traseiro do primitivo cruceiro de pedra de gra que se levantou neste lugar nos primeiros anos do século XVI e ao que fixemos referencia con anterioridade.

A fonte é de cantería de boa traza sendo unha posíbel obra do século XVII. O corpo principal é de grosos perpiaños e remátase dun amplo frontón triangular con moldura de bocel, levando gravada no centro do seu frontispicio unha boa cruz patada inscrita nun cadrado, que tanto Andrés Pena como Souto Vizoso consideran que se trata dunha cruz da orde militar de San Xoán de Xerusalén (ou desde principios do século XVI, orde de Malta). Segundo os traballos de Rafael Usero, esta orde, establecida no mosteiro sanxoanista de Portomarín no ano 1158, tivo gran arraigo nas terras de Cedeira desde fins do século XV, poñendo baixo a protección dos señores de San Sadurniño, a devandita rama dos Andrade, os templos de Teixido e Régoa, tal como demostra a cruz de Malta colocada na parte alta do brasón dos Andrade, hoxe localizado no interior do santuario de San Andrés de Teixido.

Neste senso, no seu citado traballo Souto Vizoso fala dun suposto Padroado Laical compartido entre a citada Encomenda de Portomarín e a rama dos Andrade de San Sadurniño, non só da capela de Santa Margarida senón que se estendía tamén ás ermidas de San Martiño de Vilarrube e da Concepción de Liñeiro, coñecida como ermida da Fame. Precisamente, na parte alta do retablo de estilo barroco popular da derradeira ermida aparecen dous medallóns con senllos retratos que a tradición vén adxudicar a Fernando de Andrade e Inés de Castro, aínda que un coñecedor da historia e da arte da comarca, Rafael Usero, non está de acordo nesa adxudicación. Por outra banda, Andrés Pena explica a presenza da devandita cruz de Malta na fonte de Santa Margarida como un sinal do vello camiño que seguían os peregrinos cara a Santa Comba de Cobas e San Andrés de Lonxe.

Volvendo á fonte de Santa Margarida, de augas reputadas como curativas, ten unha pía con dous canos, dos que abrollan as augas a través de dous amplos e xenerosos “peitos” ou mamas de pedra; o da esquerda dedicado a Santa Margarida e o da dereita a Santa Lucía. Se as augas do cano de Santa Margarida, patroa da fecundidade e protectora das mulleres en parto, curan as enfermidades da pel, as doenzas da gorxa e a esterilidade; as do cano de Santa Lucía, patroa dos cegos, das costureiras e dos canteiros, e reputada como avogosa das enfermidades da vista, son utilizadas para a curación das afeccións dos ollos, polo que tempo atrás a xente que visitaba este lugar deixaba os panos utilizados para lavar a parte afectada do corpo nas árbores ou nas silveiras do campo preto da fonte.

Con respecto ao cancionero popular, Esperanza Piñeiro e Andrés Gomez na súa publicación sobre as lendas máis coñecidas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal recollen a cantiga referida a esta fonte: *“Santa Margarida ten/unha fonte con dous canos,/alí é onde se van a lavar/aqueles males estraños”*. Tamén algunhas persoas veciñas deste lugar aínda lembran outra coñecida cantiga que nos deron a coñecer: *“Miña Santa Margarida/ miña Margarida Santa,/ a auga da túa fonte/ curoume a miña garganta”*.

Débase lembrar que a devoción popular a Santa Margarida e Santa Lucía corre parella en moitos lugares da terra galega, como ocorre nas comarcas coruñesas de Bergantiños e Terra de Soneira coas ermidas de Santa Margarida de Baneira en Cabana e as súas homónimas de Montemaior en Laracha e de Muíño en Zas, que contan con senllas “fontes santas” e afamadas romarías. De feito, tanto o nome dunha como doutra santa aplicáanse con bastante asiduidade á lúa en Galicia (pola contra, a advocación de Catarina emprégase máis en terras de Castela e da meseta central como nome poético do noso satélite). Con referencia á primeira di a coñecida copla popular: “*Ó sol chámánlle Lourenzo/ e a lúa Margarida;/ Margarida anda de noite/ e Lourenzo polo día*”. Da segunda, lembramos ter escoitado en varios lugares da Costa da Morte: “*Chámánlle á lúa Lucía,/ chámánlle ó sol Manoel./ A Lucía anda de noite/ e Manoel cando quer*”.

Outros lugares galegos que levan o nome de Santa Margarida son os que se atopan na parroquia de Mourente do concello de Pontevedra, cunha antiga capela dedicada á citada santa, que, xunto co seu cruceiro e a fonte milagreira, foi obxecto dun estudo o ano 1976 por José C. Valle na revista Gallaecia; na parroquia de Saiáns en Moraña e na parroquia de Nosa Señora dos Remedios en Mondoñedo. Ademais, Santa Margarida é a patroa dos concellos coruñeses de Negreira e Zas.

## HAXIOGRAFÍA DE SANTA MARGARIDA E A SÚA ROMARÍA

A capela do Val está dedicada a Santa Margarida de Antioquía, filla dun patriarca dos xentís chamado Teodosio e unha das santas máis populares da Idade Media. Segundo a tradición cristiá e o publicado polo dominico Santiago de la Voráigne no século XIII, Santa Margarida foi sometida a terribéis probas e finalmente martirizada baixo o imperio de Diocleciano o ano 303, cando tiña trinta anos de idade, por Olibrio, prefecto romano da rexión de Frixia, ao rexeitalo en matrimonio. En Antioquía, entón pertencente a Siria, e en toda Asia Menor, unha das zonas onde o cristianismo tivo un temperán espallamento, dedicáronlle numerosas capelas e oratorios, propagando logo os cruzados a partir de século XI o seu culto por toda Europa, en especial por Alemaña, Inglaterra, Francia e España. Está considerada como santa protectora e avogosa das mulleres no tranto do parto.

A procesión de Santa Margarida hoxe



A súa advocación celébrase o 20 de xullo, aínda que a súa festividade foi eliminada do calendario litúrxico polo Concilio Vaticano II do ano 1969, mais, o mesmo que pasou con outros santos de raizame popular, o seu culto non desapareceu da memoria e das devocións de pobo. A súa iconografía habitual correspóndese cunha rapaza vestida de túnica e

manto ao xeito das virxes romanas, levando como atributos a palma do martirio, unha cruz e un dragón, símbolo do demo, colocado baixo os seus pés, e deste xeito aparece representada a imaxe do interior da capela.

Hai moitos anos, na mencionada data festiva do 20 de xullo tiña lugar unha romaría moi concorrida na honra de Santa Margarida, que era sacada da capela nunha procesión para impetrar a choiva en tempos de seca, levándoa até a fonte, onde se mollaba a imaxe con auga do seu cano, nun ritual propiciatorio que podería parecer de excesiva familiaridade coa patroa e incluso de carácter irreverente, pero que moitos estudosos destes temas, como o etnógrafo Mariño Ferro, xulgan que está moi estendido, non só no territorio galego se non tamén ao longo de diferentes lugares de España e Europa.

Aínda que Souto Vizoso di que ese mesmo día se celebraba a “Feira do Vinte”, concorrida de labregos e gandeiros dos arredores do lugar, é máis probábel, como escribe Montero Aróstegui na súa Historia de Ferrol e segundo se pode constatar nos anuarios ferroláns dos primeiros anos do século XX, que fose o día 25 de xullo cando tiña lugar a feira no adro da capela, espallándose os postos de venda polo lugar até a unha pista próxima que leva á parroquia de Santa María de Castro. Esta feira, que se celebrou até mediados do pasado século e que en anteriores períodos históricos chegou a ter lugar os días 25 de todos os meses, foi unha das maior sona e concorrencia da bisbarra, estando dedicada especialmente ao gando menor, aos apeiros de labranza, carros, arados e ferramentas, aos mobles e á artesanía da madeira, e á venda de leña.

Aínda que a sona de ambas as dúas santas persiste até o de agora con constantes visitas á capela de xente devota pertencente a diversos lugares da comarca, hoxe en día xa non se celebra a concorrida romaría que tiña lugar no desaparecido souto de vellos castiñeiros e que se celebrou até os anos da Guerra Civil do pasado século. No seu lugar pasou a celebrarse unha sinxela festa, que tiña lugar no segundo venres do mes de xullo e que nos derradeiros anos se trasladou ao primeiro sábado do mesmo mes. O acto central é a misa do mediodía, tras a que sae a imaxe de Santa Margarida nunha curta procesión que arrodea o cruceiro e volve á capela. Do mesmo xeito, tamén deixou de levarse ao cabo a procesión do 13 de decembro, na que Santa Lucía era levada en procesión até a fonte.

## A REHABILITACIÓN DO CONTORNO

O histórico lugar de Santa Margarida na parroquia do Val constitúe un interesante núcleo rural onde, ademais do conxunto formado pola capela, fonte e cruceiro, aínda pódense ver nos seus arredores varios rúeiros con vivendas tradicionais e construcións adxectivas do agro como algúns apendres e hórreos de madeira tipo Cedeira, algúns destes bens patrimoniais ben conservados e outros non tanto. Ademais, cómpre lembrar que a capela de Santa Margarida está incluída como ben cultural a protexer nos incluídos dentro do inventario do Patrimonio Histórico-Artístico do Concello de Narón, publicado no Diario Oficial de Galicia, número 132, do 11 de xullo de 1991.

Por todo o exposto sería desexábel que o concello de Narón fixese un serio esforzo cara a unha protección axeitada e integral deste singular patrimonio etnográfico, e, do mesmo xeito que no ano 1984 unha corporación anterior fixo unha cumprida rehabilitación da fonte, o actual traballase no sentido de pór en valor o fermoso conxunto formado pola capela, a fonte e o cruceiro, con independencia de que os veciños fosen quen de dar un pulo e recuperar a histórica feira do lugar. Aínda máis, por mor do interese do seu amplo patrimonio cultural, a parroquia de Santa María do Val é merecente dun moderno Centro de Interpretación de Recursos Patrimoniais, que non só pode servir para poñer en valor tan interesante e variado patrimonio senón que é a maneira máis efectiva e intelixente de protexer de xeito integral uns elementos patrimoniais moitas veces dispersos e que, pola escaseza de recursos económicos, non permiten unha protección singularizada.

### ADDENDA. A CASA DE SAN SADURNIÑO

O citado Fernando de Andrade, que posibelmente mandou construír a capela de Santa Margarida, foi o primeiro señor da casa de San Sadurniño. Era fillo do matrimonio formado por Gómez Freire de Andrade e Constanza Méndez e neto de Nuño Freyre de Andrade “o Mao”, señor de Pontedeume e Ferrol, sendo practicamente coetáneo do seu curmán que levaba o mesmo nome, Fernando de Andrade, conde de Vilalba e de Andrade, coñecido persoeiro que algúns escritores confunden co primeiro dos citados, aínda que hoxe se está a diferenciar con claridade a figura de ambos os dous personaxes homónimos.

Fernando de Andrade casou en primeiras nupcias con Inés de Castro e Lanzós, filla de Alonso de Lanzós “o Vello”, caudillo irmandiño, e casou logo con Berenguela das Mariñas, tendo até dezasete fillos entre ambos matrimonios, segundo escribiu Fernando Dopico no anterior número desta revista Cátedra. Como tamén apuntou Cal Pardo o ano 1984, foi o iniciador da rama dos Andrade que se asentou na devandita vila de San Sadurniño desde finais do século XV, “palpándose bastante rivalidade” coa casa matriz dos Andrade de Pontedeume.

Autorizado por unha bula firmada polo pontífice Xullo II o 20 de marzo do ano 1508, Fernando de Andrade fundou a igrexa de Nosa Señora de San Sadurniño sobre as ruínas do antigo templo de Santa Olaia e hospital de San Xoán que pertenceran aos templarios, como informa Vaamonde Lores no traballo que publicou o ano 1910 nun boletín da Real Academia Galega sobre o convento de San Sadurniño. O 8 de xuño do ano 1513 o comendador de Portomarín outorgoulle unha escritura de foro sobre os décimos parroquiais de Santa María de Régoa e San Andrés de Teixido, segundo un documento conservado no Arquivo do Reino de Galicia.

Desde que Carlos Martínez-Barbeito escribiu o ano 1978 que o matrimonio formado por Fernando de Andrade e Inés de Castro “fundan en 1527 el mayorazgo de San Sadurniño en la cabeza de su hijo Juan Freire de Andrade, segundo señor de San Sadurniño, marido más tarde de María de Valcárcel”, datos practicamente coincidentes cos apuntes xenealóxicos atopados no legado do historiador Vázquez Rey, arquivado na Casa da Cultura de Neda; nos últimos tempos veñen publicándose diversos traballos históricos sobre a casa de San Sadurniño que serven para coñecer a his-

toria do nacemento e evolución desta casa. Así, tanto Carlos Breixo como Fernando Dopico en senllos artigos publicados recentemente nesta revista reproducen o documento de 17 de Maio de 1526 de formación do vínculo e morgado da casa de San Sadurniño feito por Fernando de Andrade a favor do seu fillo primoxénito Juan Freyre de Andrade, inserindo a licenza previa para esta formación, concedida en Burgos o 15 de Xuño de 1515 pola raíña D<sup>a</sup> Xoana de Castela.

Os sepulcros xacentes figurados dos primeiros señores de San Sadurniño atópanse na capela maior da reformada igrexa do Rosario de mencionada vila, aconchegados a un lado do muro da fábrica orixinal do século XVI, mentres que ao outro lado do muro colócase o sarcófago baixo arcosolio que corresponde a seu fillo e herdeiro, Juan Freyre de Andrade, todos eles constando de arca e estatua xacente, aínda que os sepulcros están baleiros polo posterior traslado dos seus restos ao veciño convento de Baltar. O notábel conxunto funerario amosa unha interesante serie de escudos e símbolos heráldicos que tratamos de identificar coa axuda de Carlos de Aracil, especialista en Xenealoxía e Heráldica.



Igrexa do Rosario de San Sadurniño. Armas dos Castro e dos Lanzós na tumba dos Andrade.

O cabaleiro Fernando de Andrade amósase vestido de armadura, cunha espada nas súas mans e unha daga á cintura, flanqueado por una parella de anxos, carecendo a tumba dalgún escudo que revele a súa identidade. A súa dona, Inés de Castro aparece con hábito de monxa e un misal nas súas más, custodiada por dous anxos que se apoian na almofada. A parte inferior deste sepulcro leva un tradicional relevo representando o Calvario (Cristo na cruz coa Virxe e San Xoán aos seus pés), e á dereita o seu escudo, sostido por dous anxos: as cinco lanzas postas en pao dos Lanzós e os seis roeis en dous paos de tres dos Castro, bordura de cinco castelos.

O sepulcro pertencente a seu fillo Juan Freyre de Andrade, segundo señor de San Sadurniño, amosa un can aos seus pés como símbolo da fidelidade, levando unha larga inscrición en relevo de época gótica que indica a data ilexibel do seu falecemento e na que figuran as súas mandas pías nas que obriga aos freires do convento a dicir dúas misas diarias cantadas e rezadas pola súa alma e as dos seus pais. Sobre a súa tumba, embutidos na parede, sitúanse tres escudos, que semellan traídos doutro lugar, posiblemente pertencentes á familia dos Andrade. O primeiro é un castelo sobre unha ponte de cinco ollos. O segundo leva a banda engolada dos Andrade, a bordura co lema mariano “Ave María Gratia Plena” e os roeis dos Castro, os mesmos elementos que aparecen representados no retablo barroco do altar; o escudo está sostido por un xabril, animal simbólico dos Andrade. O terceiro escudo, de difícil identificación, amosa nunha parte cinco posíbeis torres e noutra as cinco lanzas dos Lanzós, levando na parte baixa a cabeza dun anxo alado. Neste derradeiro sepulcro, unha inscrición do ano 1793 sinala que esta tumba foi utilizada para o enterramento de José Jacinto de Quindós y Andrade, III marqués de San Sadurniño, descendente dos fundadores do convento do Rosario.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARACIL, Carlos de. *Inventario Heráldico Ferrolano. II Ferrolterra* (con la colaboración de Juan J. Burgoa). Edicións Embora. Ferrol 2006.
- BURGOA, Juan J. “Los cruceros de San Andrés de Teixido y sus caminos de peregrinación”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo L, número 116. Santiago 2003.
- BREIXO RODRÍGUEZ, Carlos. *Fundación do vínculo e morgado da casa de San Sadurniño, feito por Fernando de Andrade*. Cátedra, revista eumesa de estudos, número 13. Pontedeume 2006.
- CIRLOT, Juan-Eduardo. *Diccionario de símbolos*. Editorial Labor. Barcelona 1987.
- CAL PARDO, Enrique. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. Diputación Provincial de La Coruña 1984.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan J. *Santuarios de Galicia*. Santiago 1982.
- DOPICO BLANCO, Fernando. *Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (Séculos XVI ao XVIII)*. Cátedra. Número 13. Pontedeume 2006.
- FERRO RUIBAL, Xesús (Dir.). *Diccionario dos nomes galegos*. Editorial Ir Indo. Vigo 1992.
- GÓMEZ FILGUEIRA, Fernán. *Per porto de Ferrión e territorio Britonia*. Cátedra. Número 12. Pontedeume 2005.
- LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino. *O culto das fontes no Noroeste hispánico*. Museo do Pobo Galego. Santiago 2002.
- MARIÑO FERRO, Xosé R. *Las romerías, peregrinaciones y sus símbolos*. Edicións Xerais. Vigo 1987.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, Carlos. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Diputación Provincial de La Coruña 1978.
- MÉNDEZ FONTE, Rosa. *Arquitecturas medievais no municipio de Ferrrol*. Revista Columba, número 5. Ferrol 2005.

- PENA GRAÑA, Andrés. *Unha parroquia con celtas reminiscencias na Terra de Trasancos. "Sancta María Maior" de O Val*. Narón 2004.
- PENA GRAÑA, Andrés. *Narón, un concello con historia de seu*. Volume I. Narón 1991. Volume II. Narón 1993.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, Esperanza e GÓMEZ BLANCO, Andrés. *De lenda en lenda. Camiños máxicos polos noroeste de Galicia*. Ferrol 1999.
- SÁ BRAVO, Hipólito de. *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*. Diputación Provincial de Pontevedra 1991.
- SORALUCE BLOND, José R. - FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. *Arquitecturas da provincia da Coruña*. Volume VIII. Ares, Fene, Mugardos, Narón y Neda. Deputación Provincial da Coruña 1997.
- SOUTO VIZOSO, Arturo. *A fonte e a capela de Santa Margarida na parroquia do Val*. Boletín informativo do Concello de Narón. Número 6. Marzo 1984.
- USERO, Rafael. *El santuario de San Andrés de Teixido*. Cedeira 1992.
- VAAMONDE LORES, César. *El convento de San Saturnino*. Boletín de la Real Academia Gallega, 33. La Coruña, 20 de Noviembre de 1910.
- VALLE PÉREZ, José C. *Los cruceros en la parroquia de Mourente (Pontevedra)*. Gallaecia. Universidad de Santiago. Ediciones del Castro 1976.
- VÁZQUEZ REY, Antonio. Legado. Tomo II Comarca. Carpeta Genealogía. Arquivo e Biblioteca Municipal de Neda.
- VORÁGINE, Santiago de la. *La Leyenda Dorada*. Alianza Editorial. Madrid 1987.

## AGRADECEMENTOS

Carlos de Aracil, Andrés Pena, Rafael Usero, Manuel P. Grueiro, Xosé C. Valle, Padres Claretianos do Convento de Baltar, José A. e Oliva Abelleira (Veciños de Santa Margarida).



# EL MESÓN DE PONTEDEUME

Carlos de Castro Álvarez  
Antón Prego Fernández

## EL MESÓN DE LA VILLA

El mesón de Pontedeume integraba la nómina de los edificios públicos que poseía el concello. Había sido mandado construir por don Fernando de Andrade y se encontraba donde hoy está el denominado edificio del Coliseo, en frente de la Casa de la Cultura, antiguo convento de San Agustín. Era un edificio modesto, de una sola planta, no muy distinto, sino el mismo, del que aparece en la fotografía que incluimos en este artículo. Lo recibió la villa de don Fernando de Andrade por manda testamentaria y, sin embargo, con posterioridad, retornó al conde de Lemos, dato que hasta ahora desconocíamos. El conde de Lemos lo vendió a Ignacio Novoa ¿Qué circunstancias determinaron que dejara de ser propiedad de los propios de la villa? No lo sabemos con exactitud, pero podemos plantear alguna hipótesis.



Casa del mesón, hacia 1923

En el testamento de Fernando de Andrade de 30 del 8 de 1540, en una de las cláusulas, se dice: *“Yten mando a la villa de la Puentedume para syenpre jamas mi casa del Meson que yo hiz en la dicha villa, segun esta hecha y hedeficada al tiempo de agora, para propios de la dicha villa, con que sea obligada la villa e Conçejo de haserme desir por mi anima cada semana una misa de requien rezada en la Yglesia de San Miguel desta villa por unversario que pongo de çenso sobre el dicho meson para syenpre”*<sup>1</sup>.

En el Libro Registrador de propiedades del concello se escribe que *“constta por quantas de Propios que desde ymmemorial tiempo a esta parte dicha Villa, y su regimiento se halla en la Posesión de gozar, y usufructuar dicho Mesón, y derecho de azogue el qual por boz bulgar se tiene que lo cedió a la referida Villa el excelentísimo señor conde de Lemos, y de Andrade con pensión de algunas misas, y cargas de que se dará razón, donde se tratare de los Grabamenes, que tiene esta dicha Villa”*<sup>2</sup>. De la anterior cita deducimos que los redactores del Libro Registrador, escrito

1. GARCÍA ORO, *Testamento y codicilos de don Fernando de Andrade*, 1995, p. 16.

2. LÓPEZ CALVO, A., *O libro registrador de propiedades do concello*, Cátedra nº 4, p. 80.

a mediados del siglo XVIII, sabían que el mesón había sido cedido a la villa por el señor de la villa y las contrapartidas de dicha cesión, pero no tenían claro si lo cedido era el mesón o su usufructo, y también desconocían que había sido cedido por manada testamentaria. La razón de este desconocimiento es señalada más adelante: *“La gracia que su excelencia de dicho Mesón, y açogue no se halla en el archibo del Aiuntamiento la que es cosa natural haverse quemado con otros muchos más papeles en el lamentable yncendio general que precedió el año de 1607”*<sup>3</sup>.

Las cuentas de propios nos proporcionan tres datos interesantes: cómo explotaba la villa el mesón y lo que rentaba, las intervenciones realizadas en él, especialmente a raíz del incendio de 1607, y como cumplían las contrapartidas de la cesión.

Respecto al primero de los aspectos, debemos decir que la villa tenía arrendado el mesón, azogue o alhóndiga; arriendo que salía a pública subasta cada tres años. El derecho de azogue suponía el cobro de una cantidad por el producto vendido, utilizándose para ello las medidas entregadas por el ayuntamiento al arrendatario. Al menos desde 1763 la alhóndiga se arrienda por separado del mesón, cuya renta, estabilizada en 500 reales desde principios del siglo XIX, deja de ser cobrada, como veremos, en 1818.

Aunque no se produce una interrupción en la percepción de la renta del mesón, no hay duda de que fue afectado por el incendio de 1607, lo que nos sugiere que no se paraliza la actividad realizada en él. En efecto, no poseemos las cuentas de propios de 1608, pero sí las de 1609, en la que se deja constancia de que el mayordomo Alonso de Lamas se hace cargo *“diecisiete mil ciento y veinteydos mds que hubo de cobrar el dho año de Juan Perez ... por la rrenta del mesón y açogue desta dha villa”*. La reparación no se debió de realizar hasta 1617, puesto que en la cuentas de ese año se da en data 607 reales y 15 maravedies pata tal fin:

*“Yten dio en data deberse de bajar los gastos del meson y Redificacion y es carta mas obras que en ese hizo en este dho año que se tomaron en cuenta en esta horden que presento libranzas y cartas de pago y memoriales de Antonio Perez, a cuyo cargo esta la dha renta y se hizo la quenta de todo a la manera siguiente”*<sup>4</sup>. Seguidamente se especifican los gastos. Las partidas



Calle de S. Agustín a principios del siglo XX

3. Ídem.

4. Archivo Municipal de Pontevedra, Actas Capitulares, C. 117.

más importantes son el pago de 200 reales a Alonso Leal, 161 reales de la madera de la puerta y trabajo de los carpinteros, y 62 reales de tejas; por lo que es evidente que el incendio afectó fundamentalmente al tejado.

No es la única reparación que registra las cuentas de propios, sino que las reparaciones en el mismo, al igual que en el edificio del alfolí, fueron continuas, llegándose a construir en el siglo XVIII un denominado piso de la caballería.

### Renta del mesón y azogue

| AÑO  | MESÓN Y AZOGUE     | ALHÓNDIGA        | CASA DEL MESÓN |
|------|--------------------|------------------|----------------|
| 1959 | 15000              |                  |                |
| 1602 | 16000              |                  |                |
| 1606 | 16000              |                  |                |
| 1609 | 17122              |                  |                |
| 1617 | 16000              |                  |                |
| 1623 | 18000              |                  |                |
| 1639 | 14960              |                  |                |
| 1641 | 20944              |                  |                |
| 1647 | 22066              |                  |                |
| 1659 | 18700              |                  |                |
| 1663 | 23188              |                  |                |
| 1671 | 20400              |                  |                |
| 1680 | 20400              |                  |                |
| 1686 | 13600              |                  |                |
| 1756 | 10299 <sup>5</sup> |                  |                |
| 1763 |                    | 420 <sup>6</sup> | 220            |
| 1788 |                    | 1055             | 1215           |
| 1790 |                    | 800              |                |
| 1803 |                    | 1700             | 500            |
| 1813 |                    | 1700             | 500            |
| 1815 |                    | 1200             | 500            |
| 1818 |                    | 400              | 500            |
| 1824 |                    | 750              |                |
| 1826 |                    | 650              |                |

Por último, las cuentas de propios nos informan de cómo el ayuntamiento cumple la carga impuesta al mesón. En las cuentas de 1617 se anota: *“Capilla de S. miguel..., Rescivensele en quenta dos mill sseiscientos y ssetenta y sesenta y siete mds que pago a manuel de oballe capellan de ssu ex<sup>a</sup> que sirbe la capilla de san miguel de su ex<sup>a</sup> la qual paga heste ayuntamiento por aber quedado su ex<sup>a</sup> la rrenta del mesón con que pagasese la dha capellania, y los dicho dos mill y seiscientos y sesenta y siete mrd son de dos tercios corridos asta veinte y quatro de octubre del*

5. Arriendo del azogue y caballería.

6. En reales a partir de aquí.

*año pasado de seiscientos y diez y siete, entrego libranza con certificación de aberse servido la dha capilla y carta de pago del sacristán- digo del capellan”.*

Parece pues que lo que disfruta la villa es la renta del mesón.

## EL MESÓN PASA A PROPIEDAD DEL DUQUE

Entre el señor de la villa y la Corporación municipal no faltaron los momentos de desencuentro, unos puntuales y otros en el contexto del desmoronamiento de los derechos feudales que habían ligado a villa y señor desde el medioevo. En efecto, los vientos de la Constitución de Cádiz, con sus ideas antiseñoriales, propiciaron en 1813 la primera tentativa de establecer un concello constitucional, tentativa que se repite entre 1820-1823. En este clima, en 1812 la villa deja de pagar el vasallaje o talla y las misas semanales de la capilla de S. Miguel. El Conde de Lemos responde entablando pleito, que resuelve la Audiencia secuestrando los bienes de propios, al menos hasta 1827. Los ánimos se encrespan tanto que el concello llegó a mandar picar el escudo nobiliario de la fachada del ayuntamiento. No tenemos constancia documental, pero es seguro que a raíz de dejar el ayuntamiento de pagar las misas, el Conde reclamó con éxito el mesón. Del celo con que los administradores del Conde reclamaban lo que consideraban le pertenecía, tenemos un buen ejemplo en el caso de la plaza del Pescado, construida en 1857 en la plaza del Conde y reclamada, sin éxito, por del duque de Alba como de su propiedad.

En 1860 el duque de Lemos decide (y habilita a sus administrador, Adriano Francisco de Paz), subastar una serie de fincas, entre las que se encuentra el mesón. Dicho mesón fue adjudicado a Ignacio Novoa por la cantidad de 12.080 reales. En el contrato de venta se dice que la casa mesón está compuesta de un solo piso y se obliga a Ignacio Novoa a seguir cualquier pleito, por cualquier concepto, que se promueva contra el Conde, añadiendo que *“si en algun tiempo resultase que la espresada casa tiene algun gravamen ó carga sobre si, sea visto quedar a cargo de la casa de SE ó quien su dro haya aquella ... el Sr Novoa la adquiriese como dicho queda en concepto de propia..”*<sup>8</sup>. ¿Se cura el Conde en salud con esta cláusula, previendo una posible reclamación por parte del concello?

## LA ÚLTIMA ETAPA DEL MESÓN

La casa mesón pasó a manos de Cristina Novoa. En 1924 Román García Novoa, apoderado de su madre, Cristina Novoa, pide permiso, a requerimiento de la Comisión de Ornato, cuando las obras habían comenzada, para derribar la casa numerada con los números 18 y 20 de la calle S. Agustín y los 11 y 13 de la de los Herreros, y realizar una nueva edificación. Y sin embargo los planos y construcción del Coliseo datan de 1928. De todo ello, podemos deducir dos cosas: la pri-

7. Archivo Municipal de Pontedeume, Astas Capitulares, C. 117.

8. Archivo Antón Prego.

mera, que es posible, dado de que se habla de más de un número, que Ignacio Novoa comprase otras casas adyacentes, y la segunda, que en el lugar del Coliseo entre 1924 y 1928 hubo un espacio vacío.



Fachada del Coliseo desde la avenida de Rajoy

# O MARTINETE DE CAABEYRO. UNHA FORXA HIDRÁULICA EN TRANCE DE DESAPARICIÓN

**Alberte Reboreda**

Licenciado en Historia da Arte e Máster en Xestión Integral  
do Patrimonio Cultural na especialidade de Arqueoloxía

*Para a que arrecende a salitre*

## 1.- RESUMO

Na Idade Media foron moitos os mosteiros e señores feudais que se dotaron dunha rede de obradoiros e talleres para dar satisfaccións ás súas necesidades. Caaveiro foi, con toda seguridade, un deles. A proximidade da vila de Pontedeume e a abundancia de materia prima necesaria (auga para a tracción mecánica, mineral de ferro e madeira para a produción de carbón) posibilitaron a construción dunha *ferraría* que, andando o tempo, foi convertida en *martinete*, unha pequena forxa que presumibelmente abasteceu ao mosteiro, ao Conde e á “industria” militar, naval e da construción eumesa. No contexto dos conflitos entre señores civís e relixiosos que tiveron lugar ao longo da Idade Media e Moderna, a explotación da ferraría foi obxecto de disputa permanente entre o Conde da familia dos Andrade e o abade do vello mosteiro de *Calavario*, titular do couto no que esta se erixía.

## 2.- PALABRAS CHAVE

Mosteiro de Caaveiro; Conde de Andrade; Ferraría; Arqueoloxía industrial.

## 3.- INTRODUCCIÓN

No contexto da realización dunha prospección no concello de Pontedeume atopamos os restos dunha antiga ferraría hidráulica. Delatouna o único elemento construtivo que aínda se conserva na actualidade, un forno de fundición, así como o hidrónimo do regato que permitía accionar o seu barquín. As fontes escritas que aluden a ela son practicamente inexistentes, a penas unhas breves referencias nalgún documento do Tombo de Caaveiro así como en Eugenio Larruga, en concreto nos tomos que dedicou a Galicia a finais do século XVIII que conteñen as súas *Memorias políticas y económicas*.

O presente traballo pretende facer unha aproximación a este antigo martinete, a partir dos seus restos materiais. O estudo da súa localización, configuración, tipoloxía e función permitiran-



#### 4.- DE FERREIROS E FERRARÍAS

Para facermos un achegamento ao significado das ferrarías e dos ferreiros na Idade Media é de utilidade glosar brevemente a presenza destes nomes na onomástica actual.

O étimo latino do que procede o apelido Ferreiro é *Ferrarium* e alude ao nome dun oficio que se ocupou durante séculos de reducir, fundir, estirar e forxar o ferro, facendo ou amañando instrumentos dese material.

Sabemos grazas ao profesor Gonzalo Navaza que o apelido Ferreiro é un dos máis populares e estendidos na Europa toda. O *Ferrariu* era o artesán do Imperio Romano e da Idade Media máis requirido. Representa un dos oficios artesanais exercidos con máis profusión e por iso mesmo, o sobrenome derivado dunha profesión máis difundido en Galicia (*Ferreiro*<sup>1</sup>), Catalunya (*Ferrer*), Castela (*Herrero*), Italia (*Ferraro* e *Ferrari*) ou Reino Unido (*Smith*). Como apelido apelativo dunha profesión a forma lingüística *Ferrarius* xa existía desde o comezo do Imperio Romano. O tránsito de cognome a sobrenome é unha pasaxe gradual que se fixa, segundo os especialistas, entre os séculos VI e VIII. O paso da forma latina *Ferrariu* para a galega *Ferreiro* verifícase nos séculos IX e X.


Nestes casos os toponímicos teñen orixe nos nomes das persoas. Isto quere dicir que os lugares chamados Ferreiro, Mazo, Ferrería, Martinete, Ferreira ou Ferreiros serían debido, ben á presenza deste mineral, ben á existencia dalgún ferreiro ou ferraría. Resulta moi ilustrativo a con-



Mazo dunha  
ferraría situa-  
da na comarca  
de Sarria

1. Este apelido ocupa o lugar trixésimo quinto entre os máis utilizados de Galicia.





Fonte: Fernández Merayo (1991)

centración de topónimos como O Mazo ou A Ferraría no NE do País (Becerreá, O Incio, Mondoñedo, Ortigueira, Samos, Valdoviño, Cervantes, A Fonsagrada, Riotorto...), en especial no contorno do val do Eo e as serras orientais de Galicia.

O apelido *Ferreiro* xurdiu, con toda seguridade, despois de ter introducido o oficio especialistas de orixe vasca<sup>2</sup>. Aínda hoxe nas comarcas da Coruña e Ferrol é significativa a presenza de apelidos como Chavarría, Legazpi, Aguirre e, en menor medida, Azcárate.

## 5.- O OFICIO DE FERREIRO

O ferreiro desenvolveu historicamente o seu oficio elaborando lingotes ou vergallóns que con posterioridade darían lugar a obxectos de todo tipo e instrumentos de traballo. Entre eles atopamos unha ampla gama de obxectos de ferro necesarios en distintos sectores e especialidades como:

A Construción: abrangúa a edificación civil (vivendas, pontes, murallas, torres...) e relixiosa (capelas, mosteiros, igrexas...). Deste xeito o ferreiro subministraba tanto a albaneis como a carpinteiros toda caste de instrumentos de traballo: culleres, chumbadas, regras, serruchos, marte-

2. Voces como aroza, aldabarra ou agoa teñen unha clara orixe vasca. (Abraira Pérez, Bartolomé Abraira e Pol Fernández; 2006).

los, marras, palustras, cepillos de frisar, niveis, etc. A produción completábase con cravos, cadeas, argolas, aldrabas, bisagras, porlóns, gonzos, martelos, trades, serras, machados, balaústres, pechaduras, grampas, punteiros, etc...

O Mar: construción de embarcacións tradicionais e de apeiros para pescar e mariscar tales como: ferraxes, áncoras, cravos, gadaños, raños, sachos, cavadores, coitelos, ganchos, rapas, angazos, tangas...

O Agro: rodicios de muíños, rodas de carros, todo tipo de apeiros de labranza (arados, grades, sachadoras, sachos, aixadas, legóns, picañas, picarañas, fouces, fouciños, gadañas, podóns, aros de barril, angazos, forcadas, espalladeiras, soltas para o gando, etc...)

Todos estes materiais indícanos que o ferreiro desempeñou, nos últimos dez séculos aproximadamente, un traballo de auténtico especialista xa que esixía precisión e destreza na forxa do duro ferro. Así o proba a confección de todo tipo de ferramentas que eran de indispensábel uso para outros artesáns.

### 5.1. A Idade Media

A partir do século IX aparecen en Galicia as vilas, centros residenciais arredor dos que gravitan vilares e casais, un novo paradigma do hábitat disperso que caracteriza a ocupación do territorio no noso País desde a prehistoria. O fenómeno urbano medieval irrompe de forma modesta a comezos do XIII da man dos reis e das institucións eclesiásticas (monxes franciscanos, dominicos...), como evidencia o caso de Pontedeume<sup>3</sup>, pero esta época caracterízase fundamentalmente pola fixación de poboación no rural, concentrando o poder -os dominios e xurisdicións das terras- en poucas mans. O arroteo de terreos forestais, o crecemento da poboación rural, a intensificación da agricultura e os cultivos de horta e a mellora das condicións técnicas no traballo do agro (barbeito con rotación trienal, introdución do vesadoiro, aparición de aceas e ferrarías...) explican as razóns deste proceso demográfico e socioeconómico.

Neste contexto os ferreiros vascos, pioneiros na explotación e transformación do ferro na Península Ibérica desde o medievo, chegan a Galicia para asentarse en todo o norte do noso País, especialmente na zona leste. Moi cedo pasan a establecerse en dous ámbitos claramente diferenciados: o rural e o urbano, este último precario e incipiente naquela altura. No rural os ferreiros ocúpanse da redución e fundición do mineral e da súa transformación, labor para o que resulta necesario grandes cantidades de madeira e auga canalizada, amén de minas onde obter a materia prima.

3. "O 30 de decembro de 1270 Afonso X concede a unha serie de freguesías de Pruzos e Bezoucos unha carta de privilexio para poboar o lugar de Pontedeume; isto supón a aparición dunha vila e un concello, con foros e autoridade recoñecida nun alfoz que delimita. A aparición da vila débese inscribir no contexto da política desenvolvida pola monarquía para arbitrar un sistema máis eficaz de xustiza nos territorios baixo xurisdición real; pero ademais a situación xeográfica de Pontedeume vén imposta polas condicións naturais". AMADO DEL PALACIO; *Pontedeume. Guía visual*. Ed. Concello de Pontedeume. A Coruña (2000)

Nos burgos e vilas muradas, onde o espazo dispoñíbel e os recursos –nomeadamente a auga canalizada– que require o proceso completo de fundición é máis limitado, o ferreiro atende unicamente á forxa, transformando as láminas, tiras ou vergallóns de ferro que previamente fundía o ferreiro rural nos útiles e apeiros que este mercado demandaba. O ferreiro urbano intégrase con rapidez na rede gremial dos burgos, asociándose e acadando un status elevado en canto que enxeñeiros do cotián, provedores de obxectos prácticos e perdurábeis que arraigarán fortemente naquela sociedade.

A figura do ferreiro é de suma importancia en toda a Idade Media, cando pasa a producir, entre ou-tros, útiles para a guerra (armaduras, coirazas, helmets, grades, barras de todo tipo...), bens de consumo (chaves, aros, rodas, ferramentas...), obxectos de adorno persoal e obxectos de decoración de interiores. A figura do ferreiro artesán sempre requirido só chegará a coñecer o seu declíneo coa chegada da industrialización, no final do século XIX<sup>4</sup>. Explicase así que, na Idade Media, o nome familiar *Ferreiro* en Galicia e no conxunto de Europa sexa amplamente difundido.

Nos últimos dez séculos, xa que logo, a profesión de ferreiro foi unha das máis exercidas e rendíbles, habida conta da grande demanda de ferramentas e utensilios necesarios para os usos cotiáns máis variados. O ferreiro era chamado para fornecer os seus inventos, creacións, obxectos, utensilios e ferramentas en todas as áreas. Moi requirido en tempos de guerra, non menos en tempos de paz, era unha das figuras centrais da sociedade preindustrial, cando a produción dependía directamente dos artesáns. Xa que logo, facíase necesario e presente na cidade e no campo, na agricultura<sup>5</sup> e na pecuaria, na caza e na pesca, no traballo e no deporte, nas igrexas, na cociña, na medicina, na alquimia, nas prisións, no transporte, na construción, en fin, en todo local no que se exercía algunha actividade humana.

En boa lóxica con isto que dicimos, nos mosteiros as cousas non acontecían de forma moi diferente. As abadías configurábanse como un “*complexo cercado, delimitado espacialmente con toda claridade*” (...) “*cabeceira dun espazo acoutado (...) no que os monarcas delegan boa parte do seu poder público, mesmo xurisdiccional, en beneficio dos monxes. Couto tamén físico, sinalado por un conxunto de signos, mouteiras, ben visibles, onde, por veces, non faltan como referencias topográficas monumentos prehistóricos como mámoas*” (Andrade Cernadas; 1995).

Xa antes da súa existencia, no momento de levar a cabo a súa construción, os ferreiros foron uns profesionais imprescindibles<sup>6</sup>. A enorme magnitude dos edificios monásticos mobilizou a centenaes de traballadores, operarios e especialistas durante séculos, formando auténticas cuadrillas itinerantes que pululaban de obra en obra durante longas tempadas. Así o proban documentos como os referidos ao mosteiro de Sobrado, cabeza dun couto ao que deben contribuír “*fer-*

4. Na primeira metade do século XX, cando Xaquín Lourenzo escribe *Os Oficios*, o ferreiro en Galicia tiña como principal ocupación, xa non a produción en serie de útiles de ferro, senón a súa reparación.

5. Como exemplo disto que dicimos, o mosteiro de Sobrado posuía a finais do século XIII un total de tres (3) *avessadoyros* ou arados provistos de abeaças ou orelleras que permitían remover a terra de forma máis efectiva e menos laboriosa que os arados romanos. Para a consecución de utensilios como este era imprescindible a participación dos ferreiros.

6. Xa que logo é posíbel que a data de construción da ferraría de Caaveiro coincidise coa da fundación do mosteiro.

*reiros, canteiros, carpinteiros, vidreiros, a aparición e abundante número dos cales hai que poñer en relación coas construcións que o mosteiro está levando a cabo tanto na casa central como nas granxas”* (Pallares Méndez; 1979).

Ao longo da Idade Media existía un número relativamente alto de mosteiros e abadías, todos eles cun escaso número de monxes e monxas. Esta situación deu lugar a congregacións con limitados recursos humanos e materiais que non permitían o traballo directo a diario de homes e mulleres leigos ao seu servizo. Adoito aparece na documentación a existencia de distintos mosteiros compostos por doce monxes, número moi frecuente nas fundacións ou restauracións (Andrade Cernadas; 1995).

Pero neste contexto tamén atopamos mosteiros ben dimensionados e con recursos de todo tipo que dispuñan dunha considerábel nómina de servos e dunha relevante especialización profesional. O caso da abadía de Cluny nos séculos X e XI, ilustra un dos casos máis notables, con arredor de 70 monxes titulares. Con todo Cluny é unha excepción e, no caso de Galicia, ao igual que na totalidade de Europa, cabe supoñer que os mosteiros mellor dotados posuían arredor de 50 efectivos<sup>7</sup>. Xa que logo cabe deducir que as abadías máis modestas, a inmensa maioría das galegas como esta de Caaveiro, tiñan no momento da súa fundación unha ducia de monxes<sup>8</sup>. Lamentablemente carecemos de documentación que nos indique se algún deles ocupaba as horas destinadas ao *opus manuum* a traballar na ferraría.

Pero nos mosteiros e o seu contorno non só viven monxes. Un significativo número de traballadores e oficiais aparecen con frecuencia “*vencellados ás casas como confesos ou leigos, pero, noutras ocasións, eran simples asalariados ou mesmo servos, residentes no recinto monástico ou, cando non, en moi estreito vínculo co propio entorno físico do mosteiro*” (Andrade Cernadas; 1995). Unha parte da documentación que conservamos procedente dos mosteiros galegos permítenos coñecer a ocupación diaria dos frades, profesionais do rezo, pero conscientes –como os monxes bieitos- de que “*a ociosidade é inimiga da ánima*” (RB, 48). Así entre as profesións vinculadas á comunidade monástica atopamos: *petrarium* (pedreiro), *coquinarius* (cociñeiro), *carcerarius* (carceleiro), *pistoribus* (muiñeiro), *carpentarii* (carpinteiro), *pelitario* (peleteiro), *textor* (tecelán), *funarius* (panadeiro ou encargado do forno) e, como non, *ferrarius* (ferreiro). Todas estas *opus manuum* buscaban arredar ao monxe da ociosidade improdutiva que condena expresamente o coñecido *ora et labora* da regra bieita. Mais, tal e como estudaron os medievalistas galegos máis destacados que vimos citando, caeríamos nun erro se pensásemos que existía un equilibrio entre a ocupación espiritual e manual. Ben ao contrario, o primeiro, andando o tempo, foi gañando espazo de forma paulatina sobre o segundo até reducullo a unha dedicación simplemente testemuñal.

Con todo está comprobado que existía unha notábel diferenza entre os monxes sacerdotes e os conversos. Malia compartir os mesmos votos, os segundos mortificaban dalgunha maneira os

7. No caso dos mosteiros galegos, e fóra os devanditos monumentos de fundación-restauración, carecemos case por completo de datos concretos sobre o número de monxes que neles residían. (Andrade Cernadas; 1995).

8. O Catastro do Marqués da Ensenada tamén cuantifica en “doce o treze religiosos” o número de frades que ocupaban o Mosteiro de San Agostiño a mediados do século XVIII.

Ferreiros medievais traballando nunha fragua



seus erros pretéritos por medio do traballo manual, dedicándose en maior medida a este. Os primeiros, pola contra, centraban a súa actividade nas tarefas estritamente espirituais. O traballo agrario era un dos ámbitos nos que se verificaba máis nidiamente esta dualidade. Mentres que os sacerdotes coidaban da horta, achegando á comunidade plantas e cultivos que esixían minuciosos coidados –as plantas medicinais por exemplo– os conversos acudían a traballar os campos, leiras e granxas que eran propiedade dos mosteiros, de aí que recibisen o preclaro nome de *frades lavradores*. No caso de Caaveiro, a súa situación arredada e illada respecto dos campos de labor máis aptos para o cultivo fan moi improbable esta dedicación directa.

O coñecemento da lecto-escritura, xunto co intercambio de libros e coñecementos entre os monxes dos distintos mosteiros favoreceu o avance e popularización de todo tipo de técnicas manuais, entre elas as relativas ao oficio dos ferreiros, que esixían un elevado nivel de formación. Debemos lembrar que dos ferreiros dependía non só a elaboración de todo tipo de útiles e apeiros, senón mesmo da conversión do mineral en ferro nunha lámina dúctil e moldeábel de múltiples e variadísimos usos.



Cravos e grampas elaborados nunha forxa tradicional. A industria da cravazón era a especialidade da forxa de Caaveiro

É coñecida a dualidade entre os monxes brancos (cistercienses) e monxes negros (bieitos) respecto da diferente participación de ambos na actividade mercantil urbana e vilega. Tal e como teñen estudado varios autores, os beneditinos exercían unha práctica comercial dos seus excedentes inferior á dos monxes brancos por mor da inercia ruralizante na que naceron como orde. Isto fainos pensar que os bieitos de Caaveiro, no caso de ter explotado a ferraría que se levantou dentro do seu couto, puxeron no mercado urbano (Betanzos e Pontedeume fundamentalmente, pero posiblemente tamén A Coruña) unha pequena parte dos seus excedentes non antes do século XII, momento no que se consolida o cenobio e irrompe con certa forza a vida urbana en Galicia.

Para comprender mellor cómo puido ser este intercambio en canto a volume económico, así como as razóns que deron lugar á construción da ferraría de Caaveiro, non podemos deixar de ter presente que os mosteiros medievais naceron coa vocación de seren entidades economicamente autosuficientes, tal e como apuntan de forma unánime todos os autores. Esta calidade era especialmente notoria entre os monxes bieitos, que se implantaron moi cedo no medio rural<sup>9</sup>, o que os obri-

9. Recordemos que o mosteiro de Caaveiro foi fundado no século VIII segundo a documentación dispoñible.

gaba a autoabastecerse da práctica totalidade dos produtos que necesitaban. A construción dos muíños hidráulicos para a moenda de gran que se situán nos regatos que, dentro da Fraga, desembocan no río Eume, respondería á mesma lóxica. De seren os monxes de Caaveiro os que traballaban de forma directa a ferraría, a súa Regra impuña que ao longo dos meses de verán o traballo manual ocupase desde o remate da prima até a cuarta (entre as 6 h e as 9 h aproximadamente). Ao longo das mañás de inverno esta ocupación iría de terza (9 da mañá) a nona (13:30 ou 14). Polo serán o *opus manuum* debería ter lugar entre a nona e vésperas (de 15 a 18 h.)

Con todo “*pódese, xa que logo, deducir que no entorno máis próximo dalgunhas das nosas abadias existían grupos de persoas, non necesariamente vinculadas co mundo monástico propiamente dito, dedicadas a labores de carácter produtivo, especialmente artesanal, que virían completar o panorama dun mundo monástico non exclusivamente monacal*” (Andrade Cernadas; 1995).

### 5.1.1 Conflitos entre o señorío civil e relixioso

O Tombo de Caaveiro, que coñecemos parcialmente grazas á exhumación realizada por Fernández de Viana y Vieites, González Balasch e Pablos Ramírez<sup>10</sup>, achéganos unha información valiosísima para coñecer os conflitos que mantiveron os monxes beneditinos de Caaveiro co Conde don Fernando Pérez de Andrade ao longo do século XIII.

Unha parte deste prezado cartafol fai referencia a distintos mandatos reais que confirman a Caaveiro a “*libre e pacífica posesión dos seus coutos e igrexas e serventías e prohibe que lle fagan violencia algunha*”, como é o caso do dictado polo rei Fernando III<sup>11</sup> no ano 1232. O mesmo fixera anos antes Afonso IX, concretamente no 1214. Neste último documento<sup>12</sup> volve chamar poderosamente a atención o fincapé real na “*libre e quieta posesión dos seus coutos*”, así como na prohibición de “*que se lle faga violencia algunha*”, o que evidencia continuas invasións violentas do couto administrado polos relixiosos.

Debemos recordar que o directo dominio do mosteiro empezou a conformarse a partir do século X, abranguendo a área inmediata ao mosteiro (vilas de Caaveiro, A Capela e Teixido). Andando o tempo ampliou as súas terras cara Bezoucos (ao N do Eume), Pruzos (ao S do río) e Trascancos (na península ferrolán), para máis tarde alcanzar as terras vilalbesas de Montenegro e Entrambasaguas. Pero para o que aquí interesa cinguirémonos estritamente ao terreo do couto. Este nace da concesión de Afonso VII<sup>13</sup>, que permite aos relixiosos empezar a gozar dos dereitos inherentes ao acoutamento. As terras que conformaban este “*son as que bordean o Eume preto da súa*

10. *El Tumbo de Caaveiro* (2ª Parte). Revista Cátedra nº 4. Pontedeume. 1997. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, GONZÁLEZ BALASCH e PABLOS RAMÍREZ. Doc. Nº 272.

11. *El Tumbo de Caaveiro* (1ª Parte). Revista Cátedra nº 3. Pontedeume. 1996. GONZÁLEZ BALASCH e PABLOS RAMÍREZ. Doc. Nº 5.

12. Idem anterior. Doc. Nº 4.

13. Revista Cátedra nº 3. Pontedeume. 1996



Imaxe dunha ferraría rural galega datada na Idade Moderna

*desembocadura. O couto é, en grande parte, o canón profundo formado polas augas do río*” (Yáñez Cifuentes; 1996).

Pero a sanción real deste dominio non significa, na práctica, a súa explotación exclusiva e pacífica. Así nolo indica, entre outros autores, Couceiro Freijomil (1944) que nos informa da ambición de Fernán Pérez de Andrade *O Boo*, quen “*sen outra razón que a da forza apoderouse dos coutos, granxas e bens de varios mosteiros, acelerando a súa ruína*”. Sobrado, Bergondo ou Caaveiro foron, xa que logo, os principais prexudicados<sup>14</sup>, chegando incluso a facerse cargo de igrexas e casas relixiosas. A celebrada paixón construtiva de *O Boo* ou “*mal de pedra*”, en palabras de Martínez Barbeito (1978), parecen xustificar, en perspectiva histórica, a invasión e usufructo de dominios alleos, sen os que dificilmente sería posíbel a realización das numerosas obras de interese público que promoveu, en especial os hospitais ou a ponte sobre o Eume, pero tamén a tradución ao galego da Crónica Troiana por poñer outro exemplo menos popular. Neste rosario de invasións e incautacións violentas insistiron os seus descendentes, algún deles, como é sabido, sen o mesmo loábel propósito que don Fernán.

Nesta conflitiva convivencia entre o señorío civil e relixioso, ou o que é o mesmo, entre Andrades e monxes, abonda López Sangil<sup>15</sup> (2002) cando estudia os pormenores da *encomenda*,

14. Cómpre recordar que o castelo de Nogueirosa, erixido na Pena do Leboreiro, tamén foi erixido, contra a vontade dos fra-des, en terreos que pertencían ao mosteiro de Sobrado.

15. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume.2002



Imaxe do castelo de Nogueirosa. Os Andrade explotaron a ferraría das Fragas do Eume.

causa de conflito permanente entre encomendeiros e encomendados. *“Na realidade as encomendas convertéronse por parte dos señores nunha continua extorsión aos mosteiros, apoderamento das súas rendas e bens, que no caso dos Andrade non foi unha excepción. O sistema levou á ruína á maior parte das abadías bieitas e cistercienses”*.

Dito isto ten sentido volver ao último dos documentos compilados no Tombo de Caaveiro, que leva por nome *“Inventario dos bens de Caaveiro que ten indebidamente do mosteiro o conde don Fernando de Andrade. Esta es la hacienda que lieva el conde do Fernando del tiempo que sus antecesores tuvieron en encomienda el monasterio de San Joan de Cabeyro, y desde entonçes hasta agora la tienen osurpada. Fue sacada de este tumbo”*. A continuación cita unha trintena de usurpacións de bens por parte do señor de Andrade, todos eles situados dentro do couto do mosteiro. Estamos no século XIII<sup>16</sup> e unha desas usurpacións, concretamente a que suma o número 29, refírese a *“el canero<sup>17</sup> i la herrería en el río de Eume, dentro de los términos de dicho coto”*.

Velaquí un dato capital para entender a cuestión da titularidade da ferraría do Eume. Este pequeno complexo fabril dispúñase dentro do couto relixioso concedido polo Rei ao mosteiro, pero

16. O documento ao que nos referimos figura como s.d. (sen data) polo que deducimos que a súa datación coincide co dos demais.

17. Os caneiros son uns muretes de escasa altura que se construían dentro do leito dos ríos co obxecto de propiciar a pesca de distintas especies. Este tipo de construción levantábase de forma perpendicular ao leito, case sempre partindo desde as dúas beiras do río até atoparse no seu centro. Os caneiros embalsaban levemente a auga, facilitando a concentración de peixe así como a súa visibilidade e captura a cargo dos pescadores.



o poder das armas é máis forte que o das oracións, e o Conde acaba facéndose coa titularidade dos bens que pretende no ámbito da súa influencia militar *de facto*, con independencia da súa localización e dominio *de iure*. Neste contexto a posesión dunha ferraría sería capital e estratéxica para o Conde, que necesitaría da fundición de mineral para a fabricación de armaduras, espadas, helmos, cascos, ferraduras, coitelos, acicates, frechas, lanzas, coirazas, etc...

## 5.2. A Idade Moderna

Na Idade Moderna as cousas non cambiarán demasiado. As vilas e cidades medievais consolidanse como nodos reitores do Reino de Galicia no que ao comercio se refire, especialmente relevante ao longo de todo o litoral. Estas aumentarán progresivamente a súa poboación e a súa área de influencia económica en detrimento do rural que, malia todo, mantén o seu liderado demográfico. Todas as vilas e urbes, en particular as mariñeiras, medran grazas aos beneficios do comercio e da pesca tal e como evidencia o crecemento poboacional experimentado polo noso País no século XVIII. Con todo o 90% da poboación segue vivindo no rural sometida a señorios eclesiásticos, leigos e reguengos, agora coa presenza dunha nova figura improdutivo, a do fidalgo intermediario. No campo da industria conséntase unha decadencia da artesanía téxtil rural e das ferrarías tradicionais, o que contrasta co medre do artesanado e os curtidoiros.

Non obstante a figura do ferreiro segue a ser respectada e admirada. El é o artista que modifica o mineral de ferro, extraído das entrañas da terra; é o que transforma a materia bruta en utensilios que multiplican as habilidades do ser humano para interactuar no medio no que vive; é un creador que elabora as súas obras a partir do lume e co lume. Traballa con forzas telúricas, enerxías case indómitas da natureza. A forxa é un lugar case máxico que pode significar a unión cos segredos do Creador, o mito supremo omnisciente e todopoderoso do Medievo e da Idade Moderna, ou mesmo cos poderes do demo.

A partir do século XVI a tecnoloxía dá un paso adiante coa difusión dos mazos accionados pola forza motriz da auga, que reducen considerablemente o esforzo físico destes profesionais, ao tempo que multiplican o rendemento do seu traballo. É o momento da construción das grandes ferrarías do NE de Galicia, que dan traballo a un bo número de persoas que traballan para satisfacer a demanda provocada polo espectacular ascenso demográfico ao que antes nos referíamos.

Pero volvamos á figura do ferreiro. Este fabrica utensilios para facilitar a vida e armas para matar. É unha figura ambivalente de dominio e de poder, dirixidos para o ben ou para o mal. Posúe a arte de manipular un metal co lume, ambos os dous con orixe nas entrañas da terra. É o símbolo do poder benéfico e maléfico; xa que logo era considerado un bruxo por saber converter en útiles necesarios para a vida un mineral amorfo a través do lume, dándolle unha forma estética ao seu gusto.

Na Baixa Idade Media e toda a Idade Moderna o ferreiro consolídase como profesional recoñecido e valorado que obtén uns ingresos notables, quizais os máis elevados de entre o conxunto de artesáns vilegos a xulgar polo lugar que ocupan os seus obradoiros dentro das cidades



Ilustración dunha ferraría da Idade Moderna segundo a Enciclopedia de Diderot e D'Alembert

muradas, caso de Pontedeume, como xa vimos. A documentación da que dispoñemos tamén nos fala do seu elevado nivel adquisitivo. Vexamos algúns exemplos:

No ano 1379<sup>18</sup> Don García Fernández, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Fernando Martínez, ferreiro, morador en Lugo, á súa dona María Afonso e aos seus fillos lexítimos varóns unha casa en Lugo.

Máis tarde, no ano 1401<sup>19</sup>, Fernando Afonso Puga, ferreiro, vende aos cóngos de Caaveiro Alfonso Yáñez e Fernando Pérez, a medias, unha herdade en Riocovo, freguesía de Santo Estevo de Iris, por oitocentos marabedís, coa carga de pagar perpetuamente oitenta soldos ao ano, a metade ao reitor da igrexa de Santiago de Pontedeume e a outra á obra da ponte.

O oficio de ferreiro é expresamente citado no encabezamento dos documentos notariais. Isto quérenos dicir que o artesán do ferro estaba orgulloso da súa profesión, seguramente por mor da súa alta rendibilidade e recoñecemento social. Outro tanto acontece con outras profesións de prestixio, as máis delas vinculadas definitivamente ao ámbito urbano a partir deste momento: determinados sacerdotes e frades, mercadores, alfaiates, xastres, torneiros, prateiros, etc... non así con outros oficios, caso dos eminentemente rurais: labradores, teceláns...


Sen dúbida un dos documentos máis prezados deste momento histórico á hora de rastrexar a ferraría de Caaveiro e o papel dos ferreiros en Pontedeume é o Catastro do Marqués da Ensenada. Seguimos para este fin o traballo de Daviña Sáinz<sup>20</sup>, que transcribiu a resposta ás preguntas realizadas no ámbito da xurisdición da vila eumesa entre os anos 1750 e 1753. Os resultados amosan que nas parroquias de Boebre, Nogueirosa e Vilar o Interrogatorio computa a existencia de un **ferreiro** en cada unha delas que gaña ao día cinco (5) reais, o que os converte no profesional cualificado que máis ingresos obtén polo seu traballo, a moita distancia dos **xastres** (3 reais), das **tecedoras** (real e cuartillo) e das **costureiras** (real e medio). A media estimativa complétase cos ingresos dos **carpinteiros** (que perciben 4 reais diarios na freguesía de Ombre) e os **xornaleiros** (2 reais). Os **toneleiros** de pipas de Nogueirosa gañaban 4 reais diarios traballando só 15 días ao mes. Os **curtidores** e **zapateiros**, **taberneiros** e **estanqueiros** cuantifican os seus ingresos anualmente.

No momento de abordar a pregunta nº 17, a que interpela sobre a existencia de minas, saíñas, muíños fariñeiros ou de papel, batáns ou outros artefactos “*distinguendo de qué metales y de qué uso, explicando sus dueños y lo que se regula y produce cada uno de utilidad al año*”, os informantes unicamente citan a existencia de muíños, que cuantifican nun total de 28 no conxunto do termo. Ninguén fai referencia á existencia da ferraría ou martinete de Caaveiro, malia que cando

18. *Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES e GONZÁLEZ BALASCH. Doc. Nº 35.

19. *Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES e GONZÁLEZ BALASCH. Doc. Nº 40.

20. *Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada*. Revista Cátedra nº 9. Pontedeume. 2002.



Táboa de artesáns cualificados en Pontedeume segundo o Catastro de Ensenada

se aborda o censo de muíños se computan os levantados á beira do “arroyo de la Herrería”, na parroquia de Ombre, que utiliza este mesmo regato para fixar os seus límites xurisdiccionais polo E “de la Fuente de la Herrería cojiendo el corriente del agua hasta el río Eume, y por ésta arriba a la primera demarcación”. En resposta á pregunta nº 21 nesta mesma parroquia, que aborda o “Número de vezinos con distinción de clase”, o Interrogatorio tampouco revela a existencia de ningún ferreiro. Noutra publicación posterior, a Geografía del Reino de Galicia de Carreras y Candi (1980), Carré Aldao omite de novo referencia algunha á ferraría, se ben recolle as aptitudes forestais da parroquia civil de Ombre cando afirma “é abundosa en arborado, especialmente nas marxes do río. Explótase a madeira”.

No que atinxe á freguesía limítrofe con Ombre, Taboada<sup>21</sup>, as fontes consultadas tampouco ofrecen ningún dato ao respecto. Unicamente o Madoz volve recordar unha obviedade, que as ribeiras do Eume están coroadas por “arbolado de roble”, o que propicia unha forma de comercio consistente en “cortar y conducir leña en haces y carros á Puentedeume”. Ao igual que acontecía en Ombre a madeira das carballeiras do Eume volve evidenciar a explotación sistemática deste produto, unha das materias primas fundamentais que explica a localización da ferraría que estudamos nestas páxinas. Pola súa parte Carré Aldao omite de novo calquera referencia a unha ferraría, se ben volve destacar a importancia do recurso madeirable: “abundosa en leña de toxo y arbolado, especialmente robledal”, imprescindible para a consecución posterior do carbón vexetal que ha fundir o mineral férrico. A elaboración deste tipo de carbón, segundo recolle o mesmo autor nos traballos que lle dedica á provincia coruñesa, é tamén unha constante nas parroquias e aldeas englobadas dentro da Fraga do Eume: “se fabrica carbón vegetal en todas las feligresías”, escribe o noso autor, por poñer só un exemplo, para o caso do concello que acolle o mosteiro de Caaveiro (A Capela).


21. Esta parroquia pertence na actualidade ao Concello de Monfero.

## 6.- O MARTINETE DE CAABEYRO

Por ferraría entendemos aquela instalación ou construción na que se realizaba a redución do mineral de ferro aínda que, en Galicia, os paisanos tamén utilizaron historicamente este termo para designar á forxa, o lugar no que se transforman os vergallóns en distintos útiles.

Para levar a cabo este proceso de redución do mineral, que é o que tiña lugar na ferraría de Caaveiro, era imprescindible contar cun forno de grandes dimensións no que tiña lugar a combustión do carbón vexetal, que se alternaba con capas de mineral. O lume permanecía vivo grazas a un barquín ou fol que tiña encomendado mantelo vivo permanentemente durante moitas horas. O barquín era accionado, nun principio, coas mans ou cos pés<sup>22</sup>, mais andando o tempo a enxeñaría mecánica fixo posíbel o seu funcionamento propulsado pola forza da auga, de aí a instalación deste tipo de fornos á beira de ríos e regatos, como é o caso do da Fraga do Eume que nos ocupa. Vexamos qué era o que saía do forno:

“O resultado da redución era sempre o dunha especie de masa esponxosa coñecida como zamarra, que logo era preciso quentar e someter a un contundente golpeo para, por unha parte, lograr separar as escoiras e, pola outra, conferirlle un formato máis ou menos uniforme e manexábel ao metal resultante, a modo de tiras ou vergallóns. Esta operación tiña lugar na propia ferraría, coa mesma auga que servía para xerar as correntes de aire, e só podía ser realizada por unha gran ferramenta: un mazo. A idoneidade deste enxeño para o estirado do metal acabaría por xustificar a súa construción de maneira independente e, durante séculos, ferrarías e mazos conviviron nas mesmas zonas con fins semellantes aínda que diferentes. Aquelas para reducir antes de poder estirar, e estes para estirar antes de poder forxar, razón pola cal xa non precisaban da gran cantidade de traballadores e recursos propios das ferrarías e eran sempre empregados polos propios ferreiros” (Abraira Pérez, Bartolomé Abraira e Pol Fernández; 2006).



Imaxe 10. Sección dun forno de fundición de mineral de ferro. Debuxo do autor.

22. Namentres estivo en vigor este modelo tecnolóxico os fornos construíanse no outeiro dos montes, a fin de que a súa exposición aos ventos dominantes axudasen a manter vivo o lume. Coa implantación do novo proceso mecánico baseado na forza motriz da auga os fornos pasaron a levantarse, como é lóxico, á beira dos cursos fluviais.




Concellos do NE de Galicia nos que se documentou a existencia de ferrerías.

No que se refire á cronoloxía deste forno de Caaveiro, é posíbel que a súa construción e funcionamento tivese lugar, como xa apuntamos, na Baixa Idade Media, coincidindo coa erección ou primeira etapa de esplendor do cenobio eumés. O seu abandono dataríase ao longo da primeira parte da Idade Moderna. Esta hipótese, que debería contrastarse a través de estudos máis profundos que o que aquí presentamos ten base, para fixar a súa orixe, nas datas nas que se implanta a fundición de mineral en Galicia coa técnica medieval que vimos de describir. Para datar o seu ocaso baseámonos na omisión ou mención que del fan os distintos textos consultados datábeis nos tres últimos séculos: o Catastro do Marqués de la Ensenada, elaborado a mediados do século XVIII, a obra do economista Eugenio Larruga<sup>23</sup> (1791), o Diccionario de Madoz de 1849, a Geografía del Reino de Galicia de 1931 e, por suposto, a *Historia de Puente deume y su comarca* de Couceiro Freijomil (1944).

23. Esta obra tivo tal importancia na súa época que en maio de 1789 El-Rei decidiu asignar a Larruga 3.000 *reales de vellón* por cada un dos tomos que publicase. Desafortunadamente a súa obra ficou incompleta ao tratar o Reino de Galicia, a pouco de dar a luz o tomo 45, no ano 1800. O conxunto da obra constaría de tres partes que conformarían un conxunto coherente que abrangería todo o reino. A primeira serie ocuparíase das manufacturas, das institucións e tribunais. A segunda serie, fuxindo da formulación provincial, decantárase pola análise xeral, optando polo estudio do comercio e as súas derivacións. A terceira, por último, ocuparíase da administración xeral do comercio. Larruga pretendía radiografiar o estado dos principais sectores económicos do Estado. A súa análise tería unha dimensión eminentemente práctica. Por desgraza o seu traballo non pasou da primeira serie, que aínda así quedou incompleta, ao publicarse só os tomos correspondentes ás dúas Castelas, Estremadura e Galicia. Se para esta primeira serie empregou 45 tomos, sería impensábel cantos necesitaría para completar a totalidade da empresa inicial.

Larruga, estreito colaborador do Ministro Godoy, foi nomeado no ano 1797 secretario da Dirección de *Fomento General del Reino*, que tiña como tarefa principal formular e controlar os extensos interrogatorios do Censo de 1797, que recibe indistintamente o nome *Censo de Godoy* ou *Censo de Larruga*.



Localización do forno nunha imaxe tridimensional da bacía hidrográfica do Eume e un dos seus afluentes: o Regato da Ferraría. Sombreado represéntase o contorno de protección do ben catalogado no PXOM.

O que Larruga e nós denominamos Martinete de Caaveiro localizouse no corazón da Fraga do Eume, xustamente na desembocadura do Regato da Ferraría, un pequeno curso fluvial que fai de límite natural entre os concellos de Pontedeume e Monfero. Os restos deste vello conxunto etno-gráfico<sup>24</sup> ocupan a ficha A\_091 do Catálogo de Bens Culturais do PXOM do concello de Pontedeume<sup>25</sup>, correspondéndolle un nivel de protección Integral.

Como xa dixemos máis arriba a única referencia escrita que atopamos en relación coa antiga ferraría de Caaveiro que aquí tratamos atopámola en Eugenio Larruga (1791). Neste autor lemos “*en la (parroquia) de Caabeyro*<sup>26</sup>, *hay otro martinete el cual suele hallarse deteriorado de resulta de la avenidas de agua*”. Fernández Merayo (1991) opina deste martinete que dada a proximidade deste tipo de forxas a un núcleo urbano<sup>27</sup> de tamaño considerábel “*podemos suponer que están*

24. Situado nas coordenadas UTM 572907; 4807204; a 25 m. sobre o nivel do mar e a 500 m da ponte colgante sobre o Eume coñecida como da Cal Grande. Os restos da ferraría sitúanse a uns 3,5 km do mosteiro e uns 7,5 km da vila medieval de Pontedeume.

25. Consultora Galega S.L. Documento de Aprobación Inicial. 2006.

26. Malia que a parroquia de Caaveiro forma parte do Concello d'A Capela, pensamos que o autor se refire ao martinete da freguesía de Ombre (Pontedeume) dado que o propio Fernández Merayo sitúa aquí esta ferraría no río homónimo. No concello capelán a única ferraría documentada levántase no río da Graña, na parroquia de Cabalar, conservando en pé unicamente o seu banzado.

27. Cómpre recordar que unha das principais rúas situadas intramuros da vila de Pontedeume é, xunto á da Peixería e Real, a rúa dos Ferreiros, documentada cando menos desde mediados do século XVIII como Herreros ou Errería (Castro Álvarez; 2005). Xa que logo cabe deducir que a transformación dos lingotes de ferro en útiles diversos ocupaba á meirande parte dos ferreiros que exercían aquí a súa profesión, polo que é posíbel que o principal fornecedor destes profesionais na vila fose o martinete de Caaveiro.




Fotografía de dous foles ou barquíns accionados por medio da forza motriz da auga.

*especializadas en clavazón, actividade que tiña moita saída para calquera tipo de construción ben sexa de barcos ou de casas*". A industria da cravazón consistía na fabricación de cravos e ferraxes, materiais que, como queda dito, tiñan unha ampla demanda na vila medieval eumesa<sup>28</sup>.

Os martinetes son, no dicir de Fernández Merayo (1991), "*os últimos herdeiros daqueles vellos mazos hidráulicos. Atópanse nas zonas onde retrasou a súa chegada a electricidade ou os ferreiros tiveron a suficiente creatividade para dá-lo paso necesario*". En ocasións foi resultado da transformación do antigo mazo.

O martinete caracterízase por ser, en palabras do mesmo autor, "*unha construción sinxela e áxil que non dá idea da forza que pode subministrar no golpe e moito menos da súa velocidade de traballo. O novo ferreiro non necesita dunha grande e complexa estrutura; un salto similar ó dun muiño pode suministra-la forza suficiente*". De feito algúns muiños chegaron a converterse en martinetes. Quizais puidese agocharse neste dato a ausencia de mención da ferraría en toda a documentación que até aquí referimos.

28. Neste sentido cómpre lembrar que a ponte desta vila galega estivo levantada, durante moitos séculos, en madeira, polo que até que o señor de Fernando Pérez de Andrade O Boio financiou a construción da ponte de granito no século XIV, os cravos necesarios para a súa reparación foron un material imprescindible. Igualmente a madeira e os cravos foron os materiais protagonistas cando, con posterioridade á súa construción, as cheas do río estragaron en maior ou menor medida a ponte prismixenia.



Alzado do Forno do Regato da Ferraría. Debuxo do autor

A implantación da forza motriz hidráulica na siderometalurxia coincide coa implantación deste tipo de establecementos na beira dalgúns ríos, en especial dos situados preto de bosques frondosos e xacementos de mineral próximos. Estamos no século XIII, cando o Mosteiro de Caaveiro recibe as doazóns máis importantes da súa historia. Cómpre recordar que os mosteiros foron os impulsores das grandes transformacións económicas e tecnolóxicas da Galicia medieval, polo que non era estraño que posuísen ferrarías que explotaban de forma directa ou, no seu caso, cedían a un ferreiro a través dun contrato foral.



Imaxe 15. Detalle da porta de acceso ao forno





Detalle do forno ameazado por unha chea invernal do regato

O investigador e enxeñeiro vasco D. Manuel Laborde (1976) en relación coa forma e dimensións dos fornos primitivos: “*tal vez consistían en pequenos fornos de dous ou tres metros de altura, nalgúns casos semisoterrados, cun diámetro aproximado de un metro, nos que mediante capas alternativas de carbón vexetal e mineral en forma de óxido de ferro, alimentados por unha corrente de aire, obtíñase o metal por redución, o aire inxectábase por uns rudimentarios foles compostos de peles de cabra e ovella e cun tubo de cana ou madeira oca.*”. O forno que nos ocupa, que sería o pai do alto forno actual, en opinión de Fernández Merayo (1991), aseméllase moito a esta descrición como veremos máis adiante. Este tipo de forno é o propio das siderurxias integrais, conseguindo a separación do ferro do seu mineral e tamén a súa fundición.

A ferraría da Fraga do Eume sitúase sobre o *Regato das Ferrarías*, canle que fai de límite natural entre os concellos de Pontedeume e Monfero. Localizada á beira da estrada asfaltada C-6902, que leva directamente ao mosteiro desde Pontedeume, nesta ferraría fundíase o mineral en lingotes de ferro forxado. “*A masa de ferro ou zamarra que saía do forno era posteriormente estirada en bandas ou barras no mazo, especie de martelo pilón de grandes dimensións*” tal e como describe Caamaño Suárez (2003). Nesta ferraría do Eume non temos constancia precisa da existencia dun mazo ou fragua, pero o máis probábel que a construción do forno estivese acompañada, cando menos, dun pequeno martinete, tal e como refire a cita de Larruga (1791). Por ende, non coñecemos en Galicia exemplo ningún de forno destinado á fundición de mineral de ferro dissociado dun mazo ou martinete. Separar fisicamente ambos elementos sería contradictorio e



Vista posterior do forno. En primeiro plano a porción do muro derrubado fotografado no verán

antieconómico. Ademais a localización deste complexo á beira dun regato só se explica pola posibilidade que este ofrecía de dotar de enerxía á tracción mecánica que precisaba o barquín que mantiña vivo o lume dentro do forno, así coma o mazo ou martinete que, con posterioridade, modelaba os lingotes.

O edificio que se conserva en pé no Regato da Ferraría é, como dicimos, un forno ou fornalleira, “*unha construción moi simple de planta circular na que se realiza a parte química da fundición, reducindo o material de ferro que logo se completaba co mazo*” tal e como apunta Caamaño Suárez (2003). A nosa construción ten planta circular, cunhas dimensións duns 4 m<sup>2</sup> e uns 2,2 m. de altura total. As súas paredes aparecen levantadas en cachotería concertada e unida con argamasa, labrada baixo a modalidade de *opus incertum*, cun grosor considerable, debido á necesidade de manter o forno quente o maior tempo posible. Conta cun único oco de acceso<sup>29</sup>, unha pequena porta lixeiramente abucinada que tería por obxecto resgardar a calor producida no interior da fornalleira para facilitar a fundición do mineral. A cuberta do edificio -non sabemos se integral orixinariamente- configúrase a través dunha estrutura cónica formada por fileiras de laxas -lousado- que se aproximan unhas ás outras conforme a teitume gana en altura, tomando a planta do eixo da edificación como referente. Hoxe en día só se conservan dúas das fileiras que conformaron a totalidade da súa cubrición. Na base interior desta construción aínda son visíbeis os restos

29. As súas medidas son 1,45 m. de h e 0,58 m. de anchura.



Detalle da cuberta do forno. Obsérvase a teitume conformada a base de fleiras de lousa

de óxido férrico impregnando boa parte dos muros, sinal inequívoco da existencia de mineral de ferro nas inmediacións<sup>30</sup>.

## 7.- CONCLUSIÓNS

Na Fraga do Eume existen un conxunto de bens de carácter etnográfico de grande valor patrimonial. Xunto a un bo número de muíños, pontes, etc... o contorno do antigo cenobio de Caaveiro mantén en pé un forno ou fornalleira xusto ao pé da desembocadura do Regato das Ferrarías, unha peza arquitectónica que formou parte dunha antiga ferraría ou mazo. Este complexo, a finais do século XVIII, era de modestas dimensións, recibindo no País o nome xenérico de Martinete. En época medieval a documentación que hoxe conservamos testemuña a existencia deste mesmo mazo de forma inequívoca, mais ignoramos cal era a súa proporción e volume.

O forno do Regato das Ferrarías serviu para fundir, con certeza, o mineral que logo transformaron os ferreiros medievais e do Antigo Réxime que traballaban no propio complexo, pero seguramente tamén os da vila de Pontedeume, dando tamén satisfacción ás necesidades do

30. Non esqueamos que a onomástica xa evidencia a abundancia deste mineral na comarca. Os topónimos Ferrol (do latín ferriolus) ou Monféro (do latín Monte Ferrum) son dous exemplos ben evidentes. Ver Cabeza Quiles, F: . Ed. Xerais. Vigo. 1992.

mosteiro beneditino de Caaveiro, de quen dependeu con seguridade nalgún momento por situarse dentro do seu dominio directo. Con todo, os documentos que até o de agora coñecemos revelan que esta ferraría foi explotada polos condes de Andrade coa desautorización expresa dos monxes, que reclamaron reiteradamente ao rei a súa titularidade.

O martinete situado nos terreos acoutados pola abadía eumesa estivo en uso, probabelmente, mentres esta foi ocupada polos monxes e/ou foi de utilidade para a familia dos Andrade, caendo en desuso despois. As cheas do regato que lle subministraba enerxía motriz fixeron desaparecer o edificio principal, o martinete propiamente dito, deixando en pé unicamente o forno no que se fundía o mineral.

Na actualidade este forno ou fornalleira corre un serio risco de desaparición, tal e como evidencia o derrubamento dunha parte do seu muro, así como da súa cubrición pétreo. O abandono ao que se expón desde hai séculos, xunto co impacto permanente sobre os muros do regato da Ferraría explican a súa situación material actual, lamentábel desde calquera punto de vista, e en grave risco de desaparición física.

A recuperación e estudio desta vella fornalleira pode vir da man metodolóxica do que nos últimos anos se deu en chamar Arqueoloxía Industrial, un termo que viu a luz no ano 1955 da man de Michael Rix, profesor da Universidade británica de Birmingham, inicialmente pensado para concibir e planificar o estudio das formas de produción masiva que teñen a súa xénese na Revolución Industrial.

Con todo a Arqueoloxía Industrial ou historia da tecnoloxía non é outra cousa que unha plataforma de encontro interdisciplinar onde a historia, a arqueoloxía, a socioloxía, a arquitectura, o urbanismo, a xeografía ou a tecnoloxía comparten un mesmo interese: coñecer mellor o modo de produción do pasado a través dos lugares, dispositivos e construcións manufactureiras. De aí que avogemos pola utilización do seu método, perfectamente compatíbel cos preceptos metodolóxicos da arqueoloxía clásica, en especial da rama procesual ou funcionalista, para o estudio sistemático deste xacemento industrial.

As administracións competentes (os concellos de Pontedeume e Monfero, xunto coa Deputación da Coruña e as consellerías de Medioambiente e Cultura da Xunta de Galicia) deberían tomar conciencia do extraordinario valor patrimonial desta vella ferraría da Fraga do Eume, iniciando os labores de consolidación e restauración urxente dos seus restos materiais, a fin de evitar a súa desaparición. Preservar esta construción é un imperativo legal fixado pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia, pero tamén unha obriga moral de todos e todas nós. De conservarmos esta edificación agradecerano as novas xeracións de eumeses, os visitantes da fraga e do mosteiro e, en definitiva, os galegos de nación que, por riba de todo, arelan a conservación do patrimonio cultural de Galicia.

## 8.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ABRAIRA PÉREZ, Bartolomé Abraira e POL Fernández: *Un aspecto perdido do traballo tradicional do ferro no val do Eo: o mazo hidráulico*. Revista Murguía nº 10. 2006
- ANDRADE CERNADAS, José A.: *Monxes e mosteiros na Galicia medieval*. Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1995.
- CAAMAÑO, Manuel: *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Ed. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos; 2003.
- CASTIÑEIRAS, Manuel A.: *Os traballos e os días na Galicia medieval*. Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1995.
- COUCEIRO FREIJOLMIL, A: *Historia de Puentedeume y su comarca*. Editorial Compostela. 1944.
- FERNÁNDEZ MERAYO, Justino: *Forxas hidráulicas, mazos ou machucos no norte galego : arquitectura, síntese histórica, e análise do artilluxio mecánico*; Sada (A Coruña) : Edic. do Castro, D.L. 1991
- GOY DIZ, Ana: *Artistas, talleres e Gremios en Galicia (1600-1650)*; Ed. USC. Biblioteca de Divulgación. Santiago de Compostela. 1998.
- LABORDE WERLINDEN, Manuel: *Ferrones*. En Euskaldunak-La etnia vasca.- Etor.- San Sebastián, 1976.
- LARRUGA, Eugenio: *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España, con inclusión de los reales decretos, órdenes, cédulas, aranceles y ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento*. 1791. Ed. Gobierno de Aragón. Zaragoza. 1995.
- LOURENZO, Xaquín: *Os oficios*. Ed. Galaxia. Vigo. 2002.
- MADOZ, Pascual: *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid. 1849.
- MARTÍNEZ BARBEITO, C: *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Deputación da Coruña. A Coruña. 1978.
- PALLARES MÉNDEZ, M<sup>a</sup> C: *El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*; A Coruña; 1979.
- PALLARES MÉNDEZ, M<sup>a</sup> C e PORTELA SILVA, E: *De Galicia en la Edad Media: Sociedad, espacio y poder*; Santiago; 1993.
- AAVV: *Mosteiros e conventos de Galicia*; Xunta de Galicia. Servizo Central. Santiago de Compostela. 2002.
- AAVV: *Geografía General del Reino de Galicia*. Dir. Carreras y Candi. Ed. Ediciones Gallegas. A Coruña. 1980.
- AAVV: *Revista Cátedra*. Varios números.

## Agradecementos

A Miguel Barreiro e Gabriel Guntín, pola súa xenerosa colaboración na realización deste traballo. A Alexandre Caínzos, incansábel promotor cultural da comarca do Eume.

# EPIDEMIOLOXÍA HISTÓRICA DE PONTEDEUME (1837-1870)

Juan Carlos Vázquez Arias

## INTRODUCCIÓN

Continuando un traballo anterior<sup>1</sup>, confirmanse os Rexistros Parroquiais como unha fonte de información valiosísima para coñecer datos da poboación antes da creación do Rexistro Civil (en España, en 1870).

Até entón, son os Libros Sacramentais de cada parroquia, co seu labor de notarios do movemento de poboación (nacementos, vodas e defuncións) as únicas testemuñas demográficas que temos. E, grazas a unha real orde de 1837, os concellos reciben uns partes trimestrais de cada parroquia, con datos resumidos pero suficientes como para poder facer un estudo de epidemioloxía histórica durante este período (1837-1870). O concello de Pontedeume, dividido en oito parroquias, recollerá e gardará no seu Arquivo Municipal (AMP) estes resumos, obxecto da nosa análise.

Non se conservan ao completo todos os anos, polo que foi necesario consultar os orixinais en varias ocasións, é dicir, os Libros Sacramentais, sitos no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, aínda que só referidos á parroquia de Santiago, é dicir, da vila.

## 1. EXPLOTACIÓN DAS INSCRICIÓNS DE DEFUNCIÓN

Ademais das expresións de causa de morte, que veremos a continuación, as partidas de defuntos achégannos, en ocasións, datos de grande interese como o nome do médico que certifica a morte, a parroquia ou rúa onde residía o falecido, por suposto, a data, nomes de pais, profesión, etc.(era obrigatorio, como vimos, por lei, dende 1837<sup>2</sup>). Outro dato significativo que si figu-

1. Vide. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal -AMP- (1835-1870)*, en Revista Cátedra, nº 13, 2006, p. 313-353.

2. Vid. *op. cit.*, 313-314. Mesmo se conserva unha advertencia das autoridades locais ao respecto: “Esta Junta de Sanidad del Ayto. de Puente deume acordó oficiar a todos los señores curas párrocos de este distrito y para que no se proponen a dar sepultura a ningún cadáver sin la previa certificación de un facultativo en que se exprese el día y hora del fallecimiento, nombre, apellido, vecindad, edad, estado y clase de enfermedad a que haya sucumbido”. AMP, Caixa 285, Expedientes diversos da Xunta de Beneficencia e Sanidade, 17-xuño-1848.

ra na case totalidade dos inscricións dos falecidos é o tipo ou categoría do enterro, polo menos dos adultos.

Cando o morto non tiña medios económicos para pagar o enterro (o cal era farto frecuente, sobre todo nas épocas de crise que veremos), anotábase á marxe a palabra “*pobre*”, realizándose o enterro “*de caridade*” por parte do párroco. Estas expresións poden ser útiles para coñecer un dato socioeconómico, polo que as recolleemos, aínda que só nas partidas do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (AHD), pois non constan nos estados do AMP, e están referidas só á vila. Son as seguintes:

**Táboa 1: Enterros de “Pobres” da vila de Pontedeume (1839-1868)**

| AÑOS | NÚMERO DE POBRES | TOTAL DEFUNTOS | %POBRES/TOTAL |
|------|------------------|----------------|---------------|
| 1839 | 14               | 65             | 21,5          |
| 1840 | 21               | 71             | 29,6          |
| 1841 | 9                | 42             | 21,4          |
| 1842 | 25               | 64             | 39            |
| 1843 | 18               | 59             | 30,5          |
| 1844 | 12               | 48             | 25            |
| 1845 | 8                | 63             | 12,6          |
| 1848 | 6                | 50             | 12            |
| 1854 | 48               | 160            | 30            |
| 1861 | 8                | 33             | 24,2          |
| 1862 | 7                | 31             | 22,5          |
| 1864 | 6                | 69             | 8,7           |
| 1866 | 11               | 42             | 26,2          |
| 1867 | 6                | 48             | 12,5          |
| 1868 | 14               | 56             | 25            |

Aínda que a mostra é insuficiente para extraer conclusións demasiado arriscadas, o resultado salta á vista. Observamos un fenómeno característico do século XIX e común a toda Galicia, como é a abundancia de pobres, que se sitúa neste período entre uns valores mínimos de 8,7% (1864) e máximos de 39% (1842), o cal nos dá unha media de 22,7% do total de falecidos, é dicir, ¡case a cuarta parte da poboación eumesa! E iso que nos faltan datos da segunda metade dos anos corenta e da primeira metade dos cincuenta, correspondentes á crise que viviu Pontedeume a mediados de século, cos cales, a porcentaxe sería aínda maior, sen dúbida (sobre todo, a fame de 1853 e a cólera de 1855)<sup>3</sup>.

As xa mencionadas causas de mortalidade catastrófica (véxase o 30% do ano 1854, todos eles a causa da cólera -típica enfermidade de tipo “social”, por afectar especialmente ás capas máis desfavorecidas da poboación-), as hambrunas das crises de subsistencias, a elevada mortalidade infantil, a economía agraria de subconsumo, deron lugar a esta situación de precariedade económica, cuns custos de tipo social e humano, enormes.

3. Vide. VÁZQUEZ ARIAS, J. C., op. cit. Do mesmo autor, en preparación, un traballo sobre esta epidemia en Pontedeume.

## 2. AS EXPRESIÓNS DIAGNÓSTICAS QUE INFORMAN SOBRE AS CAUSAS DE MORTE<sup>4</sup>

Moitas son as dificultades inherentes á utilización das expresións diagnósticas que informan das causas de morte obtidas dos rexistros parroquiais; para comezar, aceptar que estas sexan froito do celo pola exactitude do propio diagnóstico do médico (dentro das dificultades dos coñecementos da época), o cal, ás veces, é moito supoñer; pois como máis adiante explicaremos, podía ser unha etiqueta para saír do paso.

En primeiro lugar, xorden as dificultades polos diferentes sistemas médicos nos que xurdiu a expresión diagnóstica e os problemas semánticos que se orixinan cos cambios de denominación das enfermidades ao longo do tempo (por exemplo, *a tise*, nome antigo da tuberculose; ola gripe, que se llamaba *fiebre catarral*, y como tal aparece en el apartado de *fiebres*)..

Por outro lado, existen expresións diagnósticas de orixe non científica (*dentición*), ou que fan referencia a síntomas ou signos da enfermidade (*febre*, *dor*) ou a etapas da vida da persoa falecida (*vellez*), ou mesmo ás partes do corpo afectadas (*mal de peito*).

Pero a estes dous grupos de dificultades hai que engadir un terceiro, consistente no encadre das expresións diagnósticas nunha clasificación que se adapte aos coñecementos da época e que estea o suficientemente aceptada entre os diferentes investigadores para permitir estudos comparativos de diversas series<sup>5</sup>.

Por último, non debemos descartar a ocultación daquelas enfermidades “vergonzosas”: chámanos a atención a total ausencia de casos mortais de sífilis, nunha época en que isto era moi frecuente<sup>6</sup>.

Así pois, as expresións diagnósticas que atopamos nos rexistros parroquiais debemos consideralas como indicios ou pistas que nos han de servir para coñecer a auténtica realidade das enfermidades que afectaron estas poboacións. Unha vez coñecida a estrutura da mortalidade por causas, o seguinte paso consistirá no estudo dos factores determinantes da devandita mortalidade, os cales poden ser de natureza biolóxica, económica, cultural, ambiental, etc.

### Escolas médicas e causa de morte

Como xa queda dito, existen dúbidas sobre a veracidade dalgúns diagnósticos. Ademais, é moi posíbel que non sempre se dispuxese dun médico (ou “*físico*” ou “*cirurxián*”, como se dicía

4. Seguimos neste capítulo a SORIANO PALAO, J., no seu libro *Sanidad, salud y cambio demográfico en Yecla (1852-1930)*, Real Academia de Medicina y Cirujía de Murcia, 2000.

5. Vide. BERNABEU MESTRE, J.: *Expresiones diagnósticas y causas de muerte (...)*, en: Boletín de la Asociación de Demografía Histórica (ADEH) n°XI (1993), Número monográfico sobre *Expresiones diagnósticas y causas de muerte*, p. 13-21; e en: “*Condicionantes da mortalidade entre 1800 e 1930 (...)*”, Boletín da ADEH, n° V, (1987), p.70-79.

6. Ver: “La plaga secreta: la sífilis en la Europa occidental y Asia oriental, 1492-1965”, en: WATTS, S., *Epidemias y poder*, 2000, p. 211.



en moitos partes) á hora da morte nalgúns grupos sociais ou en determinadas épocas. É moi probable, así mesmo, que en moitos dos casos da abundante mortalidade infantil, pola mentalidade da época, o facultativo non acudise nalgunhas ocasións, e as expresións que figuran nos libros non estivesen avaladas pola correspondente certificación autorizada.

Polo tanto, moitas expresións recollidas proveñen dunha terminoloxía popular, froito á súa vez da aculturación de coñecementos médicos da época. É clásico, a este respecto, o diagnóstico “*dentición*”, que aparece con altísima frecuencia na maioría dos estudos publicados<sup>7</sup>, non só en España, senón en toda Europa nos séculos XVIII e XIX, e que, segundo Perdiguero<sup>8</sup>, responde aos coñecementos existentes até mediados deste século, dunha serie de enfermidades infantís, xeralmente, de tipo gastrointestinal. Cando a medicina académica deixa de relacionar as devanditas enfermidades co período de dentición, o termo persiste na cultura popular da segunda metade do século XIX e na bagaxe científica dalgúns profesionais do ámbito rural.

Todo iso supón unha grave limitación para coñecer a estrutura da morte no pasado.

### CLASIFICACIÓN DAS CAUSAS DE MORTE:

Dentro da historia das clasificacións das enfermidades, na medicina occidental, pásase por varias fases dende as orixes galénicas até o século XIX<sup>9</sup>.

Neste século, nace o interese pola lesión e a observación clínica, aínda que cunha visión aínda moi localista da enfermidade. A partir da segunda metade da centuria, aparecerá a chamada medicina de laboratorio, é dicir, aquela fundamentada na investigación experimental (a patoloxía experimental). As posteriores investigacións sobre a orixe microbiana de moitas doenzas abrirán as portas á medicina actual. As clasificacións das enfermidades (nosotaxia) sucederanse con dificultades para conseguir a unificación a nivel mundial, a pesar de haber algunha Clasificación Internacional dende finais do mesmo século XIX. Nós utilizaremos a de McKEOWN (1976), modificada por BERNABEU MESTRE e outros en 1996<sup>10</sup>:

Divídense as enfermidades en tres grandes grupos: 1. E. Infecciosas; 2. E. Non infecciosas; 3. E. Mal Definidas, coas seguintes subdivisións:

#### 1. E. Infecciosas<sup>11</sup>:

##### 1.1. Infecciosas transmitidas por Auga e Alimentos

##### 1.1.1. Febre tifoide

##### 1.1.2. Diarrea e Enterite

7. No noso estudo aparece en quince ocasións, xeralmente como “*difícil dentición*”.

8. PERDIGUERO, E.: *Causas de muerte y relación entre conocimiento científico y conocimiento popular*, en: Boletín da ADEH, nº XI, 1993, p. 65-68.

9. Vid. BARONA, J.L., *Teorías médicas y la clasificación de las causas de muerte*, en: Boletín da ADEH, nº XI, 1993, p. 51-64

10. Vid. SORIANO PALAO, J., *op. cit.*, p. 121-123 (ver cita 83).

11. É o máis numeroso na época preantibiótica e clasifícanse segundo o mecanismo de transmisión.

- 1.2. Infecciosas transmitidas polo Aire
  - 1.2.1. Propias da infancia
    - 1.2.1.1. Variola
    - 1.2.1.2. Sarampelo
  - 1.2.2. Aparato respiratorio
    - 1.2.2.1. Tuberculose
- 1.3. Infecciosas transmitidas por Vectores
- 1.4. Outras infecciosas
  - 1.4.1. Pel e tecido celular subcutáneo
  - 1.4.2. Sistema nervioso
  - 1.4.3. Órganos dos sentidos
  - 1.4.4. Sistema circulatorio
  - 1.4.5. Boca e os seus anexos
  - 1.4.6. Aparato xénito-urinario
  - 1.4.7. Dentición
  - 1.4.8. Fígado e vías biliares
  - 1.4.9. Peritonite

## 2. E. Non infecciosas:<sup>12</sup>

- 2.1. E. Carenciais
  - 2.1.1. Raquitismo
- 2.2. E. Metabólicas
- 2.3. E. Endócrinas e Intoxicacións
- 2.4. Procesos Cerebro-Vasculares
- 2.5. E. do Sistema Nervioso
- 2.6. E. do Sistema Circulatorio
  - 2.6.1. Apoplexía
- 2.7. E. do Aparato Respiratorio
- 2.8. E. do Sistema Dixestivo
- 2.9. E. do Sistema Xénito-Urinario
- 2.10. E. da Pel e do T/C/Subcutáneo
- 2.11. Patoloxía Perinatal
  - 2.11.1. Parto e posparto
- 2.12. Vicios de Conformación
- 2.13. Cancro e Tumores
- 2.14. Por Causas Exteriores
  - 2.14.1. Atrepsia, marasmo e consunción
- 2.15. Vellez

## 3. E. Mal definidas<sup>13</sup>

12. É menos frecuente e constitúe un “grupo testemuña” do comportamento dos primeiros en poboacións históricas.

13. Este grupo achéganos ao grao de exactitude das expresións, o que á súa vez nos fala da formación dos médicos na época, así como da procedencia da expresión, isto é, se se corresponde cun diagnóstico médico ou é unha estimación do que reali-

### 3. AS EXPRESIÓNS DIAGNÓSTICAS DAS PARTIDAS DE DEFUNCIÓN DE PONTEDEUME (1835-1870)

No APÉNDICE I aparecen as 2.536 expresións diagnósticas diferentes que informan das causas de morte co número de veces que aparece cada unha, de maior a menor.

No APÉNDICE II, figura un listado alfabético das expresións diagnósticas que atopamos nas 3.902 partidas de defunción rexistradas ao longo destes trinta e cinco anos, tanto no AMP como no AHD de Santiago. No devandito listado recóllense 826 expresións diagnósticas diferentes, e o número de veces que aparece cada expresión. En 1.503 partes de defunción NON aparece a causa de morte, polo que as expresións diagnósticas do devandito listado corresponden, en realidade, a 2.399 defuncións. Así mesmo, aparécennos 23 expresións non identificables, probabelmente, consecuencia dunha mala transcripción, que reproducimos a continuación.

Podemos apreciar en dito Apéndice, como un número reducido de causas de morte é responsábel dunha grande porcentaxe das defuncións totais; en concreto, as dez primeiras causas son culpábeis do 34% das defuncións, a cal é unha característica de poboacións con baixo nivel de desenvolvemento e alta mortalidade, como era o caso.

**Táboa 2: Listado de expresións diagnósticas indescifrables**

|                           |                          |                   |
|---------------------------|--------------------------|-------------------|
| elibio tovar              | vómica                   | lenta supulatoria |
| elidio tovar              | herralitis crónica       | eulebitis         |
| flomaría pulmonar crónica | tocopecía                | homoptosis        |
| laicoflemaría             | yntermitente herniciosa  | erusión           |
| croup                     | lento fleurearía         | hasgado           |
| crosp                     | nayo                     | penitaster        |
| mitiris                   | hidropericaurdus crónico | leucofremaría     |
| tenateritis crónica       | ententes crónico         |                   |

za a inscrición no libro ou dalgún familiar ou coñecido do defunto. Tamén, neste grupo inclúense as expresións pouco comprensíbeis, que nalgúns casos se corresponden con erros de transcripción ou dificultades para descifrar o escrito pola nosa parte.

**Táboa 3: Número de falecidos en Pontedeume, por sexos, con expresión daqueles que son coñecidos e contabilizados neste estudo (1835-1870)**

| AÑOS     | VILA                |     |       | CONCELLO |       |       | COÑECIDOS<br>E CONTABILIZADOS <sup>14</sup> |       |
|----------|---------------------|-----|-------|----------|-------|-------|---------------------------------------------|-------|
|          | H                   | M   | T     | H        | M     | T     | H                                           | C     |
| 1835     | -                   | -   | -     | -        | -     | 131   | -                                           | -     |
| 1837     | 38                  | 36  | 74    | 73       | 82    | 155   | -                                           | 144   |
| 1838     | 34                  | 32  | 66    | -        | -     | -     | 65                                          | -     |
| 1839     | 25                  | 40  | 65    | -        | -     | -     | 67                                          | -     |
| 1840     | 37                  | 34  | 71    | -        | -     | 105   | 42                                          | -     |
| 1841     | 18                  | 24  | 42    | -        | -     | 197   | 64                                          | -     |
| 1842     | 35                  | 28  | 63    | -        | -     | 147   | -                                           | 96    |
| 1843     | 25                  | 34  | 59    | -        | -     | 136   | 58                                          | -     |
| 1844     | 21                  | 27  | 48    | -        | -     | 167   | 46                                          | -     |
| 1845     | 27                  | 36  | 63    | -        | -     | 147   | -                                           | 96    |
| 1846     | 20                  | 19  | 39    | 52       | 43    | 95    | -                                           | 85    |
| 1847     | 21                  | 26  | 47    | -        | -     | 123   | -                                           | 103   |
| 1848     | 17                  | 33  | 50    | 59       | 63    | 122   | -                                           | 91    |
| 1849     | 25                  | 22  | 47    | 62       | 68    | 130   | -                                           | 88    |
| 1850     | 12                  | 20  | 32    | 47       | 45    | 92    | -                                           | 88    |
| 1851     | 28                  | 18  | 46    | -        | -     | -     | 46                                          | 39    |
| 1852     | 21                  | 24  | 45    | 68       | 66    | 134   | -                                           | 134   |
| 1853     | -                   | -   | 51    | -        | -     | 145   | -                                           | 114   |
| 1854     | 72                  | 120 | 201   | 70       | 244   | 314   | -                                           | 208   |
| 1855     | 21                  | 28  | 49    | 109      | 128   | 237   | -                                           | 237   |
| 1856     | 31                  | 48  | 79    | -        | -     | 92    | -                                           | 92    |
| 1857     | 15                  | 29  | 44    | 33       | 44    | 77    | 42                                          | -     |
| 1858     | 18                  | 14  | 32    | 40       | 50    | 90    | 31                                          | -     |
| 1859     | 9                   | 30  | 39    | 47       | 64    | 111   | -                                           | 116   |
| 1860     | 24                  | 10  | 34    | -        | -     | -     | 30                                          | 30    |
| 1861     | 18                  | 15  | 33    | -        | -     | -     | 35                                          | -     |
| 1862     | 15                  | 16  | 31    | -        | -     | -     | 35                                          | -     |
| 1863     | 24                  | 23  | 47    | 51       | 43    | 94    | -                                           | -     |
| 1864     | 29                  | 30  | 59    | -        | -     | -     | 59                                          | -     |
| 1865     | 30                  | 34  | 64    | 66       | 68    | 134   | -                                           | -     |
| 1866     | 20                  | 22  | 42    | -        | -     | -     | 46                                          | -     |
| 1867     | 19                  | 29  | 48    | -        | -     | -     | 48                                          | -     |
| 1868     | 29                  | 27  | 56    | -        | -     | -     | 55                                          | -     |
| 1869     | 37                  | 33  | 70    | 67       | 69    | 136   | -                                           | -     |
| 1870     | 24                  | 34  | 58    | 66       | 75    | 141   | -                                           | -     |
| SUBTOTAL | 839                 | 999 | 1.894 | 966      | 1.208 | 3.417 | 764                                         | 1.635 |
| TOTAL    | 3.902 <sup>15</sup> |     |       |          |       |       | 2.399                                       |       |


14. H: Homes; M: Mulleres; T: Total. O apartado “Coñecidos e contabilizados” indica, do total de defuncións das casas anteriores, os que constan nos rexistros con diagnósticos de causa de morte, polo tanto, son os únicos que se terán en conta no estudo seguinte. Os espazos en branco, ou non teñen datos, ou son incompletos.

15. Para achar este total contabilízanse os datos da vila correspondentes a 34 anos, máis os do Concello, de só 25 anos, non o total de cada subgrupo, para evitar sumar dúas veces os datos da vila.

**Táboa 4: Porcentaxe de causas de morte por grupos de enfermidades en Pontedeume (1838-1870)<sup>16</sup>**

| Infeciosas | %  | Non Infeciosas | %  | Total | %  | Mal definidas | %  | Non identificábeis | Ilexíbeis |
|------------|----|----------------|----|-------|----|---------------|----|--------------------|-----------|
| 1.318      | 51 | 455            | 18 | 1773  | 69 | 735           | 29 | 23                 | 19        |

**Gráfico 1: Porcentaxe de enfermidades de causas de morte en Pontedeume (1838-1870)**



Destaca a importancia das enfermidades infecciosas, coa metade das mortes, típico da etapa preantibiótica. Séguenas as mal definidas, o que nos fala do deficiente rexistro de expresións de morte, aínda que tamén se debe considerar a nomenclatura propia do século XIX. De todos os xeitos, temos case un 70% de expresións coñecidas. Entre as non infecciosas e as mal definidas, igualan a porcentaxe das infecciosas.

16. A Razón Estandarizada de Mortalidade, ou relación entre o número de defuncións por unha determinada enfermidade e o total de defuncións provocadas por todas as enfermidades, é un indicador da frecuencia da devandita enfermidade en cada momento dado. Verémolo nas seguintes táboas. Vide. BERNABEU MESTRE, J.: *Enfermedad y población, Introducción a los problemas y métodos de la epidemiología histórica*, Valencia, 1994, p. 26-27.

En cambio, non podemos saber a Morbilidade (grao de enfermidades dunha poboación) pola sinxela razón de que só coñecemos o número de persoas que morren dunha enfermidade, e non os que a padecen sen chegar a falecer. Só coñecemos unha vía indirecta de investigación, a proporcionada polos Expedientes de alistamento militar durante este período, estudados por López Pazos onde constan as causas de exclusión “que darán lugar a un retrato da sociedade do século XIX (...)”, cando menos, dantesco: *O argumento máis estendido está relacionado co padecemento de úlceras que en moitos casos xa alcanzou o óso e que por falta de medicamentos, (...) convértese en enfermidades incurábeis. A procedencia destas úlceras virá determinada por rozaduras e feridas mal curadas, que finalmente se infectan producindo chagas (...). Aseguir aparecen aqueles que teñen lesións nas extremidades, derivadas na súa maior parte de roturas mal curadas. Este tipo de lesións é esgrimido en gran cantidade de casos para evitar o alistamento. (...) Unha nutrición deficiente será a causante doutro elemento a destacar: a baixa estatura”* que librará a unha elevada porcentaxe de quintos, ao ter menos do metro e medio de altura (¡!).

“Non acaban aquí as desgrazas dos mozos, xa que imos ver alegacións de todo tipo (...). Polo acto de tallaxe pasarán chepudos, tiñosos, tortos, curtos de vista, mozos sen dentadura, herniados, etc”: Vid.: LÓPEZ PAZOS, M.: *Información obtida dos expedientes de alistamento militar. Pontedeume 1836/1924*. Revista Cátedra, nº 12, 2005, p. 247-260.

### 3.1. Enfermidades infecciosas

**Táboa 3: Porcentaxe de causas de morte por enfermidades infecciosas<sup>17</sup>**

| AUGA                | Nº  | TAXA <sup>18</sup> | AIRE                                                               | Nº       | TAXA                  | VECTORES  | Nº | OUTRAS                                    | Nº  | TAXA           |
|---------------------|-----|--------------------|--------------------------------------------------------------------|----------|-----------------------|-----------|----|-------------------------------------------|-----|----------------|
| Diarrea e Enterite  | 60  | 2,4                | Respiratorias                                                      | 324      | 12,9                  | Paludismo | 0  | Dentición                                 | 15  | 0,6            |
| Cólera o Disentería | 301 | 12                 | Infancia<br>-Variolas<br>-Lombrigas<br>-Febre Vermínosa<br>-Outras | 301      | 12                    | Tifo      | 0  | E. da Pel, Meninxite e Febres e Quenturas | 279 | 11,1           |
| Febres Tifoídes     | 38  | 1,5                |                                                                    | 99<br>58 | 3,9<br>2,3            | Nacida    | 0  |                                           |     |                |
|                     |     |                    |                                                                    | 46<br>98 | 1,8<br>4              | Rabia     | 0  |                                           |     |                |
| TOTAL               | 399 | 15,9<br>(30,2)     |                                                                    | TOTAL    | 626<br>24,9<br>(47,4) | TOTAL     | 0  | Dentición                                 | 294 | 11,7<br>(22,3) |

TOTAL ENFERMIDADES INFECCIOSAS: 1.318 (52,5 %)<sup>19</sup>

Observamos que as enfermidades transmitidas polo aire son as máis frecuentes, con case a metade dos casos, destacándose dous grandes grupos: as de tipo respiratorio e as propias da infancia, debido á elevada mortalidade infantil. Propia tamén da infancia é a Diarrea (Auga e alimentos). Non obstante, a enfermidade con maior letalidade é a cólera que, coa disentería, provoca case 400 defuncións, ademais concentradas en tan só dous anos. Pola contra, non hai ningún caso de enfermidades por vectores, mentres que o apartado "*febres e quenturas*" (incluídas entre as infecciosas, a pesar da súa indefinición) achega case a cuarta parte do total. En canto á "*Dentición*", xa vimos como encubría unhas probábeis enfermidades intestinais infantís (ver páxina 2).

#### 3. 1.1. Enfermidades infecciosas respiratorias

**Táboa 6: Taxas de mortalidade por enfermidades respiratorias:  
Períodos. Pontedeume (1837-1868)**

| PERÍODO   | Nº DEF. TOTAL (TBC) <sup>20</sup> | DEF./ANO (TBC) |
|-----------|-----------------------------------|----------------|
| 1837-1851 | 125 (30)                          | 9 (2,1)        |
| 1852-1859 | 136 (41)                          | 17 (5,1)       |
| 1860-1868 | 63 (17)                           | 9 (1,8)        |
| 1837-1868 | 324 (88)                          | 11,6 (3)       |

Dentro das enfermidades infecciosas transmitidas polo Aire, destacan as de tipo Respiratorio, moi abundantes, e que sofren un incremento importante nun segundo período, que é comparábel ao descenso do terceiro, estabilizándose nunha posición parecida á do principio.

17. Inclúe, nas taxas, a Razón Estandarizada de Mortalidade, ou proporción de defunción sobre todas as enfermidades.

18. Nas Taxas, refírese ao % de cada enfermidade sobre as infecciosas, e a cifra entre paréntese, sobre o total de enfermidades.

19. Total enfermidades identificadas: 2.560-53 [10 (Non Consta)+ 23 (Non Identificadas)+19 (Ilexíbeis)]=2.508.

20. Debido á importancia da tuberculose nesta época (tise), analizamos o seu número, entre paréntese (TBC). Non se inclúen os mortos por CONSUNCIÓN (57), que poderían encubrir tamén esta enfermidade.

**Gráfico 2: Taxas de mortalidade por enfermidades respiratorias(1837-1868)**

O aumento dos casos observado nos anos cincuenta é outra consecuencia da mencionada crise económica<sup>21</sup> que ocasionou anos de fame (1853) e de miseria, provocando sobremortalidade, a través de epidemias infecciosas como a cólera (1854-55), pero tamén dun incremento das "ordinarias", especialmente a tuberculose (*tise*) polo seu carácter contaxioso e a súa relación coa desnutrición (típica enfermidade "social")<sup>22</sup>. Os anos sesenta, en cambio, volven á normalidade anterior, apreciándose un moi leve descenso na tise.


### 3.1.2. Enfermidades infecciosas transmitidas por auga e alimentos

**Táboa 4: Enfermidades infecciosas transmitidas por auga e alimentos: períodos (1837-1868)**

| PERÍODO   | M. TOTAIS |        | F. TIFOIDES |        | DIARREA E ENTER. |        | CÓLERA E DISENT. |        |
|-----------|-----------|--------|-------------|--------|------------------|--------|------------------|--------|
|           | Nº        | M./ANO | Nº          | M./ANO | Nº               | M./ANO | Nº               | M./ANO |
| 1837-1853 | 56        | 3,5    | 2           | -      | 28               | 17,5   | 27               | 1,6    |
| 1854-1859 | 311       | 51,8   | 35          | 5,8    | 9                | 1,5    | 267              | 44,5   |
| 1860-1868 | 31        | 4,4    | 1           | -      | 23               | 3,2    | 7                | 1      |
| 1837-1868 | 399       | 13,7   | 38          | 1,3    | 60               | 2      | 301              | 10,3   |

21. Vide. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *op. cit.*

22. É necesario facer constar o difícil problema que formulan os diagnósticos por tuberculose, se pensamos que a súa concepción unicista non se impuxo até a era bacteriolóxica, polo que atopamos os seus efectos de morbilidade distribuídos en máis dun cento de expresións diagnósticas (especialmente no apartado de "*febres*": véxanse os Apéndices). Vid: MICO NAVARRO, J.A. y MARTÍNEZ MONLEÓN, F., en: *La utilización de el análisis semántico-documental en el estudio e interpretación de las expresiones diagnósticas de las causas de muerte*, en: Boletín da ADEH, nº XI (1993), p. 173-185.

**Gráfico 3: Enfermidades infecciosas transmitidas por auga e alimentos (1837-1868)**

Ao igual que no apartado anterior, apreciamos un incremento no segundo período (anos cincuenta), seguido dunha recuperación e mesmo descenso do terceiro período (anos sesenta). A causante desta enorme mortalidade é a epidemia de cólera que en dous anos (1854-55) devastará a poboación.

Así mesmo, as Febres Tifoides farán estragos nesta época, sobre todo en 1855, que acapara case todos os casos. O mesmo pode dicirse da Disentería, que afectou máis nestes seis anos que nos outros dous períodos xuntos. A consideración de "enfermidades sociais" de todas elas (que afectan especialmente á poboación máis pobre) está en íntima relación coa crise económica mencionada e a escaseza de alimento.

A cambio, as Diarreas e Enterite case desaparecen, substituídas por ese parente peor: a cólera. Non obstante, hai que mencionar a existencia de quince casos de "*Difícil Dentición*" que, como vimos, podería encubrir un mal diagnóstico de enfermidades deste tipo.

### 3.1.3. Outras enfermidades infecciosas<sup>23</sup>

**Táboa 8: Mortalidade infantil (menores de 14 anos) en Pontedeume (1837; 1845-1849)**

| ENFERMIDADE | Nº CASOS | CASOS/ANO |
|-------------|----------|-----------|
| varíolas    | 38       | 6,3       |
| m. natural  | 36       | 6         |
| lombrigas   | 20       | 3,3       |

23. A maior parte, infantís (excepción feita das febres tifoides e da cólera, que atacan máis ben os adultos). É polo que facemos unha breve mostraxe das enfermidades infantís nun período determinado e, a continuación, un comentario do mesmo.



|                     |    |     |
|---------------------|----|-----|
| raquitismo          | 19 | 3,1 |
| febre verminosa     | 16 | 2,6 |
| hidropisia/anasarca | 9  | 1,5 |
| febre/quentura      | 7  | 1,2 |
| anxina membranosa   | 6  | 1   |
| consunción          | 6  | 1   |
| febre pútrida       | 6  | 1   |

### 3.1.3.1. Variola

A variola será a peor enfermidade do século XVIII, tomando o relevo da peste. Orixinaria do leste asiático, difúndese por toda Europa. Non obstante, pronto se lle atopará un remedio: a inoculación, precoz sistema terapéutico a través da inmunización<sup>24</sup>, que abrirá o camiño da posta en práctica da primeira vacina, descuberta por Jenner en 1796. A expedición de Balmis por América e Filipinas coa vacina humana (aloxada en vinte e dous nenos expósitos da Coruña) durará dende 1803 até 1812, e será un éxito.

Non obstante, as campañas de vacinación que se organizan en España serán insuficientes, sendo en 1866 que Nadal recolle case un 60% de nenos sen vacinar, a pesar da súa obrigatoriedade, provocando case 40.000 mortes nese ano<sup>25</sup>.

En Pontedeume, malia as inmunizacións<sup>26</sup>, faleceron dende 1839 até 1866, 115 persoas desta enfermidade (5, 47 / ano), a maior parte, nenos. De feito, é a primeira causa de morte infantil. No ano 1859 tivo lugar o máximo de falecementos, con trinta e nove casos. En 1845, morreron vinte e tres. Debemos ter en conta o carácter contaxioso das variolas, que explica estes picos en anos illados.

Seguramente por aquela elevada mortalidade, ao ano seguinte, 1860, introducíronse as vacinacións contra esta enfermidade, pois temos constancia diso na caixa 42 do AMP, con testemuños como o seguinte:

"1. Listado que manifesta o nº de nenos nados e mortos, vacinados e revacinados no mes de Xaneiro:


| nº nados/<br>mes | nº vacinados | nº párvulos<br>falecidos | nº adultos<br>falecidos | ídem 2ª vez<br>vacinados | Resultados |
|------------------|--------------|--------------------------|-------------------------|--------------------------|------------|
| 17               | -            | 2                        | -                       | -                        | -          |

Pontedeume, 1 de febreiro de 1860. Asinado: O Alcalde"

24. Será en Ferrol dos primeiros sitios en practicarse, a cargo do Dr. O'Scalan, xefe médico do departamento de Mariña dende 1771. Houbo unha forte polémica en España entre os partidarios da inoculación e os seus detractores, que só a súa substitución pola vacina, rematou por saldar. Vid. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. y GÓMEZ BRANCO, A.: *Prevención de Ferrol ante las epidemias (s. XIX y principios del XX)*, en: Ferrol Análisis, nº 18 (2003), p. 7-18.

25. NADAL, J., *La población española (Siglos XVI a XX)*, Ariel, Barcelona, 1991, p.105-115.

26. Hai, polo menos, peticións de *cristales de pus virulento* (vacinas) por parte da Subdelegación de Sanidade local ao Gobernador provincial durante varios anos (1849 e a década dos cincuenta). AMP, Caixa 285, Expedientes diversos da Xunta de Beneficencia e Sanidade.

**Gráfico 4: Mortalidade por variolas en Pontedeume (1839-1866)**

Destaca como nota principal, a irregularidade: fronte a anos en que apenas aparece a enfermidade, hai outros en que actúa con enorme virulencia. De tódolos xeitos, apréciase que, de ser unha enfermidade común nos primeiros anos, tende a diminuír, coa excepción terríbel do brote do ano 1859, que sinalará o máximo. As campañas de vacinación, como a do exemplo anterior, parece que dan resultados, pois nesa década xa só haberá un caso máis, en 1866.

### 3.1.3.2. Difteria

A difteria non aparece con tal nome en moitos listados, senón con outras tres apelacións diferentes: *Crup* (8 casos), *Garrotillo* (2) e *Tabardillo* (2). Tamén atopamos outra expresión: "*afogo e garrotillo violento pútrido*" (1). En total, 16 casos. Observamos este cambio de denominación cronoloxicamente: primeiro, *garrotillo* (anos 37 e 43); logo, *crup* (50 e 52); despois, *tabardillo* (59 e 66); e outra vez, *crup* (67 e 68).

Hai outros diagnósticos que poderían ocultar esta enfermidade infantil, como poden ser "*anxinas*" e "*anxinas membranosas*" (19 casos). De todos os xeitos, a incidencia é escasa, aínda que repunta ao final do rexistro. Ao igual que outras, garda estreita relación coas deficientes condicións de vida e a pobreza.

### 3.1.3.3. Sarampelo


Esta enfermidade, tipicamente infantil, tivo unha incidencia moi escasa: 18 casos en 8 anos, destacando tan só as oito mortes de 1851 e catro en 1839; o resto, un caso por ano.

### 3.1.3. 4. Lombrigas

Moi importante causa de mortalidade infantil, sobre todo nos primeiros anos, pois desaparece como tal en 1857. En total, supón sesenta e un casos en 18 anos (3,3 / ano). Afectaba especialmente os bebés e nenos de curta idade, sendo a terceira causa de mortalidade infantil nese período.

Se incluimos as Febres Verminosas, de probábel causa similar, con corenta e seis defuncións, obteremos un total de nada menos que cento sete casos.

**Gráfico 5: Mortalidade por lombrigas en Pontedeume (1837-1857)**




### 3.1.3.5. Febres Tifoideas

As febres tifoideas foron responsábeis da morte de trinta e oito persoas en só seis anos, pois non aparecen como tales até o ano 1852, e desaparecen o 1864 (6,3 defuncións ao ano). A súa incidencia foi escasa coa excepción do ano 1855, que provocaron nada menos que vinte e oito casos (73,6% do total), sumándose á cólera que, por segundo ano consecutivo, visitaba Pontedeume. Podemos dicir que este ano tivo dúas epidemias, pois como tal se pode catalogar tamén á das febres tifoideas<sup>27</sup>.

O contexto de crise que explica as outras enfermidades sociais xa mencionadas, segue sendo válido para esta.

A estacionalidade das tifoideas é claramente estival, cun máximo (para este ano de 1855) nos meses de xullo a setembro, desaparecendo co outono. E ao igual que a cólera, ataca máis os adultos que aos nenos.

27. Betanzos sufrirá unha sucesión de desastres similar nestes anos, aínda que será en 1853 cando se vexan invadidos polas febres tifoideas, como ben describen J. CARRO OUTEIRO e C. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ en *La epidemia de "tifus" de 1853 en Betanzos*, Anuario Brigantino, nº 12, 1988, p. 129-144.

**Gráfico 6: Febres tifoides en Pontedeume (1852-1859)**

### 3.1.3.6. Cólera

As epidemias máis mortíferas, con diferenza, que afectaron a Pontedeume no século XIX, foron as da cólera de 1854 e 1855, que provocaron 127 e 100 defuncións<sup>28</sup>, respectivamente. Foi consecuencia da desnutrición e a fame dos anos anteriores, ocasionadas pola perda das colleitas. Non se trata de un caso illado, posto que a epidemia afectou a toda España e varios países de Europa. E, aínda que a bisbarra se librou, houbo outros brotes no século, tanto antes (1835), como despois (1865 e 1885), noutras zonas do país. Afectou máis á poboación adulta (221 casos) que á infantil (70 casos, un 31,6%; dos cales, case todos o foron en 1854 -60-). Serán as mulleres as máis afectadas, polo seu maior contacto cos enfermos. Tamén os maiores de 60 anos, que supoñen unha cuarta parte do total, nos dous anos. A cólera produciu unha desfeita da vida normal de Pontedeume, sendo fonte de moitísima información, que merece tratarse nun traballo de próxima aparición.

### 3.1.3.7. Disentería

Aínda que presente en todo o período, atópase asociada ás peores condicións de vida e, en concreto, á epidemia da cólera, pois os dous anos de invasión desta, prodúcese un incremento paralelo de disentería: en 1854 (12 casos) e en 1855 (16), afectando, por certo, á poboación infantil (4 e 7 casos, respectivamente). Estes dous anos supoñen un 70% de todos os casos.

28. En realidade, foron moitos máis en 1854 (sobre 250), pero carecemos de información completa sobre os mesmos.

## COMENTARIO

Á vista do anterior gráfico das enfermidades infecciosas que máis afectaron a nosa poboación ao longo destes trinta e dous anos, distinguimos dous conceptos: a incidencia e a prevalencia. Hai enfermidades que se presentan durante pouco tempo, pero producen unha gran mortalidade (alta incidencia): é o caso típico da cólera, que nunha única invasión de dous anos (1854-55) matou máis persoas que ningunha outra enfermidade que se repetise ao longo de todos eses anos (alta prevalencia), como pode ser a disenteria, de impacto sempre moderado.

Tamén, varía a regularidade: fronte a uns brotes moi virulentos duns anos, outros, case pasan desapercibidas: é o caso da varíola e das febres tifoides. Pola contra, as enfermidades respiratorias (incluímos aquí un variado grupo, non unha única doenza) e a diarrea e enterite, están sempre presentes, o cal non quere dicir que sexa sempre igual a súa incidencia. O que si son estas dúas enfermidades é constantes: case non hai un ano en que non produzan baixas, sobre todo, as respiratorias, causantes no seu conxunto, do maior número de mortes.

A evolución no tempo destas enfermidades permite extraer a existencia de tres períodos, absolutamente relacionados coa evolución demográfica, especialmente coa mortalidade, pero non unicamente (tamén afectou á natalidade e aos matrimonios)<sup>29</sup>, e que son os seguintes:

1º Até mediados dos anos corenta: Baixa incidencia e ausencia de enfermidades epidémicas.

2º Desde esa data até o final dos cincuenta: incremento das enfermidades "ordinarias" como son as respiratorias e aparición das epidemias (cólera, tifoides, varíola), e agravamento da incidencia das enfermidades tamén propias da pobreza (disentería). A crise económica deses anos, xa mencionada moitas veces, é a responsábel de todo iso.

3º Na década dos sesenta van desaparecer as epidemias e diminuír a agresividade de todas as infeccións, mesmo as mortes por lombrigas, que se mantiñan dende o principio.

En resumo, as enfermidades infecciosas poden ser un bo indicador, non só demográfico, senón económico, pois oscilan a intervalos dependentes da prosperidade da sociedade, xa sexa pola súa debilidade ou fortaleza.

### 3.2. Enfermidades non infecciosas e mal definidas

Proporcionalmente, sempre foron de menor importancia que as infecciosas, aínda que son responsábeis, entre os dous grupos, da metade das defuncións neste período, como xa vimos.

As "Mal definidas" engloban expresións como: *Enfermidade ou Morte Natural*, *Morte repentina*, *Vellez*, *Debilidade*, *Canso* e poden aparecer soas ou engadidas a outras enfermidades, e adoitan referirse a persoas de máis de sesenta anos.

29. Vid. VÁZQUEZ ARIAS, *op. cit.*, p.18 e 30.

Igual que fixeramos para a mortalidade infantil, seleccionamos un curto período de tempo para ver cales son as causas de morte, neste caso, das persoas daquela idade, pertencentes por dereito propio á VELLEZ.

**Táboa 9: Mortalidade dos >60 anos de Pontedeume (1837; 1845-1849)**

| ENFERMIDADE         | Nº CASOS | CASOS/ANO |
|---------------------|----------|-----------|
| hidropísia/anasarca | 45       | 7         |
| catarro pulmonar    | 15       | 2,5       |
| acdde. apopléctico  | 12       | 2         |
| hepatite            | 7        | 1,1       |
| vellez              | 6        | 1         |
| catarro sufocante   | 6        | 1         |
| consunción          | 6        | 1         |
| disenteria          | 6        | 1         |
| febre gástrica      | 6        | 1         |

### 3.2.1. Enfermidade ou morte natural

Aparece en setenta e tres casos (2,9% do total). É unha expresión do principio dos rexistros, dende 1837 até 1856. Naquel ano, aparece en cincuenta e unha ocasións nada menos. É evidente que, ao ser o primeiro en que pasa a ser obrigatorio<sup>30</sup> incorporar ás partidas de defunción un certificado médico, este non sempre existía realmente, sendo substituído pola expresión dun lego en materia médica (como xa se explicou ao principio).

Os anos seguintes utilízase só nunha ou dúas ocasións ao ano, até que dende 1856, desaparece, como sinal de que os diagnósticos son máis rigorosos, ou polo menos, obra dun profesional.

Aínda que aparece moitas veces asociado a persoas de certa idade para a época (1/3 dos casos), existen exemplos de nenos e mesmo de bebés, co cal, está claro que era un caixón de xastre, válido para todo<sup>31</sup>. Véxase no listado de causas de mortalidade infantil da páxina 11, como se sitúa en segundo lugar desta (¡!).

### 3.2.2. Morte repentina

En todo o período, aparece en 23 ocasións (0,9% do total) e oculta casos de moi variada etioloxía (cerebral, cardíaca, ...) que provocarán un falecemento fulminante, sen síntomas ostensíbeis<sup>32</sup>.

30. Véxase a cita 1: a real orde de 1837 que dá paso aos rexistros parroquiais estandarizados e con función de estatística civil.

31. Pode acontecer que unha determinada enfermidade sexa ocultada de modo deliberado como causa de morte. É ben coñecida a resistencia á declaración pública de calquera enfermidade epidémica sería polos responsábeis sanitarios por temor aos perxuícios que leva consigo. As veces, a causa real de morte pode ocultarse ao obxecto de evitar unha estigmatización social da persoa falecida e/ou dos seus achegados. É o caso de enfermidades tales como a tuberculose ou as venéreas (destas últimas, por certo, non hai nin unha soa causa de defunción). Véxase ao respecto, ARRIZABALGA, J.: *La identificación de las causas de muerte en la Europa pre industrial*, en: Boletín da ADEH, nº XI (1993), p. 25-47.

32. De feito, os padecementos isquémicos do corazón, por exemplo, só se puideron diagnosticar con exactitude a partir de datas

### 3.2.3. Vellez, Senectude, Debilidade, Canso, Marasmo, Consunción

Todas elas veñen a definir o mesmo, e supoñen, en total, douscentos catorce casos (8,5%). As máis frecuentes son *consunción*, en cincuenta e sete ocasións (2,2%) e *marasmo*, en vinte (0,7%).

Tamén, corresponden a partidas de defunción dos anos corenta, agás dez dos cincuenta e só unha de 1864, é dicir, dos primeiros e, polo tanto, máis ambiguos rexistros<sup>33</sup>.

Como xa se dixo, estes son diagnósticos referidos a maiores de sesenta anos, a cal era unha moi avanzada idade naquela época, tendo en conta a esperanza de vida (a metade), polo que non é estraño que, en moitas ocasións, se acompañe a circunstancia de "*postrado*" do enfermo antes de falecer<sup>34</sup>.

### 3.2.4. Hidropisía / Anasarca

Estes dous termos designan a mesma enfermidade: unha inflamación por acumulación de auga na pel; o primeiro é máis antigo que o segundo, que é o actual, se ben non o substitúe, polo menos en Pontedeume. Supón a causa da morte de cento tres persoas en todo o período (4,1%), un número sorprendentemente elevado para esta doenza, pouco coñecida, pero que terá a súa explicación máis adiante. Distinguimos tres fases ben diferenciadas:


**Táboa 19: Falecementos por Hidropisía / Anasarca en Pontedeume (1837-1868)**

| PERÍODO   | MORTOS | M./ANO |
|-----------|--------|--------|
| 1837-1845 | 33     | 4,1    |
| 1846-1855 | 147    | 14,7   |
| 1856-1868 | 25     | 2,7    |
| 1837-1868 | 95     | 3,5    |

moi posteriores ao noso estudio, polo que volvemos ao problema do diagnóstico retrospectivo. Para unha análise máis detallada desta polémica (a favor ou en contra), véxase o traballo de RODRIGUEZ OCAÑA, E.: *Un diálogo entre la demografía histórica y la historia de la medicina*, sobre a Conferencia Internacional sobre a Historia do rexistro das causas de morte, celebrada en Boomington (Indiana) en 1993, no citado Boletín da ADEH correspondente a ese mesmo ano, p. 189-195.

33. A excepción é unha data tan avanzada como o ano 1870 (o último do noso rexistro), que ofrece 17 expresións de "*vellez*".

34. A expresión "*Consunción*" non é exclusiva da vellez e podería, ademais, encubrir un diagnóstico de tuberculose (tise). Vid: BERNABEU MESTRE, *op. cit.*, p. 62. De feito, a media de casos anuais (3,1) duplicase en 1853 e aumenta en 1854-55 (anos da crise demográfico-sanitaria).

**Gráfico 7: Falecementos por Hidropisía / Anasarca en Pontedeume (1837-1868)**

Na primeira fase, mantéñense uns niveis normais. Pero na segunda metade dos anos corenta e durante un decenio, cuadriplícanse, coincidindo coa crise de mediados de século, cun máximo de 20 casos en 1850 e en 1853 (o ano da fame), cando a media é de 3,5 casos ao ano. A segunda metade dos anos cincuenta son de recuperación dos niveis anteriores, e a década seguinte, mesmo de diminución e case desaparición.

Ao non ser do tipo infeccioso, pode chamar a atención esta relación (que viramos daquelas enfermidades coas crises económicas); pero hai que ter en conta que a anasarca presenta unha variedade, o chamado "edema de fame", que se orixina por unha progresiva diminución da ingesta de alimentos, é dicir, malnutrición, o que explica a elevada incidencia nestes anos centrais do século, de crise, desta enfermidade.

### 3.2.5. Accidentes Apopléticos

Tamén moi relacionados coa vellez, supoñen unha considerable proporción das defuncións: noventa e tres (3,7% do total do período) aínda que se rexistran sobre todo ao principio, nos anos 40 e 50, desaparecendo en 1860. E, como tamén sucedía no apartado anterior, ao principio vai asociado a outros síntomas, para ir posteriormente, independizándose. Inclúense baixo este concepto varias expresións similares (accidentes apopléticos, apoplexía, hemiplexía, accidente cerebral, parálise) e en ocasións vai acompañado de comentarios pouco científicos, como "apoplexía e miseria", que aínda que nos informan da situación económica do defunto (e da época, como vimos), fan-nos dudar da autoría médica, como tamén xa se preveu. Por último, convén sinalar que é moi utilizada a expresión "accidente", que pode levar á confusión cunha morte ocasionada por unha caída, golpe, etc.



### 3.2.6. Parto

Son 24 (0,9%) mulleres as que morren de parto ou de complicacións deste neste período, dende 1837 até 1866, normalmente, unha ao ano, con algunha excepción (cinco falecidas nese 1837). Podemos apreciar unha diminución dos casos co tempo, o cal nos pode animar a ver unha melloría nas condicións hixiénico-sanitarias dos partos; aínda que consideramos insuficiente a mostra como para chegar a esa optimista conclusión, pois aínda estaba lonxe a divulgación do coñecemento microbiano que fixo extremar a hixiene das matronas e reducir esa mortalidade.


### 3.2.7. Ao nacer / Prematuro / Inmaturo

Correlación do anterior, e pola imposibilidade médica de corrixir as deficiencias dos inmaturos, era que a elevada mortalidade infantil comezaba nalgunhas ocasións (26, -1%-) no mesmo momento de nacer, xa fose por complicacións do parto, infeccións ou por "*falta de desenvolvemento*", como ás veces se expresaba o prematuro.

Por outra banda, sorprende que só se rexistren dous abortos en todos estes anos, o que nos fai sospeitar a ocultación dos demais.

Como no apartado anterior, a maior parte destes casos atópanse na primeira metade do período, sendo escasos nos anos sesenta; é dicir, hai unha evidente melloría da situación, ou polo menos, iso indican os rexistros.

**Gráfico 8: Mortes por parto e ao nacer en Pontedeume (1837-1866)**



Estes dous gráficos ensínanos unha asombrosa coincidencia nos dous obxectos en cuestión, tanto nos anos ausentes como nos que os falecementos son maiores, o cal nos induce a pensar que podería ser frecuente que, cando un parto era problemático, se saldaba coa morte de ambos os dous, nai e fillo.

### 3.2.8. Raquitismo

Supón a causa de 45 falecementos en todo o período (1,5 / ano), todos eles, nenos. É unha das primeiras na mortalidade infantil (véxase o cadro da páxina 52). Claro síntoma de malnutrición e de pobreza.

### 3.2.9. Accidentes / Morte violenta

Por último, un dobre motivo de morte por causas alleas, e de escasa incidencia.

**-Accidentes:** 50 casos (1,6 ao ano). Destaca o apartado "*afogados*", con doce falecidos, case todos varóns; o ano peor foi, casualmente, 1853, en que morreron cinco persoas (tres mulleres e dous homes de idades comprendidas entre 19 e 25 anos) nun mesmo naufraxio. Pertencían á parroquia de Ombre. De todos os xeitos, non parece unha cifra excesiva para unha localidade costeira e pesqueira.

**-M. Violenta:** A forma máis habitual é a puñalada (catro homes), e non hai constancia de ningunha morte por arma de fogo. Chama a atención a existencia dunha execución, o catro de marzo de 1861 en Pontedeume. Nesa data, Manuel Torres Salamanca, de corenta anos, descoñecido na vila, sufriu pena de garrote na praza do Conde ás doce horas e quince minutos, por furto e homicidio de dúas mulleres.

Os feitos sucederon o once de agosto do ano anterior, cando o axustizado foi sorprendido intentando roubar na casa do cura ecónomo de S<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. de Miño, pola nai e a irmá do cura, ausente. Entón, o acusado golpeou a ambas as dúas cun garrote de toxo até matalas. Os berros alertaron o sancristán e a algúns veciños que detiveron ó asasino.

## 4. CONCLUSIONES

Podemos distinguir unha evolución de tres fases na incidencia de varias enfermidades, sobre todo as infecciosas con carácter epidémico (como a cólera e as febres tifoides), pero tamén noutras (como a anasarca / hidropisia):

+Desde o comezo do rexistro (1837) até a metade dos anos corenta: niveis baixos.

+Segunda metade dos corenta até final dos cincuenta: suba ostensible ou irrupción por primeira vez (cólera).

+Os anos sesenta: diminución aos niveis do principio e mesmo melloría.

A explicación, xa apuntada en cada caso, é a crise de mediados de século, que tivo o seu cumio no ano 1853 (de fame) e o bienio 1854 - 1855, coas epidemias de cólera e febres tifoides.

Atopámonos cunha mortalidade sempre elevada, propia do Antigo Réxime, anterior á industrialización e modernización da sociedade española, que só diminuírá a partir de finais do século XIX e principios do seguinte. Isto pode ser xa perceptíbel nesa diminución dos anos sesenta, polo menos no referido ás enfermidades infecciosas, causantes da maior parte da sobremortalidade, e reflexo do atraso en todas as ordes, imperante até entón.

Non cabe dúbida que un rexistro máis prolongado no tempo sería máis revelador do que parece unha tendencia por confirmar.

Como xa viramos, especialmente para as enfermidades infecciosas, o estudo epidemiolóxico é un bo indicador dos problemas económicos e as desigualdades sociais, á vez que do atraso dunha sociedade. Varias son as doenzas testemuña desta circunstancia, que fan transparentes as estruturas e carencias dun colectivo (enfermidades de tipo social). Podemos resaltar as seguintes:

- **Cólera:** Como xa indicamos, o 30% dos falecidos por esta enfermidade en Pontedeume eran "pobres" segundo os párrocos, autores do rexistro. A atención dos médicos do concello (gratís para as persoas sen recursos -abundantes-), e a demanda de axudas económicas, son testemuño desta situación.

- **Enfermidades infecciosas:** Tamén mencionado, supoñen un indicador fiable do atraso, igual que hoxe en día para moitos países do Terceiro Mundo. Supoñían unha ameaza constante, especialmente para a poboación infantil, máis vulnerábel, e máis onde a boa alimentación e hixiene eran escasas. Podemos destacar varias:

Disentería, Lombrigas, Sarna, Febres Tifoides, Varíolas, Difteria, Diarreas, ademais da cólera e as

- **Enfermidades Respiratorias:** Non só o clima imperante é o causante destas enfermidades. A subalimentación, malas vivendas, deficiente ou nula calefacción, traballos á intemperie (campesiños, pescadores), falta de hixiene, e mesmo imposibilidade para adquirir as medicinas, explican tanta prevalencia.

- **Alta mortalidade no Parto:** tanto para os fillos coma para a nai, polo menos nos primeiros anos.

- Expresións como **Raquitis**, (45), ou **Miseria** (dous en 1855), ou mesmo **Fame** (unha nese ano).

## APÉNDICE I

## LISTADO DAS 2.536 EXPRESIÓNS DIAGNÓSTICO DE MORTE POR ORDE DE FRECUENCIA DOS REXISTROS DE PONTEDEUME (1837-1870)

| EXPRESIÓN                   | Nº VECES | EXPRESIÓN                       | Nº VECES |
|-----------------------------|----------|---------------------------------|----------|
| Enfermedad común            | 245      | ahogado                         | 12       |
| cólera morbo                | 221      | anginas                         | 11       |
| viruelas                    | 99       | ascitis                         | 11       |
| hidropesía / anasarca       | 95       | viruelas pútridas               | 11       |
| tisis pulmonar              | 76       | tosferina                       | 11       |
| enfermedad o muerte natural | 72       | gastritis                       | 10       |
| vejez                       | 61       | fiebre verruminosa              | 10       |
| lombrices                   | 58       | calentura ética                 | 10       |
| consunción                  | 57       | “ crónica                       | 10       |
| fiebre verminosa            | 45       | “ “ verminosa                   | 10       |
| raquitis                    | 43       | enf. crónica y cansado          | 10       |
| catarro pulmonar            | 43       | NO CONSTA                       | 10       |
| disentería                  | 40       | enfermedad Epidémica            | 10       |
| fiebres tifoideas           | 38       | convulsiones                    | 9        |
| fiebre gástrica             | 34       | accidentes convulsivos          | 9        |
| fiebre pútrida nerviosa     | 33       | parto                           | 9        |
| accidente apoplético        | 32       | enfermedad cansado              | 9        |
| disentería crónica          | 30       | gastroenteritis                 | 9        |
| fiebre o calentura          | 28       | al nacer / prematuro / inmaduro | 9        |
| pulmonía                    | 27       | hepatitis crónica               | 9        |
| fiebre pútrida              | 24       | crup                            | 8        |
| muerte repentina            | 22       | apoplejía cerebral              | 8        |
| marasmo                     | 20       | perversión orgánica cerebral    | 8        |
| accidente                   | 19       | marasmo denil                   | 8        |
| ILEGIBLE                    | 19       | angina membranosa               | 8        |
| catarro crónico             | 16       | enteritis                       | 8        |
| diarrea                     | 16       | laringitis                      | 7        |
| sarampión                   | 16       | de costado                      | 7        |
| difícil dentición           | 15       | fiebre intermitente             | 7        |
| apoplejía                   | 14       | hidrotorax                      | 7        |
| catarro sofocante           | 14       | pleuritis                       | 7        |
| fiebre catarral             | 14       | mal o afección al pecho         | 6        |
| pleuresía                   | 14       | calentura nerviosa              | 6        |
| asma                        | 13       | “ cerebral                      | 6        |
| consunción senil o vejez    | 13       | “ crónica pectoral              | 6        |
| accidentes epilépticos      | 13       | hemiplejía                      | 6        |

|                                   |   |                                           |   |
|-----------------------------------|---|-------------------------------------------|---|
| hepatitis                         | 6 | quemadura accidental                      | 3 |
| catarro crónico pulmonar          | 6 | inflamación                               | 3 |
| cólera benigno                    | 6 | accidente apoplejía nerviosa              | 3 |
| espasmo                           | 5 | caída                                     | 3 |
| sobrepeso                         | 5 | fiebre mesentérica                        | 3 |
| tisis tuberculosa                 | 5 | calentura pútrida espasmódica o nerviosa  | 3 |
| falta de desarrollo               | 5 | fiebre vermiculosa                        | 3 |
| cáncer                            | 4 | debilidad nerviosa crónica                | 3 |
| fiebre pútrida petequeial         | 4 | enfermedad crónica                        | 3 |
| fiebre verminosa o de lombrices   | 4 | infarto de obstrucción de vientre crónico | 2 |
| calentura lenta                   | 4 | calentura diarrea                         |   |
| vejez y debilidad crónica         | 4 | o emotiosis de sarampión                  | 2 |
| apoplejía nerviosa                | 4 | erupción cutánea violenta                 | 2 |
| puñalada                          | 4 | reumatismo crónico                        | 2 |
| aneurisma                         | 4 | indigestión                               | 2 |
| diarrea crónica                   | 4 | metástasis gotosa                         | 2 |
| colitis                           | 4 | nerviosa                                  | 2 |
| colitis crónica                   | 4 | gastritis crónica                         | 2 |
| histerismo                        | 4 | enteritis verminosa                       | 2 |
| congestión cerebral               | 4 | gastroenteritis crónica                   | 2 |
| cólico                            | 4 | enfermedad nerviosa                       | 2 |
| cerebritis crónica                | 3 | úlceras depascentes en la nariz           | 2 |
| espasmo nervioso espasmo cerebral | 3 | erucción de sarampión                     | 2 |
| peritonitis                       | 3 | repercusión herpética                     | 2 |
| accidentes convulsivos nerviosos  | 3 | afección gástrica                         | 2 |
| cólico nervioso                   | 3 | viruelas malignas                         | 2 |
| miseria                           | 3 | viruelas confluentes                      | 2 |
| demencia                          | 3 | calentura inflamatoria                    | 2 |
| istérica o enf. nerviosa crónica  | 3 | c. pútrida gangrenosa violenta            | 2 |
| accidente histérico               | 3 | c. crónica nerviosa cerebral              | 2 |
| gastritis verminosa               | 3 | c. lenta crónicobstrucción mesentérica    | 2 |
| ahogo de pecho                    | 3 | c. “ istérica o mal cansado               | 2 |
| enteritis aguda                   | 3 | cistitis crónica                          | 2 |
| asma crónica                      | 3 | fiebre pulmonar                           | 2 |
| enfermedad verruminosa            | 3 | fiebre lumbrinosa                         | 2 |
| costipado                         | 3 | lombrices o ahogo de pecho                | 2 |
| enfermedad crónica                | 3 | debilidad                                 | 2 |
| neumonitis                        | 3 | cerebritis                                | 2 |
| ahogo de pecho crónico            | 3 | debilidad general crónica                 |   |
| sarna                             | 3 | de su avanzada edad                       | 2 |
| debilidad congénita               | 3 | epilepsia                                 | 2 |
| anemia                            | 3 | senectud                                  | 2 |
| metritis crónica                  | 3 | pulmonía catarral                         | 2 |

|                                         |   |                                        |   |
|-----------------------------------------|---|----------------------------------------|---|
| neumonitis aguda                        | 2 | fiebre con calentura                   | 1 |
| pulmonía pútrida                        | 2 | calentura de los dientes               | 1 |
| catarro fulminante                      | 2 | c. lenta crónica con hinchazón         | 1 |
| tisis mesentérica                       | 2 | c. lenta y vejez                       | 1 |
| no viable                               | 2 | c. l. supuratoria                      | 1 |
| aborto                                  | 2 | c. consuntiva                          | 1 |
| debilidad de nacimiento                 | 2 | c. consuntiva crónica                  | 1 |
| calentura puerperal                     | 2 | c. gástrica nerviosa                   | 1 |
| hepatitis aguda                         | 2 | c. istérica crónica                    | 1 |
| supresión loquial                       | 2 | c. viliosa                             | 1 |
| “tabes mesentérica”                     | 2 | enfermedad natural senil               | 1 |
| erisipela                               | 2 | e. natural después de larga postración | 1 |
| consunción crónica                      | 2 | muerte natural crónica con “lentería”  | 1 |
| c. hepática                             | 2 | muerte repentina “de bonica”           | 1 |
| c. pulmonar                             | 2 | debilidad crónica humoral de la cadera | 1 |
| hipertrofia del corazón                 | 2 | d. crónica y postración                | 1 |
| accidente nerviosa                      | 2 | d. crónica intensa                     | 1 |
| hemorragia                              | 2 | d. verminosa crónica                   | 1 |
| anasarca o inflamación humoral grave    | 2 | d. nerviosa y verminosa crónica        | 1 |
| consunción extrema: miseria             | 2 | d. febril                              | 1 |
| desnudez y falta de alimento            | 2 | vejez, parálisis crónica               |   |
| garrotillo                              | 2 | de las extremidades                    | 1 |
| tabardillo                              | 2 | vejez con calentura espasmódica aguda  | 1 |
| angina laríngea                         | 2 | v. y ahogo pulmonar                    | 1 |
| “croup”                                 | 2 | v. y postración general crónica        | 1 |
| diarrea colicativa                      | 2 | senectud e impedida                    | 1 |
| diarrea serosa                          | 2 | impedida                               | 1 |
| parálisis                               | 2 | lenta escrofulosa                      | 1 |
| por acción violenta                     | 2 | tos violenta                           | 1 |
| desgraciada                             | 2 | asma violenta                          | 1 |
| hidropesía del corazón                  | 2 | asma crónica con hinchazón             |   |
| fiebre gástrica maligna                 | 1 | humoral grave                          | 1 |
| f. “remótica”                           | 1 | asma biliosa                           | 1 |
| f. pestitencial                         | 1 | asma senil                             | 1 |
| f. verminosa cerebral                   | 1 | asma aguda                             | 1 |
| f. con pulmonía                         | 1 | enfermedad crónica de afección         |   |
| f. atáxica maligna                      | 1 | al pecho y miseria                     | 1 |
| f. “nuncia”                             | 1 | calentura catarral o ahogo de pecho    | 1 |
| f. erisipelatosa                        | 1 | ahogo de pecho agudo                   | 1 |
| f. pútrida con apoplejía a la cabeza    | 1 | ahogo catarro flemático pecho          | 1 |
| f. p. inflamatoria y erupción miliar    | 1 | ahogo linfático pulmonar crónico       | 1 |
| f. p. gangrenosa por una caída o de     |   | opresión del pecho crónica             | 1 |
| reinar estacionalmente tales calenturas | 1 | pulmonía gangrenosa                    | 1 |

|                                        |   |                                         |   |
|----------------------------------------|---|-----------------------------------------|---|
| pulmonía fulminante                    | 1 | c. escrofulosa                          | 1 |
| p. violenta                            | 1 | dolor de vientre                        | 1 |
| bronquitis                             | 1 | dolor de cabeza crónico                 | 1 |
| neumonitis                             | 1 | garrotillo                              | 1 |
| “neumitritis”                          | 1 | ahogo y garrotillo violento pútrido     | 1 |
| pleuresía aguda                        | 1 | laringia                                | 1 |
| pleuroneumonía                         | 1 | laringitis crónica                      | 1 |
| pleuro “perimonia” pútrida             | 1 | l. ulcerosa                             | 1 |
| perineumonía aguda                     | 1 | angina defectuosa                       | 1 |
| constipado pulmonar                    | 1 | parálisis de corazón                    | 1 |
| neumonía                               | 1 | impedimento en la circulación           | 1 |
| catarro agudo                          | 1 | atrofia del corazón                     | 1 |
| tisis nerviosa                         | 1 | angina de pecho                         | 1 |
| tisis verminosa                        | 1 | arritmia                                | 1 |
| sofocación                             | 1 | reblandecimiento crónico del corazón    | 1 |
| congestión pulmonar                    | 1 | lesión del corazón                      | 1 |
| inflamación del brazo izquierdo        | 1 | diarrea viliosa                         | 1 |
| inflamación de garganta                | 1 | d. con angina membranosa                | 1 |
| inflamación de vientre y gangrena      | 1 | d. crónica verminosa                    | 1 |
| inflamación de las fauces e intestinos | 1 | d. catarral crónica                     | 1 |
| prematureo y mal parto                 | 1 | colitis aguda                           | 1 |
| nacido antes de tiempo                 | 1 | c. gangrenosa                           | 1 |
| falta del palatino                     | 1 | enfermedad verminosa                    | 1 |
| hemorragia puerperal                   | 1 | de lombrices y dientes                  | 1 |
| metritis                               | 1 | hidropesía ascitis y convulsiones       | 1 |
| m. catarral intensiva                  | 1 | h.a. humoral                            | 1 |
| hepatitis virruminosa                  | 1 | anasarca linfática                      | 1 |
| ictericia                              | 1 | a.pasiva                                | 1 |
| infarto crónico del hígado             | 1 | ejecutado (garrote vil)                 | 1 |
| meningitis                             | 1 | atacado en una cantina                  | 1 |
| meningitis aguda                       | 1 | retención de orina                      | 1 |
| m. crónica tuberculosa                 | 1 | mal de orina                            | 1 |
| sarna y gangrena en la barriga         | 1 | reumatismo articular                    | 1 |
| sarna o erupción cutánea               | 1 | apoplegía y miseria                     | 1 |
| erupción cutánea                       | 1 | a.fulminante                            | 1 |
| e. sarnosa                             | 1 | a.serosa                                | 1 |
| afección eruptiva                      | 1 | a.serosa cerebral                       | 1 |
| vicio exantemático                     | 1 | a.pulmonar                              | 1 |
| supuración intercutánea                | 1 | a.sanguínea                             | 1 |
| erisipela hermunosa                    | 1 | a.verminosa                             | 1 |
| consunción nerviosa                    | 1 | “apopleca” serosa                       | 1 |
| c. histérica                           | 1 | parálisis miembros y postración crónica | 1 |
| c. por retroceso humoral               | 1 | p. lado izquierdo y miseria             | 1 |

|                                     |   |                                    |   |
|-------------------------------------|---|------------------------------------|---|
| p. verminosa del cuello, muda       | 1 | enterocolitis ulcerosa             | 1 |
| p. crónica                          | 1 | e. mesentérica crónica             | 1 |
| p. piernas crónica                  | 1 | e. peritonitis                     | 1 |
| accidente espasmódico               | 1 | gastritis inflamatoria             | 1 |
| a. nervioso de parálisis crónica    | 1 | gastroenteritis verruminosa        | 1 |
| a. paralítico miembros y gangrena   | 1 | g. foliculosa                      | 1 |
| a. apoplejía “morbiosa” espasmódica | 1 | g. nerviosa                        | 1 |
| a.a.serosa                          | 1 | g. aguda                           | 1 |
| a.hemipléxico                       | 1 | disentería crónica y consunción    | 1 |
| de un golpe desgraciado             | 1 | d. colicativa                      | 1 |
| dislocación craneal                 | 1 | d. erisipelatosa metastática       | 1 |
| accidente fuerte repentino          | 1 | d. catarral                        | 1 |
| a.repentino                         | 1 | viruelas petequiales               | 1 |
| mielitis por una caída              | 1 | fuerte meteorismo de vientre       | 1 |
| caída de un carro                   | 1 | obstrucciones vísceras del vientre | 1 |
| muerte casual                       | 1 | o. crónicas del vientre            | 1 |
| hemorragia fulminante               | 1 | intestino revuelto                 | 1 |
| cáncer en la lengua                 | 1 | estrangulación interna intestinal  | 1 |
| c. crónico en la nariz              | 1 | erucción crónica                   | 1 |
| c. en el cuello uterino             | 1 | cólico mesentérico                 | 1 |
| c. en el pecho                      | 1 | c. estomacal crónico               | 1 |
| c. o inflamación en el vientre      | 1 | c. nervioso de inflamación cutánea | 1 |
| c. de estómago                      | 1 | epilepsia crónica                  | 1 |
| c. en la matriz                     | 1 | accidente epileptiforme            | 1 |
| úlceras cancerosas                  | 1 | epilepsia por irritación crónica   |   |
| fungus canceroso                    | 1 | del encéfalo                       | 1 |
| ascitis pasiva                      | 1 | síncope                            | 1 |
| demencia e hidropesía general       | 1 | gastroenteritis cerebral           | 1 |
| “esterismo”                         | 1 | reblandecimiento crónico cerebral  | 1 |
| “hicterismo”                        | 1 | ataque cerebral                    | 1 |
| enfermedad nerviosa                 | 1 | cerebritis aguda                   | 1 |
| debilidad nerviosa                  | 1 | “arrearitis” cerebral crónico      | 1 |
| “pirosi” histeria crónica           | 1 | espasmo crónico                    | 1 |
| manía crónica con derrame           |   | e. c. de la boca                   | 1 |
| seroso cerebral                     | 1 | convulsión nerviosa e inflamación  |   |
| “gástrica nerviosa”                 | 1 | del vientre                        | 1 |
| gástrica catarral                   | 1 | convulsión verminosa o “tartago”   | 1 |
| atonía gástrica                     | 1 | c. crónica                         | 1 |
| gangrena intestinal verminosa       | 1 | accidente convulsivo crónico       | 1 |
| “gastro”                            | 1 | enf. nerviosa convulsiva crónica   | 1 |
| gastralgia                          | 1 | ahogos convulsiones nerviosas      | 1 |
| g. crónica                          | 1 | escorbuto                          | 1 |
| enterocolitis                       | 1 | solterona                          | 1 |



|                          |   |
|--------------------------|---|
| elefancia                | 1 |
| elefantiasis             | 1 |
| hernia                   | 1 |
| hernia inguinal          | 1 |
| h. estrangulada          | 1 |
| ántrax maligno           | 1 |
| vértigo                  | 1 |
| reblandecimiento         | 1 |
| cianosis                 | 1 |
| parótida                 | 1 |
| retropulsión espética    | 1 |
| repercusión gotosa       | 1 |
| vicio escrofuloso        | 1 |
| humor escrofuloso        | 1 |
| expulsión nerviosa       | 1 |
| violoides                | 1 |
| miscentería              | 1 |
| esterima viático         | 1 |
| antase con un hombro     | 1 |
| odontología              | 1 |
| cebitis intensa          | 1 |
| complusión nervio        | 1 |
| crónica                  | 1 |
| absceso frío sintomático | 1 |
| vicio escropiloso        | 1 |
| lenta supulatoria        | 1 |
| hemotisis                | 1 |
| neumorragia              | 1 |
| parrotisis               | 1 |
| ataque hemóptico         | 1 |
| retención del miconio    | 1 |
| exantima petequial       | 1 |
| herpética                | 1 |
| vicio dérico             | 1 |
| polisarcia               | 1 |

## APÉNDICE II

### LISTADO ALFABÉTICO DAS EXPRESIÓNS DE CAUSA DE MORTE EN PONTEDEUME (1837-1870)

A presente relación vén a ser unha versión simplificada dun Thesaurus de expresións de causa de morte atopadas no AMP (descritores). A primeira cifra correspóndese co número de veces que aparece a expresión. A segunda, co número delas diferentes, dentro do mesmo campo semántico; a terceira, entre paréntese, as datas límite dentro das cales constan as mesmas. Por último, os termos máis frecuentes:

#### ACCIDENTES APOPLÉCTICOS

- 93; 28; (1837-1868)
- Accidentes apoplécticos: 32 (1845-1860)
- Apoplejía: 14 (1847-67)
- Hemiplegía: 6 (1847-60)
- Parálisis + outra expresión: 7 (1840-59)

#### ACCIDENTE

- 50; 14; (1837-1868)
- Ahogado: 12 (1841-1866) [5 en 1853]
- Caída: 4 ; -Quemaduras: 2

#### AL NACER (PREMATURO, INMADURO)

- 26; 5; (1837-1864)
- Al nacer: 9 (1837-55)

#### ASCITE

- 12; 2 ; (1848-67)

#### CÁNCER

- 15; 11; (1840-1867)

#### ENFERMEDADES CARDIOVASCULARES

- 16; 10; 1840-64)

#### ENFERMEDADES CEREBRALES

- 22; 13; (1842-1864)

#### CÓLERA

- 227; 2; (1854-55)
- Cólera morbo asiático: 221 (1854-55)

## CÓLICOS:

-10; 5; (1839-68)

## CONVULSIONES

-37; 10; (1839-67)

-Accidentes convulsivos: 9 (1850-67)

-Convulsiones: 9 (1842-49)

-Espasmo: 5 (1837-56)

## DEMENCIA/NERVIOS

-22; 12; (1840-62)

## DIARREAS

-39; 13; (1837-68)

## DISENTERÍA

-74; 5; (1839-68)

## DOR

2; 2; (1837-40)

## EPILEPSIA

-18; 5; (1839-66)

-Accidentes epilépticos/ epiléticos: 13; (1845-66)

## FIEBRE / CALENTURA

-291; 47; 1837-1868)

-Fiebre o calentura: 28 (1837-1868)

-F. Verminosa: 46 (1840-67)

-F. pútrida nerviosa: 33 (1841-61)

-F. Pútrida: 24 (1837-64)

-F. Gástrica: 34 (1845-68)

-F. Catarral: 14 (1845-68)

-F. Ética: 10 (1845-61)

-F. Crónica verminosa: 10 /1839-43)

-F. Verruminosa: 10 (1848-60)

-F. Intermitente: 7 (1855-59)

## FIEBRES TIFOIDEAS

-38; 1; (1852-64)

## ENF. DE LA GARGANTA / DIFTERIA

48; 15; (1837-68)

- Anginas: 11 (1845-68)
- A. Membranosa: 8 (1842-68)
- Laringitis: 7 (1854-68)
- Crup: 2 (1867-68)
- Garrotillo: 2 (1837 y 43)
- Tabardillo: 2 (1859 y 66)

#### GASTROENTERITIS / VIENTRE / DENTICIÓN

- 92; 22; (1839-68)
- Difícil Dentición: 15 (1847-68)
- Gastritis: 10 (1847-66)
- Gastroenteritis: 9 (1845-61)
- Enteritis: 8 (1847-66)

#### HÍGADO / HEPATITIS

- 20; 6; (1845-66)

#### HIDROPESÍA / ANASARCA

- 103; 7; (1837-68)

#### INFLAMACIÓN

- 8; 5; (1837-62)

#### LOMBRICES

- 61; 3; (1837-57)

#### MENINGITIS

- 3; 3; (1848-68)

#### MISERIA / HAMBRE / POBRE

- 8; 4; (1840-55)

#### ENF. O MUERTE NATURAL / VEJEZ / CONSUNCIÓN / ETC.

- 282; 37; (1837-70)
- Enf. o Muerte Natural: 72 (1837-56)
- Vejez: 61 (1837-70)
- Consunción: 57; (1837-67)
- Marasmo: 20 (1848-68)
- Consunción senil o vejez: 13 (1841 y 42)
- Enf. Crónica y cansado: 10 (1837)
- Enf. Cansado: 9 (1837)
- Marasmo senil: 8 (1856-68)

## ORINA

-7; 4; (1846-66)

## PARTO

-24; 8; (1837-66)

## PIEL / SARNA:

-18; 11; (1837-1860)

## RAQUITIS

-45; 1; (1845-68)

## MUERTE REPENTINA

-22; 2; (1840-69)

## ENFERMEDADES RESPIRATORIAS

-322; 57; (1837-68)

-Tisis pulmonar: 76 (1841-67)

-Catarro pulmonar: 43 (1843-60)

-Pulmonía: 27 (1843-67)

-Catarro crónico: 16 (1842-68)

-Pleuresía: 14 (1840-68)

-Catarro: 14 (1845-59)

-C. sofocante: 14 (1846-60)

-Asma: 13 (1842-59)

## REUMATISMO

-3; 2; (1849-53)

## SARAMPIÓN

-18; 2; (1839-68)

## MUERTE VIOLENTA

-8; 4; (1837-69)

-Puñalada: 4 (1837-49)

## VIRUELAS

-115; 5; (1839-59)

## FONTES

### Arquivo Municipal de Pontedeume:

#### CAIXAS:

- 91: Nacementos, Votas e Defuncións de Pontedeume (1837-1849)
- 92: Nacementos, Votas e Defuncións de Pontedeume (1850-1860)
- 93: Ídem, (1861-1868)
- 94: Ídem, (1869-1888)
- 285: Expedientes diversos dá Xunta de Beneficencia e Sanidade.

### Arquivo Histórico Diocesano (SANTIAGO)

#### SIGNATURA:

- 26: Libro de Mortos da Pª de Santiago (1818-1851)
- 27: " " " (1861-1866)
- 28: " " " (1867-1870)

## BIBLIOGRAFÍA

- ARRIZABALAGA, J., *La identificación de las causas de muerte en la Europa pre-industrial*, Boletín de la ADEH, nº XI, 1993. Número monográfico sobre “Expresiones diagnósticas y causas de muerte”.
- BARONA, J.L., *Teorías médicas y la clasificación de las causas de muerte*, Boletín de la ADEH, nº XI, 1993.
- BERNABEU MESTRE, J.: *Expresiones diagnósticas y causas de muerte* en Boletín de la ADEH, nº XI, 1993.
- Condicionantes de la mortalidad entre 1800 y 1930*, Boletín de la ADEH, nº V, 1987.
- Enfermedad y población. Introducción a los problemas y métodos de la epidemiología histórica*, Valencia, 1994.
- CARRO OTERO, J. y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., *La epidemia de “tifus”, de 1853*, en *Betanzos*, en Anuario Brigantino, nº 12, 1989.
- LÓPEZ PAZOS, M., *Información obtida dos expedientes de alistamento militar. Pontedeume 1836/1924*. Revista Cátedra, nº 12, 2005.
- MICÓ NAVARRO, J.A. Y MARTÍNEZ MONLEÓN, F., *La utilización de las técnicas del análisis instrumental en el estudio e interpretación de las expresiones diagnósticas de las causas de muerte* en Boletín de la ADEH, nºV, 1993
- NADAL, J., *La población española (Siglos XVI al XX)*, Edit. Ariel, Barcelona, 1991.
- SORIANO PALAO, J., *Sanidad, salud y cambio demográfico en Yecla (1852-1930)*, Real Academia de Medicina y Cirujía, Murcia, 2000.
- PERDIGUERO, E., *Causas de muerte y relación entre conocimiento científico y conocimiento popular* en Boletín de la ADEH, nº XI, 1993.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. y GÓMEZ BLANCO, A., *Prevención de Ferrol ante las epidemias (siglo XIX y principios del XX)* en Ferrol Análisis, nº 18, 2003.

RODRÍGUEZ OCAÑA, E., *Un diálogo entre la demografía histórica y la historia de la medicina, sobre la Conferencia Internacional sobre la Historia del registro de las causas de muerte, celebrada en Boomington (Indiana) en 1993*, en Boletín de la ADEH del mismo año.

VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal (1835-1870)*, Revista Cátedra, nº 13, 2006.

WATTS, S., *Epidemias y poder. Historia, enfermedad, imperialismo*. Ed. Andrés Bello, Barcelona, 2000.

## ÍNDICE

### Introdución

#### 1-Explotación das inscricións de defunción

#### 2-As expresións diagnósticas que informan sobre as causas de morte.

##### Clasificación das causas de morte.

#### 3-As expresións diagnósticas das partidas de defunción de Pontedeume (1837-1870)

##### 3.1. Enfermidades infecciosas

###### 3.1.1. E. i. respiratorias

###### 3.1.2. E. i. transmitidas pola auga e os alimentos

###### 3.1.3. Outras enfermidades infecciosas:

###### 3.1.3.1. Variola

###### 3.1.3.2. Difteria

###### 3.1.3.3. Sarampelo

###### 3.1.3.4. Lombrigas

###### 3.1.3.5. Febres tifoides

###### 3.1.3.6. Cólera

###### 3.1.3.7. Disentería

##### 3.2. Enfermidades non infecciosas e mal definidas:

###### 3.2.1. Enf. ou morte natural

###### 3.2.2. Morte repentina

###### 3.2.3. Vellez, senectude, etc.

###### 3.2.4. Hidropisía / Anasarca

###### 3.2.5. Accidentes apoplécticos

###### 3.2.6. Parto

###### 3.2.7. Ao nacer, etc.

###### 3.2.8. Raquitismo

###### 3.2.9. Accidente /Morte violenta

#### 4. Conclusións

#### Apéndice I

#### Apéndice II

# FONDO DE DOCUMENTACION DA UNIVERSIDADE RURAL DO EUME

Xavier Brisset Martín

Por iniciativa e orzamento da Asociación EuroEume e por idea e metodoloxía do asinante, a empresa de investigación e divulgación cultural “8 Mares sl.” vén de concluír os traballos de creación do FONDO DE DOCUMENTACION PARA O COÑECEMENTO DO TERRITORIO<sup>1</sup> que será xestionado pola UNIVERSIDADE RURAL DO EUME.

O fondo foi pensado para acoller todos os materiais que conteñan ou acheguen algunha información ou significación sobre o noso pasado, garantindo a súa conservación e facilitando o acceso a calquera investigador/a ou veciño/a interesado/a.

Un dos seus obxectivos é localizar e clasificar canto hai escrito sobre nosoutros ou o noso territorio, dende os documentos medievais, notariais, eclesiásticos... libros, artigos, teses e investigacións... publicacións nos xornais... fotografías, películas e todo tipo de elemento icónico, o que permite ofrecer unha información que oriente e facilite procuras.

Tamén debe localizar e gravar entrevistas a aquelas persoas que pola súa idade, lucidez e vivencias podemos considerar portadoras da memoria colectiva, tentando reter o Patrimonio Inmaterial. Entrevistas recollidas na “*Hucha dos Saberes*”

O propio funcionamento do Fondo debe poñer en contacto a investigadores/as que se cadra están traballando sobre temas semellantes, a poucos quilómetros de distancia, favorecer perspectivas interdisciplinares, sacar á luz traballos inéditos ou que circulan por circuitos minoritarios sen que aquí os coñezamos...

1. Inclúe os concellos de Cabanas, A Capela, Moeche, Monfero, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas e Vilarmar. Todos da provincia da Coruña. Xavier Brisset Martín foi o coordinador do traballo no que tamén colaboraron: Anabel Alonso López, bibliotecaria das Pontes. Alexandre Caimos Corbeira, arquivista e bibliotecario de Pontedeume. Xosé Francisco Correa Arias, profesor de historia. Antón Ferreiro García, presidente da Irmandade As Pontes-Lesneven-Carmarthen. Loreto García Marón, da Biblioteca de Estudos Locais da Coruña. Carmen Molina Taboada, da Biblioteca da Deputación. Chema Rodríguez Armada, do Centro Galego de Artes da Imaxe. Cristina Velarte Pérez, documentalista en Madrid.



Debe participar na dinamización cultural coa divulgación dos coñecementos, publicando libros, realizando DVDs, exposicións, programas escolares no territorio e fóra del...

A musealización e posta en valor do noso Patrimonio cultural é un dos obxectivos necesarios, pois dende un primeiro momento o Fondo foi pensado como unha apropiación social de algo que sempre foi noso e que debe ser valorado dende unha perspectiva de desenvolvemento co fin de mellorar a calidade de vida e promover o uso sostíbel dos bens patrimoniais.

## **O FONDO DE DOCUMENTACION PARA O COÑECEMENTO DO TERRITORIO DA UNIVERSIDADE RURAL DO EUME está dividido en SETE SECCIÓNS:**

### **1 ) ARQUIVOS E DOCUMENTOS**

No número 13 de *Cátedra*, no artigo “Onde están os nosos documentos?”, presentaba un adianto dos contidos deste apartado que relaciona a documentación que máis directamente nos afecta e que se conserva en 23 arquivos diferentes.

Como última contribución engadiuse a relación e localización dos documentos máis significativos da nosa Idade Media. Este listado foi elaborado polo profesor Xosé Francisco Correa Arias.

Para o coñecemento dos documentos medievais de toda Galicia ver “Relación de fuentes documentales, publicadas o transcritas de la historia medieval gallega” de José Luís López Sangil en [www.estudioshistoricos.com](http://www.estudioshistoricos.com)

A UNIVERSIDADE RURAL DO EUME entregou a cada unha das bibliotecas públicas municipais do territorio o caderno *ARQUIVOS E DOCUMENTOS*, de 320 páxinas, con información detallada e completa a disposición de calquera interesado/a.

### **2 ) BIBLIOGRAFÍA**

Para facilitar a localización de toda a bibliografía que pode ser do noso interese, a historiadora e bibliotecaria Carmen Molina Taboada realizou unha base de datos que recolle 800 entradas con relación directa co noso territorio.

Os campos de busca son: Tema, autor/a, título, editor, ano, biblioteca, sinatura e formato. Detallándose as bibliotecas onde poder atopar o texto desexado, seguindo criterios de proximidade.

Esta base de datos, que non contempla os artigos de prensa, foi pechada o 30 de xuño de 2006, estando a disposición de calquera persoa interesada en cada unha das nosas bibliotecas públicas municipais onde a UNIVERSIDADE RURAL DO EUME entregou unha copia.

A busca realizouse nas bibliotecas públicas municipais de Pontedeume, As Pontes e A Coruña, na da Deputación da Coruña, nas universitarias da USC e da UDC, na base de teses TESEO e na do CSIC e noutras de fóra de Galicia.

Sendo moito o localizado, seguro que aínda queda material por incluír, polo que necesitamos a colaboración dos propios autores/as e dos lectores/as para que nos fagan chegar a [xavier8mares@wanadoo.es](mailto:xavier8mares@wanadoo.es) datos das involuntarias ausencias, poder rectificar algunha inexactitude e incorporar fotocopias de textos inéditos coa autorización do autor/a.

### 3) EXPERTOS/AS

Para poder identificar e localizar as persoas que máis coñecen o noso territorio dividímo-las en dous grupos:

#### a.- Expertos/as con publicacións.

Son aqueles/as que destacan na base de datos bibliográfica presentada no apartado anterior. Investigadores/as que dedicaron e dedican meses e anos a estudar algún aspecto da nosa xeografía ou das nosas xentes. Biólogos/as, historiadores/as, etnógrafos/as, antropólogos/as... que moitas veces, en esforzos cargados de voluntarismo, conseguen rematar meritorias investigacións que incluso chegaron a ser publicadas en prestixiosas revistas estranxeiras e que con todo, ás veces, son descoñecidas entre nós.

Estudos de zooloxía ou prehistoria, de folclore, arte popular ou biografías, de flora ou costumes sociais, de xeoloxía ou medio ambiente... fundamentais para coñecermos mellor e que debemos agradecer ás esforzadas persoas que atraídas pola nosa xente e o noso contorno dedicannos décadas e décadas, agasallándonos cos seus coñecementos.

Na relación de autores/as, sen dúbida destacan historiadores como Xesús Andrés López Calvo, José Luís López Sangil, Carlos de Castro Álvarez e Xosé Francisco Correa Arias, todos eles con máis de 12 publicacións sen contar os artigos de prensa. A historia local e a medieval teñen neles os máis prolíficos autores. Outros historiadores/as, con máis de tres publicacións son José Ignacio Fernández de Viana e María Teresa González Balash, Santiago Daviña Sainz, José García Oro, Juan Sobrino Ceballos, Carlos García Cortés, Alberto Fernández González, Xosé Veiga Ferreiro, Manuel Vidal Villaverde, Damián Yañez Neira, Bernardo Maiz Vázquez, Antonio Meijide Pardo, Fernández Burgoa, Carola Macedo Cordal, Emilio Ramil González e Milagros Rumbo Torres. Entre todos/as eles/as asinan traballos que van dende a historia antiga á contemporánea, pasando polos mosteiros de Caaveiro e Monfero, a historia local, os Andrade, biografías, historia da arte e arte popular...

Outro gran campo de atracción para os investigadores/as son os estudos sociais, con Sindo Vilariño, antropoloxía con José Antonio Fernández de la Rota y Monter e Esther López López, a toponimia con Isidoro Millán González, a arqueoloxía con José María Luengo Martínez, a etnografía con José María López Ferro e o folclore con Xosé Paz Fernández...

A bioloxía está cumpridamente representada con Angel B. Fernández López, José Moral Bermúdez, Adoración Sánchez Mata, Jesús Souza Troncoso, Carlos Vales Vázquez. Francisco

Novos Docet e Andrés Basalga Fraga, zoólogos; fauna, Joxe Mikel Garmendía Etxandi: liques, Regina Carballa e M. E. López de Silanes; e medio ambiente con Xulio Astor Camino.

Con dúas publicacións relacionadas con algún aspecto do noso territorio aparecen outros/as 48 estudosos/as e 245 cun só traballo.

Estas espectaculares cifras dan idea do tremendo interese e a forte capacidade de atracción que, para os investigadores/as máis diversos, exerce o noso.

#### **b.- Expertos/as orais.**

Aqueloutras persoas que pola observación e a experiencia dominan temas diversos do noso pasado ou presente pero que nunca utilizaron a escrita para transmitir eses coñecementos.

Para eles/as creouse a videoteca “*HUCHA DOS SABERES*” (ver apartado 6)

### **4.- ICONOGRAFÍA**

As fotografías, películas, gravados, postais... calquera material icónico contén unha extraordinaria información sobre o noso pasado que cómpre conservarmos. Os particulares fan ese labor pero pode darse o caso de que, chegado un día, importantes coleccións vaian estragándose simplemente polo paso do tempo. Actualmente o proceso de salvagarda pasa pola dixitalización dos orixinais e a inmediata devolución aos propietarios. A UNIVERSIDADE RURAL DO EUME ofrécese aos veciños para restaurar e conservar calquera colección.

Este importante labor, no que respecta ás fotografías, xa hai anos que o realizan as BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE PONTEDEUME e AS PONTES, localizando e dixitalizando fotografías particulares, creando uns fondos día a día máis completos e apreciados polos veciños.

En FOTO RÍOS de Pontedeume conservan milleiros de instantáneas realizadas por Tito Ríos nos seus 50 anos de profesión. Grazas a esa colección pode seguirse, polo miúdo, o último medio século da vila. Ademais a Tito Ríos hai que agradecerlle o rescate “in extremis” de varias dúcias de cristais-negativos da autoría de Marcelino Saavedra - fotógrafo do Baixo Eume nas primeiras décadas do século XX - que apareceron tirados nunha derruba.

En FOTO VILA das Pontes, Santiago Vila conserva as extraordinarias coleccións do seu pai e do seu avó, grazas as cales é doado secuenciar a evolución da vila nos últimos 80 anos.

No concello de San Sadurniño consérvase a “colección fotográfica da marquesa” cun milleiro de unidades de respectábel antigüidade, e JOSÉ CASAL RODRIGUEZ, fotógrafo da comarca entre os anos 1956 até 2003, ten milleiros de negativos.

Un fondo importante, aínda non localizado é o de FOTO PACO de Pontedeume.

Varias asociacións de veciños, aproveitando a sensibilidade social sobre este tema, xa fixeron seus fondos e a A. de VV. do Deveso ten unha exposición permanente no seu local. Algunha exposición tamén fixo o Consello de Anciáns do Alto e Val Xestoso.

Referente ás películas, coa colaboración de Chema Rodríguez Armada do Centro Galego de Artes da Imaxe, pasáronse a DVD as seguintes:

- “MALLA E FESTAS NO EUME” de Manuel Carballo Eibe (1956-58-60)
- “UN EMIGRANTE DE VACACIÓNS” de Xesús López Formoso (1963)
- “ENDESA, FEIRAS E FESTAS DE AS PONTES” de Rodolfo Yebra Rozas (1970-72)
- “DE ANDRADE A SUÍZA” de Jaime Peco Piera (1970-77)
- “AS PONTES” de Antón Ferreiro García (1978)
- “A FESTA DA FRAGA” de Antón Ferreiro García (1980)
- “FESTA DA MALLA DE CABALAR” de J. M. Romero Caaveiro (1999)
- “FESTA DA MALLA DE CABALAR” de J. M. Romero Caaveiro e J. M. Orejas (2000)
- “FESTA DA MALLA DE CABALAR” de José Graña (2002)
- “FESTA DA MALLA DE CABALAR” de José A. Salgado (2003)

Por cesión de Vidario, para visionado:

- “O RÍO LAMBRE” de Antonio Río López (1991)
- “O RÍO EUME” de Antonio Río López (1993)

Por cesión de 8 mares s.l., para visionado:

- “O CORAZÓN DA FRAGA” de Brisset/Dancausa (2004)
- “FESTA DA MALLA” de Brisset/Dancausa (2006)
- “FESTA DA ESFOLLA” de Brisset/Dancausa (2006)

Todos estes documentais ou reportaxes quedan conservados na videoteca da UNIVERSIDADE RURAL DO EUME.

Ademais na videoteca do Museo Etnográfico da Capela teñen:

- “MUÍÑO” do Grupo Travelling (2000)
- “CARBOEIROS” do Grupo Travelling (2001)
- “CORREDORES VIVOS” de Brisset/Dancausa (2006)
- “ZOQUEIRO” de Fornos (2006)

A disposición de calquera interesado/a temos un caderno de 130 páxinas coa relación das imaxes gravadas aquí e emitidas pola TVE e a TVG.

Así como fichas de todo o material do noso interese conservado no CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE.

No que respecta aos gravados, existe a obra gráfica de Julio Prieto Nespereira en exposición permanente no Torreón dos Andrade de Pontedeume e a do pintor eumés Víctor Gómez Garabana con máis de 50 pranchas.

Temos constancia de que existen varios fondos particulares de documentos sonoros. Fundamentalmente gravacións magnetofónicas. Se os propietarios/as desexan podemos incorporalas ao Fondo.

## 5 ) HEMEROTECA

Os xornais, revistas de festas, de asociacións ou de calquera tipo de agrupación son tamén unha importante fonte de información.

### XORNAIS E REVISTAS DE PONTEDEUME

Na HEMEROTECA da BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL DE PONTEDEUME consérvanse valiosos exemplares de xornais publicados na vila dende 1890. No listado realizado por Alexandre Caínzos Corbeira, bibliotecario e arquivista, aparecen:

*EL EUME* dende o 16 de febreiro ao 31 de agosto de 1890

*LA VERDAD* dende o 12 de outubro ao 14 de decembro de 1902

*EL ECO DE PONTEDEUME* dende febreiro de 1906 até setembro 1907

*EL PÁJARO*, día 8 de setembro 1907

*ECOS DEL EUME* dende o 6 de febreiro de 1910 até o 29 de set. de 1918

*BREAMO* dende o 27 de xuño até o 21 de novembro de 1915

*REVISTA ESCOLAR PONTUMIO, COLEGIO "LUIS VIVES"*, 14 números dende decembro 1952 até febreiro de 1960

*TEMPOS*, 13 números dende febreiro de 1989 até abril 1990

*AFÁN*, 4 números dende agosto 1989 até maio 1994

*ALFOZ*, 33 números dende xaneiro de 1990 até marzo de 1995

*O EUME*, 2 números de 1995 e 1996

*VOCEIRO "TREMÉ A TERRA"*, dende 1996

*O COMARCAL* dende 1999 até xuño 2003

44 PROGRAMAS DE FESTAS dende 1910.

### XORNAIS E REVISTAS DAS PONTES

O 1 de outubro de 1913 publícase o primeiro exemplar de *LA UNION, PERIÓDICO INDEPENDIENTE DE PUENTES DE GARCIA RODRIGUEZ*, de carácter quincenal, coincidindo coas feiras que se celebran os días 1 e 15 de cada mes. O seu director era Julio Illade Rilo, cuxa familia conserva a colección. Para máis información ver o traballo de Xosé María López Fernández en [www.amigos.org](http://www.amigos.org) Para a presente etapa de "La Unión" de As Pontes, dende 1997 até hoxe, ver [www.amigosdeaspontes.org](http://www.amigosdeaspontes.org)

A bibliotecaria, Anabel Alonso López, está tentando localizar todas as REVISTAS DE FESTAS, que nas Pontes son de extraordinario interese pola calidade do seu diverso contido.

### **XORNAIS DE FERROL E A CORUÑA**

Ademais da prensa local, nos xornais de información xeral de Ferrol e A Coruña toparon espazo, mais ben escaso, novas que afectaban ao noso territorio.

La mujer presenta una cierta ambigüedad, la fortaleza de la figura le confiere masculinidad, una masculinidad que puede simbolizar la fortaleza del matriarcado gallego y por otra parte no olvida su condición de mujer pues sus formas y curvas son sinuosas y sugerentes potenciando su feminidad, aplicando pictóricamente la técnica fidiaca de los paños mojados

Tanto los óleos independientes como el tríptico están llenos de detalles paisajísticos con objetos cotidianos a los que dota de una prestancia singular con un marcado sentido escultórico, evidenciando con las humildes cestas y cacharros de barro el sentido profundo con que Abelardo entiende los objetos, como intermediarios de las relaciones entre el hombre y el medio.

Objetos que aparecen con los frutos de la tierra, maíz, manzanas, calabazas, frutos que tantas veces pintó en sus singulares bodegones, composiciones de tal pericia técnica que convirtieron a Abelardo probablemente en el mejor bodegonista gallego del siglo XX.

La yuxtaposición de planos hacia el fondo es un prodigio perspectivo, el atisbo del cielo, las nubes, edificios, tierras de labor y figuración y bodegones del primer término se suceden teniendo conciencia de que la secuencia plástica debe ser sentida a través de toda la superficie del lienzo.

Para ello extrae del impresionismo todo lo que necesita para plasmar una realidad móvil. Obtiene la profundidad espacial descomponiendo en planos sucesivos heterodoxamente, siguiendo un proceso intuitivo y analítico al mismo tiempo...sin embargo pese a su modernidad, por coherencia, nunca pierde la figuración ni incide en lo informal.

El ductus es impactante, utilizando rotundamente la espátula en aras de buscar una consistencia matérica, pinceladas yuxtapuestas de tonos puros que forman una textura de toques de un rutilante color, reduciendo al mínimo la presencia de los negros.

La elegancia formal, el exquisito dibujo, la exaltación cromática y un original tratamiento de perspectiva son los rasgos principales del atractivo lenguaje plástico de Abelardo Miguel.

Estos rasgos en los murales de Castro aparecen desarrollados de forma ejemplificante, constituyendo no sólo una obra de belleza excepcional, sino un testimonio único del estilo pictórico de Abelardo.

## CONSIDERACIONES FINALES

Pese a la afirmación que el programa pictórico de Castro constituye un hecho aislado en la trayectoria del pintor, hay un sustrato subyacente que une estos cuadros a toda su producción, el sentimiento de Abelardo ante su obra, reflejo de su personalidad deslumbradora y su profunda capacidad poética que sublima lo cotidiano con el ropaje de lo poético.

Constituye un canto profundo a los ejes vertebradores de su vida y su pintura: Galicia y sus gentes y la Naturaleza.

La pintura naturaliza sus emociones a través del paisaje dándole así un valor universal.

Su actitud sabia consiste en no pretender imponerse a la naturaleza sino captarla en su particularidad. La estrategia pictórica adecuada esta concepción del universo es el naturalismo.

Abelardo es uno de los pintores que mejor refleja la identidad del pueblo gallego, un pueblo campesino, de gran fortaleza y carácter.

Al igual que la joven pastora aparece cual ninfa griega, pese a que era una niña real de la zona, la mujer que vende sus quesos tiene una majestad física que desconcierta a aquellos que no conocen la obra de Abelardo, esa majestad que caracteriza tanto a sus emblemáticas peixeiras, tan recias y agueridas como las heroínas clásicas.

Para Abelardo, únicamente en la naturaleza tienen sentido la vida y los sentimientos y como contrapartida, la naturaleza no se percibe nunca como un mero envoltorio de las relaciones humanas, sino que tiene un profundo sentido afectivo. La naturaleza de Abelardo siempre está cargada de valor emocional.

La Galicia de la cooperativa de Castro es una imagen justa y elocuente de una sociedad en transición de un medio rural que comienza a estar afectado por las transformaciones de la mecanización y del cuadro general de las formas de producción, pero que antropológicamente y

telúricamente sigue siendo idéntica y expresa los mismos repertorios de valores que en épocas ancestrales.

Paradójicamente la representación de Abelardo de esta confluencia de la Galicia ideal y la Galicia real identificada con el proyecto cooperativo de Castro tuvo con el devenir de la historia una vuelta de tuerca.

Pocos años después la Cooperativa de Castro sucumbió víctima de extraños entramados y oscuras maniobras, y con ella los proyectos de mejora de los labriegos de la zona, permaneciendo en la memoria aquel proyecto utópico que pudo ser y no fue, fundiéndose entonces en el mundo ideal de la Galicia arcádica.

Asimismo el solitario pintor del Eume fue olvidado por sus paisanos a los que tanto homenajeó y nunca fue reconocido por los historiadores del Arte gallego que no constataron la amplitud y la majestad de su creación artística.

Los murales sin embargo permanecen y sobreviven valientemente a traslados y remodelaciones, teniendo el privilegio de guardar intacto para vindicaciones futuras y generaciones venideras, este universo de valores donde la eternidad del paisaje y el carácter gallego se expresan en toda su plenitud.

Esperamos que algún día formen parte del museo que por legítimo derecho se merece Abelardo Miguel en su villa natal.

El programa pictórico de Castro que elige Abelardo, pintor existencialmente gallego y universal, trasciende el pequeño marco local de Castro para convertirse en un testimonio ético y estético que traslada al espectador la correspondencia profunda entre el Cosmos y el espíritu humano.

# HISTORIA XENEALÓXICA DOS LAGO DE OBAÑO E BARALLOBRE NOS SÉCULOS XV E XVI

Fernando Dopico Blanco\*

Quando Lança[rote] oyu dizer aos do castelo “Uedes aly o bom caualeyro”, marauillousse,  
mays sse fosse em Cornualla1 nom se ma[rauillara] ...

Fragmento do Livro de Tristán<sup>2</sup>

Revisando os ‘Libros’ do mosteiro de San Martiño de Xuvia que se conservan no Arquivo do Reino de Galicia, atopeime cunha breve anotación nun deles, que dicía: *Papeles zerca de la hazienda do Vaño. Ay en este papel una memoria delas haziendas del lugar do Vaño, en que vive don Diego de Santiso, hijo de doña Lucrecia<sup>3</sup>, descendiente del capitán Juan López de Taibo. Tiene unas notizias curiosas y antiguas*. Picado da lóxica, comecei a ler o manuscrito, coa sorpresa de asomar a un detallado relato diacrónico sobre un foro que, a comezos do século XV, outorgara o mosteiro de Xuvia a favor de Lope de Lago ‘o Vello’ e a súa dona, Tareixa Vázquez.

Seguín con interese a trama. Por frases, adquiría trazas novelescas. E foron xurdindo personaxes, feitos, datas, situacións ...; un conxunto narrativo que achegaba unha vívida descrición sobre algúns aspectos do cotiá nos séculos XV e XVI. Todo isto guiado polo fio conductor do foro de Obaño.

Indefectibelmente, a este foro aparece ligado o apelido dos Lago, clan lendario na comarca. Ao seu arredor emerxen parentes e veciños de filiación coñecida: Chanteiro, Anido, Taibo, ...;

\* N. do A.: Neste traballo non poderían aparecer certas citas, datos e comentarios, de non mediar as achegas xenerosas e desinteresadas de don Álvaro de Santaló e Ossorio de Albaredo, Señor do Pazo de Aranza -Lugo-, e de don Gabriel Pita da Veiga e Goyanes. Fidalgos e amigos de pro, ante todo. Débolle, tamén, recoñecemento a dona Dolores González López pola súa amábel colaboración, e á licenciada en Historia dona Pilar Blanco Vidal, quen me facilitou abundante loxística bibliográfica nesta e noutras ocasións.

1. Cornualles.

2. CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA / UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *Prosa Galega III. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*; Galaxia, Vigo, 1980, p. 116 e 120. Tomado do “Fragmento de un ‘Livro de Tristán’ galaico-portugués”; Edición e estudo por José Luis PENSADO TOMÉ, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Anejo XIV), Santiago de Compostela, 1962, p. 120.

3. Dona Lucrecia Bermúdez de Taibo casou con don Álvaro de Santiso. Era filla do segundo matrimonio do capitán don Diego López de Bermúdez de Taibo (v. aquí máis adiante).

os que tamén participan activamente na acción. Unha primeira conxectura foi tomando corpo: o afincamento desta liñaxe en Bezoucos<sup>4</sup> debíase a Lopo de Lago. Cuxa descendencia iría, á súa vez, espallando o apelido pola zona até chegar a Pontedeume onde, no século XVI, aparecerán ocupando cargos de rexedores, etc.

Polo tanto, animeime a ordenar e poñer por escrito datos dispares que tiña recompilado sobre estes Lago, os seus ascendentes e descendentes, co obxecto de achegar un gran de area no seu coñecemento. Tamén, a través das vicisitudes foreiras, a reconstruír un anaco da historia do mugardés lugar de Obaño e, como non, do milenario e omnipresente mosteiro de Xuvia. Considerei, así mesmo, esencial a transcripción e edición do manuscrito, polos ricos e variados elementos que contén, susceptíbeis de ser utilizados ou analizados por historiadores dende diversos intereses ou criterios historiográficos.

### APROXIMACIÓN Á CASA DE LAGO: (...) Y POR VENIR DE ALTA SANGRE, QUE HAVÍA HOMBRES DE DON (...)

- Sseñor, ¿conoceades uos alguuns  
caualeyros de casa de Rrey Artur?

- Ssi, disso ele.

- ¿Et conoceades uos, disserom eles, Dom  
Lançarote do Lago?.

- Ssi, disso ele, aquele conosco eu bem.

Fragmento do Livro de Tristán<sup>5</sup>

A liñaxe dos **LAGO**, con profundas raizames na comarca ferrolá, supón un dos paradigmas para o estudo do comportamento e da evolución do segmento social da fidalguía ou pequena nobreza nas bisbarras do norte, dende a Baixa Idade Media até a fin do Antigo Rexime.



1. A Solaina – Caamouco, Ares. Pedra armeira<sup>6</sup> do s. XVI con brasóns dos LAGO<sup>7</sup>

4. Terra e arciprestado na península do seu nome, que comprende aproximadamente os actuais concellos da Capela, Ares, Cabanas, Fene e Mugardos.

5. CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA / UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *Prosa Galega III* ...; ob. cit., p. 116.

6. Agradezo a localización e comunicación da existencia, desta e doutra pedra armeira, ao señor Ernesto López Naveiras. Cómpre salientarmos que esta peza é inédita no tocante á súa publicación.

7. Descrición heráldica: Unha torre, defendida no interior por unha figura humana (¿dama?) de medio corpo, que empuña unha espada na man destra. No flanco dereito, tres ¿flores de lis? colocadas en pau. No flanco esquerdo, tres ¿columnas? colocadas en pau. Timbrado de helmo con penachos. Ornamentación exterior, aparentemente, de simboloxía vexetal.



Dende o núcleo matriz<sup>8</sup>, no val de Trasancos, esta estirpe estendeuse profusamente polas proximidades, dando lugar ou entroncando con sucesivas casas solarengas entre Ferrol e Pontedeume, e nas próximas terras de Moeche, Cedeira e Ortigueira.

É necesario recoñecer, para o período comprendido entre os séculos XIII e XIV, que as fontes son parcas en datos. Non obstante, evidencias posteriores a esta época coinciden en sinalar nunha mesma dirección en relación con este clan. O estado da cuestión pódese formular en dúas premisas:

- Unha consideración de prestixio, nobreza e riqueza, con anterioridade ao século XV.
- Dende o século XV, un empobrecemento e un 'abaixamento' considerábel dentro do status nobiliario.

Polo tanto, resulta facilmente deducíbel que, no segmento cronolóxico comprendido entre mediados e finais do século XIV, aconteceron feitos e circunstancias que apartaron os Lago do seu *cursus honorum*. Así, dende unha posición aparentemente privilexiada e até certo punto autónoma, pasaron a formar parte da pequena fidalguía obrigada pola necesidade, ou se cadra por simple instinto de conservación, ao servizo e 'acostamento' dalgunha das casas beneficiadas tras a contenda Trastamarista<sup>9</sup>. Neste caso semella que coa emerxente Casa de Andrade. Pero, esta aparente sinerxía verémola máis adiante.

Como mostra da indubidábel antigüidade e arraigamento da liñaxe na comarca ferrolá, podemos remontarnos ao século XIII e traer a colación a un probábel devanceiro, un *don Johán Fernández de Lago*, a quen vemos obrando como testemuña nun documento<sup>10</sup> do ano 1252, ao lado doutro liñaxudo *don Fernando Péres d-Andrade*. No ano 1257, intervéñ tamén como testemuña nunha doazón que outorgaron a favor do mosteiro de San Salvador de Pedroso<sup>11</sup> membros doutro prestixioso e vedraño clan nobiliario trasanqués, os Mandiá. Como hipótese -dado o costume da época de que entre os subrogantes deste tipo de documentos se atopasen familiares-, cabe sospeitar que podería existir algún tipo de emparentamento entre os irmáns Mandiá, alí actuantes, e este persoeiro dos Lago. Máxime cando neste texto, xusto a continuación do de Lago, figura tamén como testemuña un *Johán Fernández de Mandiae, cavaleyro*.

Coido que se debe reclamar, formalmente tamén, para esta estirpe a filiación do trobador Fernán do (ou, de) Lago, activo no século XIII, que en diversos manuais de literatura aparece cunha orixe atribuída a outros lares.

8. A teor de diversas fontes, coido que se debe considerar como núcleo matriz a casa-torre de Belote, derrubada entre finais do século XVI e comezos do XVII, que estivo sita na parroquia de Santa María A Maior do Val, no actual concello de Narón. No seu canto erixiuse o pazo de Baltar por Xoán Pardo de Andrade. A este respecto ver DOPICO BLANCO, Fernando. "Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)"; en Cátedra nº. 13, Pontedeume, 2006.

9. Refírome á guerra dinástica (1366-69) entre o lexítimo rei Pedro I e o seu irmán bastardo, o conde don Henrique de Trastámara, logo rei Henrique II.

10. Edición en FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. Ignacio, GONZÁLEZ BALASCH, M<sup>a</sup>. Teresa & DE PABLOS RAMÍREZ, J. Carlos. *El Tumbo de Caaveiro* (2<sup>a</sup>. Parte); en Cátedra nº. 4, Pontedeume, 1997, docº. 271, pp. 352-354.

11. CAL PARDO, Enrique. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*; Deputación Provincial de A Coruña, 1984, docº. 12, p. 246.

No ano 1316 localízase o crego Afonso Yáñez, fillo de Fernando Pérez de Lago<sup>12</sup>, a quen o arceidiago de Trasancos concédelle a sinecura da igrexa de Santa Eulalia de Aviño<sup>13</sup>, en Valdoviño.

Dous representantes principais da familia na primeira metade do século XIV foron os irmáns Gil e Fernán Pérez de Lago, os cales xunto *con çiertos omnes de la dicha tierra del dicho coto de Pedroso, en repartymientos de omnes fijosdalgo, agetaron con don Pero Fernández de Castro, Mayordomo mayor del Rey don Alfonso e Pertigero mayor de tierra de Santiago e Adelantado de la frontera, en la batalla del Salado de cabo Tarifa*<sup>14</sup>. Sobre Gil Pérez volveremos máis adiante.

Un dato máis, que resalta a importancia da liñaxe neste período, reflíctese no enlace matrimonial dunha probábel irmá dos anteriores, Mariña Pérez de Lago, co cabaleiro chairego Fernán López de Lanzós. Desta unión haberá de descender, tres xeracións máis adiante, o caudillo irmandiño Alonso de Lanzós<sup>15</sup>.

Coetáneo destes dous cabaleiros foi o portugués don Pedro Afonso, Conde de Barcelos, quen no seu *Nobiliario*<sup>16</sup> facía esta breve recensión:

Lagos.

Gomes Gonçalves do Lago, foy cazado com D. Tareja Gomes, filha de Gomes Ansur, e de D. Estevainha Pires fol. 201. num. 2. e fez em ella.

Martim Gomes do Lago.

D. Maria, ou Ioana, Gomes molher de Pedreanes Cardos. fol. 355. n. 2.

Resulta, cando menos, tentador facer unha pequena cala no texto de Barcelos<sup>17</sup>. Independentemente da vericidade ou exactitude dos nomes que emprega e do contraste cronolóxico, quizais poderíamos estar ante unha referencia á hipotética ascendencia ou ligazón xenealóxica dos Lago coa *gens* dos antigos Condes de Traba e Trastámara<sup>18</sup>.

O mesmo Conde de Barcelos recolle tamén a lenda do naufraxio -pouco menos que provincial- na costa de Trasancos do conde *Dom Mendo*, pretendido devanceiro dos Froilaz-Traba. Segundo o relato, con el salváronse outros cinco cabaleiros, os que serían cabeza e orixe doutras tantas liñaxes. Lenda á parte, ao contrastar documentalmente estes apelidos é doado verificalos, nos

12. A data semella un pouco temperá para propoñer o trasunto deste persoeiro co -posterior- cabaleiro Fernán Pérez de Lago. Con todo, non se debe descartar un emparentamento ou filiación próxima.

13. Documento publicado por PENA GRAÑA, Andrés. *Narón, un concello con historia de seu* (vol. II, Idade Media); Concello de Narón, 1992, p. 510.

14. CAL PARDO; ob. cit., docº. 26, pp. 262-264.

15. Sobre a ascendencia e descendencia de Alonso de Lanzós ver DOPICO BLANCO. "Prolegómenos ..."; ob. cit.

16. CONDE DE BARCELOS. *Nobiliario*; Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1974.

17. Un interesante estudo sobre a visión da nobreza galega nos libros de liñaxes portuguesas, no traballo de PAREDES MIRÁS, Mª. Pilar. *Mentalidade nobiliaria e nobreza galega. Ideal e realidade na Baixa Idade Media*; ed. Toxosoutos, Noia, 2002.

18. Para a xenealoxía dos vedraños Condes de Traba-Trastámara e a súa numerosa parentela, resulta de obrigada consulta LÓPEZ SANGIL, José Luis. *La nobleza altomedieval gallega. La familia Froilaz-Traba*; Edit. Toxosoutos, Noia, 2002.

séculos XII-XIII, obrando habitualmente como prestameiros, oficiais e acompañantes dos Condes de Traba; con quenes mantiveron unha auténtica relación vasalática baseada na familiaridade<sup>19</sup>.

O Conde Dom Mendo veyo de terra de Roma, e era do linhage dos Godos, e veyo a Galiza cuydando a ser Rey com gram companha de cavalleyros e de outras gentes que trouxe por mar. E aqueceo assi a ventura, que quantas naos, baxeis, e galés trazia, quebrarom todas no mar, no cabo do Piorno<sup>20</sup>, e em Trazentos<sup>21</sup>, e aportarom com el cinco cavalleyros e nom mais; e de hũ delles vierom os de Trazentos<sup>22</sup>; e de outro os Marinhos; e de outro os de Ambra<sup>23</sup>, e de outro os Beltranes<sup>24</sup> de Neudos<sup>25</sup>; e de outro os de Andrada<sup>26</sup> de Braga.

Conde de Barcelos:  
Nobiliario. titº. VII.



2. A Solaina – Caamouco, Ares. Pedra armeira do s. XVI con brasón de alusión descoñecida<sup>27</sup>

19. Estudo sobre estes aspectos en PENA GRAÑA. Narón, ... (vol. II, Idade Media); obr. cit.

20. Prior, no actual concello de Ferrol.

21. Trasancos.

22. Certamente, entre os séculos XII-XIII séguese aos cabaleiros do apelido Trasancos como prestameiros, en manuscritos dos mosteiros con posesións nesta e noutras comarcas próximas. Así, atopámonos con Nuño Peláez e o seu fillo Lopo Núñez de Trasancos. Este, á súa vez, pai de doutro Nuño e de Fernán López, de quen foron fillos Pedro, Gonzalo e Fernán Fernández de Trasancos. A través da documentación, vese como desta liñaxe descenden os do apelido Ferrol, localizados logo entre os séculos XIV-XV. Ligados cos Trasancos andan, nesta época, os Sillobre, os Mandiá e os Lago. Probabelmente, todos eles con antepasados comúns.

23. Ambroa. Os cabaleiros de Ambroa atópanse en repetidas ocasións entre os séculos XIII e XIV. A esta estirpe pertenceu o trovador Pero García de Ambroa (s. XIII).

24. Os do apelido Beltrán, tamén se rastrexan no século XIII na área nor-coruñesa.

25. Nendos.

26. Andrade. A vocación lusitana dos Andrade semella que comenza con Nuño Freire de Andrade, mestre da Orde de Christus. Este persoeiro, fillo de Roi Freire de Andrade e irmán de Fernán Pérez 'o Bo', é coetáneo do Conde de Barcelos. Certamente, tivo descendencia que espallou o apelido por varias casas portuguesas. Con todo, unha anterior proxección dos Andrade en Portugal non está, aínda, demostrada documentalmente.

27. Esta pedra é compañeira da anteriormente citada dos Lago. Descrición heráldica: A priori semella que podería tratarse dun xadrezado, onde alternan escaques lisos con escaques cargados de paus ou varas. Pero, unha ollada máis pausada, suxire que podería tratarse dun escudo cargado de seis feixes de paus ou varas, alternados e postos en faixa. Á súa vez, os feixes conteñen seis elementos cada un, a excepción dos dous da punta que teñen tres. O timbre -probabelmente un helmo- está completamente desfigurado e parcialmente roto. O flanco esquerdo está sostido polo que semella un ¿cánido? que, coherentemente, debería ter un compañeiro similar sostendo o flanco dereito. Non obstante, a rotura da pedra por este extremo impide toda precisión. De que saiba, é a primeira peza con estas características atopada nesta comarca e, tamén, inédita até o presente. Cabería a posibilidade de relacionar este brasón coas 'estacas' que aparecen nas labras heráldicas dos Lago de Barallobre? ...

Case que douscentos anos despois da toma de Tarifa (a. 1340), o cronista Vasco da Ponte escribía sobre algunhas casas nobiliarias galegas, contando á de Lago<sup>28</sup> como das máis antigas e atribuíndolle vellas lendas. Se facemos unha extrapolação da narración apontina, podemos resaltar os seguintes aspectos.

- Unha mítica procedencia estranxeira<sup>29</sup> do norte: *Diçen que salieron de Francia<sup>30</sup> o de Inglaterra y que vinieron de alli a probar a Galiçia, y por venir de alta sangre, que havia hombres de Don.*

- Unha casa solarenga ou torre antiga –hipoteticamente xa desfeita ou derrubada no tempo de Vasco de Aponte- localizada na zona costeira trasanquesa<sup>31</sup>: (...) *y créolo porque ay una fortaleza metida en la mar, solar antiguo desta casa, muy acerca de la terra, la qual se llama oi en día la Peña de Don Lope. (...) Y aquella Peña de Don Lope que está metida en la mar es la fortaleza del solar de Lago.*

- Unha antigüidade e nobreza respectábel: (...) *de manera que tiene fama que, en todo el obispado de Mondoñedo, de siete o ocho casas que son allá, era la más antigua según fama y más poderosa.*

Pero ademais, Aponte faise eco específico de Gil Pérez de Lago, a quen rexistra enfrontado con Roi Freire de Andrade e co seu fillo Fernán Pérez: (...) *y que desde que los Freyres de Andrade comenzaron de prevalecer, (...) que se guerreaban, y que Fernán Pérez de Andrade o boo que se atrevía a facerle befas, y que el de Lago juntaba gran gente y que fuera a çercar la casa a Ruy Freyre das Mariñas (...), que lo dejara amenazado.* Achega tamén un significativo dato xenealóxico ao revelar: *aunque por algunas parte fosen parentes.* Neste episodio, de apetitosa relevancia para o estudo do comportamento dos fidalgos, resáltase como anécdota o que foi unha realidade: o enfrontamento e bandeirías entre os sectores nobiliarios galegos. Estas pequenas guerras domésticas entre liñaxes e clans, en moitos casos afíns ou emparentados, teñen como trans-fondo común a busca da primacía e influencia -por vía legal ou ilegal- nos territorios sobre os que asentaban as súas casas solarengas.

28. APONTE, Vasco de. *Recuento de las Casas antiguas del Reino de Galicia*; (edic. Equipo de Investigación “Galicia hasta 1500”), Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1986. Ibi, Casa de Lago, pp. 117-118.

29. O argumento da procedencia foránea vémolos tamén na lenda do conde Dom Mendo. Non obstante, no caso dos Lago estaba máis que xustificada esa crenza, xa que apoiabase non só en probábeis lendas e romances de transmisión oral, senón en coñecidos textos da novelística cabaleiresca (v. aquí máis adiante). Disto podemos deducir que, loxicamente, Vasco da Ponte, como bo coñecedor destes textos, tería en conta as lendas e relatos arredor do famoso cabaleiro Lanzarote de Lago, á hora de explicitar este comentario da procedencia e da alta sangue.

30. Con respecto a esta pretendida procedencia ab origine, debo reparar que nun dos preitos dos Lago de Moeche pola súa fidalguía (aa. 1570-1586), na Real Chancellería de Valladolid, testemuñas enfrontados con eles declaran: (...) *e por que el agüello dela parte contraria no hera natural dela dicha felegresia e consejo de San Jurxo (de Moeche), sino adbenedizo, que bino del Reino de Francia, donde nació e fue natural* (AGS. SH, leg<sup>o</sup>. 179/7). Cómpre deixar claro que esta acusación non estaba fundamenteada, e que pretendía desacreditar a súa fidalguía sementando a dúbida. Pero, o que interesa subliñar aquí é o feito da utilización -neste caso na contra- da lenda dunha procedencia exterior dos Lago.

31. Vasco da Ponte non fai unha localización xeográfica precisa. Con todo, o arqueólogo e historiador naronés Andrés Pena localiza e identifica a “Peña de don Lope” coa actual Pena Lopesa, na costa da parroquia do Val, no actual concello de Narón. Coido que a identificación proposta por Pena é moi lóxica e fundamentada, sobre todo pola inmediata proximidade da casa-torre de Belote, patrúcia dos Lago nos séculos XV-XVI, e dos coutos de Baltar, Ciobre e Vilacornelle, sobre os cales tiveron xurisdición. Sobre a Pena Lopesa e o seu folclore ver PENA GRANA, Andrés. *Narón, un concello con historia de seu* (vol. I); Concello de Narón, 1991, pp. 98-99. Sobre a identificación desta coa “Peña de don Lope” ver, do mesmo autor, o volume II da historia de Narón (1992), p. 370.

Para xustificar o ‘abaixamento’ da Casa de Lago, Aponte recorre a unha explicación que semella algo forzada: *Este Gil Pérez de Lago en este tiempo, no sé por qué caso, mató a su muger, por lo qual perdió sus tierras y señoríos, y de allí quedó la casa baxada; y perdió el apellido<sup>32</sup>, aunque tienen las armas. Esto sería poco más o menos en la era de mil y treientos y quarenta o cinquenta años<sup>33</sup>.*

Se cadra, ocorreu en verdade este parricidio. Pero, dende un punto de vista aséptico e científico resulta, cando menos, un argumento insuficiente como hipótese xustificativa e, francamente, pouco críbel á hora de estender a ignominia para toda unha estirpe. Aínda admitindo a culpa dese acto execrábel, queda sen explicación satisfactoria a desventura da liñaxe, de non ser que obrasen outros aspectos, moito máis profundos e complexos, que os expostos por Aponte. Nese senso, penso que se debe acudir ás circunstancias que rodearon a citada guerra entre os Trastámara<sup>34</sup>, co sabido posicionamento da nobreza, da igrexa e dos concellos nun ou noutro bando. Sabendo que, nos principios da contenda, a maior parte da fidalguía galega seguiu e tivo como xefe natural o famoso don Fernando de Castro<sup>35</sup>, “*toda la lealtad de España*”, ubérrimo defensor da causa lexitimista do Rei don Pedro; podemos encadrar aos Lago dentro dese sector. Coñecemos como a evolución posterior dos acontecementos situou bastantes cabaleiros e escudeiros ‘petristas’ no bando do pretendente don Henrique, cunha relativa minoría que se mantivese fiel. O consabido resultado do enfrontamento, tira para as comarcas ferrolá e eumesa a novidade da primacía da Casa de Andrade, en pleno proceso de medra<sup>36</sup> e comandada acertadamente por Fernán Pérez ‘o Bo’, sobre outras casas e liñaxes coas que mantiña disputa dende atrás<sup>37</sup>. A purga e eliminación -xa física, xa patrimonial- de elementos ‘petristas’ foi tamén un feito constatado do que, lamentabelmente, non temos demasiada información. Xa que logo, cos elementos anteriormente aludidos, hai motivos dabondo e suficientes para situar un probábel porqué político para o ‘abaixamento’ xenérico do clan.

Asombra a teima de Aponte, empeñado en sentenar e empequenecer a liñaxe para finalizar o seu relato; malia dar algúns nomes dos seus descendentes. Esta insistencia hai que poñela en relación directa cun dos primeiros comentarios que fai sobre a Casa de Lago: (...) *de siete o ocho*

32. Segundo os historiadores R. Usero e X. C. Breixo, os Montoxo cedeirenses descenderían directamente de Gil Pérez de Lago; aínda que estes investigadores non achegan probas documentais demostrativas do parentesco. Ver USERO GONZÁLEZ, Rafael & BREIXO RODRÍGUEZ, X. Carlos. *Un exemplo da movilidad familiar nos séculos XV e XVI. Seixas, Lago, Timiraos, Montoxos, Piñeiros ...*; en Cátedra n.º. 12, Pontevedra, 2005.

33. O computo semella erróneo. O máis lóxico é que se tratase de ano e non de era, porque Gil e Fernán Pérez participan na Batalla del Salado no ano 1340. De ser certo, o parricidio narrado por Aponte podería ter acaecido entre 1340-50.

34. Para os diversos aspectos que rodean esta contenda e os seus protagonistas, ver os importantes traballos de VALDEÓN BARUQUE, Julio. *Los Trastámaras. El triunfo de una dinastía bastarda*; ed. T. H., Madrid, 2001. E tamén GERBERT, Marie-Claude. *Las noblezas españolas en la Edad Media. Siglos XI-XV*; Alianza Editorial, Madrid, 1997.

35. Sobre este importante persoeiro galego escribiu o CONDE DE CASTELO (BERMÚDEZ DE LA PUENTE Y VARELA, José M.ª.). *La Casa de Castro y sus descendientes*; ed. Gráfica Universal, Madrid, 1930. Máis modernamente PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. *Los Señores de Galicia: Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media* (2 vols.); Fund. P. Barrié de La Maza. A Coruña, 2000.

36. Estudo deste proceso en CORREA ARIAS, José Francisco. *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social*; ed. Toxosoutos, Noia, 2004.

37. A este respecto, non debemos esquecer as anteriores ‘befas’ de Fernán Pérez a Gil Pérez de Lago, así como a guerra aberta entre eles.

*casas que son allá, era la más antigua según fama y más poderosa.* Para rematar, o cronista debía explicar como a casa, antigamente *más poderosa*, dependía agora dos Andrade, *porque vivían debajo de sus alas*. O comentario final tal vez agacha unha artimaña interesada, xa que: Debemos darlle creto, en verdade, ao nexo que relaciona aos Lago coa Casa de Lemos como contraposición á de Andrade?; ou, Está a desviar a atención sobre outros feitos ...?: *Y oy a çien años havia uno que se llamaba Gonzalo de Lago, que tenía quatro o çinco escuderos y vivía con el duque de Arjona, llamándose su pariente*<sup>38</sup>. *Este fallecido no hubo después otro tal*<sup>39</sup>. *Y por no querer vivir en la casa de Andrade, no les fue por eso mejor, porque vivían debajo de sus alas, de manera que el mejor hombre dellos aora es escudero principal, sacando el comendador que es de Trebejo, que es hermano de Fernán de Lago*<sup>40</sup>.

A comezos do século XV andan os Lago tamén por Ortigueira. Considero de interese reseñar aquí a Vasco Gil de Lago, *fillo que fostes de Iohan de Sayoane de Couçadoiro, vesino e morador que ora sodes ña villa de Sãta Marta dOrtigueira*. Este persoeiro recibe no ano 1399, en foro de Xuvia<sup>41</sup>, o dereito de presentación da igrexa de San Xiao de Barbós<sup>42</sup>, en Ortigueira: *et a toda vosa vos et linagẽ por rason que o dito voso padre et voscos avoos et entesores que foron de gran tẽpo ata aquí, que memoria de omes nõ he en contrario, tiveron e levaron et usaron et posuýron por lo dito noso moesteiro, (...) et o padroadego et herdades et chantados et terras lavradas et por lavar dela, et por çerta renda et foro (...)*. No documento especificase o dereito que tiña a súa liñaxe a ser enterrada no mosteiro de Xuvia por mor do dito foro, como foi o caso do seu propio pai. Este Vasco Gil é o mesmo persoeiro que aparece citado, en documentos dos anos 1389 e 1417, no Tombo de San Domingos de Ortigueira<sup>43</sup>; no último, xunto con un Gil Pérez de Lago<sup>44</sup>, entre outros persoeiros de coñecidos apelidos.

38. Podería ser como di Vasco de Aponte. Pero tamén consta, no ano 1443, Gonzalo de Lago figurando como home de Fernán Pérez de Andrade o Mozo; precisamente nunha avinza entre o Andrade o don Pedro Álvarez Osorio, señor de Cabrera e Ribera e conde consorte de Lemos, sobre un perdón xeral polos males e danos que se tiñan feito un ao outro. Ver GARCÍA ORO, José. *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*; Xunta de Galicia, 1994, pp. 39 e 219-221. As luces deste documento, cénese certa sombra de dúbida ou inexactitude no comentario apontino.

39. En contraste coa opinión de Aponte, velaquí o escrito polo xenealoxista Porreño cara a finais do século XVI: *LAGO es apellido tan antiguo que hace memoria de el San Agustin en los libros de la Ciudad de Dios, diciendo que Ptolomeo hijo de Lago despues de la muerte de Alexandro llevó cautivos los hijos de Ysrael a Egipto. Lucano hizo también memoria de Lago en aquel verso: Novilitas farix proles clarissima lagi. En España los de este apellido de Lagos traen su origen de Galicia, que tienen su asiento en la Villa de Madrid desde antes del Rey Don Juan el primero, en cuyo tiempo dio la dicha Villa poder a Albar Fernandez de Lago en Compañía de otros vecinos y naturales suyos, para hacer pleyto omenage a Don Leon, quinto Rey de ..., a quien este Serenísimo Principe dió por sus días esta dicha Villa, y Andujar, y Villa Real. Tienen en esta Villa de Madrid los Caballeros de esta casa una capilla muy antigua; pero su entierro en la Parroquial de Santiyuste (...)*. PORREÑO, Baltasar. *Nobiliario del Reyno de Galicia*; edic. Boreal, Os Castros - A Coruña, 1997, capº. XVII, Lago, p. 264.

40. Desta frase poderíase deducir que o 'escudero principal' ao que se está a referir é Fernán de Lago. Se cadra, por cronoloxía coincidente, sería posíbel identifiçalo con Fernando de Lago, alcalde de Cedeira nas primeiras décadas do século XVI. Por outra banda, a noticia de que Fernán de Lago tiña un irmán Comendador de Trebejo, lévanos a fixarmos nun Alberto de Lago que, un século despois de Aponte, é citado polo fidalgo Mateo Sánchez Pardo de Lama como o seu tío. Datos en USERO GONZÁLEZ, Rafael & BREIXO RODRÍGUEZ, X. Carlos. *Un exemplo ...*; obr. cit.

41. Edición en PENA GRAÑA. *Narón, ...* (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 523-524.

42. Malia este compromiso, no ano 1472 o mosteiro de Xuvia aforou o beneficio de Barbós, xunto con outros moitos, a Diego de Andrade e á súa dona. Cuestión que suscitou demandas en anos posteriores, por considerar que se trataba dun foro outorgado baixo opresión (o cal se demostra).

43. Publicado por DAVIÑA SAINZ, Santiago. *Tumbo del convento Dominico de la villa de Santa Marta de Ortigueira*; serie Cuadernos de noticias históricas, n.ºs. 4 a 9, sección 'artigos' na Web da Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia (<http://www.estudioshistoricos.com>).

Outros Lago, neste caso na comarca trasanquesa, aparecen na documentación xuiense. No ano 1406, María Fernández de Lago<sup>45</sup>, filla de Fernando Oáns de Lago e de Sancha Pelaes, renovando un foro<sup>46</sup> e outorgándolle ao mosteiro como reposición  $\frac{1}{4}$  do casal do Castro e a metade da viña de Alvarón, en Neda. No ano 1433, Xoán de Lago, veciño de Moeche, recibindo un foro<sup>47</sup> sobre herdades. No ano 1449, Pedro Eáns de Lago e a súa dona María Fernández de Coyro recibindo un foro<sup>48</sup> en Trasmonte, Neda.

**DIGRESIÓN LITERARIA. A DAMA DO LAGO: UN EXEMPLO DA ‘MATERIA DE BRETAÑA’ NO ARMORIAL GALEGO. ONOMÁSTICA DA NOVELSCA ARTÚRICA NO ÁMBITO NOR-CORUÑÉS: LANZAROTE, BROOS, LIONEL, GALVÁN, TRISTÁN, ISÉO, BRIOLANJA, ...**

Pois que Lançalot houve feito quanto a cavaleiro conviinha, disse:

Filho Galaaz, ora sodes cavaleiro. Deus mande que seja a cavalaria tam bem empregada em vós, como em nosso linhagem(...).

Entam filhou suas armas e cavalgou; e u queria sair do mosteiro, viu ante ua câmara Boorz e Lionel armados, que outrossí queriam cavalgar; e tanto que êles o virom, foram pera el, (...).

Fragmento de A demanda do Santo Graal<sup>50</sup>.



3. Arquivo da Torre do Tombo, Portugal. Armas dos LAGO<sup>49</sup> no Livro do Armeiro-mor João do Cró (a. 1509)

44. Este persoeiro é homónimo do seu famoso familiar do século XIV. Pero que saiba, salvo novidade última, non se localizou ningún documento que os poña en relación directa de parentesco.

45. Segundo este foro, María Fernández de Lago casara con Afonso de Outeiro e tiñan por filla a Tareixa Fernández [de Outeiro]. Á súa vez, esta casaría con Fernán [de] Sillobre do Valado, de cuxo matrimonio quedou por filla Elvira Freire, receptora no ano 1437 dun foro sobre herdades na Mourela, Neda. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 568-569.

46. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 538-539.

47. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 565-566.

48. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 576-579.

49. Descrición heráldica: En campo de goles, unha torre de prata sumada dunha dama de cabelo loiro que sobresaie entre as ameas. No xefe do escudo, tres flores de lis de ouro colocadas en faixa. Baixo a torre, toda a punta do escudo en campo de sinople, onde se atopa unha faixa ondulada, de prata e azur, con tres peixes colocados en faixa. Con respecto a estes últimos elementos, a faixa ondulada e os peixes, cabe dicir que se trata dun engadido que non aparece nas labras das nosas comarcas. Polo que se refire aos esmaltes e cores, tampouco coinciden cos exemplares policromados onde a heráldica dos Lago ten representación, e que se conservan nas igrexas de Barallobre (Mugardos) e Castro (Miño). Nestes dous casos o fondo ou campo semella de azur, e non goles. En todo caso, son variacións que non afectan substancialmente no xeral.

50. CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA / UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *Prosa Galega III*...; ob. cit., p. 88.

No século XIV comenza a despuntar nos reinos cristiáns da Península Ibérica a influencia da literatura de tradición artúrica, ou ‘Materia de Bretaña’. Unha das protagonistas deste ciclo é a Dama do Lago, de nome Viviana ou Nimue, fada e raíña da maravillosa illa de Ávalon. As distintas versións da lenda, a fan nai ou madriña do ardido cabaleiro Lanzarote do Lago, a quen cría no seu pazo.

Imos agora á heráldica dos Lago, onde temos a torre coa figura da dama -de cabelo loiro, coma quere a tradición que son todas as fadas galaicas- que, a maiores, porta unha espada na man. Debemos recoñecer que este brasón suxire imaxes moi próximas ao mito. Polo tanto: Estamos ante unha representación heráldica da Dama do Lago ...?. Eu coído que ben podería ser. Por lóxica, non sería descamiñado supoñer que os Lago trasanqueses acudiran a algúns dos elementos que rodeaban a figura do seu máximo expoñente lendario: O cabaleiro Lanzarote. Nesa tese, caben perfectamente as alusións da dama coa espada sobre a torre, ou Dama do Lago, protectora do cabaleiro e, polo tanto, da súa estirpe. No que toca ás tres flores de lis, mobles sempre compañeiros da torre e da dama nos escudos desta liñaxe, debemos lembrar a súa asociación tradicional á realeza francesa -e tamén británica-, coa cal lígase nas lendas ao mítico Lanzarote. Polo tanto, pódese concluir que a torre coa dama e as tres lises son os brasóns hereditarios e ¿primitivos? dos Lago, como xa escribin antes de agora<sup>51</sup>. Sendo así que, tamén, débese admitir que poden constituir un caso de incorporación de elementos da ‘Materia de Bretaña’ no armorial galego.

O patriarca Ferro Couselo ocupouse dos nomes novelescos de procedencia artúrica nos séculos XV-XVI. Dicia don Xesús: *Este simple feito do emprego na onomástica persoal de nomes tomados do romanceiro e dos libros de cabalerías lévanos a concluir que o ideal da nobre e andante Cabalería acadou o seu máis alto grao de esplendor aquí en Galicia*<sup>52</sup>. No referente aos Lago de Cedeira, o historiador Rafael Usero xa ten reparado nos “*singulares casos de antroponimia*” que rodeaban aos fidalgos cedeirenses<sup>53</sup>, así como tamén na temática de Bretaña e doutras fontes relacionadas.

Certamente, na onomástica vese a influencia dos relatos e romances cabaleirescos que circularon por todo o reino. Se ben, noutras liñaxes próximas a utilización de nomes pasa por antopónimos máis ‘politicamente correctos’ dende a perspectiva do santoral ou da transmisión familiar. Nese senso, digo, coído que se debe salientar a querenza dos Lago e dos seus familiares, na segunda metade do século XV e no XVI -coincidente coa etapa de maior profusión e difusión das novelas de cabalerías-, por utilizar nomes dos persoeiros lendarios que, con toda seguridade, tomaron e consideraron, orgullosamente, como os seus *lares penates* referenciais e dos que, a bo seguro, chegaron a crer que descendían. A falta dun estudo máis detido, cando menos quede constancia do uso destes antopónimos.

51. DOPICO BLANCO, Fernando. *Heráldica na comarca de Ferrol: algúns exemplos da súa evolución*; en Atenea nº. 21 (revista trimestral do Ateneo Ferrolán), outubro 2005. Tamén faise fincapé do mesmo en “Prolegómenos ...”, ob. cit.

52. FERRO COUSELO, Xesús. “Os romances e os libros de cabalería na onomástica persoal galega dos séculos XV e XVI”; en *Posío. Arte y Letras*, 1953-54. Traballo recompilado dentro da Obra Selecta. Xesús Ferro Couselo; Galaxia, Vigo, 1996; pp. 17-28.

53. USERO GONZÁLEZ, Rafael. *Sir Lanzarote do Lago e a súa proxenie cedeirensa*; Fund. Munic. Villabrilte, O Castro-Sada, 1986.



Así, do mítico Camelot pasamos a Obaño, Pontedeume e Cedeira, onde o venturoso cabaleiro don Lanzarote de Lago contou con homónimos, escudeiros esta vez. Sir Bors -ou Boores- ‘o desterrado’ converteuse nas terras mugardesas, por arte da metátese fonética, en Broos ou Brooz, iso si ..., de Chanteiro. Nada menos que o sobriño do Rei Arturo, Sir Gawain -ou Gauvain- acaba na bisbarra de Cedeira como Galván, dos Díaz de Robles. O cabaleiro Lionel, fillo do Rei Bors de Gaunes e curmán do esforzado Lanzarote, vai ser substituído na Graña de Brión -Ferrol- por Lionel García, tamén curmán ou, polo menos, familiar de Lanzarote de Lago, de Obaño, ... claro. O trágico namorado Tristán tivo o seu recoñecemento na comarca cedeiresa a través de Tristán de Tumiraos, fidalgo tamén. O seu amor, a doncela Iseo, mudou o seu nome nestes pagos por Isén, unha López e outra de Lago, unha do XV e outra do XVI. A fermosa Briolanja, raíña no *Amadís de Gaula*, tivo polo menos un trasunto onomástico nas ribeiras do Eume, ...

## OS LAGO NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XV: DE CABALEIROS A ESCUDEIROS ...

A señora Rosa di que os escudeiros eran os homes que ían ás guerras cun escudo e que, por iso, ás familias destes homes chamábanlles familias dos escudeiros. En Sillobre, durante moitos anos, todos eran escudeiros. Pero ao final, as familias dos escudeiros contrataron<sup>54</sup> a homes doutros pobos para que viñeran alindar ao gando, namentras as familias esperaban a que os escudeiros voltaran das guerras. Ao final, os criados das familias tamén querían ir ás guerras, pero eran pobres e non podían mercar escudos, e tiñan que ir ás batallas co peito descuberto. E por iso foi polo que, os que non eran escudeiros, chamáronse ‘pecheiros’<sup>55</sup> (...). Cando deixou de haber guerras, os escudeiros quixeron botar de Sillobre aos ‘pecheiros’, porque xa non lles facían falta para alindar ao gando. Pero os ‘pecheiros’ non quixeron marchar, e foron todos xuntos a ver a un Rei, que lles dixo que podían quedarse, pero que non se podían meter dentro da igrexa ata que estiveran dentro tódolos escudeiros, nin casarse cos fillos nin coas fillas dos escudeiros.

O señor Xoán di (...) que (...) chamábanse escudeiros por culpa<sup>56</sup> das marcas<sup>57</sup> que quedaban nalgúns casas, que son como un escudo. E que iso facíase porque, antes, coidaban que se a Morte viña a buscar a alguén á casa, ensinábanlle a marca da porta e dicíanlle: ¡Non leves á xente desta casa, que son escudeiros de servir al Rei Nuestro Señor!<sup>58</sup>. E coidaban que así marchaba, e non morrían.

Lendas dos ‘escudeiros’ de Sillobre<sup>59</sup>, Fene

54. Sic.

55. Sic, no orixinal. Velaquí un caso de evidente etimoloxía popular.

56. Sic.

57. Referencia á simboloxía paraheráldica, ou a gravados nos dinteis das portas?.

58. Frase textual.

59. Fragmentos dun breve traballo inédito de recolleita etnográfica, realizado por M<sup>a</sup>. Elena Gómez Martín e Ana M<sup>a</sup>. Sixto Fernández cando cursaban 2º de BUP (década de 1970). Tradución e adaptación ao galego: Fernando Dopico Blanco, 1995.

Co preámbulo das curiosísimas sillobresas, comezo a historia específica dos Lago asentados en Obaño e, logo, en Barallobre, que deixaron abundantes pegadas documentais, heráldicas e arquitectónicas<sup>60</sup> da súa estadia na zona, aínda hoxe localizábeis.

Antes de seguir, considero de obriga lembrarmos os investigadores Crespo del Pozo e Martínez-Barbeito, quen tocaron aspectos heráldicos e xenealóxicos destas casas nas súas sendas obras<sup>61</sup>, con acertos e con erros, coma toda empresa humana<sup>62</sup>.

XOÁN FERNÁNDEZ DE LAGO viviu no pleno século XIV, casou con Constanza [Yáñez] Fernández da Torre. Esta señora levaba parte dos dereitos sobre o couto de Val de Mins -ou Valdemins-, en Santa María de Loureda -Arteixo-. A outra metade estaba en posesión da súa irmá, Tareixa, quen fixo doazón dela ao seu sobriño Pedro de Lago. Débese facer a observación de que algúns historiadores teñen identificado, erroneamente, o couto de Val de Mins con outros topónimos<sup>63</sup>.

Debo facer unha regresión acerca de Val de Mins<sup>64</sup>, e sinalar como punto de partida a doazón deste couto, xunto coa igrexa e freguesía de Loureda, outorgada ¿c.a. 1238-1248? polo rei Fernando III ao seu vasalo Fernando Yáñez da Coruña, polos bos servi-



4. Igrexa parroquial de Santiago de Barallobre, Fene. A dama coa espada na man, entre dúas torres, nunha lápida do s. XVI

60. Estas son as menos. O que actualmente corre como Pazo de Obaño está totalmente reconstruído ex novo. No tocante ao Pazo de Barallobre e a súa capela anexa, foron obxecto dunha auténtica agresión patrimonial entre finais dos anos 70 e comenzos dos 80 do pasado século, quedando totalmente arrasados co beneplácito municipal. No seu lugar érguese na actualidade o IES de Barallobre. Como testemuño, tan só queda unha pedra armeira, que foi 'intelixentemente' invertida no patio do instituto. Sobre a heráldica de Obaño e Barallobre ver DOPICO BLANCO. "Heráldica na comarca de Ferrol ..."; ob. cit.

61. CRESPO DEL POZO, José S. *Blasones y Linajes de Galicia* (5 vols.); publicados dentro da colección Historia de Galicia (vv. aa.), edit. La Gran Enciclopedia Vasca, 1985. MARTÍNEZ-BARBEITO Y BORRÁS, Carlos. *Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de La Coruña*; Deput. Prov. de A Coruña, edit. Everest, León, 1986.

62. Os datos do presente traballo coinciden, nalgúns casos, cos achegados por estas autoridades; pero noutros contradícenos substancialmente. En todo caso, guíeime de documentos á vista, non deixando pé á especulación, nin ás fontes de información pouco contrastadas ...

63. Primeiramente, GARCÍA ORO, José. *Testamento y codicilos de Don Fernando de Andrade* (addenda a Don Fernando de Andrade, conde de Villalba); Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995; quen interpreta "Val de Miño". Sobre esta lectura pronúnciase logo, BREIXO RODRÍGUEZ, X. Carlos. *Fundación do vínculo e morgado da Casa de San Sadurniño, feito por Fernando de Andrade*; en Cátedra nº. 13, Pontedeume, 2006; quen reinterpretou, con moito risco, o topónimo como Valdovíño; sen reparar en que nunca foi 'couto' no senso estrito, senón pertencente á xurisdicción de Trasancos, en mans da Casa de Lemos e dos seus descendentes de Neda. Polo tanto, cómpre a rectificación.

64. Os datos sobre Val de Mins e sobre os Fernández da Torre e outras estirpes afíns foron localizados por Gabriel Pita da Veiga e Goyanes, quen mos trasladou con toda rapidez. Posteriormente, localicei máis datos sobre este asunto e persoeiros no ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (en adiante, AHUS), Microfilms, Arquivo Ducal de Medinaceli, rolo 2 (con correspondencia en ADM, secc. Parga, legº 2/132).

zos que este lle tiña feito. Ao pouco, os veciños de Loureda protestaban perante o monarca pola concesión deste privilexio. Segundo un texto que relata a transmisión xeracional, Fernando Yáñez tivo por fillo a un Xoán Yáñez. Este tivo, á súa vez, a Xoán Fernández da Torre. Fillas de Xoán Fernández foron as referidas Constanza e Tareixa [Yáñez] Fernández da Torre, nas que recaeron os dereitos sobre Val de Mins. De feito, nos anos 1406 e 1408, Tareixa obtén confirmación de privilexio polo rei Xoán II. Esta señora finou sen descendencia, entre outras mandas legoulle metade deste couto ao seu sobriño Pedro de Lago. Pero este, no seu testamento do ano 1420, viría a trastrocar a sucesión, xa que dotou o convento de San Francisco da Coruña con esta metade e outros bens, a condición de que o enterrasen no dito mosteiro, nas sepulturas que alí tiñan os seus devanceiros Yáñez-Fernández da Torre. Por este legado houbo diferenzas entre os franciscanos e os irmáns herdeiros de Pedro: Gonzalo e Lopo de Lago; xa que en 1422 estes acusaron o convento de quedarse cos bens sen cumprir a manda testamentaria. O mosteiro, por escapar de preitos, devolveu a dita metade aos irmáns. Pero, dous meses despois, mesmo fixo unha venda deste couto ao cabaleiro Arias Pardo das Mariñas. Destas circunstancias, pouco claras, derivase a urxente petición que realiza frei Afonso Yanes, freire do mosteiro coruñés, en Santolalla o 29/07/1423, solicitando o traslado do testamento de Pedro de Lago, *por quanto en el dicho su testamento auja mandado que los fraylles del dicho convento que enbiasen por sus huesos, de que la carne fuese gastada, et llos llevasen al dicho monasterio, et les avya fecho ciertas mandas et llegatos (...), por curar las quales mandas et llegatos el dicho convento non podia saber para faser et conplir lo quel dicho testador mandó (...)*. Os franciscanos desenténdese deste difícil asunto a través da citada venda, e así nace un preito entre os Lago e Arias Pardo perante a Real Chacenería; que se solventou a favor dos Lago *por los del Consejo (...), mayormente en aquellos tienpos de turbaciones e de poca justicia, siendo como hera* (Arias Pardo) *poderoso e los de Lago pobres*. Con todo, Arias Pardo finou sen restituír a posesión, que seguiu en mans do seu fillo, Gómez Pérez das Mariñas. Ao tempo, dise que tres ou catro herdeiros de Gonzalo e Lopo venderon a Diego de Andrade os seus dereitos; polo cal, tamén houbo demandas entre os Andrade e os Mariñas. De todos os xeitos, os descendentes de Gonzalo de Lago seguiron o preito pola súa posesión, segundo testemuña no ano 1540 o conde don Fernando de Andrade e das Mariñas -en quen recaeran os dereitos por ambas casas-, que mantiña diferenzas polo Val de Mins con Pedro de Lago, veciño de Moeche.

Fillos do matrimonio entre Xoán Fernández de Lago e Constanza Fernández da Torre foron:

- 1.- PEDRO DE LAGO (✠ 1420), escudeiro, quen o 06/11/1420 outorgou testamento<sup>65</sup> e finou na vila de Santolalla, Ávila. Nel di estar casado con Catalina Pérez, veciña de Neda, sen sucesión. Non obstante, tamén di que tivo unha filla natural en María de Romalde, á cal chamaron Elvira, que dotaba para monxa de Santa Clara en Santiago. Herdou da súa tía materna, Tareixa [Yáñez] Fernández da Torre, a metade do couto de Val de Mins e outros bens como a facenda de Monelos, na Coruña, ou herdades e viñas en Sigrás, Cambre; que lega ao mosteiro de San Francisco da Coruña para que trasladasen os seus ósos dende Santolalla e os soterrasen no convento nalgunha das sepulturas que alí tiñan os seus devanceiros maternos. No seu testamento deixa como herdeiros principais a dous dos seus irmáns: *Item mando a my hermano Gonçaluo de Lago todos los herdamentos e chantados,*

65. Traslado do 09/07/1423.

*asy muellelles como rayses e casas et casares, que yo he e me pertenesçen de aver en qualquier manera en Çiobre et en lo Val de Santa María la Mayor (...); e quel dicho Gonçaluo de Lago, mi hermano, que sea tenydo de pagar e conplir my enaversario que yo pagava et era tenydo de pagar cada anno por rason de los dichos bienes a la iglesia de Santa María la Mayor honde amos eramos felgrees; e mandolle mas al dicho Gonçaluo mill maravedis et mas o casar de Ansede (...). Item mando a my hermano Lope de Lago todos los herdamentos e casas e chantados que yo he e me pertenesçen de aver en la freguesia de Santa María de Castro, e mandolle mas mill maravedis (...)*<sup>66</sup>. Ademais, a súa muller quedaba como dona dos bens que ficaban en Neda, tanto herdados como adquiridos.

2.- GONZALO DE LAGO, escudeiro e persoeiro que recolle na súa obra Vasco da Ponte<sup>67</sup>. Tal e como vimos, herdou do seu irmán, Pedro, facendas e bens sitos na parroquia de Santa María a Maior do Val, Narón. Nesta herdanza ía incorporado o señorío do couto de Ciobre, no Val, e, posibelmente tamén o de Baltar –aínda que tal vez xa estaba na partilla de Gonzalo-. Ambos os coutos atopámoslos despois nas mans dos seus sucesores. Do matrimonio de Gonzalo con Sancha Núñez ¿de Parga? arrincan os Lago, Señores de Baltar<sup>68</sup>, logo co apelido Pardo de Andrade. E tamén descendenden os Lago afincados en Moeche unha xeración despois de Gonzalo, cuxos sucesores do século XVI mantiveron sonados preitos<sup>69</sup> pola súa fidalguía na Real Chancelería de Valladolid. Outros Lago, espallados por Cedeira<sup>70</sup> e Ortigueira entre as últimas décadas do século XV e o XVI, tamén teñen como devanceiros este matrimonio.

3.- LOPE DE LAGO ‘O VELLO’, que tamén herdou do seu irmán Pedro facendas e bens sitos na parroquia de Santa María de Castro, Narón. Na súa partilla ía incorporado o señorío sobre o couto de Vilacornelle<sup>71</sup>, no Val. Casou con Tareixa Vázquez, filla de Diego de Obaño, e semella que se instalou cara a comezos do século XIV en Obaño, Mugar dos, dando así comezo a estadia dos Lago na terra de Bezoucos. Sobre este matrimonio e os seus descendentes baséase a parte seguinte do presente traballo.

66. Edición completa publicada por fr. Atanasio LÓPEZ. *Convento de San Francisco de La Coruña*; en Boletín da Real Academia Galega (BRAG, tomo VII), A Coruña, 1914, pp. 1-7.

67. APONTE. Ob. cit.


68. Sobre o señorío de Baltar ver DOPICO BLANCO. *Prolegómenos* ...; ob. cit.

69. Máis detalles en MATESANZ BELLAS, Jesús. *Los Mesía de Moeche: Historias documentadas de una familia gallega desde el siglo XV al XIX*; Concello de Moeche – Deput. Prov. de A Coruña. Sada, 1994.

70. Os Lago en Cedeira foron estudados por USERO GONZÁLEZ, Rafael. *Sir Lanzasrote do Lago*...; ob. cit.

71. ARQUIVO DO PAZO DE ARANZA, Lugo (en adiante, APA). Mazo 3º de Mandiá, legº. 2, nº. 4 – bis: (...) *e visto como los testigos e escrituras presenta- / -das se lymitan e demarcan los dichos co- / -tos de Byla-cornelle e Çiobre por ciertos / límites en que concuerdan los dichos testigos (...), ni se proba por la dicha probanza e / escrituras, ni menos por la dicha partilla / antigua que foi presentada por los / dichos Juan Pardo e su moger e Abel de La- / -go su yrmao, e como después desta partija / soçederon en los dichos cotos Lopo de Lago // e Gonçalo de Lago (...)*. Fragmento da sentenza outorgada no ano 1514 sobre certos lindes dos coutos de Ciobre e Vilacornelle, polas diferenzas que sobre eles mantiñan Pedro de Morado, como marido de María Fernández da Veiga, señores de Vilacornelle, e Xoán Pardo, en nome da súa dona Elvira Fernández de Lago e do irmán desta, Abel del Lago, señores de Ciobre.

Queda unha incógnita para os descendentes de Xoán Fernández e de Constanza Fernández. Podería ser outro fillo frei Fernando de Lago, a quen nomea como cumpridor testamentario o referido Pedro de Lago?. Aínda que no documento sobre o couto de Val de Mins dise que tan só houbo tres fillos, noutras ocasións tense constatado a existencia doutros descendentes dunha familia examinando outros documentos.



5. Arquivo do Pazo de Aranza, Lugo. Fragmento dunha sentenza do a. 1514 sobre certos lindes dos coutos de Ciobre e Vilacornelle, onde se cita a partilla antiga entre Gonzalo e Lopo de Lago

## OS LAGO ESTABELÉCENSE NA TERRA DE BEZOUÇOS: ORIXE DAS CASAS DE OBAÑO E BARALLOBRE

Entom se saiu Lançelot do Lago e sobiu em seu cavalo, e a donzela em seu palafrén, e foram com a donzela dous cavaleiros e duas donzelas. E quando ela tornou a êles, disse-lhes: Sabede que adubei o por que viim: dom Lançalot do Lago se há ir connosco.

Fragmento de A demanda do Santo Graal<sup>72</sup>.

### LOPO DE LAGO [DE OBAÑO] 'O VELLO' (†1463)

Escudeiro. Segundo as fontes que manexamos, semella que Lopo de Lago enlazou matrimonialmente cara a comezos do século XV con TAREIXA VÁZQUEZ [DE CHANTEIRO], filla de Diego de Obaño. Este, era o posuidor da casa de Obaño e herdades inmediatas mediante foros, anteriormente outorgados polos mosteiros de Xuvia e de Monfero. Así mesmo, consta que Tareixa Vázquez tivo un fillo chamado tamén Diego de Obaño, quen finou accidentalmente tras caer dunha árbore. Queda a dúbida en canto a se este persoeiro foi fillo do matrimonio de Tareixa con Lopo de Lago, ou se era fillo dun anterior matrimonio desta señora -o cal non se debe descartar por evidentes motivos cronolóxicos-. Polo ano 1433 localízase ao noso escudeiro como propietario en terras

72. CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA / UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *Prosa Galega III* ...; ob. cit., p. 85.

mugardesas: *E o dito terreo jas enna friglesía / de San Viçenço de Meaoo*<sup>73</sup>, e da outra parte enna herdade de Lopo / de Lago do casal de Corçaos<sup>74</sup>.

Fillos testemuñados de Lopo de Lago e de Tareixa Vázquez foron:

1.- Xoán de Lago (v. aquí, Lago de Obaño – 1).

2.- Pedro de Lago (v. aquí, Lago de Obaño – 2).

3.- Milia López de Lago<sup>75</sup>, que casou en primeiras nupcias con Xoán Pita da Veiga<sup>76</sup>. Deste matrimonio<sup>77</sup>, que polo ano 1462 xa eran casados, sabemos a través dun foro sobre a Graña de Reparada en Cobas<sup>78</sup>, que lles outorgou o mosteiro de Sobrado segundo antes leváralo Lopo de Lago.

4.- Inés de Lago, quen tivo un fillo chamado Lopo<sup>79</sup>, citado polo seu tío Pedro nun documento do ano 1495.



6. Barallobre, Fene. Pedra armeira<sup>80</sup> do s. XVI pertencente ao antigo Pazo de Barallobre, na actualidade no IES local

73. Meá, en Mugardos.

74. APA. Mazo 4º de Mandiá, leg. 6, n. 31.

75. Milia López de Lago casou en segundas nupcias con Pedro Díaz, e foron veciños de Ferrol. Deste segundo matrimonio quedou por filla unha María Fernández de Lago, que casou con Aparicio de Chanteiro. Datos obrantes en documentos do APA.

76. Xoán Pita da Veiga probablemente foi fillo de Afonso Pita da Veiga e de Tareixa Vázquez, os que no ano 1449 doan un terreo ao mosteiro de Xuvia que logo reciben en foro. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., pp. 575-576.

77. Xoán Pita da Veiga e Milia López de Lago foron os avós maternos -con evidencia documental demostrada- do heroe de Pavia, Alonso Pita da Veiga. O matrimonio Xoán Pita e Milia López tivo dúas fillas: Unha, foi María Fernández da Veiga, que casou co rexedor ferrolán Pedro [Yañez] de Morado e foron pais de Alonso Pita da Veiga e de Catalina Rodríguez, casada co rexedor Xoán de Ferreiros. Outra, foi Tareixa Vázquez, que casou co prateiro Pedro Vidal e tiveron un Xoán Pita da Veiga e outras fillas. Todos estes persoeiros, coas súas respectivas filiacións, figuran como veciños de Ferrol en varios documentos conservados no APA. Así mesmo, sobre estes persoeiros, remítome ao traballo do investigador PITA DA VEIGA E GOYANES, Gabriel. *Capillas de la Concepción: Maldonado - Pita da Veiga*; en Cátedra nº. 13, Pontedeume, 2006.

78. Na parroquia de San Martiño de Covas, no actual concello de Ferrol.

79. Cabe preguntarse se podería tratarse de Lopo de Anido Solloso, fundador da Casa de Lubre, en Ares. Lopo de Anido casou con María Fernández de Losada [de Lago], filla de Xoán Fernández de Lago e de Isabel Díaz, veciños da vila de Cedeira. O 12/02/1514, Xoán Fernández xunto cos seus fillos, Lanzarote de Lago -a quen cómpre non confundir co seu parente homónimo de Obaño- e Roi Díaz de Lago, outorgaba en Cedeira unha carta de dote: (...) *a vos Lopo d-Anido, hescudeiro morador en Lubre, coto de Besocos, porque caseis (...) con María Fernández de Losada, mi fija e de Isavela Díaz, mi muger*. Neste documento figuran como testemuñas: Fernando de Lago, alcalde de Cedeira, Rodrigo de Serantes, Blas Rodríguez e o notario Pedro de Ferrol. Fillo herdeiro de Lopo de Anido e de María Fernández de Lago foi Pedro de Anido de Solloso e Lago, a quen veremos aquí máis adiante.

80. Velaquí a descrición heráldica desta pedra, segundo o meu xuízo. Cartela rectangular apaisada, con ornamentación interior de tacos a modo de grecas interrompidas por unha flor de lis nos flancos, respectivamente, e lado dereito da punta.

A partir de aquí, divídense os Lago de Obaño en dúas frondosas pólas encabezadas, respectivamente, polos irmáns Xoán e Pedro. Porén, separo en capítulos diferenciados ambas descendencias, con bastantes e lóxicos casos de homonimia que fixeron difícil o seu discernimento. Para un máis doado estudo, coloquille a Xoán e os seus descendentes: “Lago de Obaño-1”, atendendo á transmisión do foro sobre Obaño que se relata no manuscrito xuviense. Loxicamente, tocoulle a Pedro e sucesores: “Lago de Obaño-2”.

## OS LAGO DE OBAÑO – 1

### XOÁN DE LAGO (✠ 1510)

Escudeiro. Casou con LEONOR RODRÍGUEZ DE LAGO, coa cal recibe un novo foro de Xuvia sobre Obaño e outras herdades no ano 1474. No ano 1483 atopámolo realizando unha declaración, pola que afirmaba que o lugar de Obaño e outros bens, como a fraga de Lourido, eran propios do mosteiro de Xuvia, tal e como o levara denantes o seu pai. Tamén xuraba que “Deus non lle dese fala para negarlle a San Martiño o seu, e que, aínda que Pedro de Lago, seu irmán, quería levar os ditos bens como propios, que non lle permitise Deus, que o que era de foro o dise como propio”.

Fillos do seu matrimonio con Leonor foron:

1.- Lanzarote de Lago de Obaño ‘o Vello’, que segue a liña.

2.- Mariña de Lago, que casou con Xoán Paleu e levou parte das terras do foro de Obaño.

3.- Elvira de Lago, que tamén levou parte no foro de Obaño.

Fóra do matrimonio, Xoán de Lago tivo unha filla natural chamada Constanza de Lago, a cal corría na súa época baixo o nome de Constanza do Curro. Esta señora casou con Lope Rodríguez e foron veciños de Obaño, levando parte no dito foro.



7. Igrexa parroquial de Santiago de Barallobre, Fene. Armas<sup>81</sup> do capitán Lanzarote de Lago e Andrade (a. 1591)

Ornamentación exterior de tipoloxía vexetal. Timbre de medio corpo, con armadura e helmo con lambrequíns, empuñando unha espada na man dereita. ANDRADE: Banda engolada en cabezas de dragantes. MONTENEGRO: ‘M’ coroada. Descoñecido: Xadrezado de cinco ordes. LAGO: Unha torre sumada dunha figura humana (dama) empuñando unha espada na man destra. LAGO: Tres flores de lis. Descoñecido: Tres columnas rematadas en chamas. MANDIÁ: Tres bastos cruzados e un can lebreiro pasante. VALCARCE: Cinco estacas apuntadas cara ao xefe (cómpre salientar que este xeito de representación para a heráldica dos Valcarce, ou Valcarcel, semella unha inusual variación ou posíbel deturpación do brasón habitual desta liñaxe, no que as estacas sempre van coas puntas cara a abaixo). Sobre o todo, dous tenantes (anxos) sos-tendo un escudo puntiagudo cunha barra (ANDRADE).

81. Esta pedra conserva os esmaltes, resaltados por unha capa de verniz aplicada hai algúns anos. Para a descrición heráldica dos brasóns acudir á nota anterior. Case que fronte a esta peza, na mesma capela maior da igrexa, atópase outra pedra rectangular con inscrición, que reza: ESTAS ARMAS I CAPILLA / CON LA PRESENTACIÓN / DEL BENEFICIO SON DEL / CAPITÁN D. LAÇARO D LA- / -GO I ANDRADE I DEL SUÇESOR / EN EL PAZO DE BARALLOBRE. AÑº 1591.

### LANZAROTE DE LAGO DE OBAÑO 'O VELLO' († 1531).

Escudeiro. Casou en 1514 con ISABEL GÓMEZ. Entre ese ano e seguintes reedificou o Pazo de Obaño, sen permiso do prior e monxes xuvienses. En anos posteriores o mosteiro establecería preito con el por este e outros dubidosos asuntos, que se relatan no manuscrito xuviense que manexamos.

Lanzarote de Lago outorgou testamento<sup>82</sup> o 30/06/1531 perante o escribán Xoán de Cazáns, na cidade de Ávila -onde paraba naquel intre a Corte Real-, estando xacendo doente no Hospital de San Antón da cidade. Entre as súas mandas, realiza unha para un sobriño de seu chamado Xoán de Lago, ademais dos legados específicos á súa dona e fillos: Lopo, Fernando e Xoán, daquela menores de vinte e cinco anos; María, Francisco e Pedro, menores de doce. Deixou como cumpridores das súas últimas vontades á súa dona, ao seu fillo Lope e a Alonso Pita da Veiga<sup>83</sup>.

Fillos de Lanzarote de Lago e de Isabel Gómez foron:

1.- Lopo de Lago de Obaño, fillo maior e herdeiro a quen seu pai mellora no 1/3 e 1/5 dos seus bens a través de legado testamentario, e que segue a liña.

2.- Fernando de Lago de Obaño, rexedor de Pontedeume e iniciador da liña dos Lago do Pazo de Barallobre, Fene. No ano 1540, o conde don Fernando de Andrade légalle no seu testamento<sup>84</sup> dous mil maravedís polos servizos que lle tiña feito, engadindo que era o seu paxe e citando expresamente ao seu pai Lanzarote. Casou con Maior Freire de Andrade, filla do fidalgo Xoán Fernández de Andrade<sup>85</sup>, alcumado '*Barba Branca*', e de Mencia de Andrade<sup>86</sup>. O matrimonio formado por Fernando de Lago e Maior Freire semellan ser os fundadores do citado Pazo de Barallobre, desaparecido hai non moitos anos. Tiveron por fillos a:

2.1.- Lanzarote de Lago e Andrade, capitán e señor do Pazo de Barallobre, rexedor de Pontedeume. Casou con María Méndez de Aguirre<sup>87</sup> e tiveron por fillos a:

82. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (en adiante, ARG), RA, Preitos, 19195/33. Traslado do século XVIII.

83. Trátase do afamado héroe ferrolán da Batalla de Pavia, onde capturou o rei Francisco I de Francia. Alonso Pita era curmán en terceiro grao de Lanzarote de Lago.

84. Edición en GARCÍA ORO, José. *Testamento y codicilos ...*; ob. cit. A xeito de digresión débese salientar que, tanto no testamento como nos codicilos, aparecen varios persoeiros cuxa actividade se contrasta, por outras fontes, nas bisbarras ferrolá e eumesa. Algúns deles citanse aquí máis adiante. Por máis abastamento, podemos sinalar outros coñecidos comarcáns, como o licenciado Xoán Bugueiro de Parga, señor da casa de Boado -en Franza- e rexedor de Ferrol; a Pedro de Chanteiro, monteiro maior do conde e fillo herdeiro do 'maestre de campo' Vasco de Chanteiro; a Diego de Andrade, un dos fillos do segundo matrimonio de Fernando de Andrade -de San Sadurniño- con dona Berenguela das Mariñas; ou a Lope García, fillo de Lionel García, veciños da Graña de Brión -Ferrol-, etc.

85. Xoán Fernández de Andrade era fillo dun García Fernández, segundo testemuña anos despois o seu bisneto Luis Bugueiro.

86. Mencia de Andrade era unha das fillas de Fernando Ares de Mandiá, alcalde de Ferrol na primeira e segunda década do século XVI. Cómpre non confundir este Fernando Ares co seu sobriño do mesmo nome e apelidos, señor do Pazo de Soelle en Mandiá e rexedor de Ferrol, quen finou no ano 1554 en Inglaterra, de quen descende a liña troncal da Casa de Mandiá.

87. María Méndez era filla de Pedro de Aguirre, escribán de Pontedeume, e de Constanza Rodríguez. Este matrimonio tamén tiveron por fillas a Isabel Sánchez de Aguirre, casada co bacharel Xoán Sardiña, veciños de Pontedeume; e a Tareixa Franca de Aguirre, que casou co capitán Alonso Martínez Tenreiro, descendente da casa dos Tenreiro-Montenegro de Bañobre, Miño.



2.1.1.- Xoán de Lago.

2.1.2.- Fernando de Lago.

2.2- María de Lago e Andrade, que casou con Luis Bugueiro de Parga, fillo do licenciado Bugueiro<sup>88</sup>, e foron veciños de Ares. Foron seus fillos:

2.2.1.- Fernando de Lago Bugueiro, crego.

2.2.2.- García Fernández.

2.2.3.- Xoán Bugueiro de Parga.

2.2.4.- Luis Bugueiro de Parga, nado cara ao 1580, quen no ano 1602 sendo aínda mozo solteiro facía información xenealóxica para poder pasar ás Indias<sup>89</sup>.

2.3.- Pedro Freire, que finou en Flandes. Casou con María das Figueiras, con descendencia.

3.- Xoán de Lago, tamén veciño de Obaño, quen figura como testemuña no segundo codicilo do conde don Fernando de Andrade<sup>90</sup>, ano 1540.

4.- María de Lago, que casou con Alonso Rico, veciños de Mugardos.

5.- Francisco de Lago.

6.- Pedro de Lago, non citado no testamento de Lanzarote, mais atribuída a súa filiación no manuscrito de Xuvia que transcribo máis adiante.

Fóra do matrimonio Lanzarote tivo dous fillos máis, que se chamaron Gonzalo e Xoán, aos que herda con tres mil maravedís no seu testamento.

#### **LOPO DE LAGO DE OBAÑO 'o Novo' (c.a. 1515 - † 1564)**

Escudeiro. Lopo ou Lope de Lago -como aparece en diversos documentos-, casou con CATALINA LÓPEZ DE CHANTEIRO, filla do notario e mercader Luis López de Chanteiro e de Catalina López<sup>91</sup>.

Lopo de Lago outorgou testamento na súa casa de Obaño o 26/11/1564, perante o escribán Pedro de Aguirre. Por el sabemos que mandou enterrarse en Mugardos e que a súa nai aínda vivía polo entón. Sobre Obaño deixa disposto: (...) *que el dicho nuestro lugar y asiento ande en una persona de nuestra generación, según lo dejó Lope Afonso de Lago, mi abuelo, y no disminuya (...)*.

88. Semella que este persoeiro podería tratarse do licenciado Xoán Bugueiro de Parga, señor da Torre de Boado en Franza - Mugardos-, quen foi rexedor de Ferrol e tamén veciño de Betanzos. O licenciado Bugueiro casou con Aldonza Afonso de Vilouzás e Mandiá, de quen houbo prolífica descendencia.

89. ARCHIVO GENERAL DE INDIAS, 16404.42.3.62, Contratación, 5270, N.1, R.38. Información que contén precisos e curiosos datos.

90. Edición en GARCÍA ORO. *Testamento y codicilos ...*; ob. cit.

91. O matrimonio Luis López e Catalina López testemúñanse o 02/02/1524, recibindo un foro do mosteiro de Xuvia sobre diversas herdades sitas entre Xuvia e A Gándara, Narón.

Fillos de Lopo de Lago e de Catalina López de Chanteiro foron:

1.- Fernando de Lago, fillo maior a quen o seu pai mellora no 1/3 e 1/5 dos bens por disposición testamentaria.

2.- Pedro de Lago de Valcarce, crego de Mugar dos, quen naceu c.a. 1560.

3.- María de Lago.

4.- Leonor de Lago, que casou con Xoán Freire de Andrade 'o Vello'<sup>93</sup>, señor de parte do couto de Regoela<sup>94</sup> -quen o levaba por foro do mosteiro de Xuvia-. Tiveron por fillos a:

4.1.- Pedro Freire.

4.2.- Juan Freire.

4.3.- María Freire.

4.4.- Inés de Lago.

5.- Antonia de Lago, que casou con Xoán Núñez Tenreiro<sup>95</sup>, veciños de Ferrol.

6.- Catalina López.

7.- Bárbara López.

8.- Elvira de Lago e Valcarce, que casou co capitán Xoán López de Taibo 'o Vello', de quen foi fillo:

8.1- Xoán López de Taibo 'o Mozo' († 1671), quen foi capitán e herdou en Obaño. Este persoeiro é do que se fai eco o manuscrito de Xuvia, eixo desta investigación. Outorgou un primeiro testamento na vila de Ares o 10/11/1632. O segundo testamento<sup>96</sup> data do 29/04/1671 e outorgouno no couto de San Xoán de Filgueira, Ferrol, finando pouco despois. Ao igual que algúns dos seus ascendentes, este persoeiro alcanzou tamén unha considerábel lonxevidade. En primeiras nupcias casou con Dominga Díaz de Losada, e foron seus fillos:



8. Igrexa parroquial de Santiago de Barallobre, Fene. Lápida con escudo cuartelado<sup>92</sup> en cruz e espada anteposta (s. XVI)

92. Porta os brasóns de: LAGO, ANDRADE, ¿MANDIÁ?, e ¿PARGA?-¿...?.

93. Este Xoán Freire era un dos fillos de Alonso de Parga e de Leonor Freire de Andrade. Estivera casado en primeiras nupcias con Violante de Serantes.

94. No actual concello de Cabanas.

95. Deste matrimonio foi fillo Xoán Núñez Tenreiro Montenegro, quen casou con dona Antonia Díaz de Chanteiro (†1696), e tiveron por fillas a dona María e a dona Catalina, ambas con sucesión.

96. ARQUIVO DO ILUSTRE COLEXIO NOTARIAL DA CORUÑA (en diante, ACNAC). Prot. 154/1671/Ferrol/Fernández Orol, Domingo. No ano anterior, 1670, o capitán López de Taibo outorgara tamén un codicilo.

8.1.1.- Gregorio López de Taibo, que *murió en servizo de Su Magestad en la quema de la Armada de Guetaria*, e a quen seu pai tiña mellorado primeiramente no 1/3 e 1/5 dos seus bens.

8.1.2.- Don Diego López Bermúdez de Taibo, capitán, que herdou ao seu pai, e por quen descendería<sup>97</sup> a casa de Obaño no tocante aos seus dereitos.

8.1.3.- María de Lago Bermúdez, que casou con Xoán Leite Faria.

O capitán López de Talbo casou en segundas nupcias con dona Ana Fernández de Parga e Castro, nada c.a. 1605. Dona Ana outorgou testamento<sup>98</sup> o 15/02/1676 en San Xoán de Filgueira, aínda que finou anos despois. Fillos deste matrimonio foron:

8.1.4.- Don Antonio Sánchez de Taibo, licenciado e crego rector de Santa María de Caranza e Santa Mariña do Vilar, Ferrol, e anexos.

8.1.5.- Dona Mariana Fernández de Parga, que casou con Bartolomé de Vilariño (ou Villarino), con sucesión.

8.1.6.- Dona Ana Fernández de Parga II, que casou en 1667 con Pedro de Lago e Andrade, rexedor de Ferrol, con sucesión.

8.1.7.- Dona Isabel Bermúdez de Taibo e Parga, que casou con don Xoán de La Peña Fernández e Labrada 'o Maior' e foron veciños das Pontes, con sucesión.

8.1.8.- Dona Francisca de Taibo e Parga, que casou con Pedro Pardo.

8.1.9.- Don Xoán Bermúdez de Taibo, capitán.

9.- Isabel de Lago.

10.- ¿...?<sup>99</sup>.-

## OS LAGO DE OBAÑO – 2

### PEDRO DE LAGO (✠ 1527)

Escudeiro. No ano 1495 atopamos a Pedro de Lago como escudeiro de don Fernando de Andrade e das Mariñas, morador en Obaño e facendo doazón<sup>100</sup> do casal das Penas, en Cervás, ao convento de Montefaro, segundo esta herdade lle pertencía a el e aos seus sobriños, fillos das súas irmáns Milia López e Inés de Lago, por herdanza da súa nai Tareixa [Vázquez] de Chanteiro<sup>101</sup>. A cambio desta doazón impón certas misas no convento franciscano. No mesmo ano figura como testemuña nun foro de Pedroso<sup>102</sup>.

97. Filla de segundas nupcias do capitán don Diego foi dona Lucrecia Bermúdez, que casou con don Álvaro de Santiso e tiveron por fillo a don Diego. Todos eles citados ao comenzo deste traballo.

98. ACNAC. Prot.165/1676/Ferrol/Fernández Orol, Domingo.

99. Lopo de Lago di no seu testamento que a súa muller, Catalina, estaba preñada polo entón, e se tivesen un fillo home que lle puxeran por nome Lope.

100. ARG, Perg<sup>as</sup>, 728. Mugardos. Outorgamento en Montefaro, o 12/05/1495.

101. Cómpre advertir que neste manuscrito, Pedro de Lago nomea á súa nai como Tareixa de Chanteiro, eludindo o apelido Vázquez e toda referencia a Obaño.

102. CAL PARDO; ob. cit., doc<sup>o</sup>. 58, pp. 305-306.

Casou con MARÍA OANES DE SERANTES, filla de Roi de Serantes<sup>103</sup> e de Beatriz de Andrade.

Pedro de Lago outorgou testamento na súa casa de Obaño o 19/08/1527, perante o escribán Roi da Leira, polo que mandaba que *quando Nuestro Señor fuere servido de me llevar desta presente vida, que mi cuerpo sea sepultado dentro dela yglesia de sant Giau de Mugardos, donde soy feligrés, y que allí se me dé e faga la sepultura que a mi estado pertenesçer*. No mesmo, legaba á súa dona: *a metade dela casa e palacio en que bivo, con la mitad de todas las heredades labradías, montesyas, viñas e casas a mi pertenesçientes en la feligresía de sant Giau de Mugardos, pertenesçientes a la dicha casa e palacio de Obaña; así como nomeaba ao seu fillo Gonzalo, de meiora sobre todos los otros mis fijos y nietos y herederos, la terçia e quinta parte de todos mis bienes muebles e rayzes, casas, viñas, árboles, basallos, fueros, çensos, oro, plata, dineros, axuar [...], para que los llebe y herede de meioría allende de su legitima sobre los otros mis herederos. El qual dicho terçio e quinto de bienes que asy le mando, le nonbro y señalo e quiero que aya e llebe en esta casa e palacio de Obaña y en todas las otras casas, byñas, huertas, fragas, montes, heredades labradías e montesyas a mi pertenesçientes en la dicha feligresya de Mugardos*<sup>104</sup>.

Fillos deste matrimonio foron:

1.- Gonzalo de Lago, que segue a liña.

2.- Diego de Lago, quen foi crego e cura de Coirós. Tivo unha filla natural chamada Isabel de Lago, que casou con Pedro de Anido Solloso e Lago, señor da Casa de Lubre -Ares-, con sucesión. A carta de dote entre Gonzalo de Lago e o señor da Casa de Lubre, Lopo de Anido, para casar aos seus respectivos sobriña e fillo, outorgouse en Obaño o 25/06/1551.

3.- Rodrigo de Serantes, que casou con Maior de Ulloa<sup>105</sup> e tiveron por fillo un Xoán de Serantes, citado no testamento do seu avó Pedro. Este Xoán de Serantes foi cóengo.

9. Igrexa parroquial de Santiago de Barallobre, Fene. Lápida con escudo de seis particións<sup>106</sup> inserido en cartela e cimado de helmo (ss. XVI-XVII)



103. Roi de Serantes, escudeiro de Diego de Andrade, foi señor da Casa de Serantes e do couto de Serantellos -que levaba en foro de Sobrado-. O seu pai fora Xoán de Serantes, escudeiro de Pedro Fernández de Andrade polo ano 1432. O fillo sucesor de Roi chamouse tamén Xoán de Serantes, irmán da citada María Oanes. Sobre esta casa e liñaxe estou a preparar un traballo con documentación inédita. Ver tamén DOPICO BLANCO. *Heráldica na comarca de Ferrol ...*; ob. cit. Débolle os datos sobre a filiación de María Oanes de Serantes á investigadora Dolores González.

104. ARG, RA, Preitos, 4475/19. Traslado do ano 1536.

105. Irmá desta señora foi Antonia [de Andrade] de Ulloa, casada con Sancho de Ulloa e veciños de Santiago de Compostela, quen no ano 1560 reclama os dereitos na herdanza que lle poideran caber polo seu sobriño Xoán de Serantes, xa difunto.

106. Porta os brasóns de: ANDRADE, MONTENEGRO, LAGO, descoñecido, LAGO e VALCARCE.

**GONZALO DE LAGO DE OBAÑO († 1560)**

Escudeiro. No segundo codicilo testamentario do Conde de Andrade<sup>107</sup>, ano 1540, aparece Gonzalo de Lago como un dos que pasaran memoriais de herdades ou bens que tiña embargados o dito conde don Fernando. Casou con MAIOR ALONSO DE LAGO, filla de Xoán Pita de San Estevo e de Constanza López<sup>108</sup>. Por fillos deste matrimonio quedaron:

1.- Pedro de Lago, que casou con María Fernández de Mesía<sup>109</sup> e foron veciños de Obaño, sen sucesión. Finou entre 1574-78.

2.- Antonio de Lago, veciño de Mugardos e de Obaño. Casou con María García de Viluzás, filla de Pedro López Piñeiro e de Elvira Rodríguez de Mourelle, señores de Franza. Foi seu fillo herdeiro Xoán Piñeiro de Lago, con sucesión en Obaño.

3.- Beatriz de Lago, que casou con Fernán de Cariño<sup>110</sup> e foron veciños de Ares, quen xa estaba viúva no ano 1572. Fillo herdeiro deste matrimonio foi Bernabé de Lago, con sucesión.

4.- Catalina de Lago, que casou con Xoán López Pardo<sup>111</sup>, con sucesión. En segundas nupcias casou co bacharel Pedro Manríquez de la Becerra.

5.- Inés de Lago, que casou con Antonio Beltrán.

6.- Ana de Lago, que casou con Antonio Freire.

7.- Clara de Lago, que casou con Antonio de Anido, con sucesión.

8.- Antonia de Lago, que casou con Xoán Beltrán.

9.- ¿...?<sup>112</sup>.

Con posterioridade á morte de Gonzalo de Lago, e con duración nas dúas décadas seguintes, déronse entre os seus fillos e sucesores varios preitos polas partillas da herdanza.

107. Edición en GARCÍA ORO. *Testamento y codicilos ...*; ob. cit.

108. Xoán Pita de San Estevo e Constanza López eran veciños do couto de Pedroso, onde tiñan diversos bens (datos achegados por Gabriel Pita da Veiga). Outro fillo deste matrimonio, chamado Alonso Yáñez de Serantes, localízase como veciño de Sedes no ano 1549 e ten a consideración de fidalgo exento de peitar. Documento en PENA GRAÑA: *Narón*, ... (vol. II, Idade Media); ob. cit., p. 478

109. Esta señora outorgou carta de doazón no ano 1578 a favor de Bernabé Bugueiro de Parga, veciño e rexedor de Ferrol, para poder casar con el en segundas nupcias. ARG, RA, Preitos, 16919/5.

110. Fernán de Cariño era o fillo maior herdeiro do mercader Pedro de Cariño († 1559) e de María Sardiña, veciños da vila de Ares.

111. Fillo de Lopo García de Viluzás, ou de Callobre, dono do Pazo de Callobre -Miño-. Datos sobre estes persoeiros nun traballo inédito de Gabriel Pita da Veiga e Goyanes, que tivo a xentileza de facilitármelo.

112. Nun documento do ano 1587 afirmase que de Gonzalo de Lago quedaran nove fillos/as lexítimos. ARG, RA, Preitos, 4475/19.

## APÉNDICE 1. TEXTOS

O pequeno manuscrito que tiven a oportunidade de transcribir é obra dun monxe de Xuvia, quen o redacta cara ao ano 1630. Logo, na segunda metade do século XVIII, por decisión do ilustrado Prior fr. Vicente García, resólvese a encadernación da documentación xuviense -que se atopaba solta- en varios volumes coñecidos como 'Libros'. Buscan polo entón mellor unha clasificación e ordenación arquivística, co obxecto de proporcionar aos monxes unha máis doada localización e uso dos fondos, así como a conservación dos manuscritos. Porén, o documento atópase dentro desta serie.

No que respecta a este texto, cómpre salientar que o amanuense, a partir da súa motivación de fondo: Demostrar a pertenza ao mosteiro, dende antigo, das herdades de Obaño, en relación co preito por esta propiedade que polo entón mantiñan co foreiro, capitán Xoán López de Taibo; proporcionáanos, a maiores, unha serie de datos de primeira man para o coñecemento de persoeiros, feitos, vida cotiá, réxime xurídico e territorial, etc., dentro da área mugardesa e proximidades, entre os séculos XV e XVI. Non só se para en relatar os dereitos que acudían ao mosteiro, a doazón e os sucesivos aforamentos; senón que tamén realiza saborosos comentarios acerca de priores, monxes e veciños; achegándonos parte da historia do mosteiro e tamén da pequena zona mugardesa que serve de eixo para a narración: O lugar de Obaño.

Sobre o aparato crítico, debo advertir de que a transcripción a realicei con criterios de edición modernos; cos separadores ortográficos, tiles e regras actuais que rexen o uso de maiúsculas e minúsculas. Conservo as grafías orixinais na totalidade do texto, a excepción do dobre /b/ e dobre /s/, que solvento nunha simple. Desenvólvense, tamén, as abreviaturas na meirande parte dos casos, agás naqueles onde, por comprensión ou por estética de escritura, non o considero necesario. Indícanse entre corchetes [...] as letras, sílabas ou palabras reconstruídas, ben por falta do amanuense ou por rotura do soporte. As notas marxinais do orixinal van numeradas a pé de páxina. Indícase tamén a foliación numérica orixinal. A separación entre liñas vai indicada cunha barra simple: /. O cambio de folio por barra dobre: //. A final de texto con barra tripla: ///.

**Xuvia: C. a. 1630.**

*Noticia sobre o lugar de Obaño, en Mugardos, que era propio do mosteiro de San Martiño de Xuvia. Da transmisión e vicisitudes acontecidas, entre o século XV ata comezos do XVII, no foro deste lugar outorgado a Lopo de Lago 'o Vello' e aos seus descendentes.*

\* ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. Clero, C. 424, Libro 253, Xuvia (Libro 14 de Xuvia, sin. or.).

(207 r<sup>o</sup>) Mugardos./

Relación de lo que [se] puede hazer en favor del monasterio de Jubia cerca de / el lugar de Obaño, en el pleito que trata con el capitán Juan López de / Taybo<sup>113</sup>./

113. Segundo vimos, o capitán Xoán López de Taibo era fillo do tamén capitán Xoán López de Taibo e de Elvira de Lago e Valcarce, neto materno de Lopo de Lago de Obaño 'o Novo', por quen levaba os dereitos na casa e no foro de Obaño (v. aquí máis atrás, nos comentarios xenealóxicos).

Era de mil y çiento y una, quarto idus martis, que es el año de 1063, a tantos de / março<sup>114</sup>. Hizo donación al convento de San Martín de Jubia<sup>115</sup> un caballero llamado Pedro / Froila<sup>116</sup> y su muger D<sup>a</sup>. Urraca<sup>117</sup> de toda la heredad y herençia que el tenía en / tierra de Vesoucos<sup>118</sup>, la qual heredad se llamaba Obaña<sup>119</sup>. La qual dize que / heredó de la ganancia de su abuelo Obeco Froila, llamado Podo G[r]osus<sup>120</sup>, y que la / da por sus términos antiguos, como está divida y demarcada, por sus marcas y términos / y caminos antiguos, y más las casas que el allí edificó, así como las tenía su abuelo y el, / a montes y a fontes, con sus pastos, salidas y entradas para siempre jamás. Rey- / -nando en Toledo el Rey D. Alonso, Obispo de Mondoñedo Nuño, y / Arçobispo de Santiago Diego. Escritura que está en la execución dela carta executoria en el / pleito antiguo, presentada a folio 83./

Las quales casas y lugar con lo a el anejo se aforó, según los foros antiguos que hallo en / el archibo del monasterio de dicha hazienda, a diversas personas. Unas veces con / otra hazienda de otros partidos, otras veces parte de dicho lugar aparte, y de por si / a otras./

Las marcas y testas deste lugar se sacaron y compulsaron por mandado de el juez / conservador del monasterio de San Martiño de Jubia, llamado D. Gómez, Prior del monasterio de / San Salvador de Pedroso, que aora es anexo dela cathedral de Mondoñedo, a pedimento/ de el Prior de Jubia llamado Juan Esquíu (que entonçes era este monasterio de claustrales), de / los tumbos y escrituras antiguas de apeos del dicho monasterio, por ante Alonso / Esquíu, notario del Conde D. Enrique en los cotos del monasterio de Jubia, a 10 / de agosto, era de 1393, que es el año del Señor de 1393, porque buelbe a dezir que / no quenta por eras sino por años. Dize que son las marcas de la heredad que / jaze en Obaña, a que llaman el casal de Teresa Vásquez, porque esta / Teresa Vásquez llebaba dicho casal en foro entonçes<sup>121</sup>. Está esta escritura con- / -pulsada y presentada en dicho pleito antiguo, a foja 89 de dicho pleito./

El último foro que hallo hecho a esta Teresa Vásquez, que está presentado en dicho pleito, / a fojas 83 buelta de dicha hazienda, parece se hizo año de 1402 y, como del / consta, se hizo<sup>122</sup> a su marido Lope de Lago el biejo y a la dicha por çiertas voces y / 29 años, juntamente con otra más hazienda de otros partidos, según las llebaban ya / antes, y según las llebaba Diego de Obaña<sup>123</sup> al día de su muerte, por pensión de / 50 maravedís biejos y una col[l]eita./

114. O ano que expresa está mal contabilizado. Realmente este documento data do 15/03/1112. Ver aquí a nota seguinte.

115. Doazón rexistrada no Cartulario de Xuvia, conservado no Arquivo Histórico Nacional. Edición en MONTERO DÍAZ, Santiago. La Colección Diplomática de San Martín de Jubia (977-1199); Impr. El Eco Franciscano, Santiago de Compostela, 1935; doc<sup>o</sup>. XVIII, pp. 68-69.

116. Trátase do famoso don Pedro Froilaz, Conde de Traba.

117. Trátase de dona Urraca Froilaz, primeira muller do conde don Pedro.

118. Sic: Bezoucos.

119. Sic: Obaño. En referencias posteriores no texto, o topónimo aparece maioritariamente con esta mesma desinencia feminina.

120. Sic: 'Pede Grosus' ou 'Pedegrosus', alcume ou sobrenome de Oveco Froilaz.

121. O documento orixinal, que data do 03/08/1393, descríbese do seguinte xeito polo historiador A. Pena: *Pergamiño recortado, roto e moi deteriorado. Contén o que parece se-la copia dun foro (que a aparece sobreescrito a un diploma en latín do século XIII) dunha herdade que jaz en Obana (Mugardos), coa referencia a unha fraga que fora de Joam Esquíu. O foro pasa por Afonso Esquíu, notario do "côde dom Enrique" a "des días de agosto da era do nacemento do noso señor Iho Xpo de mjl e tresentos nobenta e tres anos" (...).* PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II); ob. cit., pp. 521-522.

122. Este foro data do 20/05/1402. Edición en PENA GRAÑA. *Narón*, ... (vol. II); ob. cit., pp. 531-532.

123. Diego de Obaño era o pai de Tareixa Vázquez, muller de Lopo de Lago 'o Vello'.

Este dicho Lope de Lago el biejo, que bibió hasta los años de 1463, como consta de / su testamento, dexó por hijos y herederos a Juan de Lago y a Pedro de Lago, los cuales / por el año de 1468 hizieron su partición de bienes. Y cupo con el dicho Juan de / Lago todo el lugar de Obaña, como se contiene en las marcas de el dicho, y de // (207 v<sup>o</sup>) excepto la división de hazienda que dichas marcas ponen de la hazienda que tiene / el monasterio de Jubia, según dizen, dela otra parte del río. La qual partija tiene dicho / capitán<sup>124</sup> en su poder. Y dize que cada qual llebe esto y aquello, y pague sus foros, / y como cupo a cada uno destos dos hermanos el llebar parte dela hazienda de dicho / foro. Como fue a Juan de Lago el lugar y casal de Obaño, todo lo que ay desde el río de / Santa Catalina y más la hazienda de Çerbás. Y al dicho Pedro de Lago lo que ay dela parte del río / para la iglesia de Mugaridos y otra hazienda en Tresancos<sup>125</sup>, también de foro. Acude / cada qual de por si a hazer luego foro de por si al monasterio<sup>126</sup>. Y así al Juan de Lago le / hizieron foro del lugar de Obaño con lo a el anexo y perteneciente, por pensión / de 4 reales de plata, un Prior que se llamaba Antón López de Chantero<sup>127</sup>, por los años / de 1474. Y<sup>128</sup> por ser dicho Prior primo hermano de Pedro López de Chantero<sup>129</sup> el biejo, / que vivía en San Pedro de Çerbás, le quitó al Juan de Lago parte dela hazienda / de San Pedro de Çerbás que llebaba del monasterio en el foro que le renovó, / y<sup>130</sup> se la aforó a su primo dicho Pedro de Chantero. Y<sup>131</sup> al dicho / Pedro de Lago, hermano de Juan de Lago, le aforó aparte la hazienda de / Mugaridos y de Tresancos por pensión de real y medio y una / col[l]eita. Y<sup>132</sup> a un hijo de Pedro López de Chantero, que se lla- / -maba Broz de Chantero<sup>133</sup>, escudero que vivía en Obaña (en<sup>134</sup> un lugar / de fuero de Monfero<sup>135</sup>), le aforó

124. Refírese ao capitán López de Taibo.

125. Sic: Trasancos.

126. Nota á marxe esquerda: A. 4 testiguo, fol. 40. 1º testigo, fol. 30. 2º testigo, fol. 34. Y 5º testigo, fol. 45. 6º testigo, fol. 49. Y 10 testigo, fol. 63 y todos.

127. Sic: Chanteiro.

128. Nota á marxe esquerda: B. Fol. 139 delas çensuras.

129. Con respecto á ascendencia dos Chanteiro. Xa no ano 1301 localízase a Fernán Eáns de Chanteiro, fillo de Xoán Martís, vendendo unha leira en Cervás (documento no APA). En 1415 localízase a Diego López de Chanteiro, escudeiro de Nuño Freire de Andrade e casado con Aldara Fernández, efectuando a venda dunha leira na zona. No ano 1419 o mosteiro de Monfero outórgalle ao dito Diego López un foro sobre herdades en Obaño, onde tamén se cita aos seus fillos, Diego e Vasco (ARG, Perg<sup>s</sup>, 224 e 191).

130. Nota á marxe esquerda: C. 4 testiguo, fol. 40, y fol. 139 delas çensuras.

131. Nota á marxe esquerda: D. Fol. 3 dela pesquisa de fr. Pedro da Graña, dicho de Pedro de Lago. Y fol. 552 del apeo biejo.

132. Nota á marxe esquerda: E. 1º testiguo, fol. 30, y 5º testigo, fol. 44.

133. Probábel irmán ou parente próximo de Broz de Chanteiro foi Vasco de Chanteiro († 1527), señor do pazo vello ou torre de Curmá (Curmao < Curro Mao) en Caamouco, quen sirvió a sus Cesáreas Majestades los señores Reyes de España Felipe Primero y Don Carlos, su hijo, Emperador de realçado nonbre, y esto en el oficio de Maestre de Campo en los Estados de Nápoles, Caserta, Verona y Pavia. O mausoleo de Vasco de Chanteiro, con inscrición e armas, atópase na igrexa parroquial de San Vicenzo de Caamouco, Ares. A este respecto ver DOPICO BLANCO. Heráldica na comarca de Ferrol ...; ob. cit.

134. Nota á marxe esquerda: F. Foro de Monfero, y 4º testigo, fol. 40, y 5 testigo, fol. 44.

135. O mosteiro de Monfero tamén posuía herdades no Baño. Este foro outorgouse o 26/04/1482 e localízase no ARG, Perg<sup>s</sup>, 833. Ademais, considero de interese reseñar circunstancias anterior referidas a estas mesmas herdades, como son a renuncia de bens a favor de Monfero efectuada por Maior Rodríguez no ano 1257; o convenio sobre bens do ano 1259 entre o cabaleiro Gonzalo Rodríguez e a súa dona co mosteiro; ou o foro do ano 1296 outorgado a Vasco Pérez de Leiro, fillo do cabaleiro don Pedro Pérez de Leiro e de dona Tareixa. Documentos publicados por VAAMONDE LORES, César. *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. Sobre o mosteiro e documentación do mesmo ver LÓPEZ SANGIL, José Luis. *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*. Deput. Prov. de A Coruña, 1999.



también algunas here- /-dades en Obaña al 4, desmenbrándolas al dicho Juan de / Lago delo que antes llebaba, por ser también el dicho Broz de / Chantero su sobrino del Prior<sup>136</sup>. No<sup>137</sup> obstante dicha par- / -tición entre los dichos Juan de Lago y Pedro de Lago de dicha hazienda, / con todo esto el dicho Pedro de Lago algunas veces se llamaba a / engaño, y quería bolber a entrar en la hazienda que llebaba / el Juan de Lago en Obaña y en parte della, diziendo / que era más que la que a el le había cabido y que no le había / de baler el dezir que toda era de foro, y la que cupiera con / Pedro<sup>138</sup> de Lago en mucha parte era propia porque también en / Obaña había propio de su padre y tal. El dicho Juan / de Lago dezía que no<sup>139</sup>, y en razón desto hizo una declaración / delante escribano y testiguos, confesando<sup>140</sup> que todo quanto / el llebaba en Obaña era de foro de San Martiño de Jubia, / y quanto llebara su padre Lope de Lago (que este<sup>141</sup> Lope de Lago el / biejo entró en esta hazienda por casamiento que hizo con / dicha Teresa Vásquez, la qual llebaba ya el foro / de sus padres y abuelos, y tubo por hijo Teresa Vásquez a Diego de Obaña, / que se leuantara por voz; y como este hijo murió, que cayó<sup>142</sup> / de un árbol y se mató, y el foro espiraba en el, volvió el / dicho Lope de Lago y su muger a hazer el dicho foro / en si renobándole, año de 1402, como queda dicho). / Esta declaración y confesión que hizo Juan de Lago, advirtien- / -do como Pedro de Lago su hermano le quería entrar en dicho lugar // (208 rº) por propio, está authorizada y con- pulsada en el pleito biejo, / a folio 90, por donde consta que todo quanto llebaba Juan de Lago y / su padre Lope de Lago el biejo en Obaña era de foro de San / Martiño de Jubia; y aun declara la fraga de Lourido que / llebaba su hermano Pedro de Lago dela otra parte del río, que antes / anda- ba con el foro de dicha hazienda todo junto. /

Este<sup>143</sup> Juan de Lago bibió en el dicho lugar de Obaño, llebándolo como su padre / Lope de Lago el biejo, hasta los años de 1510 en que murió, ya / biejo, que había más de 15 años era çiego. Dexó por hijos a Lan- / -çarote de Lago<sup>144</sup>, y a Marina de Lago<sup>145</sup>, y a Elvira de Lago, y a / Costança<sup>146</sup> de Lago, hija bastarda<sup>147</sup> que por otro nonbre se llamó / Costança de Curru<sup>148</sup>. Y en su

136. Nota á marxe esquerda: #. Por esto también había pleitos y diferençias entre Bros de Chantero y Juan de Lago. Consta a fol. 29, 1º testigo.

137. Nota á marxe esquerda: G. Escritura del pleito, fol. 90, y 6 testigo, fol. 50.

138. O nome aquí semella erro do amanuense. Por sentido debe de ser Xoán e non Pedro.

139. Nota á marxe esquerda: H. A folio 90 del pleito biejo.

140. Nota á marxe esquerda: I. Primer testigo, fol. 31, 2º testigo, fol. 34 y 35, 4º testigo, fol. 40, y 5º testigo, fol. 44, testigos, fol. 30 y 31, 3ª pregunta y 3º testigo, fol. 38.

141. Nota á marxe esquerda: L. 2º testigo, fol. 35, y foro dicho, fol 83, y 5 testigo, fol. 44.

142. Nota á marxe esquerda: M. 5º testigo, fol. 44.

143. Nota á marxe esquerda: A. 1º testigo, fol. 30, 2º testigo, fol. 33, y 6º testigo, fol. 47.

144. Nota á marxe esquerda: B. 6 testigo, fol. 48, y 6 testigo a fol. 45.

145. Nota á marxe esquerda: C. Apeo, fol. 551.

146. Nota á marxe esquerda: D. 2 testigo, fol. 30, y 6 testigo a fol. 47.

147. Nota á marxe esquerda: E. Apeo, fol. 550.

148. Sic: Constanza do Curro. Nota á marxe esquerda: F. 6 testigo, fol. 48.

testamento repartió entre ellos la / hazienda<sup>149</sup>. A esta hija bastarda, que casó<sup>150</sup> con Lope Rodríguez<sup>151</sup>, le dio / una casa en el dicho lugar y una cortiña y tarreos y bouças, con / condición<sup>152</sup> que pagase a Lançarote diez par[¿es?]<sup>153</sup> para ayuda del foro. / Y a Marina<sup>154</sup> de Lago y Elvira de Lago les dexó otro término / dentro del dicho lugar de Obaño, y de los límites y demar- / -caciones del<sup>155</sup>, donde llaman Otero<sup>156</sup>, como se extrema por / el río que viene abaxo da fuente de Pena de Pegal hasta abaixo, azia Ares. / Y a Lançarote<sup>157</sup> y su madre, Leonor Rodríguez de Lago, les dexó el lugar / y casa donde bibían en Obaño, que llaman O Paço, desde / dichas marcas hazía los fuertes<sup>158</sup> /

Sexa como for, nesta ocasión a bibliografía consultada sérvenos de preciosa axuda para datar con certa exactitude este evento, pois, na monumental obra do doutor García Alén, *La Alfarería de Galicia*, o devandito autor refire puntualmente o feito de que “*era el año 1935 cuando su propietario programó llevar a cabo la fabricación de alfarería*” (GARCÍA ALÉN, 1983, T. II: 188). Temos, pois, unha data inicial de referencia bibliográfica para esta instalación fabril, en consonancia coas informacións orais apuntadas polas enquisas etnográficas. A partir dela encetaremos unha pequena intrahistoria da “Arzúa”.

Relativamente á biografía desta telleira aresá, podemos salientar **dúas grandes etapas**, claramente diferenciadas unha da outra:

1. Un período inicial (1935-1955), durante o cal a produción se organizou dunha maneira completamente artesanal, baixo a dirección de Manuel Arzúa, e
2. Un período final (1955-1971), no que todos os procesos sufriron unha progresi-

va mecanización, adoptándose unha produción de tipo industrial, xa comandada polos descendentes do seu fundador.

Aínda que durante a realización deste traballo recollemos numerosa información sobre ambas etapas e as tres xeracións de telleiros que as protagonizaron, o noso estudo centrarase fundamentalmente na primeira delas, a máis recuada no tempo e a de características máis artesanais e menos mecanizadas na produción de materiais de construción.

### A TELLEIRA “ARZÚA”: PRIMEIRA ETAPA (1935-1955)

Como xa vimos anteriormente, a **creación** desta telleira débese á iniciativa privada do *cabaqueiro* guardés Manuel Arzúa, quen contra o ano 1935 decide instalar unha fábrica de materiais de construción no concello de Ares. Desde esta data e ata 1955 será a súa figura a que presida a historia da telleira. Porén, ao longo deste período apréciase a **confluencia de diversas tradicións oleiras** neste complexo fabril, personificadas en varios operarios procedentes de diferentes áreas xeográficas que axuntarán os seus saberes individuais nun permanente diálogo de enriquecemento técnico e formal. Así, sabemos que o *cabaqueiro* guardés contratou oleiros de Buño, artesáns procedentes da fábrica *Celta* de Pontecesures e telleiros da zona do Rosal, en Pontevedra, a onde acudía para solicitar os seus servizos temporais.

Como anécdota curiosa, poderíamos citar o caso de Hipólito Castaño, traballador da fábrica de cerámica Celta entre os anos 1942 e 1949, que abandonou esta empresa para incorporarse ao proxecto aresán por razóns claramente económicas pois, segundo unha entrevista recentemente publicada, o interesado afirmaba o seguinte: “*Cobraba cuando me marché [de Pontecesures] 450 pesetas al mes, pero en Ares me pagaban 800 y quería casarme*” (RIAL, 2003: 69).

O **oficio de telleiro** era daquela unha profesión completamente masculina na que as mulleres non interviñan en absoluto en ningún dos seus procesos produtivos, desde a obtención de materias primas até a distribución final das manufacturas. O traballo era marcadamente artesanal (sen mecanización ningunha), estacional (de funcionamento estival, entre xuño e setembro) e masculino (sen presenza de operarias). As principais producións eran diversos materiais de construción: tellas, tixelos ou *ladrillos*, bloques, *rasillas*... aínda que tamén se facían esporadicamente algúns cacharros domésticos, sempre en moita menor cantidade e frecuencia.

Sendo un labor marcadamente estacional, pódese dicir que a tempada de traballo anual tiña un claro paroxismo estival, pois era no verán cando había que traballar arreo, de sol a sol (06:00 – 21:00 h.) e ocupando un maior número de operarios, chegando por veces aos trinta empregados vivindo na fábrica. Vexamos agora polo miúdo como era o traballo cotián na telleira, en todas e cada unha das sucesivas fases do proceso produtivo: obtención da materia prima, transporte da mesma até a fábrica, amasado do barro, moldeado, secado, cocción, distribución e venda das manufacturas.

A **obtención da materia prima** necesaria facíase directamente con picos e pas en varias *barreiras* ou *canteiras de barro* nas que os artesáns ponderaban a cantidade e calidade da arxila. Así, o *barro fino* era extraído principalmente da chamada *zona baixa*, na que predominaba a *arxila amarela*, mentres que da *zona alta* saía a *arxila negra* ou *barro basto*. As principais barreiras estaban en Chanteiro, Xanes e A Xunqueira. O barro era transportado en carros do país desde as canteiras até a telleira.

Directamente vencellada coa cuestión da natureza e calidade dos barros estaba o **tipo de manufacturas** que saían da telleira. Así, a produción dividiáase entre a *cerámica de construción* (elaborada con barro basto) e a *olaría doméstica* (producida a partir do barro fino). En termos cualitativos e cuantitativos predominaba nidiamente a importancia e o volume da primeira fronte á segunda. A maior parte dos encargos que recibía a telleira debíanse a particulares que pretendían substituír un vello tellado por outro novo, ou querían teitar espazos de nova construción, precisando para isto de grandes cantidades de tella.

A **cerámica de construción** centrábase principalmente na elaboración artesanal de tellas ou *cabacas* e tixolos ou *ladrillos*, se ben tamén se confeccionaban algúns bloques e *rasillas*. Cada unha destas formas tiña unhas características determinadas que as individualizaba como produtos específicos con feitíos ben diferenciados entre si.

Toda a **tella** que se fabricou neste establecemento era tella curva, coñecida localmente como *tella portuguesa* ou *tella do país*. Nunca se produciu tella plana, pois esta, segundo as informacións orais recollidas, “*viña da zona de Castela*”. Ademais das tellas normais, tamén se elaboraban os *tellóns*, que eran de maior tamaño e se usaban principalmente para as cumieiras das cubertas.

Dos **ladrillos** lembran que inicialmente eran todos macizos, feitos “*con barro refractario de Chanteiro*”, aínda que co paso dos anos irán aparecendo pouco a pouco os ladrillos de buratos para rematar por impoñerse aos anteriores. Os tipos de tixolos máis demandados eran os seguintes:

de 5 x 12 x 25, de 9 x 12 x 25 e de 9 x 9. Tamén se facían os chamados *de rasilla*, especialmente os coñecidos como “*de tres*” e “*de catro*”.



Tixolo macizo  
feito a man  
na “Arzúa”.

Tella feita a man  
na primeira etapa  
da “Arzúa”.



En definitiva, se ben os cacharros domésticos elaborados eran moi poucos e só se facían esporadicamente, os materiais de construción dominaban absolutamente a produción da telleira nesta primeira etapa. A tella era a raíña, e nunha xornada de traballo era doado facer un milleiro delas, chegándose a acadar con frecuencia as cen mil tellas por tempada estival, ao longo de máis de tres meses de traballo ininterrompido.



Carreta para o transporte de barro, tellas e tixolos

Unha vez caracterizados o oficio de telleiro, a obtención da materia prima necesaria e os tipos de manufacturas elaboradas durante a primeira etapa da “Arzúa”, só nos resta describir os procesos de transformación do barro en produtos elaborados e a distribución final dos mesmos.

Cando o barro chegaba á telleira era depositado na *pía* ou pequeno recinto de planta tendencialmente circular onde se *pisaba* para darlle a plasticidade necesaria. Nos primeiros tempos da telleira, o pisado facíao un home descalzo nunha pía da que actualmente non fican restos visíbeis en superficie. Logo de ter *pisada* a arxila, esta levábase nunhas peculiares carretas até a zona de traballo.

Como acabamos de ver, o barro en bruto, unha vez *pisado* e transportado até o *banco* do telleiro, xa estaba listo para ser convertido en diferentes tipos de manufacturas: tellas, tixolos, rasi-las... Cada un destes tipos formais tiña as súas variantes de feitío e grandor. Para transformar a arxila informe en pezas elaboradas usábanse diferentes moldes de madeira coas formas predeterminadas.



Molde para tixolo de furos.



Molde para tixolo curvo.






Molde para baldosas.



Molde rectangular

Mentres un home traballaba estaticamente no banco moldeando as pezas, o seu axudante recollíaaas para deitalas na *eira* ou grande explanada descuberta que rodeaba o forno. Alí ían secando pouco a pouco grazas á acción térmica do sol e ao consecuente proceso de evapotranspiración da auga. Antes dunha *fornada* a contemplación da enorme eira completamente estrada de tellas dispostas ordenadamente en ringleiras paralelas constituía todo un espectáculo digno de ver.



Molde duplo para senllos tixelos macizos.

Unha vez secas, logo de transcorrer 24 horas, as tellas eran recollidas e transportadas ao *pallette*, espazo cuberto á volta do forno, de feitío tendencialmente rectangular, onde se acumulaban á espera da súa cocción.

Para facer unha *fornada* cumpría preparar ben o forno, que debía ser previamente aquecido durante unha ou dúas xornadas. O *forno* da Telleira “Arzúa” era inicialmente de tipo cilíndrico e aberto, a imitación dos característicos da zona do Rosal. Ocupaba a parte central do recinto, constituíndo o eixo vertebrador deste complexo artesanal e a el se lle engadírian a comezos da década dos cincuenta dúas chemineas de tipo “*botella*”, das que máis adiante falaremos.

O labor de *encañado* ou **carga do forno**, segundo nos relataron, facíase sempre desde dentro, en sentido vertical ascendente, de abaixo cara arriba, formando *pisos*. Cada *piso* constaba de varias fiadas de tixelos colocados coidadosamente na parte inferior, sobre os cales se dispoñían enriba primeiro as tellas e logo as *rasillas*. Cando se acadaba unha certa altura, un operario situa-



Aspecto actual do forno central da “Arzúa”

do no *piso* de abaixo pasáballe a outro traballador, xa no *piso* de enriba as diferentes pezas para que as fora situando axeitadamente, e así ata rematar por encher o forno, saíndo del o último home pola parte de enriba. O derradeiro paso antes de proceder á cocción era o peche e selado das posibles entradas de ar para evitar perdas de calor que puideran afectar á *fornada*, poñendo un especial coidado na cubrición do teito e no illamento do forno.

A **cocción** podía durar varios días e tiña que ser constantemente vixiada por un especialista para evitar calquera erro ou derrame no proceso. Para quentar o forno usábanse diversos combustíbeis, case sempre de orixe vexetal: nos primeiros tempos recorríase ao toxo, para posteriormente empregarse casca de piñeiro e mesmo serradura. Durante as coccións o horario de traballo ampliábase até as dúas da madrugada. Se todo saía ben, logo de rematar a fornada descargábase o forno, sempre desde dentro, en sentido vertical descendente, e as tellas eran gardadas no palletete para a súa posterior **distribución**. O reparto facíase tradicionalmente nos primeiros tempos da telleira en carros de bois. Nos anos cincuenta adquirírase unha camioneta para axilizar o transporte e abaratar os custos de desprazamento.

A **área de influencia** sobre a que se distribuían as mercadorías abranguía un amplo arco litoral comprendido entre as localidades costeiras de Miño e Ferrol, con puntuais penetracións cara aos lugares do interior non demasiado afastados de Ares. Fronte aos desprazamentos de grandes volumes de materiais de construción para satisfacer os diversos encargos privados tamén destacaban os cargamentos para as feiras, especialmente os de materiais de tipo doméstico e ornamental. Nos anos cincuenta, á par da “Arzúa” funcionaron outras dúas telleiras en Franza (Mugardos).

En definitiva, se tiveramos que caracterizar resumidamente esta primeira etapa da “Arzúa”, diríamos que se tratou dunha *iniciativa privada de produción artesanal de materiais de construción*, propia dos tempos pre-modernos ou pre-capitalistas, inserida nun medio rural tradicional ao que abastecía segundo as necesidades puntuais do mesmo.

### A TELLEIRA “ARZÚA”: SEGUNDA ETAPA (1955-1971)

A partir de mediados dos anos cincuenta, a primeira xeración de telleiros aresáns, encabezada polo pioneiro Manuel Arzúa, deixa paso pouco a pouco ao relevo xeracional comandado por Juan Arzúa, o seu fillo, e por Severino Portela, o seu xenro.

Ambos sucesores refundarán tecnolóxica e formalmente a produción da vella telleira para impulsar a súa transformación en varias direccións: por unha parte, operárase a mudanza do obradoiro artesanal orixinal cara a unha moderna fábrica mecanizada e, por outra banda, diversificarase a produción dando un maior peso á *cacharrería* doméstica e ornamental, que acadará unha maior presenza na nova telleira.


Unha das principais novidades verbo dos *recursos humanos* foi a incorporación á fábrica de Francisco Álvarez, «O Miúdo», mestre louceiro guardés, con cuxa chegada coincidiu a implantación de dúas cúpulas acampanadas no forno (GARCÍA ALÉN, 1983, T. II: 188).

Os fornos de “botella”, tipicamente ingleses, son pouco frecuentes na Galiza. En orixe constaban de dous corpos e construíanse para perfeccionar os procesos de cocción, acadando maiores temperaturas e controlando mellor a distribución interna da calor. Para alén disto, amosaban unha maior durabilidade temporal, se ben o seu principal inconveniente era o maior peso que debían soportar os muros da fábrica. Para resolver este contratempo, era frecuente anchar os mesmos ou reforzalos con tirantes exteriores, a xeito de contrafortes (RHODES, 2004: 66-67).



Cheminea tipo  
botella da  
“Arzúa”

Forno  
de botella  
tipo inglés  
(RHODES, 2004)





Tellas e tixolos feitos a máquina na segunda etapa da “Arzúa”.



Tixolos e bloques feitos a máquina durante a segunda etapa da “Arzúa”

Diversos cacharros de uso doméstico fabricados durante a segunda etapa.



Con esta reforma edilicia e tecnolóxica, o forno da “Arzúa” pasou a amosar un inconfundíbel perfil acampanado que o facía destacar na paisaxe como un elemento arquitectónico singular, reclamando a atención visual dos espectadores ao tempo que lle confería ao conxunto fabril un aspecto senlleiro entre todas as telleiras do seu contorno.

A elaboración de **materiais de construción** seguiu a ter certa importancia na nova fábrica, onde se continuaron a producir diferentes tipos de tellas e tixolos, aínda que, desta volta, os procesos foron mecanizados, adaptándose aos novos tempos.

Así mesmo, o vello edificio da “Arzúa” daría paso en importancia a unha nova construción, desta volta implantada á beira da estrada, de maior amplitude e na que se centralizaron os procesos de produción dos **cacharros**. Verbo desta **olaría doméstica**, cómpre diferenciarmos entre os recipientes claramente funcionais (olas, tarteiras, pucheiros, graxeiras, barreñóns, potas, cuncas, sopeiras, porróns...) e os ornamentais (principalmente macetas lisas ou decoradas, petos, floreiros, leóns, hórreos e ras), que eran producidos en función das demandas do mercado.

Entre os diversos recipientes elaborados durante esta segunda etapa obsérvanse certas semellanzas estilísticas e formais

entre as producións da “Arzúa” e os vellos alfares de Buño, así como un claro influxo da olaría portuguesa nas técnicas decorativas de algunha que outra forma como as sopeiras.

A partir da mecanización dos labores de produción e da instalación do subministro de enerxía eléctrica as cousas mudaron considerablemente. O traballo perdeu o seu carácter completamente artesanal para adquirir un cariz marcadamente fabril e industrial. Perdeuse a anterior estacionalidade estival para pasar a funcionar permanentemente todo o ano, dando emprego directo a un número variábel de operarios, que oscilaba entre os quince no inverno (temporada baixa) e os vinte no verán (temporada alta). O horario foi establecido a xornada partida, con dúas quendas diferenciadas, de 08:00 a 12:00 polas mañás e de 13:00 a 17:00 polas tardes. As *fornadas* espaciáronse máis no tempo, pasando a ser periódicas e cun maior volume de pezas que as anteriores.



Ola ou pucheiro inspirado nas formas dos alfares de Buño.

Sopeira con decoración “á portuguesa”.



Ademais dos cambios xa mencionados, outras mudanzas operadas entre ambos períodos serían as seguintes:

- **Abastecemento de materia prima:** Inicialmente o barro era transportado en carros do país. Posteriormente utilizáronse vehículos motorizados.
- **Preparación previa do barro:** Pasouse do barro pisado na pía por un home ao seu amasado por cabalos na primeira etapa e, logo, xa na segunda, ás amasadoras mecánicas.
- **Moldeado:** Da produción manual de tipo artesanal evolucionouse ao moldeado mecánico de tellas e tixolos con *churreiras*, *prensas* e outros aparellos.
- **Cocción:** Ao forno orixinal engadíronselle dúas cúpulas tipo botella, as coccións duraban só tres días e acadábanse as 60.000 pezas de capacidade de carga.
- **Venda e transporte:** Sempre se simultanearon as vendas episódicas por encargo e as vendas periódicas nas feiras da bisbarra, se ben coa adquisición de vehículos

motorizados -entre eles unha camioneta- o radio de influencia da telleira viuse moi ampliado, chegando os seus produtos até as feiras de Santiago e Padrón.

O **peche da telleira** “Arzúa” teríase producido, segundo o doutor Luciano García Alén, contra o ano 1960 (GARCÍA ALÉN, 1983, T. II: 188). Porén, segundo as informacións orais que nos facilitaron algúns antigos traballadores deste complexo fabril, o cerre definitivo tería sido no ano 1971, debido fundamentalmente ao esgotamento do barro nas canteiras tradicionais e á falla de vontade para continuar co traballo por parte dos últimos telleiros. Este complexo mantívose en activo durante máis de trinta e cinco anos, ocupando a tres xeracións dunha mesma familia de telleiros que pasaría de unha primeira fase de produción artesanal a unha segunda etapa de carácter industrial e fabril, antes de se producir o seu peche definitivo.

## CONCLUSIÓN. ESTADO ACTUAL E PERSPECTIVAS DE FUTURO

A telleira “Arzúa” de Ares constitúe, sen dúbida algunha, un caso especialmente senlleiro entre os varios centos de establecementos deste tipo coñecidos na Galiza. Dúas son as súas principais singularidades:

Nun mesmo establecemento fabril foron elaborados diversos tipos de materiais de construción (tellas, tixolos, bloques, *rasillas*...) e varias formas de olaría doméstica e ornamental (cuncas, olas, sopeiras, pucheiros, rás, hórreos, macetas...).

Asemade, na “Arzúa” confluíron varias tradicións telleiras e oleiras, con artesáns procedentes do Rosal, de Buño, de Pontecesures...

Nestas instalacións, conformadas basicamente por tres edificios diferenciados, viviron e traballaron tres xeracións diferentes de unha mesma familia de telleiros ao longo de máis de tres décadas de actividade. As súas orixes hai que procuralas nunha iniciativa privada xurdida da man do seu fundador, Manuel Arzúa, cabaqueiro oriundo do Rosal. Na súa curta existencia podemos dexergar cando menos dúas etapas principais: unha primeira (1935-1955) marcada polo seu carácter eminentemente artesanal e unha última (1955-1971) de cariz principalmente industrial.

Ao mesmo tempo que podemos documentar na “Arzúa” as principais características destas dúas etapas e as mudanzas técnicas e formais que se foron sucedendo no tempo, tamén constatamos a excepcionalidade do seu forno máis recente, o de “botella”, tipicamente inglés, e que supuxo unha verdadeira revolución tecnolóxica.

Non queremos rematar este traballo sen referirmonos a dous aspectos que achamos de grande interese: o estado de conservación actual da telleira “Arzúa” e outras singularidades que este establecemento amosa en comparación con outros casos coñecidos.

Verbo do **estado de conservación actual**, tan só sinalaremos dous apuntamentos básicos: o complexo fabril non se atopa catalogado entre os bens inmoables de importancia patrimonial para

o concello de Ares e, consecuentemente, carece de calquera tipo de protección legal real ou verdadeiramente efectiva. Actualmente a súa propiedade encóntrase en mans particulares e todo indica que non existe ningún plan de recuperación e/ou rehabilitación deste inmovible para a súa posta en valor e goce público. Por outra banda, con só achegármonos até o lugar poderemos comprobar que o seu estado de abandono e ruína é absoluto, mais non por iso irrecuperábel. O edificio orixinal da telleira está a derrubarse pouco a pouco; a maleza invade o forno central e as chemineas presentan fisuras e perdas puntuais de lenzos en tramos moi concretos; a fábrica máis moderna cumpre hoxe funcións de invernadoiro ou viveiro de plantas.

Ninguén se ocupou de recadar e poñer a salvo os trebellos que foron usados nesta singular telleira e os materiais que saíron do seu forno, hoxe espallados por numerosos fogares areásns, seguramente esquecidos e infravalorados: ferramentas, moldes, tellas, tixolos, cacharros, figuriñas ornamentais... Toda esa *cultura material* que ilustraría perfectamente unha *aula de interpretación* inzada de documentos, fotografías, maquetas e obxectos que contribuísen a explicar este importante legado en claro perigo de desaparición. Con un pequeno investimento o forno poderíase limpar de vexetación ao tempo que se arranxarían os principais estragos ocasionados pola incuria, o abandono e o inevitábel paso do tempo. Outra cuestión sería encetarmos un plan de recuperación integral e posta en valor, que estimamos conveniente realizar a medio prazo, antes de que sexa demasiado tarde.

Xa para rematar este apartado monográfico sobre a telleira arelá veremos agora algúns dos pormenores que fan deste establecemento un caso único e paradigmático dentro do amplo universo das fábricas de tella galegas.

Primeiramente, na maioría dos casos estudados, a estrutura principal das telleiras do noso país foron construídas a base de cachotería de granito: así acontece na Terra de Melide (RISCO, 1933: 380), no Rosal (LEIRO, 1993: 15-20), en Ourense (FIDALGO, 2001: 29) e na práctica xeneralidade da Galiza enteira (CAAMAÑO, 2003: 473). Porén, no caso que nos ocupa **a fábrica principal do edificio aparece completamente elaborada en tixolo ou ladrillo.**

Para alén disto, case todos os fornos galegos amosan un perfil xeral cilíndrico ou troncopiramidal invertido, **escaseando na metade máis setentrional as chemineas de tipo botella como a da telleira “Arzúa” de Ares.** Neste caso, estamos case certos de atopármonos perante un *unicum* na bisbarra ártabra.

Se na zona pontevedresa os telleiros chegaron a crear un *latín dos cabaqueiros* ou xerga gremial típica, no caso arelán tan só posuímos algunhas referencias moi vagas e difusas verbo deste particular, que se refiren unicamente á súa primeira etapa e, seguramente, debido ao feito de ter sido o seu fundador un telleiro oriundo do Rosal. Asemade, a **incorporación dos vehículos a motor** como elemento básico nos labores de distribución produciuse en outras zonas como a Terra de Melide en datas ben recuadas, nomeadamente nos anos trinta do pasado século (RISCO, 1933: 382), mentres que a telleira arelá só incorporou este tipo de avances nos mediados do século.

En definitiva, estamos certos de atopármonos tan só perante os comezos da futura e desexábel realización de novos estudos noutras telleiras das áreas máis setentrionais do noso país, que poderán ofrecernos elementos de análise e comparación máis requintados, enriquecendo así un **patrimonio que necesita ser urxentemente rexistrado e recuperado** para goce de toda a sociedade.

Ao longo deste traballo temos visto polo miúdo que as telleiras galegas seguen a ser unhas **construcións infravaloradas** dentro do noso patrimonio etnográfico e industrial. A actual *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia*, no artigo 64 do título IV afirma categoricamente o seguinte:

“Integran o patrimonio etnográfico de Galicia os lugares e os bens mobles e inmobles, así como as actividades e os coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e dos modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais” (CASTRO, 2002: 129)

Vemos pois que as telleiras reúnen todos e cada un dos requisitos sinalados para seren declarados oficialmente **bens integrantes do noso patrimonio etnográfico**, sendo esta unha declaración que non se debe demorar máis no tempo.

Para alén disto, o grande libro que recolla a historia das telleiras galegas, tanto as aínda existentes como aquelas xa desaparecidas, aínda está por escribir, constituíndo por isto todo un campo aberto á investigación histórica, etnográfica, arquitectónica, etnolóxica, patrimonial e antropolóxica.

Nas zonas do Rosal, Ponteareas e Cambados fixéronse algúns intentos significativos de cara á recuperación patrimonial das telleiras, coa creación de determinados espazos museísticos, a realización de algunhas *fornadas* e exhibicións públicas dos traballos tradicionais de elaboración de tellas, celebracións de festas e romarías conmemorativas, exposicións fotográficas... Cremos que ese é o camiño certo e que o éxito acadado en moitas destas actividades demostra a viabilidade dos proxectos e unha resposta popular axeitada. Noutros países o patrimonio etnográfico e industrial está a gozar dun verdadeiro *revival* que ben se podería producir aquí.

Con todo isto, o que pretendemos neste traballo foi amosar unha forma de vida hoxe desaparecida mais da que aínda conservamos parcialmente os seus restos materiais. O exemplo aresán debe ser un exemplo a superar, pois del emana actualmente unha negatividade e un abandono absolutos, que nos están a marcar o camiño a non seguir.

As xeracións futuras pedirannos contas o día de mañá se non facemos nada para evitar a desaparición e a perda definitiva deste importante patrimonio: nas mans de todos nós está a posibilidade de emendar este despropósito.



## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, J. (1962): *A jalleira, jerga de los tejeros de Tomiño*, El Progreso, Lugo.
- ALONSO ROMERO, F. (1996): *Creencias y tradiciones de los pescadores gallegos, británicos y bretones*. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galiza.
- ÁLVAREZ, D. (1965): *Jergas de Galicia. La de los tejeros, canteros, albañiles y paragüeros*. Tomiño, Pontevedra.
- BAS, B. (1980): *Construcións populares galegas*. A Coruña, Ed. Bankunión.
- (1983): *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia*. Sada, Edición do Castro, Colección “Cuadernos do Seminario de Sargadelos”, n.º 44.
- CAAMAÑO GESTO, M. (1989): “*Estampillas de la Cohors I Celtiberorum, halladas en el campamento romano de Cidadela*”. Gallaecia, n.º 11, pp. 209-228.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (1999): *As construcións adxectivas*. Santiago de Compostela, Ed. Museo do Pobo Galego, Col. “Cadernos do MPG”, n.º 9.
- (2003): *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Santiago de Compostela, Ed. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- CABANILLAS, R. (1983): *Cancioneiro popular galego*. Vigo, Ed. Galaxia, Col. “Biblioteca Básica da Cultura Galega”, n.º 15.
- CABEZA, F. (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia, Ed. Toxosoutos.
- CANOSA, I. (1972): *Sinopsis de algunos hitos históricos de la cerámica*. Sada; Eds. do Castro, Col. “Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos”, n.º 2.
- CARBALLO, M. G. e VIÑE, A. I. (1990): “*Un horno romano en Milles de la Polvorosa. Zamora*”, Anuario 1990 del Instituto de Estudios Zamoranos Florián de Ocampo, pp. 123-134.
- CARNEIRO, J. (1999): *Arqueoloxía e Folclore: concellos de Ares e Mugardos*, Cátedra, n.º 6, pp. 7-32.
- CARO BAROJA, J. (1996): *Tecnología popular española*. Madrid, Ed. Círculo de Lectores.
- CARRERAS, F. (1928): *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona, Casa Editorial de Alberto Martín (Reed. de Eds. Gallegas, A Coruña, 1980).
- CASTRO, F. M. (2002): *Normativa do patrimonio cultural de Galicia*. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galiza.
- CENDÁN, L. (2002): *Ares. Memoria gráfica*. A Coruña, Ed. Deputación Provincial – Concello de Ares.
- CERRATO, A. (1999): *A importancia dos vellos oficios: o traballo de telleiro*, Lethes, n.º 1, pp. 128-137.
- COTARELO, A. (1984): *Cancioneiro da Agulla*. Vigo, Ed. Galaxia, Col. “Cultura Popular”.
- DÍAZ, P. e VÁZQUEZ, M. (1988): *Noticia preliminar del primer horno y alfar de ánforas gallegas*. San Martiño de Bueu, Ed. do autor.
- FIDALGO, X. A. (2001): *Os saberes tradicionais dos galegos*. Vigo, Ed. Galaxia.
- GARCÍA, A. (1980): *A alfarería na literatura popular galega*. Vigo, Ed. Galaxia.
- GARCÍA ALÉN, L. (1983): *La alfarería de Galicia*. A Coruña, Ed. Fundación Barrié.
- GARCÍA GONZÁLEZ, F. (2004): *Fontes, lavadoiros e pozos no municipio de Ares*, Cátedra, n.º 11, pp. 88-111.

- GONZÁLEZ, M.<sup>a</sup> C. (1982): *Galicia en 1571: población y economía*. Sada, Eds. do Castro, Serie “Liminar”, Col. “Historia”.
- HAMILTON, D. (2000): *Alfarería y cerámica*. Barcelona, Eds. CEAC.
- LABRADA, J. L. (1804): *Descripción económica del Reino de Galicia*. (Reed. de F. J. RIO, na Ed. Galaxia, Vigo, 1971).
- LEIRO, A., DAPORTA, X. R. e OTERO, S. (1993): *As telleiras (Cabaqueiros)*. Vigo, Ed. Ir Indo, Colección “Raigame”, n.º 8.
- LLANO, P. de (1981): *Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida*. Sada, Eds. do Castro, Col. “Cuadernos do Seminario de Sargadelos”, n.º 39.
- (1989): *Arquitectura popular en Galicia*. 2 vols. Santiago de Compostela, Ed. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1.<sup>a</sup> Reimp.
- LÓPEZ, M.<sup>a</sup> L. (1999): *Artesáns do pobo*. Boiro, Ed. O Faiado.
- LORENZO, X. (1982): *A Casa*. Vigo, Ed. Galaxia, Col. “Biblioteca Básica da Cultura Galega”, n.º 11.
- (1983): *Os oficios*. Vigo, Ed. Galaxia, Colección “Biblioteca Básica da Cultura Galega”, n.º 14.
- (2003): *O carro no folclore de Galicia*. Santiago de Compostela, Ed. Museo do Pobo Galego, Col. “Alicerces”, n.º 16.
- MADOZ, P. (1845): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid (Reed. facsimilar da Ed. Breogán, Madrid, 1986).
- MARIÑO, X. R. (1995): *O sexo na poesía popular*. Vigo, Eds. do Cumio, Col. “Documenta”, n.º 6.
- (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo, Eds. Xerais, Col. “Universitaria Manuais”, n.º 3.
- MORALEJO, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela, Ed. Pico Sacro, Col. “Biblioteca de Bolsillo”, n.º 14.
- MUÑOZ, E. (1972): “*La Xiriga. El lenguaje de los tejeros de Llanes como espejo de la psicología de un grupo social*”. Boletín del Instituto de Estudios Asturianos, n.º 76, pp. 439-531.
- NOMENCLÁTOR (1996): *Nomenclátor de Galicia*. Ourense. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galicia.
- (1998): *Nomenclátor de Galicia*. Pontevedra. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galicia.
- (2000): *Nomenclátor de Galicia*. Lugo. Santiago de Compostela, Edición da Xunta de Galicia.
- (2003): *Nomenclátor de Galicia*. A Coruña. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galicia.
- PÉREZ BALLESTEROS, J. (1885): *Cancionero popular gallego*. Madrid, Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas, Tomo VII.
- PÉREZ LOSADA, F. (1992): *Contribución ó estudio da cerámica de construción na Galicia romana*, en VV. AA., *Galicia: da romanidade á xermanización*, pp. 241-261. Santiago de Compostela, Ed. Museo do Pobo Galego.
- RAMOS, J. (2002): *Vivir na cidade histórica*. Santiago de Compostela, Ed. Concello de Santiago.
- RHODES, D. (2004): *Hornos para ceramistas*. Barcelona, Ed. CEAC.
- RIAL, M. (2003): *Cerámica celta. Os alfares do sentimento*. Pontevedra, Ed. Deputación.
- RISCO, V. (1933): *Estudio etnográfico*, en VV. AA., *Terra de Melide*. Santiago, Ed. Seminario de Estudos Galegos (Reed. 1979, Sada, Eds. do Castro, pp. 322-434).

- RIVAS, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Verba, Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 18. Santiago de Compostela, Ed. Universidade de Santiago de Compostela,
- ROMERO, A. e POSE, X. M. (1985): *Catalogación arqueolóxica da Ría de Ferrol*. A Coruña, Ed. Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón, Col. “Monografías urxentes do museu”, n.º 2.
- ROMERO, A. e ARIAS, F. (1995): *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*. Vigo, Ed. Ir Indo.
- SCHUBARTH, D. e SANTAMARINA, A. (1983): *Cántigas populares*. Vigo, Ed. Galaxia, Col. “Biblioteca Básica da Cultura Galega”, n.º 19.
- SORALUCE, J. R. e FERNÁNDEZ, X. (1997): *Arquitecturas da provincia da Coruña. Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda*. A Coruña, Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial, Col. “Arquitecturas da Provincia da Coruña”, vol. VIII.
- TRIGO, F. (s.d.): *Jergas gremiales de ámbito cultural gallego, denominadas verbo o latín*. Pontevedra, Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial.
- (1984): *Tejeros de Pontevedra. Los caminos del barro y el sol*. A Peneira, n.º 1, p. 8.
- (1987a): *Las cabacas y el melco (las tejas y el sol)*. A Peneira, n.º 40, suplemento A Peneira na Escola, p. II.
- (1987b): *Las partes del horno*. A Peneira, n.º 41, suplemento A Peneira na Escola-Ensino, p. I.
- (1995): *Remexendo nas cinzas dunha xerga gremial: o verbo dos telleiros*, Revista de Estudos Provinciais, n.º 11.
- (2001): *Zanqueando cos cabaqueiros*. Pontevedra, Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial.
- VÁZQUEZ, X. (1996): *Os vellos oficios*. Vigo, Ed. Xerais, Serie “Crónica”.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (2005): *Cerámica popular de Galicia: etnología y etnoarqueología*. A Coruña, Ed. Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, Col. “Brigantium”, vol. 17.
- VILLAR, S. (1996): *Oficios tradicionales*. Valladolid, Castilla Ediciones, Col. “Temas didácticos de cultura tradicional”, n.º G [Existe unha reedición mais recente, do ano 2004, pola mesma editorial, na colección “Raíces”, n.º 16]
- VV.AA. (1933): *Terra de Melide*. Santiago de Compostela, Ed. Seminario de Estudos Galegos (Reed. 1979, Sada, Eds. do Castro).
- (1992): *Galicia: da romanidade á xermanización*. Santiago de Compostela, Ed. Museo do Pobo Galego.
- VV.AA. (2003): *Gran Enciclopedia Galega*, s. v. “Ares”, tomo 3, pp. 171-177. Lugo, Ed. El Progreso-Diario de Pontevedra.
- (2005): *Galicia en comarcas*. Tomo 12 “Ferrol”, pp. 83-87. A Coruña, Ed. La Voz de Galicia.

CÁTEDRA

Escolma da Nosa Historia

*Facsímile da obra “El Idioma Gallego” de Antonio de la Igleisa, donde fala de inscricións de Pontedeume e outros datos de interese.*

Consello de Redacción.



BIBLIOTECA GALLEGA

---

ANTONIO DE LA IGLESIA

---

# EL IDIOMA GALLEGO

SU ANTIGÜEDAD Y VIDA.

---



1886

BIBLIOTECA GALLEGA

---

ANTONIO DE LA IGLESIA

---

# EL IDIOMA GALLEGO

SU ANTIGÜEDAD Y VIDA.

---

TOMO I.

---

© de la presente edición  
del 2006:

Editorial MAXTOR

Fray Luis de León, 20

47002 Valladolid

983 305 277

[info@maxtor.es](mailto:info@maxtor.es)

[www.maxtor.es](http://www.maxtor.es)

I.S.B.N.: 84-9761-320-1

depósito legal: VA-1054-2006





## TESTAMENTO

DE FERNAN PEREZ DE ANDRADE O BOO

---

**F**REN mando a o moesteyro de Santa Catarina de Chantello, que eu y fíz facer, todas as herdades e donégas e casas e viñas e lugares e rentas e foros e cualesquer outras ditas que eu ey e a mín pertencece en os meus coutos de Miño e de Beimantes, que son antes Betanzos e a Ponte do Eume, con todo o señorío que eu ey en os ditos Coutos; e mando que leven e usen os fraires de este dito Moesteyro a Iglesia do dito Couto de Miño para sempre, segunt lles ía eu ganeí de Don Lope de Mendoza obispo de mondoñedo, e segunt lles ía o dito señor e Cabildo da sua Iglesia otor-

guren. Item mando mais a este dito Moesteyro toda a feligresia de san gino de mugardos con todas as heredades e rentas e foros e pedreiros et sonorio e cualesquer outras dercituras que eu ey e haber debo en a dita feligresia que é en terra de Bessouques acerca do dito moesteyro. Item mando mais a este dito moesteyro a miña viña que comprei en a feligresia de san martiño do porto, a que eu fiz poer acerca da dita yglesia. Item lle mando mais o meu Casal que eu ey en Bentosa quel iaz a parte de Cedreira, que agora ten de min alfonso penas, e o meu Casal de ganeas que foi de gomez suarez de Silaas, e o Casal de loureyro con todos los outros casares que eu ey en os casares do abade e outras cualesquer heredades que eu ey en o dito lugar, e todas estas ditas cousas que asi mando a este dito moesteyro lle mando con condicion que as non pasen os fraires del dar nen vender nen supinorar nen concambear nen enallear en alguna maneira clas nen parte delas, mais que as aforen e arrenden a tal ou a tales que sean gnosos, pacibeles e ben herdados en comarca e que den fiador ou fiadores suficientes que paguen pacibelemente e sen contenda alguna os aforamentos e rendas das ditas cousas a os fraires do dito moesteyro a certo tempo e dia señalado so certas penas,»

(Del testamento de *Fernán Pérez de Andrade o Boi*, otorgado en Puentevedue á 23 de Febrero de 1376, ante el escribano Alonso (ó Alvaro) Perez, se copia esta manda al Monasterio de Montefaro, entre otras muchas que contiene dicho importantísimo documento. Siglo XIV. Año 1377.)

FERNAN PZ. (PEREZ) DANDRADE  
 AQUÍ JAZ FERNAN PEREZ  
 DANDRADE CAVALEIRO QUE  
 FEZO ESTE MOESTEIRO ANNO  
 DO NASCIMENTO DO NOSO SENHOR  
 IHESUCRISTO DE MIL ET TRESCENTOS  
 ET OITENTA ET SETE ANNOS.

(Epitafio románico en el ojival sepulcro de Fernán Pérez de Andrade o Boz, sito en el templo de San Francisco de Betanzos, en cuya estatua yacente de caballero armado se observan en la orla de la esclavina las tres palabras con que va encabezado el epitafio. Todas las demás rodean por la faja superior del sepulcro. Año 1397, fecha del monasterio, no de la defunción de Fernán Pérez de Andrade o Boz, que no debió tener efecto antes del 28 de Febrero del año 1395, fecha de su testamento.—Siglo XIV. Año 1397.)

## MONTEFARO

q ESTE M. (MOESTEIRO) FEZO  
 FERNAD. (FERNAND) PS. (PERES)  
 DANDRADE ANNO DNI (DOMINI)  
 M<sup>o</sup>. CCC<sup>o</sup> XCH<sup>o</sup> (MILESIMO TRI-  
 CENTESIMO NONAGESIMO SEGUNDO.)

(Inscripción románica orlando en cuadro el escudo de los Andrades, en la portada del Convento de Montefaro, del orden de San Francisco, partido de Puentelemos, provincia de la Coruña. Siglo XIV. Año 1392.)

## SIGÜEIRO

FERNAN PEREZ DE ANDRADE  
ACABOU ESTA PONTE.

(Inscripción románica en el puente de Sigüeiro sobre el río Tambre, partidos de Santiago y Ordenes, provincia de la Coruña, orlando el escudo de Armas y atributos de la Casa y Estados de Andrade, que á la sazón regía el famoso Fernan Perez de Andrade o Boe. Siglo XIV.)

## PUENTE DE UME

EN NA ERA DE MIL E CCCI,XXX. ANOS.  
(TRESCIENTOS OITENTA ANOS)  
DA NACENZA DE  
NOSO SENOR IESU XHO (CRISTO)  
POR ABRIL COMEZADA E  
ACABARONA EM SEIS ANO (ANOS) ESTA  
(PONTE).

(Inscripción románica, abierta en la espada del gran faral que con el oco compañero suyo, ambos de piedra y encima de pedestales, estuvieron en alto, descolgando sobre el antepecho de la antigua puente ojal de Puente de Ume, a un lado y otro, no lejos de su arranque en el punto de la puerta de la Villa, como que se hallaban en los tajamares del pilar que seguita al segundo ojo ó arco de los 50 que lo constituían, mirándose una á otra las dos figuras en este famoso puente en cuyo promedío tenía una plazuela con asientos y un hospital y una iglesia dedicada al Espíritu Santo; obra toda ella de mérito singularísimo, debida á la gobernación y genio de Fernan Perez de Andrade o Boe, y que sólo á manos de hombres vino á perecer en la actual época destructora de mucho bueno y artístico. Siglo XIV. Años 1389-1386.)

## LAS VIRTÜDES

ESTA IREGA MANDOU FAZER  
NUNO FREIRE DANDRADE A ONRA DE SANTA  
M. (MARIA) ERA DE  
MILL E COOX E X (CATRO CENTOS E DEZA)  
SEIS ANOS.

(Inscripción en la iglesia de la Virgen del Soto, ó Nues-  
tra Señora de las Virtudes, al redor de la imagen de la  
Virgen que se halla incrustada en la pared del Norte del  
edificio, en la villa de Puente deume, partido de idem,  
provincia de la Coruña. Siglo **XIV**, Año 1318.)

AQUI YACE  
D. (DOÑA) JUANA DE CASTRO  
REYNA DE CASTELLIA,  
QUE SE FINOU NO MES DE AGOSTO, ERA  
MCCCCXII  
(MIL CATRO CENTOS DOCE).

(Epitafio románico del sepulcro de la hermosa y triste  
desventurada Reina que con su estatua yacente se cus-  
todia con otros Reales sepulcros en la capilla de las Reli-  
quias de la Catedral de Santiago. Esta hermana de la des-  
graciada y bella Doña Inés de Castro que en Portugal vino  
á «Reinar después de mártir» conforme á la obra dra-  
mática de este título «*Inés de Castro*», de Velez, fue  
contada por el Príncipe de los poetas ibéricos Lusi de Ca-  
moens, y dió título y sublime asunto á nuestro insigne  
pallero *D. Jerónimo Bermúdez*, bajo el pseudónimo de  
Antonio de Silva, para las primeras tragedias españolas,  
como lo fueron su «*Nise la infanzona*» y su «*Nise lauredada*».  
Siglo **XIV**, Año 1374.)

## IV

Traducción de la Crónica troyana de Benito de Santa Maura.—Cántiga de Alfonso Alvarez de Villasandino.—Escritura del Conde Don Fernando de Castro.—Cántiga de Men Rodríguez Tenorio.—Cántiga de Johan Jofre.—Idem de Johan de Gays.—Cántigas de Johan Zorro. (Siglo XIV.)

## CRÔNICA TROYANA

**B**uscayro de Santa Maria (Maura), que tornou nesta estoria en francés e que non quiso deixar nehuua cousa de escribir do que feceron os que cercaron a Troya, e eso mesmo de aqueles que ha defendian segund como o el aprendeu por Dayres, queremos agora mostrar dos que se y a cercaron de cada un sua semellanza. Ca Dayres do go el aprenden andovo cantando houve el houve quando <sup>12</sup>

poñyan suas troguas de hui mes ou de mays. Ca el ben sabía dos troyanos que el era como aquel que era natural de Troya e veía entre eles Day-res fasía moyto por veer os gregos por falar..... en todo e copiar verdadeiramente sua estoria. E por ende levava tan grande afan e parara ben mentes en todas as suas cousas.»

.....«Saberan quantos este libro vieren que eu Fernan Martinez clerigo e capellan de Fernan Perez de..... escriu' este libro desde onde se comenza ata aquí e escriu' aynda mais outro quando en que ha des foilas que vaya axodeant'e escriuo por mandado do dicto Fernan Perez.»

.....«Este libro foy acabado veinte dias andados do mes de janeiro era de mill e quatro centos e once annos. Et eu dito fernan martines clerigo rogo e peço por o amor de Deus e por salvamento de suas almas e en penitencia de seus peccados a quantos este libro vieren e oyren que digan por la miña alma un pater noster e huna ave maria a onrra de deus padre e de deus fillo e de deus spirito santo que me queiran perdoar e da virgen maria sua madre qe lle rogue por min e por nos que o queira assi cumprir e outorgar.»

«Este libro mandou fazer o muy alto e muy noble et excelens rey don Alfonso, fillo do muy noble rey don Fernando e da Reyna doña Constanza et fua dado descrevir et estoriar eno seu tempo, que o muy noble rey don Pedro reynou, a o cual manteña deus enno seu servicio por muytos tempos et bonos et os sobreditos onde el ven seigan herdados enno reyno de Deus Amen. Feito o libro et acabado a postremo día de dezembro

---

era de mill e cccxxviiij annos. Nicolao Gonçalez  
 escrivao dos seus livros escreven por seu man-  
 dado.»

(Traducción gallega del Códice *Crónicas Trovadas ó  
 Historia Trovada* de Benito de Santa Maura (Mora) exis-  
 tente en la Biblioteca del Duque de Osuna, según *Proce-  
 dimos M. Toldano-Siglo XVI. Año 1878*)

---

—1155—



## ÍNDICE

|                                                                                                                                             |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Apuntamentos dunha eumesa cantante de ópera. Rosario Salgado López de Pereyra</b><br>Xosé X. Paz .....                                   | 7   |
| <b>Poder e parentesco en Pontedeume (1877-1936). O método da Xenealoxía Entrelazada</b><br>David Castro Pérez .....                         | 13  |
| <b>A capela de Santa Margarida do Val. Un conxunto de interese etnográfico e artístico en Narón</b><br>Juan J. Burgoa .....                 | 45  |
| <b>El mesón de Pontedeume</b><br>Carlos de Castro Álvarez e Antón Prego Fernández .....                                                     | 63  |
| <b>O martinete de Caabeyro. Unha forxa hidráulica en trance de desaparición</b><br>Alberte Reboreda .....                                   | 69  |
| <b>Epidemioloxía Histórica de Pontedeume (1837-1870)</b><br>Juan Carlos Vázquez Arias .....                                                 | 93  |
| <b>Fondo de documentación da Universidade Rural do Eume</b><br>Xavier Brisset Martín .....                                                  | 127 |
| <b>O retablo maior da Igrexa das Virtudes de Pontedeume:<br/>Funcións e programa iconográfico</b><br>Xesús Andrés López Calvo .....         | 155 |
| <b>El programa pictórico de Abelardo Miguel en la cooperativa de Santa María de Castro</b><br>María Fidalgo Casares .....                   | 169 |
| <b>Historia xenealóxica dos Lago de Obaño e Barallobre nos séculos XV e XVI</b><br>Fernando Dopico Blanco .....                             | 185 |
| <b>Alguns datos do Couto de Regoela no século XVI</b><br>Dolores González López .....                                                       | 221 |
| <b>Prehistoria, edades antigua y media en la comarca eumesa:<br/>bibliografía y estado de la cuestión</b><br>Carlos de Castro Álvarez ..... | 251 |

**Proceso e morte de Luis Nodar**

Juan Sobrino Ceballos e Manuel Domínguez Ferro ..... 295

**El monasterio de Caión y su hacienda en tierra de Pontedeume**

Santiago Daviña Sáinz ..... 305

**PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME 2006:**

**As telleiras tradicionais. O exemplo aresán**

Lois Ladra ..... 341

**ESCOLMA DA NOSA HISTORIA:**

**El idioma gallego**

Antonio de la Iglesia ..... 377